



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X leislatura
Serie Pleno
Número 94

Sesión plenaria
4 de decembro de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Textos legislativos

1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia (doc. núm. 32947, 10/PPL-000026)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 331, do 04.07.2018

1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario de En Marea, pola que se regula o sistema de provisión dos postos de xefatura e coordinación das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde (doc. núm. 38843, 10/PPL-000027)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

1.3 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, para o fomento da responsabilidade social en Galicia (doc. núm. 38858, 10/PPL-000029)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 374, do 19.10.2018

Punto 2. Comparecencia

2.1 38091 (10/CPP-000084)

Da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da liña de traballo de cara á negociación dos totais admisibles de capturas e das cotas para 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 368, do 10.10.2018

Punto 3. Mocións

3.1 40794 (10/MOC-000114)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38227, publicada no BOPG nº 368, do 10.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

3.2 40795 (10/MOC-000115)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade. (Moción a consecuencia da In-

terpelación nº 38087, publicada no BOPG nº 354, do 12.09.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

3.3 40799 (10/MOC-000116)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 27682, publicada no BOPG nº 280, do 21.03.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

3.4 40805 (10/MOC-000117)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e Chao Pérez, Luca

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 38579, publicada no BOPG nº 371, do 16.10.2018, e debatida na sesión plenaria do 20.11.2018)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

Punto 4. Proposicións non de lei

4.137093 (10/PNP-002780)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

4.2 37208 (10/PNP-002783)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Pierres López, María Luisa

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 362, do 26.09.2018

4.3 38254 (10/PNP-002845)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e Toja Suárez, María Dolores

Sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 371, do 16.10.2018

4.4 39171 (10/PNP-002917)**Grupo Parlamentario de En Marea****Sánchez García, Antón e Rodríguez Estévez, David**

Sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

4.5 39526 (10/PNP-002945)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Tellado Filgueira, Miguel Ángel e oito deputados/as máis**

Sobre a demanda do Goberno galego ao Goberno central do asinamento da orde de construción das cinco fragatas F-110 da Armada Española no estaleiro de Navantia, na comarca de Ferrol, así como a garantía dos investimentos tecnolóxicos e das infraestruturas necesarias para promover a conversión desa factoría nun estaleiro 4.0

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

4.6 40088 (10/PNP-003000)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas vítimas do franquismo soterradas en fosas comúns en Galicia, así como con aquelas iniciativas promovidas polo Goberno central ou por comunidades autónomas nas que existan persoas galegas desaparecidas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.7 40278 (10/PNP-003026)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén e cinco deputados/as máis**

Sobre a posición do Parlamento de Galicia respecto das intencións do Goberno central referidas á implantación de peaxes nas autovías

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

4.8 40356 (10/PNP-003031)**Grupo Parlamentario de En Marea****Santos Queiruga, Carmen**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co actual esquema retributivo dos responsables públicos de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

Punto 5. Interpelacións**5.1 39327 (10/INT-001300)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela**

Sobre a xestión do Goberno galego en materia de sanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 378, do 31.10.2018

5.2 40091 (10/INT-001327)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

5.3 40351 (10/INT-001341)**Grupo Parlamentario de En Marea****Casal Vidal, Francisco e Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a política do Goberno galego en relación co emprego da industria galega do automóbil

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta**6.1 40859 (10/POPX-000118)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración da contribución do Goberno galego ao autogoberno de Galicia, despois de nove anos sen conseguir a transferencia de ningunha competencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.2 40860 (10/POPX-000119)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución da desigualdade social en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

6.3 40861 (10/POPX-000120)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre as cuestións que ten que ocultar o Goberno galego en relación coa xestión da sanidade pública de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno**7.1 40204 (10/POP-004683)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Blanco Rodríguez, Noela e Torrado Quintela, Julio**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto do grao de cumprimento da Lei 8/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

7.2 40849 (10/PUP-000205)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa rexeneración da ría do Burgo

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.3 33582 (10/POP-003888)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín e seis deputados/as máis**

Sobre os traballos para a posta en marcha da 2ª fase do Plan de transporte público de Galicia no ano 2019

Publicación da iniciativa, BOPG nº 342, do 27.07.2018

7.4 39559 (10/POP-004622)**Grupo Parlamentario de En Marea****Cal Ogando, Marcos e Sánchez García, Antón**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo o Goberno galego para reverter o incremento do número de persoas falecidas nas estradas de Galicia no ano 2018

Publicación da iniciativa, BOPG nº 380, do 06.11.2018

7.5 40848 (10/PUP-000204)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis**

Sobre a información do Goberno galego referida á posible realización por Augas de Galicia dun seguimento das condicións nas que quedou a canle do río Xunqueira despois da corta autorizada de árbores

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.6 40853 (10/PUP-000206)**Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para a conservación do Camiño Francés como Patrimonio da Humanidade, singularmente ao seu paso polo concello de Touro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 390, do 28.11.2018

7.7 33981 (10/POP-003959)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e dez deputados/as máis**

Sobre as obras de ampliación e remodelación do Hospital da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 349, do 31.08.2018

7.8 35488 (10/POP-004183)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre a planificación do Goberno galego para solucionar o déficit de profesionais existente no Sergas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 355, do 13.09.2018

7.9 40033 (10/POP-004665)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Oubiña Solla, Rosa e seis deputados/as máis

Sobre a valoración do Goberno galego en relación coa campaña da vendima de 2018 nas cinco denominacións de orixe de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

7.10 40159 (10/POP-004679)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e Otero Rodríguez, Patricia

Sobre a realización polo Goberno galego dalgunha análise en relación coa situación actual da cría do percebe e a previsión cara á campaña do Nadal

Publicación da iniciativa, BOPG nº 386, do 21.11.2018

SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 14.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 18.), *Sra. Torregrosa Sañudo (EM)* (Páx. 21.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 23.)

Rolda de réplica: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 26.)

Alteración da orde do día

O señor presidente informa de que foi aprazada a proposición de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, polo que se continúa coa proposición de lei que figura en terceiro lugar. (Páx. 28.)

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para o fomento da responsabilidade social en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Presentación da proposición de lei: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 28.)

Intervención dos grupos parlamentarios para fixar posicións: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 32.), *Sra. Vázquez Verao (EM)* (Páx. 35.) e *Sra. Prado del Rio (P)*. (Páx. 38.)

Rolda de réplica: *Sra. Rodríguez Rumbo (S)*. (Páx. 41.)

Votación dos textos lexislativos

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia: *Rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para o fomento da responsabilidade social en Galicia: *Rexeitada por 34 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 44.)

Comparecencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da liña de traballo de cara á negociación dos totais admisibles de capturas e das cotas para 2019. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 44.)

Rolda dos grupos parlamentarios: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 51.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 54.), *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 57.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 60.)

Réplica do Goberno: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 64.)

O señor presidente (Calvo Pouso) abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 68.) *Nesta rolda interveñen a señora Prado Cores (BNG)* (Páx. 68.), *a señora Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 69.), *a señora Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 71.), *a señora Egerique Mosquera (P)* (Páx. 73.) e *a señora conselleira do Mar (Quintana Carballo).* (Páx. 75.)

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e seis minutos.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 81.), *Sr. Sánchez García (EM)* (Páx. 83.) e *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 85.)

Nova intervención da señora Vilán Lorenzo (S). (Páx. 87.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 89.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 92.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 95.), *Sr. Casal Vidal (EM)* (Páx. 99.) e *Sra. Nóvoa Iglesias (P)*. (Páx. 100.)

A señora Presas Bergantiños (BNG) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 103.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 103.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Solla Fernández (EM)*. (Páx. 104.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 107.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 109.) e *Sra. Amigo Díaz (P)*. (Páx. 110.)

A señora Solla Fernández (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 112.)

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 113.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)*. (Páx. 114.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 117.) e *Sra. Romero Fernández (P)*. (Páx. 119.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 122.)

A señora Quinteiro Araújo (EM) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 124.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes: *Rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 125.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a

cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade: *Aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

Votación dos puntos 3 e 4 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade: *Rexeitados por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 126.)

Votación dos puntos 2 e 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade: *Rexeitados por 18 votos a favor, 39 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 127.)

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios: *Rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 127.)

Votación dos puntos 1, 2 e 5 da alínea A do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos: *Aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Votación dos puntos 3 e 4 da alínea A do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos: *Rexeitados por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Votación dos puntos 1 e 2 da alínea B do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos: *Aprobados por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Votación do punto 3 da alínea B do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos: *Rexeitado por 18 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 128.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 129.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Arias Rodríguez (P).* (Páx. 130.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 132.) e *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 135.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM).* (Páx. 137.)

A señora Arias Rodríguez (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 139.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 140.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 140.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Cal Ogando (EM)* (Páx. 143.) e *Sr. Fernández Prado (P).* (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 147.)

O señor Álvarez Martínez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 149.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 150.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Otero Rodríguez (S).* (Páx. 150.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 153.) e *Sr. Vega Pérez (P).* (Páx. 155.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Miranda Pena (EM).* (Páx. 156.)

A señora Otero Rodríguez (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 158.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 159.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Rodríguez Estévez (EM). (Páx. 160.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Fernández Fernández (S). (Páx. 163.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 164.) e Sr. Blanco Paradelo (P). (Páx. 166.)

O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 169.)

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e tres minutos da noite.

Ábrese a sesión ás dez da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Non se xustificaron inasistencias.

Comezamos co punto primeiro, textos lexislativos.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Hai un ano o Partido Popular aprobaba en solitario a primeira Lei de portos de Galiza. Unha lei de portos agardada mais que non respondeu ás expectativas, pois unha lei de portos nun país coma o noso, como Galiza, tiña que arranxar múltiples problemas.

Esa primeira Lei de portos foi unha oportunidade perdida para arranxar moitos deses problemas pendentes, derivados dunhas infraestruturas estratéxicas nun país como Galiza, onde o mar é vital. O Partido Popular aprobou esa lei en solitario, de costas viradas practicamente a todo o mundo; unha lei privatizadora dunha actividade económica e produtiva estratéxica. Ficou claro que a auténtica prioridade foi a orientación ideolóxica e política da privatización e o beneficio empresarial. O obxectivo non foi o servizo público, o obxectivo foi única e exclusivamente o negocio, a dinámica empresarial, a busca do lucro en vez da cooperación entre administracións e en vez do beneficio público.

Esta Lei de portos foi elaborada de costas viradas ao sector do mar, de costas viradas á veciñanza, e sobre todo aos concellos nos que están instaladas estas infraestruturas. Un obxectivo claramente recadatorio, un obxectivo mercantilista, o obxectivo de facer caixa a custa dos concellos. Falta de diálogo total, e ademais cunha total discrecionalidade.

Polo tanto, nesta lei de portos mantéñense 122 estruturas portuarias cos seus espazos colindantes inseridos nas tramas urbanas dos concellos; onde se aplican taxas abusivas pola utilización destes espazos públicos; onde se realiza actividade cidadá intensa na maioría dos casos. E mantéñense tamén como de titularidade portuaria espazos que, por toda lóxica, deben e deberían ser de titularidade municipal, xa que están claramente integrados na trama urbana, na dinámica veciñal, e redundarían na mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas se pasaran a ser de titularidade municipal.

Por iso o BNG presentamos unha modificación a esa Lei de portos 6/2017, do 12 de decembro, nunha cuestión moi puntual: no que se refire a esas taxas que lles aplica Portos de Galicia aos concellos e ás entidades sen ánimo de lucro e á necesidade de que eses espazos, que son de titularidade de Portos mais que están totalmente inseridos na trama urbana e é onde se realiza a maioría da actividade lúdico-deportiva dos concellos, pasen a ser de titularidade municipal. E tamén no sentido de que unha parte do réxime sancionador referido á actividade do baño e da pesca deportiva se deixe sen efecto.

Moitos dos concellos situados á beira do mar experimentaron ao longo do tempo moitas modificacións na súa liña de costas, unhas veces por efectos naturais e outras —as máis delas— pola intervención humana. Estas liñas teñen retrocedido en ocasións, pero —como acabo de dicir— ás máis das veces teñen avanzado, modificando a configuración da costa. Moitos dos terreos gañados ao mar deixaron de ter unha función ligada a usos marítimos —ao varado das embarcacións, a carga e descarga, a explotación marisqueira— para pasar a ter un uso netamente urbano; e, xa que logo, quedaron baixo a dinámica municipal e non a dinámica dos usos portuarios.

Na actualidade, e dentro dos cascos urbanos, hai zonas que, se nalgún momento foron costeiras, hoxe deixaron de ter tal carácter, mais seguen a ter a consideración de zonas marítimo-terrestres e, polo tanto, están baixo a xurisdición de Portos de Galiza. O paso do tempo consolidou unha situación que tiña que estar resolta, xa que se realizan actividades urbanas e da veciñanza nestes espazos que son de titularidade doutra Administración, de Portos de Galiza. Existe, polo tanto, unha situación chamémoslle dual. A Administración que procede á fixación de cobro de taxas destes espazos non é a que se responsabiliza da dotación de servizos, do mantemento do estado das rúas, da recollida de lixo, da súa urbanización nunha parte moi importante. E esta dicotomía —que é o máis importante— está a prexudicar os veciños e veciñas, que comprobamos como existe, nos máis dos casos, abandono por parte de Portos de Galiza dos terreos que son da súa titularidade, impedindo, pola súa parte, unha correcta utilización por parte do concello, que, velando polas necesidades reais da veciñanza, asume xestión e custos que non lle son propios.

Ao mesmo tempo, existe outra realidade no que respecta á situación da hostalería. Encontrámonos que hai establecementos hostaleiros que pagan taxas por ter no seu establecemento a súa terraza a Portos de Galiza, e na beirarrúa de enfrente hai outros establecementos hostaleiros que pagan as súas terrazas ao Concello. Encontrámonos con que hai unha diferenza de 2, 3, 4 e ata 5 veces superior dos que pagan a Portos de Galiza en relación cos que pagan aos concellos. Encontrámonos, polo tanto, cunha regulación de usos de dúas administracións, simplemente pasando unha rúa de por medio, cun agravio comparativo evidente, e con esta proposta que facemos hoxe o BNG, esta situación quedaría resolta.

Estes espazos son tamén usados para todo tipo de actividades organizadas por entidades sen ánimo de lucro. Como acabo de dicir, en moitos concellos hai espazos que son de titularidade de Portos e son os únicos espazos que existen neles para a realización de actividades deportivas, lúdicas ou para a realización de festas, co que son moitas as entidades sen ánimo de lucro que realizan alí todo tipo de actividades —insisto—, deportivas ou de festas, e que para

realízas tamén teñen que solicitar autorización a Portos, igual que os concellos, e Portos aplícalles unhas taxas tremendamente elevadas. E non son soamente as taxas, senón que lles solicita o depósito dunha serie de fianzas tremendamente elevadas —eu atreveríame a dicir non só elevadas, senón abusivas— para realizar ese tipo de eventos. Insisto en que falamos de asociacións de veciños, comisións de festas, entidades sen ánimo de lucro totalmente.

Encontrámonos, polo tanto, con que diante deste cobro de taxas e desta exigencia de fianzas por parte de Portos, moitas destas entidades vense na situación de desistir de organizar actividades que viñan facendo desde hai moitos anos pola imposibilidade de facer fronte a estes pagos. Dende o BNG defendemos que na actividade deportiva, cultural e de lecer realizada en espazos públicos a veciñanza debe estar implicada, e non debe deixarse a súa organización a operadores profesionais. Polo tanto, expulsar a veciñanza destes espazos non é unha opción que defendamos no BNG, e tampouco a defenden unha parte moi importante dos nosos veciños e veciñas, co cal encontrámonos a maiores con outra cuestión que cremos que debe resolverse, e por iso esta modificación da Lei de portos que hoxe presenta aquí o BNG.

A seguir vou facer unha relación de taxas que están a pagar diferentes concellos por actividades que nada teñen que ver coa actividade portuaria. Vou empezar, por exemplo, polo concello de Cambados —o meu concello—. Son taxas non relacionadas con actividade portuaria como, por exemplo, a realización do mercado semanal —que se realiza dúas veces á semana, mércores e sábados—, polo que paga mensualmente a Portos de Galiza unha cantidade superior a 3.000 euros. É dicir, anualmente paga o concello, por ocupar unha explanada de titularidade de Portos de Galiza, unha cantidade superior a 50.000 euros. Un espazo que se ocupa de urbanizar, limpar e ter en condicións o propio concello, pero que quen recada é Portos de Galiza, unha cantidade superior a 50.000 euros. Por ocupar o espazo chamado anexo ao concello, a Calzada de Cambados, que para nada ten absolutamente ningún tipo de uso portuario, paga máis de 15.000 euros. É dicir, estamos a falar de que o Concello de Cambados aboa a Portos de Galiza anualmente unhas cantidades moi cercanas a 100.000 euros por realizar actividades lúdicas para todos os veciños e veciñas en espazos nos que Portos de Galiza non fai absolutamente ningún uso portuario.

Estamos a falar do Concello de Cambados, que hai máis de dez anos que ten aprobado por unanimidade acordos plenarios demandándolle a Portos de Galiza a desafectación destes terreos para que pasen a ser de titularidade municipal e que estas situacións se normalicen.

Podemos falar do Concello de Sanxenxo, que por un espazo situado no recinto portuario de Portonovo, para as festas dunha semana, paga 6.000 euros. Por poñer unha carpa para realizar a palillada en Portonovo unha fin de semana, paga aproximadamente 3.500 euros. Por poñer unha carpa no Entroido, unha fin de semana, paga outros 1.500 euros.

Podemos falar do Concello do Grove, da pretensión de Portos de Galiza, para celebrar a festa do Carme, de cobralle 15.000 euros. E cifras tamén moi importantes por celebrar o mercado.

Podemos falar do Concello de Rianxo, onde Portos de Galiza pasou de cobrar 3.800 euros por realizar a festa da Guadalupe no ano 2015, a cobrar 6.800 euros no ano 2017.

Podemos falar do Concello de Vilanova, onde o colexio público Xulio Camba está en terreos de Portos de Galiza e págase canon a Costas. Igual que o Concello do Grove. O propio Concello do Grove está situado en terreos de Portos de Galiza, a quen lle paga un canon por esta situación.

Podemos falar do Concello de Fisterra, onde pola celebración das festas locais se pagan 200 euros ao día. Ou 1.000 euros por cinco días das festas do Carme. Ou onde se pagan taxas abusivas de arredor de 1.200 euros anuais por unha terraza.

Podemos falar do Concello de Cangas, onde se paga máis de 10.000 euros por realizar as festas do Carme, ou máis de 1.600 euros pola realización do mercadiño.

Podemos falar do Concello de Pontedeume, onde se paga polas festas anuais. Onde se paga pola realización da Festa do deporte, onde se paga polo paseo, polo campo de fútbol... Dende logo, nunha relación normal na que houbera unha diferenciación, na que houbera unha demarcación normal entre os espazos urbanos, de uso normal da veciñanza, e os espazos de Portos, de uso normal das infraestruturas portuarias, esta situación tería que estar máis que resolta, polo cal existe un problema, existe un malestar importante nos concellos de todas as cores políticas —evidentemente, de todas as cores políticas—, concellos que demandan que se resolva e entidades sen ánimo de lucro ás que lles está a causar un grave prexuízo e que están a abandonar a realización de actividades para toda a veciñanza por esta cuestión.

Polo tanto, cremos que esta modificación da Lei de portos nesta cuestión concreta que traemos hoxe aquí o Bloque Nacionalista Galego é de xustiza que se realice. Propoñemos eximir os concellos e as entidades sen ánimo de lucro de pagar as taxas por realizar estas actividades lúdico-festivas ou deportivas nos espazos públicos; que se inicie o trámite para a desafectación áxil destes espazos demandados polos concellos que están na trama urbana e que non teñen usos portuarios. Propoñemos a creación dun organismo de coordinación entre os concellos e Portos para que se normalice a relación entre Portos e os concellos, e non esta relación actual de imposición por parte de Portos, onde non existe o diálogo, senón o ordeno e mando; e a eliminación do réxime sancionador por bañarse e pescar nas zonas portuarias sen previa autorización.

Parécenos que é unha modificación necesaria. O Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...perdeu a oportunidade de deixalo arranxado na Lei de portos aprobada exclusivamente polo Partido Popular hai un ano, mais agora ten oportunidade de arranxalo con esta modificación que propoñemos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día.

Aínda que a señora Prado Cores deu aquí unha gran cantidade de exemplos, eu vou dar outros, simplemente porque me parece bastante representativo.

Burela, catro días de festas, 9.000 euros. Iso significa que as comisións de festas teñen que patear un montón e que os veciños e as veciñas teñen que aportar moitos cartos porque os primeiros 9.000 euros son para Portos de Galicia. Catro días de festas, 9.000 euros. Unha auténtica barbaridade, iso é unha barbaridade.

Tal e como xa defendemos no seu día, a Lei de portos promovida polo PP en solitario foi aprobada hai menos dun ano nesta Cámara e non resolvía adecuadamente a problemática dos portos que son competencia da Xunta, porque simplemente non dispoñía de solucións válidas de cara á articulación e coordinación da Xunta de Galicia cos concellos, e, en certa medida, agora esta proposición de lei que presenta o BNG trata de establecer ese tipo de solucións.

Son varios os motivos polos que non nos convencía esta lei, e xa naquel momento os explicamos dende o Grupo Socialista, pero estaba claro que non convencía nin sequera ao propio PP, porque esa lei, esa lei de portos, nin sequera formaba parte do programa electoral do PP nas eleccións autonómicas que se realizaran un ano antes. Polo tanto, mantivérona en secreto, non a puxeron nin a incluíron dentro do seu programa electoral, e despois foi súper urxente sacala adiante, abriron a caixa de Pandora e, dende entón, comezaron a saír problemas, cuestións e cartos para pagar as taxas de Portos de Galicia.

Esta lei non convence a ninguén, como dicimos, non convence os concellos, non convence os grupos parlamentarios desta Cámara, e non falo nesta ocasión unicamente da oposición, non convence nin sequera ao propio PP.

¿Cales eran os argumentos que naquel momento xa formulamos dende o Grupo Socialista? Pois expresámoslos na emenda á totalidade e nas 177 emendas parciais que se fixeron, ¡177 emendas parciais! Non contempla a necesaria coordinación e participación dos concellos, impón unhas consideracións urbanísticas que son problemáticas, pero, sobre todo, son non pactadas, e ademais poderían vulnerar o principio da autonomía local. Impón trámites fóra da normativa xeral e incluso a exclusión de determinadas licenzas de obra. Tampouco medidas de coordinación co resto das administracións, reflicte un modelo organizativo problemático e ademais incompleto, cando hai que recordar que os ingresos son fundamentalmente públicos. E non hai que esquecer que podería crear un número indeterminado de empresas públicas portuarias.

A posta en vigor da lei, ao final, o que veu confirmar para desgraza do sector, para desgraza das entidades locais costeiras, e en xeral para desgraza de todos e todas as galegas, é que tiñamos razón daquela nas nosas críticas.

Igualmente presentamos —como dicía antes— unha serie de emendas concretas para tentar solucionar algúns deses problemas. Algunhas, moi poucas, foron aceptadas, e para iso trátase de incluír unha preposición, unha coma... xa coñecemos o máis puro estilo do rodillo do PP, de 177 emendas. O que pediamos era a harmonización das actuacións en materia de portos coa planificación territorial e urbanística e a preservación do litoral en consonancia cos seus valores naturais, culturais, patrimoniais, paisaxísticos e ambientais. A coordinación co resto das administracións públicas, porque non se pode facer unha lei de costas ás administracións públicas nin de costas aos galegos e ás galegas e á súa realidade social e cultural. Os portos están totalmente integrados nas nosas vilas costeiras e as vilas están totalmente integradas tamén nos nosos portos, e non se pode obviar esa realidade.

Para o estudo dos problemas concretos que afectan ao porto ou grupo de portos con características comúns, incluíamos xuntas territoriais integradas polo Consello Reitor, que actuarían con funcións consultivas e informativas; en todo caso, debería haber representación dos concellos afectados.

Incluíamos tamén que deberían estar exentos do pago das taxas os órganos ou entidades das administracións públicas, as organizacións de carácter humanitario sen fins lucrativos, legalmente constituídas e de interese educativo, investigador, cultural, social e deportivo. E volvo outra vez á realidade das vilas galegas costeiras. Moitas destas actividades desenvólvense nos portos galegos porque ás veces é o único espazo que hai dispoñible nas vilas.

No caso de existir un informe negativo ou constatarse un conflito entre Portos de Galicia e os concellos, pediamos que se resolvera nun prazo de dous meses. O PP non quixo oír nada nin escoitar nada que tivera que ver cos prazos. No caso de persistir esas discrepancias, dábaselle un prazo de quince días ao Consello Asesor, etc., ¡nada de prazos!

Pediamos que Portos de Galicia establecera un programa anual de actuacións co obxecto de levar a cabo, en coordinación cos concellos, as obras pendentes para acadar a conexión precisa entre os contornos portuarios e para articular a necesaria coordinación entre as administracións con competencia concorrente sobre o espazo portuario. Os plans xerais e demais instrumentos de ordenación urbanística deberían incluír entre as súas previsións as necesarias para contemplar a planificación portuaria.

Como dicía, ningunha desas emendas concretas que acabo de dicir foi aceptada polo PP das 177 que foron presentadas polo Grupo Socialista, e igual acontecerá en relación cos portos coa emenda que presentamos ao propio Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas para este ano 2019, como saben en trámite actualmente neste Parlamento, na que insistimos nesta cuestión e non foi aceptada polo PP no trámite de ponencia.

Establece a emenda que se presenta a exención de taxas para as actividades culturais, recreativas, certames feirais, exposicións e outras actividades comerciais e industriais non portuarias. Como dicía unha vez máis, simplemente atendendo á realidade das vilas costeiras, onde boa parte da actividade diaria se desenvolve nos portos. Porque os portos novamente están integrados nas vilas, e sei que o repito, pero parece que ás veces se fan as cousas ou con descoñecemento ou de costas sen escoitar o que en realidade está ocorrendo. *(Aplausos.)*

En canto ao Consello Reitor e ás xuntas territoriais, ¿cantas desas xuntas territoriais chegaron a constituírse? Gustaríame que no tempo de intervención do PP se explicase cantas desas xuntas territoriais chegaron a constituírse. Esta lei de portos recollía as denominadas xuntas territoriais para o estudo de problemas concretos que afectasen á fachada marítima, que estaría composta do Consello Reitor, pero na práctica nin resultan válidas nin solucionan ningún dos problemas. Polo tanto, ¿cantas desas xuntas territoriais chegaron a constituírse? Que nós saibamos, ningunha. E o que é máis importante, os concellos non forman parte desas xuntas territoriais, porque non se garante que exista unha mínima coordinación e colaboración positiva e eficiente.

Polo tanto, presentamos tamén emendas en relación con esa cuestión que tampouco foron aceptadas polo Partido Popular. Nós pediamos cinco vocais en representación das administracións locais, pero o certo é que a Lei de portos de Galicia non recolle ningún órgano de participación real no que poder abordar a problemática concreta de cada porto con participación, cando menos, dos concellos e as entidades afectadas. Non se pode facer unha lei de portos na que os concellos non estean incluídos, porque despois ocorre o que está pasando, que non se atende á realidade social e cultural dos concellos e prodúcense situacións absurdas como a que relatou aquí a voceira do BNG ou como lle dicía eu antes, dos 9.000 euros do Concello de Burela por catro días de festas, jiso é o que ocorre! Pero, como dicía, esta lei de portos fíxose totalmente de costas aos concellos.

Por poñer un exemplo doutra comunidade autónoma que fixo recentemente unha lei de portos, a do País Vasco, a Lei 2/2018, de portos e transporte marítimo do País Vasco, prevía a figura dos consellos municipais portuarios como instrumento de participación institucional e social para articular esta realidade entre o Goberno e os concellos.

Incluso as consideracións da Fegamp en canto ás cuestións urbanísticas, dicía que debían atemperarse ás normas recollidas, porque podían incluso vulnerar a autonomía local. En relación á coordinación entre os organismos das administracións, o propio Consello Económico e Social dicía algo na mesma liña.

Polo tanto, hoxe nós imos apoiar esta toma en consideración do proxecto que presenta o BNG porque entendemos que é necesario que se faga unha modificación dunha lei que non nos convence a nós, como dicíamos, tampouco convence os grupos desta Cámara, vese obrigado o PP a parcheala, deixa ás administracións locais nun segundo plano. Un proxecto de lei que non foi pactado, de costas aos concellos, de costas á realidade social das vilas galegas costeiras, que non supón solucións de articulación e coordinación entre Xunta e concellos.

Polo tanto, é preciso revisala e, nese caso, nós volveremos retomar as nosas 177 emendas para intentar atemperar, como dicía a Fegamp, este proxecto, esta lei.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Torregrosa.

A señora TORREGROSA SAÑUDO: Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

A iniciativa que presenta hoxe o BNG co obxectivo de que se admita a trámite a proposición de lei vai ser apoiada polo noso grupo, para logo aportar as nosas propias consideracións no trámite de ponencia. Apoiamos a súa admisión a trámite pois coincide no básico coa nosa posición de partida. Unha posición coherente, cun discurso constante de iniciativas que veñen sendo presentadas na Comisión de Pesca e fan referencia ao despropósito dunha lei, a Lei de portos de Galicia, á que xa se presentou unha emenda á súa totalidade desde o noso grupo parlamentario.

Unha lei cun evidente criterio economicista, un despropósito, porque en lugar de recoller a complexa situación dos numerosos municipios costeiros de Galicia, que teñen parte dos seus espazos de uso cidadán, espazos onde se celebran mercadiños, festividades e mesmo algunhas veces edificios de uso público, como pode ocorrer co edificio consistorial do Grove, sobre terreos que pertencen a Portos de Galicia ou que pertencen a Costas do Estado e están xestionados por Portos, e sácase beneficio económico desta circunstancia.

O caso do Grove, pola súa situación, talvez representa un dos máis graves de toda a xeografía galega. Sen embargo, como xa mencionamos anteriormente, non é o único. Na propia ría de Arousa, concellos como Cambados, A Illa ou Vilanova presentan problemas semellantes. De feito, en Vilanova o colexio municipal do casco urbano está en terreos de Portos e iso dificulta a ampliación do centro educativo que se quere levar a cabo. As restricións do uso do espazo que lle é propio por parte de Portos xera numerosos problemas nos concellos nos que os peiraos forman parte do espazo propio e necesario dos pobos pequenos, que é o caso de todos os costeiros da Costa da Morte. No Morrazo, o Concello de Bueu xa denunciou á Fegamp unha serie de consideracións arredor das problemáticas que están a xurdir do dominio público portuario.

En todo caso, é unha lei que dificulta a obtención das autorizacións de eventos deportivos e culturais nos concellos afectados, que pediron a desafectación dos espazos portuarios que actualmente non teñen estes usos, e nos que as exixencias pecuniarias que impón o ente público Portos de Galicia para permitir a celebración de eventos nos terreos da súa competencia poñen en perigo a celebración de festividades en diferentes concellos, como xa denunciaron no Salnés. Unha lexislación que leva á desatención absoluta e ás denuncias de falta de mantemento e conservación dos espazos que non teñen uso portuario.

A única razón para manter de forma legal esta situación anacrónica nunha pugna de poder recadatorio, é, na opinión do noso grupo, os beneficios que recadan para Portos de Galicia as peaxes desproporcionadas que impoñen aos concellos para o normal desenvolvemento das súas actividades cidadás. Unha visión recadatoria e mercantilista de Portos de Galicia na que as cifras son desproporcionadas aos orzamentos que xestionan os concellos pequenos como Fisterra, onde obrigou a pagar máis de 12.000 euros para a instalación de terrazas e bares, os 24.000 que pagaba O Grove pola Festa do marisco, e multas de ata 60.000 euros por pescar en zonas portuarias. Estes son os problemas que conleva para moitas entidades

locais que unha parte do seu núcleo urbano sexa de titularidade de Portos de Galicia. Polo tanto, estamos ante unha situación que non está adaptada á nova realidade social e urbanística dos concellos e debe de ser cambiada.

Por todos é sabido que, ao longo desas últimas décadas, se levaron a cabo certas obras que fixeron crecer as vilas, pero, posiblemente, o que hai anos tiña un sentido que fora de titularidade portuaria, agora non o ten. As sociedades e as vilas cambian, e as normativas tamén o deben facer, pero por desgraza a Xunta de Galicia de Galicia quedou no pasado, concretamente antes de 1975.

Xa para rematar, as modificacións concretas da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de Portos de Galicia, sería a creación dun órgano de coordinación portuaria municipal encargado de articular as relacións entre a Administracións portuaria e as administracións municipais, e no que quedaría establecer as condicións concretas no devandito órgano, tanto na súa composición como competencias.

Resulta absolutamente necesario establecer mecanismos que impidan que sobre un mesmo territorio se apliquen visións distintas e, en moitos casos, contrapostas, cando ocupan os mesmos espazos e deberán satisfacer á mesma cidadanía. En moitos casos, os portos son utilizados como ferramenta de ataque partidista cando a cor do concello e da autoridade portuaria é distinta, algo inaceptable en termos de desenvolvemento económico e portuario.

A exclusión da pesca deportiva e a prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto, constitutivas da zona 1, na que quedaría por establecer os límites e a súa definición.

A exención das entidades locais e sen ánimo de lucro do contido da sección 2ª do capítulo 2º do título III, de xeito que as autorizacións para instalacións de lecer e similares, propostas polas entidades locais, non teñan que seguir este procedemento.

Deixar de considerar unha infracción as actividades de baño e pesca, e engadir unha nova disposición adicional para establecer que os espazos urbanos que, mesmo pertencendo a Portos de Galicia, estean plenamente integrados na trama urbana municipal, sexan transferidos aos concellos se así o solicitan.

Parécennos, por tanto, todas elas medidas adecuadas para o beneficio da cidadanía dos concellos costeiros actualmente afectados pola devandita lei, que a Xunta debería de modificar de inmediato se o que desexa é legislar para os galegos e galegas en lugar de sacar beneficio dun dereito do pasado.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Torregrosa.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Bos días.

Nós imos ir directamente sobre os puntos concretos da súa toma en consideración desta modificación da lei, señora Prado, non imos facer política municipal intentando modificar as leis que se aproban neste Parlamento cun trámite parlamentario, coas emendas correspondentes e co debate correspondente.

Teño que lembrar antes de comezar que cando gobernaba o Bipartito tamén se cobraban esas taxas, por se parece aquí que cando gobernaban o PSOE e o Bloque non se cobraban esas taxas aos concellos, e si que se facía. Polo tanto, fan hoxe un discurso que non ten ningún sentido, un discurso orientado —como digo— á política municipal, ao concreto e ao localismo, cando esta lei é unha lei feita para os portos de Galicia, feita para o sector marítimo, feita para o futuro, e ademais cun obxectivo claro, que é mellorar a competitividade e mellorar a integración dos portos nas vilas e nos concellos, porque non hai ningún atisbo, no desenvolvemento desta lei, de que se fixera de costas aos concellos.

Un apuntamento para a señora Toja, que di que existe o rodillo do PP; estamos acostumbrados a escoitar o do rodillo do PP. Mire, voulle dicir, xa que estamos as dúas na comisión 8ª, que na comisión 8ª, no que levamos de lexislatura, aprobamos 61 PNL, 30 do PP e 31 da oposición. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, de rodillo nada, ¡de rodillo nada, señora Toja! Equilibrio, cando menos equilibrio, porque hai unha máis do... *(Aplausos.)* Si, home, si, ¡claro!

O primeiro punto, porque se non non vou ter tempo para explicar exactamente que é o que plantexan. Aquí faláron moito de concellos e de casos concretos, pero exactamente o que plantexan é a modificación dunha lei que se aprobou, efectivamente, hai un ano.

En primeiro lugar, vostedes plantexan que ás autorizacións para as instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro non lles sexan de aplicación os artigos do 59 ao 64 da Lei 6/2017, e que queden exentas do pago de taxas pola realización de actividades no denominado dominio público portuario tanto administracións locais como entidades sen ánimo de lucro.

Xeneralizar neste caso a exención da necesidade de dispor de título de ocupación de dominio público nos termos expostos, como está no plantexamento da súa proposta, causa efectos perversos, tales como estes dous que lles vou dicir.

En primeiro lugar, non se define o instrumento xurídico que amparará esa ocupación polas administracións e polas entidades sen ánimo de lucro, co cal queda no aire a función de control e ordenación dese espazo. Como sempre, é unha proposta concreta que vostedes din aquí, pero que queda un pouco ao albur da seguridade xurídica.

A falta de ánimo de lucro non exclúe a rendibilidade económica en moitas ocasións. Pode haber eventos deportivos, pode haber —como din vostedes— actividades de diferentes aso-

ciacións, pero iso non exclúe que teñan un rendemento económico ou que poidan ter os resultados da explotación dunha actividade que si xere rendemento económico.

Se con este punto da moción vostede pretende cambiar ou pretende modificar as taxas que se cobran porque di vostede que son abusivas —nós non as consideramos abusivas, despois tamén lle explicarei por que—, este texto da Lei 6/2017 non é o axeitado, porque vostede sabe que ata o de agora as taxas portuarias, a lexislación xeral de taxas, os prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, iso está regulado na Lei 6/2003, do 9 de decembro, e polo tanto esa lei é a que regula ata o momento as taxas que se teñen que cobrar en cada momento.

Procede sinalar que nunha emenda similar formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista na tramitación parlamentaria, xa presentaron unha emenda con case similar texto e foi rexeitada. Polo tanto, nada novo din agora, nada acerca de se os concellos que pretenden a exención da autorización tampouco van cobrar eles diferentes taxas pola celebración ou polo desenvolvemento de diferentes actividades. Xusto lía eu o pasado novembro que o asociacionismo se atopa coa Marea en Coruña; é dicir, movementos e colectivos veciñais e comerciantes da Coruña atoparon trabas de todo tipo, sancións, e moitos problemas económicos e de cobro para celebrar e realizar as súas actividades. Polo tanto, vostede quere que Portos de Galicia deixe de ter este cobro de taxas a determinadas actividades, pero, sen embargo, nada di do que tamén cobran determinados concellos por facelo.

En canto á integración dos espazos nas zonas urbanas, este grupo presentou unha proposta de resolución no debate da Lei de política xeral, no Debate do estado da Autonomía —concretamente era a proposta de resolución número 40 do Grupo Parlamentario Popular de Galicia—, e vostedes non votaron a favor desa resolución. ¿E sabe que dicía? Que o Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a avanzar na redefinición da relación porto-vila, porto-cidade, co impulso dos labores do grupo de traballo creado coa Fegamp destinados a avanzar no uso dos espazos de continuidade etc. É dicir, precisamente o que está solicitando nesta modificación desta lei, señora Prado, presentámolo nós cunha proposta de resolución e vostedes votaron en contra, e esta é a liña que queremos desenvolver, tal e como se está traballando coa Fegamp. Entendemos que é prioritario, ademais, pechar ese grupo de traballo e aplicar as súas conclusións por riba de plantexamentos partidarios ou localistas como os que formula o Bloque Nacionalista Galego. Vostede, ademais, fala sempre de un ou dous concellos, que son dos que vostede coñece, do seu ámbito, e iso é interesante, vostede ten toda a lexitimidade para facelo, pero contamos con 122 portos que pertencen a 67 concellos en toda Galicia. Outro plantexamento é que se cree o órgano de coordinación portuario municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos.

Vostedes aquí din que a lei se fixo de costas aos concellos, e nós queremos saber en que momento, en que lugar e por que fan vostedes esta afirmación. Na tramitación parlamentaria houbo as exposicións públicas pertinentes, tivemos o debate, foi unha tramitación totalmente legal e normal e, ademais, os propios concellos e a Fegamp participaron na redacción desta lei. Polo tanto, non sei por que din vostedes que non hai ningunha colaboración entre os concellos para a redacción desta lei porque iso non é certo, iso non é certo.

O que vostedes queren facer aquí a nós parécenos que é intentar usurpar unha competencia autonómica para dállela aos concellos. Están no seu dereito de plantexar estas modificacións, pero a verdade é que cando estaba o Bipartito gobernando este procedemento era o mesmo, vostedes non o modificaron, e agora intentan que se modifique. Na propia Lei 6/2017 hai xa mecanismos sobrados para esa coordinación porto-concello sen necesidade de artellar outro órgano como vostedes propoñen, outro chiringuito, que é o que lles gusta a vostedes facer. Polo tanto, está claramente delimitada nos artigos desta lei a relación que existe entre os portos e os concellos. Unha vez máis, o Bloque Nacionalista Galego, e como vemos aquí tamén o resto dos grupos da oposición, queren coartar a xestión portuaria por parte da Comunidade Autónoma, que é quen ten, neste caso, a competencia da xestión portuaria.

Outra das súas propostas é que se leve a cabo un procedemento entre concellos e Portos de Galiza, previa solicitude do concello interesado, co obxecto de transferir aos concellos a titularidade dos espazos de dominio público-portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.

Como dicía, temos 122 portos e 67 concellos costeiros, pero mire, o que teñen que saber é que Portos xa ten constituída dende o pasado mes de xullo a mesa de traballo coa Fegamp para valorar tecnicamente as peticións de desafectación. E voules dicir cantas peticións hai, porque o pasado 27 de novembro tivo lugar a última reunión para avaliar esas peticións e foron trece concellos en toda Galicia os que presentaron esa solicitude: Viveiro, Mugar dos, Mañón, Cariño, Corcubión, Fisterra, Laxe, Pontecesures, A Illa, Poio, Moaña, Bueu e A Garda. O Grove non presentou nada, Portonovo nada, Cambados nada. Vemos eses concellos moi belixerantes na prensa, señora Prado. Fala vostede deles hoxe aquí, pero no presentan nada, cando teñen as ferramentas posibles para presentar as desafectacións e poden facelo pola vía legal, que é como hai que facelo, e non o fan.

Polo tanto, parece que aquí outra vez, ou unha vez máis, o Bloque Nacionalista Galego asume unha das emendas que presentou o Partido Socialista, que era que a Xunta de Galicia aprobara, no prazo máximo dun ano, un informe respecto de Portos de Galicia, un catálogo de espazos susceptibles de servir para usos urbanos. Deberían de saber vostedes que, para desafectar a zona de servizo dos espazos, primeiro hai que ter aprobada a delimitación de usos e espazos portuarios. Aquí van directamente un paso por diante saltándose as leis, e nesa delimitación de espazos é onde se prevén as necesidades de espazos futuros para portos, a reserva de espazos, a conexión cos diferentes medios de transporte, polo tanto non se pode saltar esa figura xurídica. Non se admite unha solución illada en termos de mero localismo —como xa dixen antes—, xa que poría en risco a explotación portuaria e a propia ordenación portuaria e urbanística dos portos en relación co conxunto da ordenación urbanística municipal. Polo tanto, nós non podemos tampouco aceptar esta proposta.

Por último, di que se modifique o réxime sancionador contemplado para o baño, para a pesca, para o mergullo etc. Primeiro, as tarifas ou as sancións non son abusivas. Temos leis noutras comunidades autónomas nas que son moito maiores, incluso a nivel estatal. Voules dicir o caso de Andalucía. En Andalucía queda xa directamente prohibida a pesca e o baño. Aquí sabe vostede que no artigo pon que, se está autorizado, pódese facer. A multa e a san-

ción máis grave que se prevé e que se pon nesta Lei 6/2017 é de 600.000 euros, e na andaluza é de 1.200.000 euros.

Voulle dicir unha cousa, as razóns que hai para esta medida son razóns de seguridade marítima, son razóns, ademais, de seguridade ambiental. ¿Que pasaría se vén unha persoa de facer a súa actividade marítimo-pesqueira e ten un accidente ou unha colisión con algunha persoa que está alí pescando, mergullando ou nadando? ¿Que pasa aí? ¿Que baleiro xurídico deixamos enriba da mesa? Coma sempre, saltándose todo por riba. Isto, sen matices, na lei de Andalucía, na lei de Canarias, na lei de Baleares, na de Cantabria etc. As sancións están contempladas, e en ningún caso podemos aceptar que vostede diga que son abusivas porque non é así. E en materia de seguridade, vostedes non nos van atopar modificando ningunha lei.

Polo tanto —e xa remato, señor presidente—, todo son incógnitas, todo é facer un intento, un chamamento ou unha política local. Si é verdade que ás veces os concellos teñen algunha dificultade para facer algún pago ou algunha modificación neste caso. Pero nós dicimos que esta é unha lei feita con todos os avais técnicos, con todas as garantías, ademais, para os portos de Galicia e con todas as garantías para os concellos; cunha colaboración entre o concello e Portos fundamental. E ademais está feita cun obxectivo, que é mellorar a competitividade dos portos de Galicia. Aquí vostede pouco falou da actividade marítima, pouco falou da actividade pesqueira...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...e da propia actividade dos portos de Galicia.

Polo tanto, nós non imos aceptar esta toma en consideración.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Réplica. Grupo autor da proposición de lei, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Señora deputada, o que pretendemos non é coartar a xestión portuaria, o que pretendemos é que Portos de Galiza xestione os portos pero que os espazos urbanos os xestionen os concellos, que para iso estamos falando de tramas urbanas e de espazos inseridos nas tramas urbanas. Estamos a falar, por xemplo, do Concello do Grove. O normal é que, se é a casa propia do Concello, que estea nun espazo urbano e que o xestione o Concello. Estamos a falar da alameda de Cambados, do Colexio Xulio Camba de Vilanova, da alameda de Carril, da alameda de Vilaxoán... de espazos urbanos; de edificios de vivendas, por exemplo, en Moaña; de rúas enteiras. Estamos falando de sentidiño, e vostedes, cando non teñen argumentos, falan de que vimos aquí facer política municipal.

Estas cuestións, evidentemente, o BNG presentounas como emendas á Lei de Portos porque eran cuestións de sentido común que nolas demandaban dende os concellos. Pero

vostedes, na súa política de rodillo absoluto, non atenderon absolutamente a nada, non atenderon a ningunha cuestión minimamente de lóxica, e como non o fixeron, os problemas seguen aí.

Insisto, estas demandas non son dos concellos do BNG, son as demandas dos concellos do BNG, dos concellos do Partido Popular, dos concellos do PSOE, dos concellos das Mareas, da xente que está alí no día a día e que se topan coa dificultade que supón que nos espazos que teñen que xestionar, que teñen que urbanizar, que teñen que manter en condicións, resulta que Portos cobra as taxas, non se ocupa de telos en condicións e son os propios concellos os que teñen que manter en condicións uns espazos que é Portos quen recada e son os concellos os que teñen que mantelos en condicións por encima. ¡Esa é a realidade! E vostedes como teñen a Portos como caixa rexistradora, non para resolver os problemas dos veciños e veciñas, que para iso teñen os concellos, néganse a arranxalo. ¡Pois moi ben! Entón, xeneralizar causas resulta que é un efecto perverso. ¡pois porque vostedes o digan!

Nós o que pretendemos é, efectivamente, que haxa un organismo para regularizar as relacións entre Portos e os concellos porque non están regularizadas nin normalizadas, esa é a realidade. Queremos un organismo para fomentar a cooperación e o entendemento entre administracións en vez do bloqueo e a dificultade, que é o que hai neste momento entre Portos e os concellos. *(Aplausos.)* E hai bloqueo e dificultade porque non hai unha relación de igual a igual. *(Aplausos.)*

Non, non hai unha relación de igual a igual porque o que hai neste momento é que os concellos pagan e Portos é o que di o menú, como e cando se fai. A realidade é que as actividades de carácter lúdico, cultural, deportivo e social, así como outros servizos — como mercadiños e demais —, cada vez teñen máis problemas e deben asumir taxas abusivas e súper abusivas. E o deporte é exclusivamente un interese recadatorio e de facer caixa. Isto é así.

Isto supoño que vostede sabe que é unha admisión a trámite, e se considera que hai cuestións, como a que vostede acaba de dicir, que crean inseguridade xurídica, admítano a trámite e logo, no trámite, solvéntanse esas cuestións. ¡Así de fácil! Se o problema é un problema de que, tal e como o temos nós plantexado, crea inseguridade xurídica, modifíqueno logo na tramitación.

O seu compañeiro, o señor Fernández Prado, nunha Comisión 8ª dixo cal era o mecanismo. O mecanismo é facer a declaración de innecesariedade, porque logo estes terreos teñen que pasar a dominio público marítimo-terrestre dependente do Estado. Despois dese trámite, cederánselles aos concellos... É dicir, o mecanismo existe.

E a creación de grupos técnicos entre a Fegamp e Portos, todos eses mecanismos xa sabemos para que serven. Cando non hai vontade política para solucionar os problemas, créanse grupos técnicos. Entón, a vontade política apróbase aquí coa modificación dunha lei que di que ese mecanismo non se quere levar a cabo. Vostedes, efectivamente, votaron en contra, e para mostrar a vontade política de que queren solucionar o problema, voten a favor e logo analicen tecnicamente como solucionalo. En canto vostedes non modifiquen esa posición contraria, non me veñan dicir que hai grupos técnicos avalando a situación. Porque para cambiar

a posición hai que facer un cambio de posición política, e vostedes, votando outra vez non, non mostran un cambio de posición política.

O que sabemos é que a día de hoxe hai eses cobros abusivos a entidades sen ánimo de lucro, como, por exemplo, en Rock in Rio, en Vilanova, 12.000 euros de fianza. Así, unha entidade sen ánimo de lucro é imposible que faga actuacións.

Podemos falar en Rianxo de que á Asociación de xubilados, que estaba na Confraría, Portos pasou de cobrarlle 1.000 euros a cobrarlle 9.000, co cal imposible que se manteñan alí.

Esa é a actuación que ten Portos todos os días: afán recadatorio, de facer caixa...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: ...a custa das actividades que quere facer a cidadanía e das actividades que queren facer os concellos. Esa é a realidade.

E vostedes, en vez de votar e cambiar esa situación, o que fan é a creación dun grupo técnico que non ten como finalidade cambiar a situación, senón parecer que queren cambiala, única e exclusivamente. Pero como se cambian as cousas é votando para que cambien.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Como xa se informou aos grupos, foi aprazada a proposición de lei da autoría do Grupo Parlamentario de En Marea. Polo tanto, continuamos agora coa outra proposición de lei, a que figura en terceiro lugar.

Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para o fomento da responsabilidade social en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para a presentación da proposición de lei ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Bos días, señoras e señores deputados.

Os socialistas traemos hoxe unha proposición de lei sobre a responsabilidade social. A responsabilidade social —como ben sabedes todos os que estades presentes—, señores e señoras deputados, é un compromiso coa cidadanía. A responsabilidade social hai que entendela como a maneira de dirixir as políticas públicas baseada na xestión dos impactos que esas políticas públicas xeran sobre a cidadanía e sobre o medio ambiente.

Vostedes saben que a responsabilidade social se iniciou no seo da Unión Europea no 2001, coa presentación do Libro Verde sobre a responsabilidade social das empresas. Dezasete anos despois, nós entendemos que segue sen existir un marco legal no que se plasme ese compromiso da comunidade galega coa responsabilidade social.

Polo tanto, os socialistas hoxe traemos esta proposición de lei para a súa toma en consideración, agardando unha acollida positiva por todos os grupos políticos. Porque a cidadanía, señores, non entendería que a Xunta de Galicia non liderase un proxecto para avanzar cara á Estratexia Europa 2020, orientada a un crecemento intelixente, sostible e integrador. Porque a cidadanía non entendería que a Xunta de Galicia non desenvolvese accións e políticas socialmente responsables no marco da Administración autonómica. Pero tampouco entendería a cidadanía que a Xunta de Galicia non se constituíse como un elemento vertebrador, de orientación e de apoio para as entidades locais, para as empresas, as entidades e organizacións, as persoas traballadoras autónomas e, polo tanto, a cidadanía no seu conxunto, para que poidan poñer en marcha políticas, plans, programas ou proxectos nos que se asuman criterios de sostibilidade social, ambiental e económica.

Xa que logo, a responsabilidade social é o compromiso de adoptar voluntariamente medidas para acadar unha sociedade máis xusta e ambientalmente sostible. E este compromiso obriga a establecer un marco legal que regule as iniciativas dentro dunha estratexia propia.

A responsabilidade social contida nesta proposición de lei aséntase en catro piares fundamentais, partindo, evidentemente —como non pode ser doutro modo—, do cumprimento estrito dos mínimos legais establecidos. Os piares son o emprego, para evitar a precarización laboral; social, para a busca de integración social; o medio ambiente, para o coidado do medio ambiente; e as prácticas de bo goberno.

A responsabilidade social no eido do emprego presenta medidas necesarias para a promoción da calidade no emprego: melloras continuas nas condicións laborais e retributivas, creación de emprego estable e redución da temporalidade ou interinidade, formación continua, formación profesional, mellora nas condicións de empregabilidade, tendo en conta as premisas de diálogo social, negociación colectiva e participación, fomento da innovación e o emprendemento, promoción do traballo autónomo e a economía social.

A responsabilidade social no eido social plantexa as medidas necesarias tendentes a promover a inclusión de colectivos en risco de exclusión social, a igualdade de trato e non discriminación, a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes, a igualdade retributiva, a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e a plena accesibilidade das persoas con diversidade funcional. (*Aplausos.*)

A responsabilidade social no medio ambiente propón medidas tendentes a minimizar o impacto medioambiental e a pegada de carbono, reducir os efectos do cambio climático, o consumo responsable e sustentable, propiciar o respecto á biodiversidade e á preservación dos ecosistemas galegos, da paisaxe e do patrimonio cultural e histórico galego.

Por último, o cuarto piar, no bo goberno, adopta as medidas necesarias para ter referentes na elaboración de códigos éticos; na transparencia, na xestión e acceso á información pública; a mellora da calidade dos servizos prestados á cidadanía; a redución das cargas administrativas; e a contratación pública socialmente responsable —punto no que me pararei máis adiante—.

Esta proposición de lei consta de 29 artigos, 3 disposicións adicionais, 1 disposición derogatoria e 1 disposición derradeira. No título I desta lei contéplase, por unha banda, a aprobación dun plan galego de responsabilidade social para Galicia, como instrumento de planificación e xestión para levar a cabo a súa política en coordinación cos plans estatais na materia. Neste plan fixaranse os obxectivos, as medidas, as actuacións e os indicadores para adoptar durante a súa vixencia.

Tamén se establece a elaboración dunha memoria anual, na que se inclúan o conxunto de políticas, medidas e accións desenvolvidas pola Xunta de Galicia e o seu sector público instrumental, enmarcados dentro do ámbito da responsabilidade social.

No título II fala da responsabilidade social nas entidades galegas, e recolle como entidades galegas socialmente responsables os traballadores e traballadoras autónomas, as empresas e as entidades e todo tipo de organizacións públicas e privadas que, cualificadas conforme o procedemento previsto nesta lei ou no seu desenvolvemento regulamentario, teñan adoptado a integración voluntaria no seu goberno, na súa xestión e na súa estratexia empresarial dos valores de responsabilidade social fixados nesta proposición de lei.

Tamén se inclúe a avaliación da responsabilidade social, que será mediante unha memoria que recolla os resultados analíticos, así como a avaliación dos aspectos que integren a responsabilidade social. Inclúe tamén a verificación da responsabilidade social mediante auditorías externas; o distintivo que acredite a estas entidades galegas como socialmente responsables; un rexistro de entidades galegas socialmente responsables e unha serie de beneficios que se outorgarían derivados da declaración destas entidades galegas socialmente responsables. Beneficios que poden ser en materia de contratación pública, en materia de concesión de axudas públicas e subvencións ou beneficios reputacionais, como exhibir o distintivo ou poder empregalo en toda a súa publicidade como empresas socialmente responsables. Pódense establecer determinados beneficios fiscais e publicitalos para dar a coñecer as empresas cualificadas como entidades galegas socialmente responsables.

Tamén se prevén os premios de responsabilidade social e empresarial en Galicia, que serían anuais, para premiar a aquelas entidades que, sendo cualificadas previamente como entidades socialmente responsables, destacaran na promoción destes valores de responsabilidade social.

E, por último, no título III, o Consello Galego de Responsabilidade Social, que sería o órgano de referencia para promover e asesorar a programación das políticas públicas da Administración autonómica en materia de responsabilidade social. Tamén se prevén as actuacións que debe ter a Xunta de Galicia para a promoción da responsabilidade social, como subvencionar a actuación de certificados de normas ou estándares de responsabilidade social; sub-

vencionar a elaboración de plans de igualdade; impulsar a consecución de marca galega de excelencia en igualdade; impulsar medidas de conciliación laboral ou promover programas de asesoramento para as entidades.

Polo tanto, entendemos que a responsabilidade social é un tema que non pode ser adiado durante máis tempo, que ten que ser promovido dende xa e que a Xunta de Galicia debe ser ese fío condutor para que a responsabilidade social se estenda a toda a capa social, a toda a cidadanía e a todas as empresas galegas, pouco a pouco, e coa súa axuda. (*Aplausos.*)

Como dicía ao principio, esta proposición de lei de responsabilidade social ten un aspecto fundamental no que me vou parar un pouco, que fala da contratación pública socialmente responsable.

A Administración autonómica ten que empregar a contratación pública como un instrumento estratéxico para incorporar nos pregos de contratación criterios sociais, ambientais e éticos. Polo tanto, a Administración autonómica debe impulsar a contratación pública socialmente responsable, debe impulsar os pactos de integridade na contratación pública e tamén debe reservar a participación nos procesos de adxudicación de determinados contratos de obra, subministracións e servizos a centros especiais de emprego e empresas de inserción.

A Administración autonómica ten que incluír na contratación pública, obrigatoriamente, cláusulas de responsabilidade social en distintos sentidos. Incorporar unha cláusula contractual, en todos os contratos públicos, que estableza que as persoas ou entidades licitadoras, contratistas ou subcontratistas, empresas filiais ou interpostas, non poderán facer operacións financeiras en paraísos fiscais que sexan considerados delituosos, evitando o branqueo de capitais, a fraude fiscal ou os delitos contra a facenda pública.

Ten que incorporar obrigatoriamente a advertencia de que o contrato está suxeito ao cumprimento das disposicións legais vixentes que resulten en materia laboral, de Seguridade Social ou de seguridade e saúde no traballo. Debe incorporar a obriga das persoas ou entidades licitadoras de indicar o convenio colectivo que estableza as condicións máis beneficiosas que serán de aplicación obrigatoria ás persoas que realicen a actividade obxecto do contrato.

A persoa ou entidade adxudicataria deberá, ao longo de toda a vida do contrato, aboar o salario recollido no convenio colectivo de aplicación que estableza esas condicións máis beneficiosas. E naqueles contratos que impoñan ao adxudicatario a obriga de subrogarse como empregador en determinadas relacións laborais, indicarlles que deberán facilitar aos licitadores a información sobre as condicións dos contratos dos traballadores e/ou traballadoras ás que afecte a subrogación que resulte necesaria para poder facer a avaliación dos custos laborais que implique tal medida.

Tamén deberán determinar os criterios para a adxudicación do contrato á oferta máis vantaxosa, pero nel non só se debe ter en conta o menor prezo, senón tamén parámetros de eficacia, sempre e cando estes non repercutan no menoscabo das condicións laborais, salariais e sociais dos traballadores e das traballadoras afectadas pola contratación ou pola subcontratación.

Incluirá igualmente produtos respectuosos co medio ambiente como criterio de adxudicación ou condición da execución dun contrato.

E, por último, incluirá cláusulas lingüísticas non discriminatorias relativas ao uso do galego durante a execución dos contratos.

Polo tanto, señores e señoras deputados de todos os grupos políticos, temos hoxe a oportunidade de votar a favor da consideración desta proposición de lei, para que teña un resultado que vai repercutir na mellora de toda a nosa cidadanía, como dixen ao principio, facendo unha xestión máis xusta e medioambientalmente sostible.

Nada máis nesta primeira intervención. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Rolda de grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Desde o BNG quixeramos facer algunhas consideracións previas porque nisto da responsabilidade social hai unha música que soa ben pero a letra non nos soa tan ben. Temos certas cautelas, certas desconfianzas e unha visión moi crítica do discurso da responsabilidade social corporativa e das empresas que ten a súa orixe no intento de lexitimación e lavado de imaxe das grandes corporacións multinacionais, do que se chama agora —fíxense no termo— «capitalismo inclusivo», unha contradición en si mesma. Fálase tamén do crecemento integrador cando realmente ese crecemento está levando ás cotas de desigualdade máis grandes da historia.

Claro, aquí hai unha operación que se pode chamar o negocio próspero da responsabilidade social, é dicir, a estratexia das empresas para incrementar o volume de negocios e desactivar as críticas. Estamos nun contexto nas últimas décadas de críticas cara ás actuacións de grandes corporacións, de grandes multinacionais, que non respectan os máis elementais principios dos dereitos humanos, do dereito ambiental e dos dereitos laborais, e ante o descrédito e a mala imaxe, o que se fai é esta operación de lavado de cara para ocultar abusos e violacións graves dos dereitos humanos. De todas estas campañas que xurdiron nos anos noventa contra empresas como Nike, como Nestlé, como McDonald's ou como Shell, o exemplo máis claro, máis notorio, foi a denuncia contra Nike por explotación infantil na súa fabricación de produtos, que deu lugar a esta resposta por parte destas grandes empresas, que cambiaron as normas do xogo. Porque se había unhas normas, unhas relacións baseadas na regulación por parte dos estados, pasouse a un proceso de desregulación, de desaparición desas normas, deses controis, e a unha substitución polo que se chama autorregulación, que é este compromiso voluntario da responsabilidade social, un compromiso voluntario. Pero non nos

valen os compromisos voluntarios, ten que haber normas, regulacións estatais, non rebaixar esas normas, esas regulacións, para despois colar de matute esta autorregulación, estes compromisos de beneficencia e de compromiso social destas empresas, porque non o cremos. O que hai é que manter a firmeza e as posicións.

Isto xa o anunciou tamén no ano 1972, nun histórico discurso na Asemblea das Nacións Unidas, nada máis e nada menos que Salvador Allende, ¡fíxense!: «Estamos diante dun conflito frontal entre as grandes corporacións e os estados. Estes aparecen interferidos nas súas decisións políticas, económicas e militares por organizacións globais que non dependen de ningún estado e que non están fiscalizadas por ningún parlamento.»

Trátase de cambiar ese marco de relacións, pero non nos vale tampouco ese invento que ten moito que ver con isto da cogobernanza. Efectivamente, pactos entre os gobernos, a sociedade civil e o sector privado. Queremos normas, queremos principios, queremos regulación, queremos respecto aos dereitos. Tampouco nos vale —que está na orixe deste marco da Seguridade Social— o Pacto mundial promovido polas Nacións Unidas para dar unha cara humana ao mercado mundial, co compromiso por parte das empresas do respecto dos dereitos humanos. ¿Pero que é isto? ¿As empresas comprométese a respectar os dereitos humanos? É que teñen que respectalos por lei, non se trata de compromisos voluntarios. Ou o compromiso da erradicación do traballo infantil. ¿Pero de que estamos a falar?

E neste mesmo marco xorde no 2001 o Libro verde da Unión Europea que promove, xa o dixo a portavoz socialista, a integración voluntaria. Isto non se trata de integración voluntaria, ten que haber un marco obrigatorio, de obrigado cumprimento, para as empresas. Entón dáse o paradoxo nas últimas décadas de que, coa escusa da recesión económica, se impuxo a maior perda de dereitos sociais e laborais do último século mediante contrarreformas laborais que, polo que se ve, non se ten intención de derogar, co retroceso en materia de estabilidade laboral, de negociación colectiva, do dereito de folga, de salarios, de despedimentos ou de cobertura do desemprego, e cámbiase por estes acordos voluntarios, por estes compromisos voluntarios, desenvolvendo este auténtico mantra da responsabilidade social das empresas, que resulta que agora teñen preocupacións éticas, ¡manda truco! Preocupacións éticas, sociais, laborais e ambientais. E comprométese, por exemplo, a non facer fraude fiscal e non actuar... ¡Pero é que iso é un delito! ¿Como se poden comprometer a non cometer delitos? ¡É que é unha burla!

Os compromisos teñen que estar nas leis e non na voluntariedade das empresas. E despois dámoslle a Telefónica ou a Endesa, que xa sabemos o que fan por aí adiante polo mundo, e a Iberdrola ou a Ence tamén, que agora ten unha biofábrica, este selo de responsabilidade social porque colaboran en accións altruístas e benefactoras.

Xa o din claramente os responsábeis nas empresas desta materia, o director de comunicación e responsabilidade social de Mapfre: a responsabilidade social ten a súa raíz neste propósito cosmético que sempre nos acompaña na empresa. O director de reputación corporativa de Telefónica: se non somos capaces de vincular a responsabilidade social corporativa á fidelización dos clientes, á maximización dos ingresos e á redución dos custos —xa me dirá como se compaxina todo isto cos dereitos sociais e laborais—, creo que non seremos unha figura central nin nuclear na xestión das empresas.

Efectivamente, na última década, en Europa sobre todo, xurdiu toda esta normativa, e no Estado español tamén se foi transpoñendo, mediante distintas leis e normas, a Estratexia española 2014-2020 de responsabilidade social das empresas, que fai fincapé nas empresas e non precisamente no sector público. Galiza aquí, a verdade, vai con moito atraso porque non se actuou de maneira sistemática en ningún dos tres ámbitos que se propoñen no caso do sector público: nin na promoción e desenvolvemento da responsabilidade social das administracións públicas e das súas propias empresas, nin na introdución de cláusulas sociais na contratación pública —e aquí podemos referirnos a todas as administracións, tamén ás locais, non estamos culpando só á Administración autonómica—, e tamén está Galiza á cola do Estado na aplicación das posibilidades que ofrece a lexislación en materia de contratos reservados a entidades do terceiro sector, e aquí tamén hai un camiño importante por andar.

O que vemos é que hai retrocesos e regresións, porque din que coa nova lei de contratos se vai favorecer as pequenas e medianas empresas e o que vemos é todo ao revés. No caso das ambulancias, da limpeza e seguridade nos edificios, apoiase ás grandes corporacións e aos grandes grupos económicos e precarízanse as condicións laborais nos contratos da Xunta, como vemos tamén no caso dos contratos da limpeza e na discriminación salarial das mulleres, a pesar de múltiples acordos parlamentarios e de leis que temos que promoven este tipo de medidas. Imos moi por detrás da maioría das comunidades autónomas do Estado, por exemplo de Navarra, que xa dende hai tempo ten unha lei moi avanzada, que establece un 6 % dos contratos polo procedemento de contratación reservada a empresas de inserción laboral. En Galicia tamén hai exemplos de concellos, ultimamente o caso de Moaña, que deu un paso adiante tamén neste sentido.

Con respecto xa ao concreto, á proposición de lei do Partido Socialista, imos votar a favor da toma en consideración, o que pasa é que nos parece que é un texto moi mellorable dentro deste marco, deste enfoque, de centrar os esforzos na Administración pública. Vostedes o que fixeron aquí foi unha adaptación da lei valenciana, que é do ano 2017, para o fomento da responsabilidade social, o que pasa é que lle aplicaron un pouco a rebarbadora e metéronlle a tesoirá, sobre todo naqueles aspectos que a nós nos parecen máis avanzados desa lei valenciana. Por exemplo no artigo 2, en canto ao ámbito da aplicación, vostedes propoñen que a lei se aplique só á Administración autonómica e a todos os entes da Administración autonómica, e a lei valenciana fala da Administración autonómica, da Administración local e tamén das universidades públicas, e cita expresamente tamén ao Parlamento, ao Consello da Cultura, ao Consello de Contas, ao Comité Económico e Social, ao Consello Consultivo e á Valedoría do Pobo. Todos estes organismos se deben incorporar na lei, están na valenciana e tamén deberían de estar na galega. Isto xa é posterior, e esperemos que se admita a trámite e que poidamos discutilo na ponencia. Desde logo, nós imos ir por esta vía ata o máximo que permita a lei.

Fíxese que no artigo 2, apartado 4, da lei valenciana as previsións do título III tamén serán aplicables, ademais de á Administración pública, ás empresas, entidades, organizacións e traballadores e traballadoras autónomos, e vostedes non sei por que, e estas cousas non son casuais, fixeron un cambio e puxeron «serán de aplicación voluntaria». Nós quitaríamos a palabra voluntaria; a valenciana di que serán de aplicación, e enténdese que obrigatoriamente para todo o mundo.

No caso do articulado, a valenciana fala das administracións públicas e vostedes falan da Administración autonómica, supoño que será por isto da autonomía local, que é tan importante para o Grupo Socialista, pero preferimos que esta lei se estableza para todas as administracións, tamén para a Administración local.

Despois, no artigo 10, por exemplo, fala dunha cuestión que nos parece moi perigosa, que é a responsabilidade social e a cooperación para o desenvolvemento, coa figura —que tamén aparece na lei valenciana— das alianzas público-privadas con organizacións para a cooperación ao desenvolvemento, para proxectos nos que participarían estas empresas precisamente para lavar a súa imaxe, como Endesa, Iberdrola e demais.

Tamén hai outro aspecto que nos parece importante e interesante resaltar no caso da lei valenciana, como o artigo 17 no Plan de responsabilidade social, que no caso do galego refírese só á Administración autonómica e no da valenciana inclúe un apartado que fai referencia a que o resto das administracións públicas, no ámbito das súas competencias, poderán contar con instrumentos de planificación que servirán para valorar a súa inclusión na rede de territorios socialmente responsábeis, e crea a figura dos «territorios socialmente responsábeis».

En definitiva, ter unha norma coma esta, que sobre todo impulsaría a actuación social e de responsabilidade social da Administración, parécenos un modesto paso adiante. Queremos ir ao máximo do que prevé a lei e imos votar a favor da súa tramitación, aínda que insistimos en que aquí a clave fundamental é que haxa normas, leis, que obriguen ás empresas a cumprir os dereitos fundamentais, os dereitos sociais, os dereitos laborais, os dereitos humanos, a ética e o respecto á igualdade e á integración de todas as persoas que precisan do impulso das administracións públicas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Ante o debate desta proposta de lei, faise necesaria unha reflexión previa, e é que nas sociedades democráticas, ou teoricamente democráticas, ningún eido debería ser alleo á cultura democrática, tampouco as empresas, nas que gran porcentaxe da humanidade pasa boa parte do seu tempo e ademais teñen uns impactos que condicionan moitas veces a propia democracia.

Isto tamén ten que ver con que as empresas non deberían ser alleas á cooperación en intereses que unha sociedade democrática considera estratéxicos, xustos, e disto é do que vai en gran parte a responsabilidade social corporativa.

Si é certo que hai un debate de fondo —xa o expuxo aquí o señor Bará— que se resume en se o capitalismo é compatible coa democracia, pois ultimamente parece que imos cada vez máis a que non, e o ascenso de forzas políticas como VOX así o confirman. Estase apostando por unha incompatibilidade entre capitalismo e democracia, é evidente.

Pero, lonxe destes debates de fondo, que son fundamentais, adiantamos o noso voto favorable a este proxecto de lei do PSOE na medida en que concreta un acordo parlamentario acadado por unanimidade en 2014 pero que como tantas veces carece de materialización práctica. Si consideramos que ten que haber unha plasmación legal dese compromiso pola responsabilidade social corporativa, e si que consideramos que esta lei melloraría tanto o emprego como a loita contra o cambio climático no país, sobre todo no que ten que ver coa contratación pública socialmente responsable, que é o que máis regula a lei. Como xa dixo aquí tamén o anterior voceiro do BNG, hai outras cuestións que quedan máis á voluntariedade das empresas, pero no que ten que ver co fomento da contratación pública socialmente responsable estamos absolutamente a favor, e consideramos que esta proposta de lei, á que nós incorporariamos emendas, xa melloraría o marco legal nesta situación no noso país.

A responsabilidade social corporativa baséase na concienciación das empresas sobre os impactos económicos, sociais e medioambientais que xera a súa propia actividade, integrando no seu plan estratéxico accións responsables voluntarias tanto a nivel interno como externo, de xeito que todos os activos das mesmas, dende persoal, comunicación, empresas colaboradoras, subcontratacións tamén, actúen de acordo con esta política e coa ética empresarial que se determine. Pero non todas as empresas, desgraciadamente, toman en serio este enfoque, considerando así a responsabilidade social corporativa como unha perda de cartos antes que como unha obriga nunha sociedade avanzada. Mesmo hai cuestións que non deberían estar en cuestión, valla a redundancia, nin como un investimento que mesmo reportaría beneficios.

A Unión Europea tratou de impulsar a responsabilidade social corporativa, incluída nesa Estratexia europea 2020, pero vemos que, como en numerosas ocasións, da Unión Europea só se colle —moitas veces nos estados e moito máis nas empresas— aquilo que resta dereitos, non aquilo que propón melloras sociais.

Entre as principais tendencias internacionais en sostibilidade que deberían ser garantidas por esta responsabilidade social corporativa destacamos a loita contra o cambio climático, que xa tamén a proponente da iniciativa o destacou. É un reto fundamental da humanidade. Volvemos ao debate de fondo ¿é compatible co modelo socioeconómico actual a preservación da biosfera? Non o sabemos —probablemente non, tampouco—, pero o caso é que esta loita non pode adiarse máis e que esta proposta de lei si melloraría no noso país a confrontación contra o cambio climático.

Outra tendencia que cómpre ter en conta na responsabilidade social corporativa é a equidade salarial, a responsabilidade social no emprego, como tipifica a lei, a responsabilidade fiscal, a diversidade e inclusión social e tamén o punto fundamental das cláusulas sociais na contratación pública responsable, na que vemos que, entre as intencións expresadas en acordos neste Parlamento e a praxe, aínda queda un treito.

Así pois, quixemos enfocar esta intervención en sinalar exemplos que suceden no noso país, que suceden a través da Administración autonómica, en contra da responsabilidade social corporativa, que fan que sexa necesaria esta regulamentación legal de aposta pola responsabilidade social corporativa, tanto nas empresas como na Xunta.

Hai titulares que son incompatibles coa responsabilidade social corporativa, por exemplo, cando empresas como Inditex antepoñen os beneficios á saúde das traballadoras, como cando a propia Xunta contrata precariamente o persoal de loita contra incendios ou cando se desentende a Xunta da precariedade no sector das residencias da terceira idade. Isto non é aposta pola responsabilidade social corporativa.

En canto ao cambio climático, eu penso que xa ninguén pode negar o impacto dramático do cambio climático nos sistemas naturais e na propia vida das persoas, ata na propia saúde, pero, en fin, aínda hai quen se empeña en negalo. Neste caso e neste reto, as innovacións tecnolóxicas son imprescindibles. Así pois, a través da contratación pública responsable poderíanse fomentar outro tipo de enerxías, poderíase fomentar que as empresas melloraran en sostibilidade, sen embargo, o que vemos no país é que a propia Xunta é conivente coa megaminaría, aí temos a mina de Touro, a aposta polo transporte privado, a aposta por Ence, e non ten unha estratexia clara cara a esa necesaria reestruturación que ten que haber cara a fin do carbón, e ao final o que está facendo en defensa do emprego é non ter unha estratexia, e o que fará será, probablemente, poñer en perigo eses empregos.

No que se refire á equidade salarial, os dereitos fundamentais a contar con representación sindical e negociación colectiva son ameazados pola propia Xunta, e vímolos no 8 de marzo. Cando está mesmo socavando o dereito a folga, ¿como logo a Xunta vai fomentar a responsabilidades social corporativa?

Vimos tamén que a Xunta —outro acordo máis incumplido— non impulsou aquel acordo de 2016 de ter unha negociación colectiva de ámbito galego para mellorar a igualdade salarial no país.

Tamén a responsabilidade social corporativa é incompatible cos altos índices de contratación temporal, coas horas extras non declaradas, coa non causalidade na contratación, coa parcialidade forzosa, coa temporalidade, salarios de miseria, todos estes elementos que as empresas do país teñen. Polo tanto, atopamos aquí unha diversidade entre os desexos e a práctica.

Outro exemplo de como entende a Xunta a equidade salarial e os dereitos laborais son as listas de contratación temporal, a sobreexplotación laboral por non cobertura de vacantes e ausencias —disto saben moito na sanidade, no ensino, na xustiza, na loita contra incendios, nos centros de política social— ou a contratación con empresas que directamente incumpren a legalidade laboral; está aí o grupo Norte, un exemplo claro de discriminación salarial. ¿Como é casable isto coa aposta pola responsabilidade social corporativa? Está tamén un caso en Proxecto Home, que está fornecendo os servizos básicos de atención a drogodependencias, que son directamente responsabilidade da Administración, e permítese que as súas traballadoras e traballadores cobrasen por baixo do convenio colectivo. Outro exemplo de como non se aposta na praxe pola responsabilidade social, nin na contratación pública nin por parte das empresas.

No referente á responsabilidade fiscal, efectivamente, debería de vir xa de serie non contratar con empresas que teñan transaccións en paraísos fiscais.

Sobre a diversidade, a propia Organización internacional de empregadores destaca que a discriminación, baseada en factores como xénero, raza ou discapacidade, impide ás empresas dispor das persoas que precisan para poder ser competitivas e adaptarse ás demandas do mercado. É dicir, mesmo desde o punto de vista empresarial, é un hándicap para a competitividade, sen embargo, continúa existindo esta discriminación por diversas razóns. Xa citamos a discriminación de xénero, pero, falando de discapacidade, onte foi o Día internacional. Galicia ten a menor taxa de actividade entre as persoas con discapacidade. Aquí non hai unha aposta da Xunta por fomentar a contratación real destas persoas.

Promoción da lingua, totalmente de acordo, pero é que despois a Xunta non fai, nin a CRTVG tampouco, por que o sector da dobraxe galega teña a puxanza que tivo, ou non inclúe o desenvolvemento do audiovisual, está recortando absolutamente en cultura e en todo o que ten que ver coa normalización lingüística.

Así pois, por un lado, están os compromisos teóricos no Parlamento, e, por outro, a inexistencia total de cláusulas sociais na contratación pública. Así, en Galiza as empresas concesionarias de servizos fan o que queren. Temos aí exemplos de concesionarias no Álvaro Cunqueiro, no AVE, en Povisa...

Por todo o exposto, tamén por todo o que dixeron todos os grupos que teñen falado ata o de agora, apoiamos a tramitación desta proposta de lei. Achegaremos o que consideramos nós melloras, pero xa con este articulado consideramos que melloraría a situación na comunidade autónoma. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, presidente.

Eu non sei se o capitalismo é compatible coa democracia, do que si estou segura é de que o anticapitalismo, o comunismo bolivariano do «Chávez, te lo juro, voto por Maduro» e os anti sistemas non son, en ningún caso, compatibles coa democracia. (*Aplausos.*)

Trae hoxe o Grupo Socialista unha proposición de lei para o fomento da responsabilidade social en Galicia. Señorías, non é a primeira vez que debatemos nin que lexislamos sobre a responsabilidade social das empresas. Ademais desa lexislación da que agora lle vou falar, señora Rodríguez Rumbo, tamén é certo que aprobamos propostas de resolución no Debate do estado da Autonomía nalgunha ocasión.

Concretamente, hai unha lei —da que vostede non falou e que tampouco figura na exposición de motivos da súa proposición de lei, como algunhas outras que tampouco figuran, porque hai unha selección de leis na súa exposición de motivos— que estableceu a posibilidade, por parte da Xunta de Galicia, da inclusión de cláusulas sociais nos seus procedementos de contratación; é a Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. Voulle ler o artigo 25: «Contratación pública ecolóxica e socialmente responsable.

1. Co obxecto de promover unha contratación pública ecolóxica e socialmente responsable, os poderes adxudicadores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do sector público deberán ter en conta criterios sociais e de sustentabilidade ambiental ao deseñaren as especificacións técnicas e administrativas do contrato. Incluiranse, na medida en que sexa posible por razón do obxecto do contrato, criterios referidos á igualdade de xénero.

2. En particular, ponderarán a inclusión de criterios sociais e medioambientais como criterios de adxudicación e como condicións especiais de execución do contrato, coas súas correspondentes penalidades. En calquera caso, os criterios e as condicións que se inclúan deberán gardar relación directa co obxecto do contrato.

3. Así mesmo, poderanse incluír criterios medioambientais e sociais como parámetros determinantes da apreciación do carácter anormal ou desproporcionado das ofertas cando para a adxudicación se deba considerar máis dun criterio de valoración».

E o artigo 26, señora Rodríguez Rumbo —que este é un artigo moi interesante—, é a reserva de contratos a centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral das que falaba o señor Bará. Non é ningunha novidade o de Moaña. Esta lei é de 2013 e xa establece un 5 % de reserva de contratos no sector público autonómico e para os seus entes instrumentais.

¿Sabe que pasou nesta lei? Foi moi curioso, porque a Alternativa Galega de Esquerda —que hoxe é Mareas de Podemos e algúns deputados seguen nesta Cámara— presentou unha emenda de supresión dese artigo. ¿E saben que pasou? Que as Mareas de Podemos —a Alternativa Galega de Esquerda— votou a favor desa emenda de supresión. O Partido Socialista votou a favor desa emenda de supresión. E vostedes, o Bloque Nacionalista Galego, votaron que non a esa emenda de supresión. Quero dicir que se podía votar en contra, señora Rodríguez Rumbo, o Bloque Nacionalista Galego votou en contra desa emenda de supresión.

Eu lamento que a sensibilidade sobre a responsabilidade social e sobre as cláusulas sociais e isto lle veña de golpe. Pero é que, mire, levamos anos nesta Cámara debatendo e aprobando leis e vostedes votando en contra, señora Rodríguez Rumbo; e as Mareas de Podemos votando en contra, señores das Mareas.

Pero a aprobación desta lei non quedou aí no papel, aínda que hoxe o señor do Bloque tivo un discurso... e aínda que votaran en contra desa emenda, hoxe, señor Bará, tivo vostede un discurso bastante decimonónico e bastante intervencionista. Pero, bueno, o BNG en estado puro, ¡non pasa nada!

Pois dicía eu que, en desenvolvemento desta lei e con posterioridade ao Debate do estado da Autonomía do 2014, onde se aprobara unha proposta de resolución para que o sector público autonómico incluía novas cláusulas sociais nos procesos de contratación pública, o Consello da Xunta aprobou en setembro de 2015 a *Guía para unha contratación pública socialmente responsable*, elaborada por persoal técnico da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia e da Xunta Consultiva de Contratación Administrativa de Galicia. Vostede sábeo, señora Rodríguez Rumbo, porque vostede está na Comisión 1ª e a directora xeral de Calidade vén moitas veces

comparecer e responder preguntas sobre este tema, sobre contratación, sobre as guías de contratación e sobre cláusulas sociais nas guías de contratación. E vostede sabe que se están incluíndo cláusulas modelo para introducir nos pregos de contratación. Concretamente, nesta guía houbo esas cláusulas que xa se introduciron en varios pregos. E na licitación dos contratos do novo Plan de transporte público xa se incluíron tamén esas cláusulas sociais. Agora están pendentes doutras a maiores, e, como vostede sabe —a directora xeral así o comentou na Comisión 1ª—, estaban pendentes de que se aprobara a Lei de contratación do Estado.

Pero esta non foi a única lei. Mire, a Lei de 2015, de garantía de calidade dos servizos públicos e da boa administración, garante o control e supervisión da calidade, que se cumpran os estándares de calidade na contratación do servizo. A inclusión de valores e principios: ambientais, de accesibilidade, de eliminación de barreiras, de seguridade, de igualdade, de conciliación da vida laboral e persoal. En definitiva, a contratación pública socialmente responsable. ¿E que votaron vostedes? En contra, señorías. ¡Toda a oposición votou en contra!

Outra lei que se aprobou baixo o Goberno do Partido Popular foi a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Aí tamén se inclúen cuestións de transparencia, cuestións de contratación, cuestións para protexer a cidadanía fronte a hipotéticas arbitrariedades do poder público e o uso indebido de cartos e patrimonio público. Aí conseguimos que se abstiveran. Fun ponente desa lei e lembro a cantidade de emendas que lles aceptamos a todos os grupos da oposición. Algúns dicíanme en privado que, bueno, que non podían votar co PP, pero en realidade... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) si, si, o que pasa é que a vostedes votar algo co PP débelle producir urticaria. Pero en realidade aquela lei... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Vostedes abstivéronse! E aí tamén a Lei de transparencia favorece unha contratación pública socialmente responsable.

Pero antes da aprobación destas leis —da do 2013, da do 2015, da do 2016— o Goberno galego do Partido Popular ten feito cousas nesta materia. O Goberno do Partido Popular da Xunta de Galicia ten amosado o seu compromiso coa cidadanía, e non nunha, senón en varias leis; e, por certo, vostedes votaron en contra.

Pero ademais das leis, antes de todas estas leis, a Xunta de Galicia foi pioneira: en 2012 creou un grupo de representación empresarial galego na responsabilidade social empresarial para, en colaboración coas nosas grandes empresas, acompañar as pequenas e as medianas neste camiño. De feito, é un dos piares sobre os que se edifica a Axenda 2020 para o emprego.

A Xunta de Galicia ten demostrado que para o Goberno a responsabilidade social é clave para a competitividade das empresas e para a creación dun emprego de calidade ao abeiro dun crecemento sostible a curto, medio e longo prazo. Por iso xa se están a desenvolver medidas para o seu impulso, e vostede coñéceas.

Vostede sabe que temos o Programa de xeración responsable, co obxectivo de integrar a responsabilidade social dentro dos contidos formativos e fomentar, ao mesmo tempo, un pensamento máis aberto e innovador, desenvolvendo unha serie de actividades por distintos centros de formación profesional a través da posta en marcha de talleres. Ou o programa

Responsabilízate, cuxo obxectivo é o de difundir a responsabilidade social empresarial e os seus valores a través de programas que axudan as pequenas e medianas empresas galegas a ser máis responsables.

Ou os Premios de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia, que xa van pola terceira edición, señora Rodríguez Rumbo. O desenvolvemento do Banco de Ideas, dentro do Observatorio de Responsabilidade Social Empresarial de Galicia; pode acceder a el e á web para ver como funciona e como están traballando. As axudas para a obtención da certificación de normas ou estándares de responsabilidade social empresarial, a elaboración do Plan de igualdade, medidas de conciliación.

O Goberno galego tamén ten feito público que está a traballar no deseño dunha Estratexia galega de responsabilidade social empresarial, e esperamos que en breve sexa unha realidade.

Como ven, señorías, o Goberno galego non precisou dunha lei que lle obrigara a tomar iniciativa nesta materia. Vostede —e o señor Bará acábalo de dicir— trae aquí unha lei de cumprimento de voluntariedade porque non pode ser doutro xeito. Mesmo no artigo 3 define vostede: ¿responsabilidade social?, compromisos voluntarios; ¿responsabilidade social da empresa?, integración voluntaria por parte da empresa; ¿empresa socialmente responsable?, aquela empresa que adopte a integración voluntaria no seu goberno das preocupacións sociais, laborais, etc.

En todo caso, entendemos, señorías, que regular mediante lei algo que é voluntario, como a integración na organización e na actividade empresarial das preocupacións sociais e ambientais, non é axeitado. De feito, o Estado non dispón dunha lei neste sentido, e só dúas comunidades autónomas —Estremadura no ano 2010 e Valencia no ano 2018— contan con ela. A realidade de Galicia é única, señora Rodríguez Rumbo, e xa temos moito camiño andado, polo que non cabe facer un corta-pega. Non, señorías. (*Murmurios.*) Por tanto, o Grupo Parlamentario Popular non vai votar a favor da toma en consideración desta iniciativa. (*Murmurios.*)

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo autor da proposición. Grupo Parlamentario Socialista, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Señora Prado del Río, a verdade é que despois da súa exposición, na que vostede fala da cantidade de cousas que ten feito a Xunta de Galicia en responsabilidade social, que, efectivamente, o teño aquí e téño mirado, o resumo é bastante cativo, bastante pequeno. O curioso é que despois din que, con todo o que teñen feito, van votar en contra dunha proposición de lei que o que pretende é recoller e mellorar en moito as pequenas cousas puntuais que a Xunta de Galicia ten feito en responsabilidade social. A verdade é que un discurso bastante...

¡vamos, para auto bombo! —algo que vostedes saben facer moi ben—, moita publicidade e propaganda e moito facer que fan. É verdade que poñen cousiñas, como o autodiagnóstico, que me encanta. Isto é como ir ao médico e que che diga: non, a autodiagnose xa a fai vostede e despois xa lle direi o remedio que lle teño que dar. ¡Vamos, unha risa! (*Aplausos.*)

Mire, nós —como dixen ao principio— traemos unha proposición de lei sobre a responsabilidade social que realmente para o que se trae aquí é para decidir se se quere facer un compromiso coa cidadanía, un compromiso coa responsabilidade social, que abrangue catro piares —vounos repetir, señores e señoras do Partido Popular—: compromiso cun emprego estable e de calidade, coa integración social, co medio ambiente minimizando o impacto ambiental e a pegada de carbono, e co bo goberno e a transparencia. Polo tanto, o voto a favor é estar de acordo con estes catro piares ou estar en contra, como están vostedes continuamente, unha e outra vez.

Evidentemente, hai unha parte que é voluntaria, pero esta lei obriga a Xunta de Galicia para que se constitúa como ese elemento vertebrador de orientación e de apoio para a posta en marcha de plans, programas ou proxectos, asumindo criterios de sostibilidade social, ambiental e económicos. Polo tanto, á Xunta de Galicia si a obriga este proxecto de lei, pero vostedes non queren obrigas porque parécelles que, con catro cousas que se van facendo —por certo, premios cada dous anos e algunha outra... bueno, ía dicir unha palabra que non é moi axeitada—, con iso cumpren coa responsabilidade social.

Segundo dicía o voceiro do BNG e a voceira de En Marea —e agradezo o seu voto favorable—, os dous plantexan que é mellorable. Evidentemente que é mellorable. É que nós entendemos que todos os proxectos de lei que se traen deben ser mellorables e deben ser mellorados dentro do Parlamento de Galicia, (*Aplausos.*) e mellorados polos distintos grupos políticos. (*Aplausos.*) Por iso lle tendiamos unha man ao Partido Popular, que unha e outra vez —aínda que non lles guste— pasan o rodillo, unha e outra vez.

Evidentemente, hai temas como a Administración local, as universidades públicas e demais, que nós deixamos abertos porque entendemos que, cando se inicie a tramitación desta lei, se deben facer as negociacións entre as dúas bandas para mellorar, na medida en que eles demanden e que sexa posible, este proxecto de lei; por iso non as incluimos e por iso as puxemos como algo voluntario. Pero tamén teño que dicir que nós estamos totalmente de acordo con que as entidades privadas tamén se sumen, porque, se non, entendemos que sería un horror. Non soamente se pode obrigar e non só se teñen que implicar as entidades públicas, senón que é obrigatorio que as entidades privadas tamén se sumen. Porque vós pensade o que sería se as determinadas cláusulas de responsabilidade social non fosen incluídas ou respectadas nas políticas desas propias empresas. Polo tanto, o Partido Socialista quere ir sumando pouco a pouco, negociando e avanzando nesta responsabilidade civil.

E, como lles dixen ao principio, hoxe a cidadanía é convertida nunha cidadanía consumidora, que elixe libremente sobre os bens e os consumos que debe adquirir segundo as súas preferencias. E hoxe en día a responsabilidade social de determinadas empresas e, polo tanto, a responsabilidade social da Xunta de Galicia forman un factor fundamental á hora de elixir por parte da propia cidadanía. Polo tanto, non cabe entender que a Xunta de Galicia non

adopte esta lei, este proxecto de lei, para a súa tramitación, para o seu diálogo, para a mellora da súa xestión día a día e para mellorar tamén todas as súas políticas públicas.

Por certo, cando falamos de voluntariedade —insisto—, a voluntariedade non é para a Xunta de Galicia. A Xunta de Galicia estaría obrigada. En fin, é verdade que fixeron determinados avances puntuais, como lles dixen ao principio, pero non deberían ter problema para aprobar este proxecto de lei. Ademais, vostede mesma fala do debate do estado de Autonomía, dalgunhas que xa foron aprobadas no 2014 e dalgunhas que foron aprobadas no 2018. Pero, mire, señora Prado del Río, vostedes son uns expertos en facer que fan, ¡en facer que fan!, en plasmar no papel e aprobar para despois non facer nada...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para despois non facer nada. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Si, escoito perfectamente, teño o oído perfecto. De momento non teño ningún problema. O problema para vostedes é que sempre se basean...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...nun goberno de publicidade e propaganda.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: E á hora da verdade non aproban as cousas que son realmente importantes.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Terminou o seu tempo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moitos actos na entrada deste Parlamento pero pouco aprobar o que si ten que ver coa vida das persoas.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Imos proceder á votación dos textos lexislativos. Pechen as portas, por favor.

Votación dos textos lexislativos

O señor PRESIDENTE: Antes de empezar a votación, queremos saudar os alumnos e alumnas de 4º de primaria do centro Vilaverde, en Pontevedra. Benvidos ao Parlamento. E tamén os seus profesores. Bo día a todas e a todos.

Si, señor, aí están saudando. Iso é o futuro.

Comezamos votando a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, de modificación da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a toma en consideración da Proposición de lei do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia para o fomento da responsabilidade social en Galicia.

Votación da toma en consideración da Proposición de lei, do G. P. dos Socialistas de Galicia, para o fomento da responsabilidade social en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, non se toma en consideración esta proposición de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparencias.

Comparencia da Sra. conselleira do Mar, por petición propia, para dar conta da liña de traballo de cara á negociación dos totais admisibles de capturas e das cotas para 2019

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a conselleira do Mar, dona Rosa Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, moi bo día.

Comparezo hoxe nesta Cámara para dar conta do posicionamento e da proposta de Galicia sobre a asignación de TAC e cotas que terá lugar no vindeiro consello de ministros de pesca da Unión Europea, e tamén para dar conta do traballo que nesta comunidade levamos desenvolvido para armar os nosos argumentos ante Bruxelas.

Galicia e o seu sector pesqueiro ten en xogo moito neste envite. Neste debate haberá que conxugar a necesidade de acadar o rendemento máximo sostible sabendo que só restan dúas anualidades para facelo, así como de inserir a parte máis complexa da obriga do desembarque.

Galicia acode a este consello coa responsabilidade de levar consigo a representación das comunidades autónomas dentro da delegación do Reino de España. Para isto, estamos a pechar un documento co obxectivo de sentar unha posición de demandas comúns no que se están ultimando datos e inserindo aspectos como o recente acordo no seo de NEAF. Esa posición común ten que ter un pilar fundamental, sostido no traballo co sector en proveito da nosa pesca, do noso marisqueo e da nosa acuicultura: a cogobernanza. Esa cogobernanza foi abordada no seo do Consello Galego de Pesca, e, dentro del, conseguimos un acordo unánime sobre a comunicación da Comisión sobre a situación da política pesqueira común e a consulta sobre as posibilidades de pesca para o ano 2019; acordos que foron levados en man ao Consello Consultivo para Asuntos Comunitarios, de Madrid, co obxectivo de que fosen tidos en conta polo propio Ministerio á hora de fixar a posición de España nas negociacións ante Bruxelas.

Esta comunicación aborda as cuestións básicas da política común de pesca, cuestións que recollen os labores que levamos desenvolvido a prol de adecuar esta aplicación da política común pesqueira ás nosas circunstancias e, en particular, en dous aspectos: os plans plurianuais e os descartes.

No relativo aos plans plurianuais, Galicia entende e concorda na necesidade de dispor destas ferramentas mediante a aplicación de rangos ou intervalos de mortalidade que permitan que se poida ofrecer maior flexibilidade á hora de fixar os TAC.

No que ten que ver co gran desafío da pesca actual, a minoración dos descartes, Galicia ten feitos os deberes á hora de contabilizalos e valoralos. Isto tanto nas frota potencialmente afectadas como naquelas que poden ver minguado o seu labor, aínda que sexa escasamente. En todo caso, Galicia vén formulando propostas que lle permitan seguir traballando á frota ao tempo de que se poida ir avanzando cara a ese obxectivo de minorar e eliminar os descartes. Ese foi o mandato do Consello Galego de Pesca no seu ditame sobre a reforma da política pesqueira común, e así o imos defender.

A proposta de regulamento de TAC e cotas que a Comisión Europea formulou hai algo menos dun mes recolle total ou parcialmente algunhas das demandas formuladas. No relativo á normativa e aos aspectos xerais, teríamos tres aspectos nos que centrar as nosas propostas: rendemento máximo sostible, descartes e xestión de pesca.

Dentro do rendemento máximo sostible, e logo de apuntar a nosa demanda de flexibilidade para o alcance deste nivel cando poida haber afectación social ou económica grave, temos un aspecto fundamental que pode supoñer un cambio substancial neste ámbito. Falamos de determinar os TAC nalgúns casos, onde sexa factible, con base na recomendación do nivel superior do intervalo de RMS como fórmula para elevar a mellor as cotas dispoñibles. Temos como exemplo o caso da pescada do Cantábrico, no que a súa aplicación podería facer aumentar o TAC nun 21 %.

Como para isto deberá entrar en vigor o plan, e isto está previsto para marzo, consideramos importante elevar a demanda ao Consello para que se plasme a solicitude da revisión daqueles TAC susceptibles de mellora sen afectar o estado da biomasa, sempre conforme a eses intervalos e adaptando ese nivel superior de recomendación.

En relación cos descartes, a nosa análise e proposta céntrase en tres puntos importantes.

O primeiro, que secunda a proposta da Comisión, o de crear un TAC común para as capturas accesorias e no que concordamos de xeito xeral. Neste senso, hai que ter en conta que esta proposta da Comisión conta con receos de moitos Estados membros, que replican a necesidade de aplicarlles a estabilidade relativa a estes TAC para a pesca accesoria. Por iso, neste aspecto tampouco concordamos coa benevolencia aplicada no caso dos TAC atribuídos a especies con recomendación de TAC cero, e que son para cinco especies nas que nós non temos cota, mais vemos que as cantidades outorgadas son sumamente importantes, argumentando para tal feito a posibilidade de que se convertan en especies de estrangulamento.

O segundo punto ten que ver coa demanda de eliminar aqueles TAC de especies de captura accesoria para nosa frota e que poden converterse, estas si, en especies de estrangulamento. Estes nove TAC teñen en común que non se exerce esforzo pesqueiro dirixido sobre eles, que se reduciu considerablemente o esforzo pesqueiro sobre estas especies, que teñen un volume de desembarque de escasa consideración, e que as cantidades desembarcadas están en liña estable e adaptadas aos TAC. Amais, existen precedentes de eliminación de TAC con base neste risco e conforme estes criterios, como é o caso da bertorella ou da platija en certas zonas. Neste caso, a nosa proposta vai dirixida ao abadexo, ao linguado, ao peixe pau, ao merlán e á solla.

O terceiro aspecto importante demandado ten relación coa asignación da cota de pesca accesoria, pero dirixida a aquelas especies para as que nunca tivemos posibilidades de pesca e non aparecen na proposta formulada pola Comisión. Ante a posibilidade de que se acaben convertendo en especies de estrangulamento, demandamos unha cota accesoria de ochavo, ou relojito, e de eglefino, ou burro, que lles permita traballar aos nosos buques sen ter que parar pola súa indisposición.

No relativo á xestión da pesca e da determinación dos TAC entre áreas, desde Galicia queremos facer constar e demandar melloras que poden supor un avance no aproveitamento e desenvolvemento da actividade por parte do sector. O documento de análise e proposta fai fincapé en tres bloques de aspectos relacionados coa xestión das pesqueiras. Estes son:

O primeiro deles ten que ver coa diferenciación da xestión ou da asignación de cifras de posibilidades de pesca para unha mesma especie en diferentes áreas de TAC. Falamos do caso do lirio e da xarda, no que entendemos que se podería facer unha xestión diferente da zona do Cantábrico noroeste e asignar unha cota máis alta en virtude da diferente práctica pesqueira que se fai nela respecto das augas do resto do Atlántico norte. Entendemos que esta xestión diferente se pode basear na distinta orientación da pesca, sendo no noso caso para consumo humano directo e na cativa incidencia das nosas capturas sobre o TAC xeral de NEAF, xa que só representamos o 4,2 % do lirio e o 3,7 % da xarda.

Amais, temos como exemplo a diferente proposta formulada para a pescada norte en función da área de pesca, xa que, partindo dun único informe de ICES, vemos como para o Mar do Norte se propón un aumento do 37 %, para o Gran Sol un 28 % e na zona de Francia un 23 %. Esta situación, claramente inexplicada e inexplicable, trae causa doutro intento ante-

rior non consumado de vascular parte do TAC de rape en augas de Escocia para o Mar do Norte, reformulando a petición entre ambas as zonas e na que Galicia perdería nos seus intereses de non mediar a intervención ante España e ante Europa.

O segundo aspecto que hai que considerar ten que ver coa posible separación ou superposición de diferentes TAC de especies peláxicas, tales como o xurelo ou o bocarte. Neste senso, avogamos por secundar a postura non explícita de ICES ao facer separación dos TAC da anchoa da zona sur e norte das augas da zona 9, entre Fisterra e Xibraltar, máxime cando na nosa zona temos menos cota e parece ser que é a que mellor estado presenta. A maiores, volvemos defender que se permita ampliar ao 25 % a flexibilidade de intercambio de xurelo e anchoa entre as zonas do Cantábrico e de Fisterra cara ao sur, que hoxe está cifrada nun 5 %.

O terceiro dos aspectos importantes recolle problemas varios en relación coa xestión, sendo o máis importante o da substancial variación das cotas entre anualidades. Concordamos cunha proposta de que as rebaixas ou ampliacións de cota non superen o 15 %, facendo unha aproximación máis suave aos niveis que hai que acadar, sendo así este punto máis asumible para a nosa frota.

O segundo caso ten que ver coa necesaria clarificación da vixencia do Regulamento CEE 2.166, do ano 2005, para a recuperación da pescada e a cigala no Cantábrico e Noroeste, e que non se aplica no caso de determinación máis favorable do TAC pero si na limitación dos días de pesca, aínda que estes se incrementan para o ano 2019.

A maiores, queremos prestar unha atención especial á xestión das raias para que se volvan segregar as determinacións de TAC para aquelas variedades que se atopan en peor estado, facendo que a cifra xeral non se condicione a elas.

Señorías, todos estes aspectos xerais teñen unha aplicación práctica e específica, que se reflicte na asignación de cotas dentro de cada un dos TAC estipulados para cada unha das especies e segundo as zonas determinadas por ICES. Con esta proposta que temos sobre a mesa, este ano podemos dicir que non é a peor posición de saída das que nos temos atopado. Ben puideramos dicir, incluso, que se atopa entre as máis vantaxosas, aínda que queda moito por negociar e que imos achegar todos os nosos argumentos para tentar mellorar a proposta.

Dos 36 TAC principais dos que España dispón de cota temos que ter en conta que para 14 se propón unha subida; en 10 manteríamos os TAC respecto do ano 2018, e en 10 proponse unha rebaixa, entre as cales contabilizamos o lirio e a xarda, xa coñecidas pero oficialmente non comunicadas.

Arestora só faltarían por coñecer as dúas propostas correspondentes á anchoa, ou bocarte, que van de xuño a xuño e non de xaneiro a xaneiro. Neste senso, pendentes da posible separación do TAC do sur e tendo en conta os bos resultados colleitados na campaña do Cantábrico, parece que nesta especie poderíamos ter boas novas. Con todo, cómpre clarificar a situación da proposta de TAC para a anchoa de Fisterra cara ao sur. Figura nos textos cunha cifra cero, o que non nos gusta a ningún dos Estados que comparten o TAC —España e Por-

tugal— nin a Galicia, polo que demandamos o cambio desa cifra aínda sabendo que é provisoria e que non reflicte o resultado final.

Neste ano si que teríamos entre os puntos positivos xa coñecidos varios TAC de importancia tradicional para Galicia, ademais doutras cotas de especies de captura accesoria que se tornan importantes ante a aplicación da obriga de desembarque. Neste senso, temos que coñecer que entre estes puntos positivos se atopa a suba dun 27 % da pescada no Gran Sol e dun 23 % en augas de Francia, facendo que esta especie referende o seu bo estado e se poida consolidar como a de maior facturación para Galicia; o aumento da cota do rape nun 1 % no Cantábrico, e a alza tamén desa especie en augas de Escocia —onde temos varios buques de bandeira británica dedicados a esta pesca—; e o incremento do TAC do xurelo, tanto en augas de Fisterra cara ao sur, onde sobe o 69 %, como nas augas do Cantábrico, onde medra un 18 %.

O rapante tamén ve acrecentadas as súas cifras, indo esta suba dende un 47 % para o Gran Sol, pasando polo 35 % proposto para o Cantábrico, ao 40 % para as augas francesas e un 6 % para os caladoiros de Escocia.

Tamén medran as cotas da cigala, tanto en augas de Escocia, nun 24 %, como nas augas de Fisterra cara ao sur, nun 5 %, e nas augas francesas do golfo de Biscaia, onde o incremento acada o 7 %.

Por último, o décimo cuarto TAC que medra é o do linguado nas augas do golfo de Biscaia, onde tería unha adición do 5 % respecto do ano 2018.

Pola súa banda, a proposta formulada pola Comisión sinala unha posible continuidade de TAC que acollería as seguintes especies:

O abadexo, que vería unha inalterada proposta para as cinco zonas onde España dispón de cota, tanto no Gran Sol como en augas do Cantábrico e noroeste.

O linguado no Cantábrico, importante especie accesoria que ve referendada a súa estabilidade na cota que arrastramos dende o ano 2011.

A liba, ou merlán, no Cantábrico, que tamén dispón da mesma cifra de TAC dende 2016, e que se presenta como unha pesca accesoria.

A maruca en Gran Sol e en Hatton Bank, cuxa estabilidade de biomasa se reflicte nesta continuidade do TAC e que supón unha pesca secundaria para moitos buques galegos.

As raias no Cantábrico, que supoñen unha especie complementaria para a nosa frota, principalmente para a artesanal, e que pode supor un importante ingreso acompañando a pesqueira da centola.

Galicia tamén quere facer constar aqueles puntos negativos que vemos na proposta e que poden afectar a nosa frota. Nese caso de negatividade, hai 10 propostas de TAC de diferente impacto e afectación, pero que trataremos de reverter ou minorar.

Neste suposto están a pescada do Cantábrico e Noroeste, cunha petición de rebaixa dun 14 %, pero que conta con varias posibilidades de entre as consideracións do ICES para mellorar a súa cifra de TAC. Neste senso, unha determinación do TAC conforme o nivel superior do intervalo de rendemento máximo sostible podería traer un 21 % máis de posibilidades de pesca e mesmo así mellorar a biomasa.

Neste mesmo suposto, estaría tamén a alternativa da consideración dunha proposta acorde co plan de recuperación, cuxa vixencia non se clarexa e que posibilitaría sumar un 15 % máis de incremento tanto en biomasa como en posibilidades de pesca. Por último, de manterse o TAC, a biomasa melloraría nun 45 %, unha cuestión importante que se pode conseguir nun prazo máis amplo pero sempre rigoroso se tomamos outras alternativas.

Outro punto de desconformidade estaría radicado na continuidade do peche efectivo da cigala no Cantábrico, xa que as campañas de estudo levadas a cabo polo Instituto Español de Oceanografía, coa colaboración do sector, ofrecen cifras máis positivas que as aducidas polo ICES para o peche, polo que demandamos a súa reconsideración.

Tamén, falando da cigala, observamos con preocupación a proposta de rebaixa do TAC desta especie para o Gran Sol, cifrada nun axuste do 31 %, se ben na unidade onde a nosa frota pesca de forma xeral esta especie o recorte é dun 3 %. Aínda así non deixamos de ver esta proposta con moita preocupación.

Para o rape establécese unha diminución de cotas en augas do Gran Sol nun 1 %, e tamén nas augas de Francia, nun 6 %. Pero os informes do ICES parecen outorgar un mellor estado do stock, polo que agardamos que a Comisión reconsidere esta proposta e mesmo a mellore á alza.

Nesta mesma situación tamén se atopa o TAC de raias para o Gran Sol, onde a cifra proposta sofre un axuste do 1 %. Sen embargo, agardamos que ese estado que reflicten os informes do ICES leve a unha continuidade, e mesmo a unha posible subida da cota.

Consideración á parte merece a proposta de rebaixa do peixe sapo en augas do oeste de Hatton Bank, xa que un recorte do 20 % non parece coincidente coas recomendacións do ICES, que pide un peche en toda a área norte. Contra todo criterio, e aínda existindo unha redución de esforzo pola nosa parte naquelas augas e non consumindo o TAC, este recorte contraponse coa continuidade dos existentes no Mar do Norte en augas danesas, onde si se supera o TAC. Agardamos que esta discrepancia e aparente incoherencia poida ser explicada e corrixida, xa que, se ben non ten un alto impacto económico, si pode supor un caso de especie de estrangulamento.

Como ben dicía, señorías, estamos traballando para consolidar as cifras de cada un destes TAC que medran para reverter ou minorar a baixada noutros casos. Para este fin, estamos repasando especie por especie, TAC por TAC, e analizando varias fontes de información para verificar e conformar os nosos argumentos. Estamos avaliando os informes do ICES para ser realistas nas peticións e non ir máis alá do sustentable, estamos avaliando os desembarques de cada especie e de cada frota para ver o nivel de implicación de cada baixada, estamos ava-

liando os comentarios doutros países nos grupos de traballo da Unión Europea para buscar aliados, estamos analizando a tendencia dos TAC noutros anos para ver a súa evolución e estamos avaliando a importancia do impacto económico de cada especie para centrar as demandas e establecer unha prevalencia na negociación.

Capítulo á parte merecen os TAC asignados para o lirio e a xarda, e cuxa determinación se fai no seo de NEAF, esta entidade que agrupa a todos os países costeiros do Atlántico noroeste. E temos que dicir que neste senso os acordos acadados en pasadas semanas parecen establecer un axuste do 20 % en ambas as especies, se ben esta proposta aínda non foi comunicada de forma oficial.

A este respecto é certo que o informe do ICES para a xarda non chamaba a boas previsións, pero a opinión do sector do Cantábrico non parece acorde con esta visión do ICES, por iso demandamos que, non existindo informe diferenciado —que debería habelo—, se poida facer unha asignación diferenciada.

Neste mesmo suposto estaría o lirio. E quixeramos reiterar aquí que estas malas perspectivas científicas non deberán ser atribuídas a España, xa que o seu volume de pesqueiras, como lles comentaba ao principio, non é considerable nin determinante no estado dos stocks que provoca esta baixada nos TAC.

Por iso tamén queremos demandar unha explicación e rectificación naquelas deducións que a Comisión pretende levar a cabo nalgúns TAC e que suporían unha corrección entre capturas e desembarques, se ben as cifras non son homoxéneas entre zonas a pesar de contar con patróns de explotación moi semellantes.

Este caso é particularmente sensible no caso da pescada, rapante e rape, xa que se asigna unha dedución nos caos de augas de Francia e caladoiro Cantábrico e Noroeste que non se replica e reproduce no caso doutras augas do norte, como as zonas 4, 6 e 7.

A maiores, esta proposta de regulamento contén unha lista de medidas que afectan de forma restritiva a dúas especies hoxe non sometidas a TAC e cotas pero que ven limitada a súa explotación pesqueira pola normativa que recolle este documento. Falo do caso da anguía, no que a Comisión pretende estender a captura da angula á veda de tres meses consecutivos, a dispoñer entre setembro e xaneiro; cuestión que parece coherente, xa que antes non se protexían os xuvenís desta especie e si os exemplares adultos.

O outro caso neste aspecto sería o da robaliza, no que deberemos estar atentos para que as importantes restricións que se están a impoñer en augas do norte non se estendan ás do Cantábrico e Noroeste, onde a nosa captura é altamente selectiva e sostible. Ademais, esta atención deberá de ser redobrada, xa que o plan plurianual para as augas occidentais inclúe esta especie entre as xestionadas, o que ben puidera ser o preludio da instauración dun TAC, feito denunciado por España e outros Estados membros e negado pola Comisión.

Alén disto, e aínda non figurando nesta proposta, non debemos perder de ollo a situación da sardiña, cuxos axustes mediante o plan conxunto disposto entre España e Portugal foron

aprobados pola Comisión. Neste sentido, agardamos que sexan efectivos para mudar a liña descendente da especie e disipar as posibilidades de imposición dun TAC por parte de Europa, que sería, seguro, máis rigoroso.

Todo isto contén a nosa análise e a nosa demanda, todo isto comunicámosllo ao Ministerio para que, de forma coordinada e achegando todos os nosos argumentos, poidamos reverter conxuntamente estas situacións que veño de sinalar. O obxectivo non é outro que o de acadar a mellor situación para a nosa frota nun ano que pode ser clave para o seu futuro. Porque, señorías, falando de ano clave, tampouco deberemos esquecer que o Brexit planea sobre este acordo. E neste tempo de prórroga que o acordo de saída nos achega deberemos negociar e facer un acordo pesqueiro co Reino Unido que manteña o *statu quo* en canto ao acceso recíproco a augas e a mercados.

Remato. E fágoo pedindo que este Parlamento sexa consecuente con estas peticións, que non son nosas ao cen por cento, senón que forman parte das demandas do noso sector pesqueiro. Queda moito que facer tamén no plano interno do Estado, pero sei que neste primeiro paso podemos contar nós e o sector coa súa voz asonante a esta petición común.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Por parte dos grupos parlamentarios, ten a palabra polo Grupo Parlamentario do BNG a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

Moi bo día, señora conselleira, a verdade é que é toda unha novidade que vostede veña aquí con anterioridade a este Parlamento a pedir acordo e consenso. Porque o habitual é ver esa escenografía todos os anos, ese mesmo guión, eses mesmos protagonistas do mes de decembro, na que na Unión Europea nos ten acostumados a esas teóricas conversas maratónicas ata últimas horas da noite, nas que, primeiro, hai unhas propostas draconianas por parte da Unión Europea, que despois desas negociacións se conseguen rebaixar e, onde ían recortar cen, logo conseguimos que queden en setenta ou cincuenta. E ao final os recortes non son de cincuenta, son de trinta, son de corenta, e conseguimos que pareza un éxito o que é un recorte sobre recorte. Entón hai esa escenografía, ano tras ano, de negociacións esgotadoras ata altas horas da madrugada, que ofrece como espectáculo o que é un recorte tras recorte do noso sector do mar.

Vostede este ano cambia un pouco o guión e, na vez de ofrecernos mediaticamente a través dos medios de comunicación esa escenografía, vén aquí á sesión previa para traernos un consenso que vostede trae xa pechado. Trae un consenso do Consello Galego de Pesca que vostede xa trasladou a Madrid, e vén aquí ao Parlamento a dicirnos que agarda... ¿exactamente que? Porque, se neste Parlamento decidíramos que non nos vale, vostede xa ten un acordo. Entón, vén trasladarnos un acordo, ¿non? Dígoo para situarnos un pouco en cal é o debate que temos hoxe aquí.

E eu quero empezar facendo un pouco de memoria, porque ás veces eu teño a sensación de que igual pensa que estamos desmemoriadas. E temos memoria no BNG. Cando menos, temos memoria e sabemos o que representaba a nosa frota e sabemos o que representa hoxe e por que. Ademais, sabemos por que: por decisións que se tomaron non por casualidade, non por maldicións bíblicas. E Galiza é o país que máis peso relativo perde en toda a Unión Europea en pesca, como consecuencia das decisións políticas que se foron tomando; sobre todo, que outros foron tomando por nós. E a Unión Europea, desde a entrada do Estado español, someteu a Galiza a unhas condicións leoninas, inxustas e totalmente discriminatorias. E a frota galega está sometida a tres criterios establecidos pola Unión Europea: primeiro, a teórica protección dos recursos —expulsouse a frota galega das doce millas, por exemplo, de Irlanda—; os dereitos históricos —ese criterio polo que se aplican os datos dos últimos seis anos, polo que o Estado español entregou a frota galega, e polo que países que non pescaban en determinadas zonas pasaron a ter dereitos, como Francia, Alemaña, Dinamarca ou Bélxica—; e o principio de estabilidade relativa, que posibilitou unha repartición de cotas arbitraria e que non tivo nada que ver coa realidade. Son criterios prexudiciais para os intereses de Galiza, nunca revisados e, ao contrario, consolidados na política pesqueira común 2014-2020, que son os que están en vigor e son polos que cada ano —incluído este— se negocian eses totais admisibles de capturas, que é no que estamos agora.

E voulle facer tamén un pouco máis de historia. O Estado español —e, polo tanto, Galiza— carece dunha cota acorde ao tamaño da súa frota. E, en función diso, polo criterio ese de estabilidade relativa polo que se reparten esas capturas, por exemplo, o Estado español dispón do 9,6 % das cotas do Gran Sol, a pesar de dispoñer do 22,6 % da frota —22,6 % da frota e o 9,6 % da cota—. Por exemplo, Francia, que ten un terzo da cota, ten o 9,6 % da frota. Dígoo para que saibamos en que contexto nos movemos. Por exemplo, Bélxica ten o 9,6 % da capacidade pesqueira da frota e o 1,6 % da capacidade pesqueira no Gran Sol. Dinamarca ten o 5,4 % dos dereitos e o 4,1 % da frota. Ímonos situando, ¿non? É dicir, temos moita frota e moi poucos dereitos pesqueiros. O modelo de TAC e cotas demostrouse demoledor para o mantemento da actividade e do emprego en Galiza.

E o Consello Galego de Pesca nese informe —do que vostede leu aquí algunhas cousas, outras non as leu—, por exemplo, di: «A frota galega reduciuse un 20 % entre o 2004 e o 2014, cunha rebaixa substancial en frotas como o palangre de fondo e arrastre en augas do Atlántico noroeste —o 50 %—». Ese informe que vostede trasladou di cousas como esta: «Reduciuse o palangre de fondo e arrastre en augas do Atlántico noroccidental o 50 %. O arrastre de fondo no caladoiro Cantábrico e Noroeste, o 50 %. Artes menores perdeu 939 unidades, o 20 %». E engádolle eu: Galiza nestes dez anos perdeu arredor dun terzo dos pesqueiros do Gran Sol por déficit de cota ou abandeiramento noutros países, porque neses países hai cota, por esta repartición inxusta, que en Galiza non hai.

Neste período —non neste senón nos dez anos nos que vostede é conselleira— Galiza perdeu 3.769 persoas afiliadas ao réxime da pesca e acuicultura, consecuencia da aplicación desas cotas inasumibles en termos económicos e sociais. Porque esa aplicación deses TAC, logo convertidos en cotas, son inasumibles en termos sociais e económicos, señora conselleira. Vostede vístao como queira, pero para Galiza son demoledores.

E por iso a primeira pregunta que lle fago é se a proposta da Comisión sobre as posibilidades de pesca para este 2019 corrixe ou compensa a redución da capacidade e de esforzo pesqueiro que fixo a frota galega axustándose a eses plans impostos polo poder económico e facendo os deberes durante todos estes anos coa consecuencia de ter esta redución brutal; e se vai exixir compensacións e que se reverta esa situación na vez de seguir axustando e aceptando un contexto onde se segue exixindo a redución de TAC e, con iso, a redución de capacidade pesqueira para o noso país.

Porque, dende logo, no BNG disentimos dun modelo no que o principio de estabilidade relativa segue primando. Realiza unha repartición en función de intereses dos Estados, de intereses dese poder económico, e non en función da realidade pesqueira e das comunidades costeiras. E un bo exemplo témolo en que se prioriza a pesca industrial levando ao norte a maior parte dos TAC. Nesta repartición, nesta proposta de repartición, a pesca industrial segue levando a maioría desa capacidade de repartición, mentres a pesca artesanal segue sen poder pescar. É un modelo que deixa sen dereitos fundamentais as comunidades pesqueiras, señora conselleira. Nos números que vostede aquí explicou a inmensa maioría da cota segue sendo para as comunidades do norte, para a pesca industrial, cando a pesca artesanal segue cunha ridícula parte. A política pesqueira común, ese modelo liberal que nunca cuestionan, entrega nunhas poucas mans —aos armadores— os dereitos de pesca, aos Estados membros esas ITQ, ou as cotas individuais transferibles. E eu non vexo que na exposición que vostede fixo hoxe aquí cuestionara esa repartición, que cuestionara diferenciar a pesca artesanal da pesca industrial, ou a utilidade —consumo humano ou consumo de fariña—.

E parécenos moi ben esta cuestión de que queiran alcanzar os rendementos máximos posibles ou establecer uns plans plurianuais. Pero a nós, dende logo, pareceríanos moito mellor que os mesmos se adaptaran á nosa realidade e que se fixera balance dos que existen ou un tratamento por zonas.

Preocúpanos moito, señora conselleira, que nestas reparticións se vexa claramente —é moi ilustrativo, dende logo— a falta de obxectivos nas propostas de totais asumibles de captura. Vese con claridade que o peso político é o que determina como se reparte. Vese como é o peso político —a presión política— e non os criterios de como está o stock. Porque, se non, explíqueme como pode ser que, por exemplo, no xurelo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...na zona 8^aC o ano pasado houbera un incremento do 21 %, e na 9^aA unha diminución do 24 %. E logo resulta que hai un incremento do 69 %. É dicir, hai uns vaivéns que non se poden explicar en función de como está o recurso senón exclusivamente en función do peso político e da presión que se fai, única e exclusivamente.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

Vese con claridade que é o peso político, a presión política, a que establece os criterios. E, evidentemente, vese que vostede e o seu Goberno non teñen ese peso político.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Estamos a falar do caso da pescada, cun plan plurianual fundamental para a frota volanteira; do arrastre, das artes menores, do caso da cigala...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora PRADO CORES: ...que é escandaloso —remato, presidente—.

Co cal, señora conselleira, gustaríanos que explicara por que estes vaivéns e por que vostede e o seu Goberno non son capaces de ter peso político...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas. Ten despois outro turno de réplica.

A señora PRADO CORES: ...para que a pesca artesanal galega teña un mínimo de criterio...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)

Despois ten outro turno no que tamén pode seguir co seu razoamento.

Pasamos agora á portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

Ten a palabra a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Bo día novamente. Bo día, conselleira.

Nós ímoslle dar algún argumento máis que, se ten a ben, pode utilizar nas negociacións que veñen, un argumento en relación con ese equilibrio entre capacidade pesqueira e posibilidades pesqueiras. Nós entendemos que Galicia xa fixo un importante esforzo para acadar ese equilibrio. De feito, de acordo cos datos da EPA para Galicia, entre o ano 2009 e este último ano perdéronse arredor 9.600 persoas ocupadas. Iso é 4 de cada 10. Nun só ano, entre o primeiro trimestre do ano 2017 e o primeiro trimestre do ano 2018, 4.400 persoas. Así, en termos absolutos, 4.400 persoas non sabemos se é moito ou pouco, pero son 1 de cada 5.

Se collemos os datos das afiliacións —para que logo non se diga que utilizamos os datos como nos parece a nós—, en 2009 había 24.630 persoas afiliadas, e en 2017, 21.200. Ao ritmo de crecemento do ano 2018, collendo o mellor valor do ano de 2018, a ese ritmo de crecemento, tardaríamos máis de dez anos en recuperar os niveis de persoas afiliadas. Tardaríamos dez anos en recuperar as 24.600 persoas que tiñamos no ano 2009, o cal é bastante pouco esperanzador.

Respecto do relevo xa falamos moitísimas veces. Temos as escolas cheas pero hai moita xente que queda traballando en terra; polo tanto, hai argumentos que implican facer máis atractiva esta profesión. Un argumento que non debe darlles é que Galicia deixa sen executar 6 euros de cada 10 nos orzamentos. Ese non llelo dea porque non nos vai axudar para conseguir mellores posibilidades.

Tampouco lles diga as xestións que están pendentes de facer en materia de seguridade, cando na última comisión de pesca, unha vez máis, volvemos levar a cabalaxe das embarcacións, ou temos dende o 2015 o Plan de sinalización de bateas sen realizar, que son 3.300 artefactos nas rías, polo menos, sen sinalizar.

Polo tanto, máis argumentos: Galicia esforzouse moito en canto a acadar ese equilibrio. Pero tamén é certo que Galicia pode facer máis —e aí volvemos aos orzamentos, con 6 euros de cada 10 nun caixón—.

Polo tanto, non son poucos os desafíos que temos por diante pero hai que deixar ben claro que a pesca debe ter presente e debe ter futuro. E ese debe ser o noso obxectivo, un obxectivo que debe ser común: acadar un sector competitivo pero, ao mesmo tempo, cunha explotación sustentable dos recursos pesqueiros. O nivel de exixencia debe ser máximo e non valen asignaturas pendentes, como a comercialización. Non valen esas asignaturas pendentes, o nivel de exixencia debe ser máximo para conseguir os maiores ingresos posibles para estas persoas que se dedican ao mar, o que supón un esforzo enorme. (*Murmurios.*)

Perdón, presidente, aquí hai moito ruído. É difícil concentrarse así.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Falen máis baixo, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas.

Respecto de cuestións fundamentais, por un lado, temos a obriga de desembarque. Vostede falou tamén dela. E falta nada, falta menos dun mes, para que entre en vigor e é precisa esa flexibilización. A flexibilización é fundamental, e, sobre todo, a importancia de poder contar desde o primeiro día con solucións adaptadas a cada caso. Ese debería ser o aspecto máis relevante e fundamental, e onde entendemos que aquí, neste caso, as achegas do sector son fundamentais, escoitar o sector máis ca nunca para que aporte precisamente esas solucións adaptadas a cada caso concreto e para que a prohibición de descartes e a obriga do desembarque se faga de xeito que teña o menor impacto posible na operatividade das frotas. Por un lado, existe o risco de que queden amarradas as frotas —como saben—, e, por outro lado, o problema de espazo nas embarcacións, que é un problema de operatividade. Se hai que traer todas as especies á terra, as embarcacións —especialmente as galegas— son pequenas e non é posible, non hai espazo.

A incidencia é grande en Galicia porque temos pesqueiras mixtas, e nestas, como sabe, xunto coa especie principal veñen outras que poden ter cota cero; ou pode haber, por exemplo —como dicía—, un incremento natural dunha ou varias especies que faga que non teñan cota suficiente nese caso, polo que hai un risco de quedar amarrado.

Polo tanto, descartes, flexibilización e solucións adaptadas a cada caso concreto. E quen mellor coñece esas solucións a casos concretos son as propias persoas que traballan no mar. Polo tanto, máis ca nunca é fundamental escoitar o sector. Ao Grupo Socialista cóstanos que dende o Ministerio defenderon en todo momento que a aplicación da prohibición de descartes e a obriga de desembarque se faga de xeito que teña o menor impacto posible para a operatividade das frotas, tanto coa Mesa Estatal de Descartes como coa Comisión Europea e co resto dos Estados membros, co fin de poder contar dende o primeiro día con esas solucións, como dicimos, adaptadas a cada caso, especialmente nas que España conta con escasa cota ou mesmo con cota cero.

A segunda cuestión fundamental que entendemos, máis concretamente respecto das asignacións e das posibilidades de pesca, é que intentar acadar o mellor resultado posible, por suposto, é o que realmente lle interesa ao sector e, en todo caso, que o resultado final permita unha xestión equilibrada entre recursos e criterio social, entre criterio social e criterio medioambiental. E aí, dende o Grupo Socialista, sempre defendemos que, nese sentido, o pescador, a persoa que se dedica ao traballo no mar, debe ser considerado tamén como un recurso, un equilibrio. A maior cota posible para Galicia, polo tanto. Entendemos —aínda que vostede xa o dixo— que este era un bo momento, que é un momento para poder exixir máis. Nós tamén o entendemos así. De acordo coa comunicación da Comisión Europea, o Parlamento Europeo e o Consello, de xuño de 2018, sobre a situación actual da política pesqueira común e a consulta sobre as posibilidades de pesca para o ano 2019, hai tres puntos fundamentais que nos poden axudar tamén con maiores argumentos para conseguir maiores posibilidades.

Por un lado, en todas as poboacións, de media, os niveis de explotación se achegan ao rendemento máximo sostible. Segundo, dende 2013 a biomasa reproductora foi aumentando na zona CIEM. De 2003 a 2016 a súa media aumentou case nun 39 %, mentres que a proporción de poboacións que non alcanzan os límites biolóxicos diminuíu dun 65 % a preto dun 30 % no ano 2016, co cal entendemos que son datos favorables que poden levar a conseguir maiores posibilidades de pesca. E outro aspecto que se cita neste informe é a mellora do equilibrio entre a capacidade pesqueira e as posibilidades de pesca. Nós entendemos que Galicia xa aportou a ese equilibrio as achegas que tiña que aportar. O esforzo xa está feito. Empeza a ser momento tamén de que empecen a chegar outros países.

¿Como podemos alcanzar estes obxectivos? Hoxe vostede vén aquí e non sabemos se xa será tarde para que poidamos facer máis achegas, se estamos a tempo. Pero ¿como podemos acadar eses obxectivos?

A Comisión convida os Estados membros e as partes interesadas a empezar pronto co seu traballo de acordo co ditame do CIEM, e a que non se esperen as propostas da Comisión, senón que haxa anticipación. Xa que estas cuestións están baseadas nos ditames científicos, dende o noso grupo sempre defendemos a importancia da investigación para poder anticiparse, para poder contraargumentar. E nese sentido hai recentemente esta noticia —que é de hai nada, de principios do mes de decembro— que di que os países do sur piden aos biólogos que revisen as súas contas, porque hai xarda. Claro, nós entendemos que é máis fácil respaldar os argumentos cando existen detrás uns soportes científicos, e non unicamente

os da Comisión, porque nós en Galicia temos investigadores moi bos para aportar estudos, para facer convenios coas universidades para que se fagan estudos para demostrar que, efectivamente, hai esa xarda que din o mariñeiros, e que vaia cun soporte científico.

Polo tanto, nesta primeira tanda aí están as cuestións fundamentais en canto a que xa chove sobre mollado, porque Galicia xa fixo un enorme esforzo adaptando a súa capacidade ás posibilidades de pesca a un ritmo de 1.000 persoas ocupadas por ano, o cal é un grande esforzo. Temos que facer a actividade atractiva para que se sigan unindo persoas ao sector, e para iso, concretamente, hai que executar os orzamentos. Non poden quedar 6 de cada 10 euros nun caixón. Pero tamén hai que conseguir maiores posibilidades de pesca tendo en conta a situación de rendemento máximo sostible, e anticiparse en canto a ditames científicos e ás achegas, como a propia Comisión aporta.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora TOJA SUÁREZ: Si.

E, finalmente, é fundamental contar con solucións adaptadas a cada caso concreto en canto á situación de descartes e á solicitude de flexibilización. É importante e fundamental máis ca nunca a achega que faga o sector.

E nesta primeira parte, máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Toja.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi bo día.

Benvida, conselleira.

A primeira consideración que temos que facer é que, a verdade, non nos vendan como un debate real esta comparecencia, como unha busca real de consenso, cando en realidade está presentando un documento que xa é accesible, que xa está presentado, e do que pouco temos que dicir porque non cremos que o vaian modificar despois desta comparecencia. Entendemos que este debate, que quizais —é verdade— é previo respecto doutros anos, debería ser tamén previo á presentación dese documento que xa coñecemos.

Despois, coma sempre que falamos deste sector, nós volvemos insistir en que escoitar o sector e reproducir unha e outra vez que se escoite o sector non pode ser unha apelación vacía, un comentario vacío. Nós cremos que as políticas que se levan a adiante neste sector demostran que non se está escoitando o sector, ou, cando menos, que non se está escoitando o conxunto do sector. Creemos que este, obviamente, é un dos puntos nos que hai que facer máis fincapé.

Despois, en termos xerais, respecto da súa comparecencia non concordamos co relato que expuxo aquí hoxe. Sempre nos acusan de vender unha realidade moi negativa para o país, pero a realidade é que a día de hoxe, en comparación con outros anos, temos menos barcos, temos menos postos de traballo, e as persoas que seguen traballando no sector afrontan, como sabe, enormes dificultades. Esa é a verdadeira realidade e iso é o que hai que pór enriba da mesa.

Despois tampouco concordamos en absoluto coa afirmación de que esta nova negociación dos TAC e das cotas nos deixe unha boa posición de saída. Nós cremos que en absoluto nos deixa unha boa posición de saída. Cremos que desta volta, unha vez máis —porque non é unha cuestión illada, leva pasando durante moitos anos—, esta repartición ás únicas que beneficia é ás grandes frota industriais. Son as que saen favorecidas. Pero omite a situación na que vai quedar a maior parte da frota do noso país, a pesca artesanal.

Hai un titular, que saía recentemente nun xornal de moita tirada no noso país, que cremos que resume á perfección a situación á que nos imos enfrontar se esta repartición se chega a facer efectiva, que é a seguinte: «Case 5.000 barcos pasarano mal se a Unión Europea non permite pescar máis xarda e pescada». Nós cremos que esta é unha situación negativa á que o sector debe facer fronte, que, como digo, non é unha situación novidosa, é unha situación que se leva repetindo ano tras ano, que non é unha excepción, que a proposta sempre é prexudicial para o noso país, para Galicia, e que supón unha vez máis un novo chanzo nese modelo de reconversión do sector que está en disputa e do que moitas veces temos debatido neste mesmo Parlamento.

Para nós é preocupante porque estamos falando de reducións dun 40 % da posibilidade de pesca de xarda, do 7 % do rape, do 14 % da pescada, do 26 % da cigala e dun 25 % para o besugo. E isto, de facto, supón un novo ataque. Por iso non podemos concordar con ese relato de que estamos nunha boa posición de saída. Nós cremos que isto sería un novo estrangulamento para a nosa frota, que xa leva moitos anos sendo atacada. Porque, como dicía, de confirmarse esta proposta, case 5.000 barcos son os que van estar en apuros.

E, como tamén dicía, non é unha excepción nin é un ano especialmente negativo. É unha tendencia, unha tendencia que se suma, por exemplo, aos recortes que sufriron xa o ano pasado, cunha repartición, por certo, que venderon como moi positiva; pero a repartición na anterior negociación supuxo que se reducira o 12 % de posibilidade de pesca da pescada, o 24 % do xurelo e un 20 % da xarda. Esa é a realidade, non poden dicir que é un boa repartición, porque, como alguén tamén mencionou —penso que foi a voceira do Bloque Nacionalista Galego—, se se partía dun recorte moito maior e ao final queda nun recorte menor, iso non é un bo resultado. O bo resultado sería que non se recortara en absoluto esa variación relativa.

Cremos que, como dicía, esta non é unha cuestión illada, enmárcase na política completa da Unión Europea, que está avalada ademais polos gobernos tanto autonómicos como os gobernos que levan moitos anos no Goberno central, e que pon de manifesto o que pretenden conseguir. Está en disputa reconverter o sector pesqueiro. Hai dous modelos en confrontación, hai unha loita por ver realmente quen ocupa o espazo marítimo. E dende un determi-

nado espazo, dende as altas esferas, teñen decidido que non sexan os nosos pescadores, senón que sexa o espazo comercial e a gran piscicultura intensiva.

Por iso nós cremos que esta nova proposta é un desleixo da Unión Europea para a pequena frota, para a frota de pequena escala e, por tanto, para a gran maioría da frota do noso país. Esa é a realidade, e é onde cremos que deberían presionar dende a Consellería do Mar.

Neste sentido temos que dicir que, a verdade, nos están parecendo bastante preocupantes as informacións que están saíndo relativas ás negociacións coa Unión Europea por parte, por exemplo, da ministra, que fala moito da situación do atún roxo pero cremos que non se pon tanto a énfase noutras especies que teñen maior interese para a nosa frota, sobre todo de artes menores. E cremos que é importante tamén que se presione para que o noso sector estea presente nestas negociacións.

Tamén cremos que isto se suma a outras problemáticas engadidas. Vimos advertindo durante moito tempo que cremos que é preocupante a transferencia de cotas, as cotas individuais transferibles. Creemos que o único que fai isto é consolidar un modelo de compravenda onde soamente vai poder pescar quen poida pagar. Creemos que hai outras alternativas e que, se tanto se fala e tanto se repite que hai que avanzar na xestión conxunta, dirixida polo Goberno pero coxestionada co sector, pois poñámonos a traballar nese modelo e non noutros modelos; porque será a única maneira de acadar reparticións máis xustas e máis solidarias, e será a única maneira de escoitar verdadeiramente o sector.

Moitas veces dise en todos os discursos que se defende a pesca que máis valor social consegue. Tamén a propia política pesqueira común evidencia isto. Pero despois as políticas e as reparticións das cotas van por outro lado ben diferente, que non se corresponde en absoluto co que se anuncia. E esta vez esta nova repartición á única que prexudica é xustamente á pesqueira que ten menor impacto ambiental, que xera máis valor engadido e que é fundamental para o traballo no noso país.

Despois, cando falamos disto tamén cremos fundamental que teñamos en conta o paso que vai vir despois e o debate posterior en canto á repartición dentro do propio Estado español. Nós cremos que hai que evitar outra vez o que pasou historicamente no noso país. Galicia sempre sae prexudicada, sempre, e cremos que tamén hai que ir avanzando estes debates. Gustaríanos tamén que se falara desta cuestión. Nós xa o temos dito en moitas ocasións: cremos que non se poden permitir as cotas por criterios históricos, que están dando situacións tremendamente inxustas. Non pode ser que no mesmo país leven o 48 % das cotas frotas con moitos menos barcos que outras, como está pasando neste caso entre Galicia, por exemplo, e o País Vasco. Por iso tamén, cando falamos destas negociacións, é importante que teñamos tamén en conta este debate posterior e que presionemos tamén para que non volvamos quedar discriminados, como leva pasando tantos anos.

Despois queríamos aproveitar esta comparecencia para facerlle dúas preguntas, dúas cuestións relativas á xarda, por algunhas das novidades que foron saíndo. Gustaríanos que nos aclarase que noticias ten a Consellería sobre o anuncio de Rafael Centenera nas xornadas de Celeiro, nas que se falou sobre unha cota diferente para as artes menores respecto da xarda

segundo sexa pesca dirixida ou accesoria. Non sei se sabe. Gustaríanos saber cal é a diferenza e como se vai xestionar.

E, por outra parte, tamén nos gustaría saber en que punto está a elaboración de informes científicos en canto ao tema da xarda. Sabe que hai moito tempo, máis ou menos un ano, que os pescadores galegos, pero tamén portugueses e asturianos, certifican a boa presenza da especie e, polo tanto, unha suposta mellora dos stocks. Cremos que é importante que haxa informes que certifiquen esta nova situación, e, entón, a pregunta é se teñen feito algo neste sentido.

Pero volvendo ao debate que traemos hoxe —e xa vou rematando—, cremos que é importante entender que este é un debate recorrente, que levamos moitos anos tendo este debate similar, pero, por desgraza, cada ano non podemos falar de melloras senón de todo o contrario, de que a perspectiva e a tendencia é totalmente negativa, de que o único que se debería exixir é unha repartición xusta e transparente dos TAC e das cotas e, como digo, unha distribución que teña en conta o peso socioeconómico dunha actividade clave nas nosas economías locais. Temos que falar de como vai afectar a nosa frota en concreto, non nos termos xerais.

Para nós estas reparticións actuais son tremendamente inxustas; como dicía, consolidan un modelo que só beneficia a grandes frotas industriais e que compromete de maneira evidente o noso sector. Cremos que ou se cambia o rumbo completamente —ou se toma a determinación de que hai que cambiar— ou o sector vai seguir empeorando. Están aí os datos: menos traballo, situacións moi dificultosas para as persoas que seguen traballando no sector, menos barcos e pescamos moito menos do que se pescaba en 2009. Por iso entendemos que a petición que facemos hoxe é totalmente asumible.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: E tamén —xa para rematar— un último comentario.

Como xa temos defendido en moitas ocasións, cremos que Europa ten que tratar de xeito diferenciado a pesca artesanal, deixándoa fora dos TAC e das cotas. Cremos que esta é unha petición asumible e levamos insistindo moito nela. Estamos falando do modelo con menos impacto ambiental do noso país. Se realmente se di apoiar unha pesca selectiva e sostible, pois despois as políticas públicas deben ser consecuentes.

Remato, pero, como digo, creo que a realidade que venden non se corresponde coa realidade que vive o sector. E, se realmente queren facerlle fronte, deberán escoitar verdadeiramente a todos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, a señora Egerique Mosquera.

A señora EGERIQUE MÓSKERA: Grazas, presidente.

Bos días de novo, conselleira, e o noso maior agradecemento por vir hoxe para falar deste tema tan importante e informar do seu traballo de cara ao inminente consello de ministros. Falan agora de que é un debate recorrente. Non é un debate recorrente, é un debate interesante, é un debate construtivo. Vostede vén aquí a dar conta e informar do que tanto ten en xogo o sector pesqueiro en Bruxelas no próximo consello de ministros.

Vostede destacou, ademais, algo moi importante, que é a cogobernanza. Eu escoitei tamén por parte doutro deputado esta mañá esa palabra, e creo que vostede é unha persoa, unha conselleira, que traballa sempre da man do sector. E sabemos, ademais, que sempre consulta no Consello Galego de Pesca; polo tanto, aquí non hai que facerlle ningún reproche.

Eu creo que nesta comparecencia hai preocupación, hai implicación, hai responsabilidade, hai compromiso, hai realismo. Hai realismo, porque, claro, moitas veces tamén temos que saber do contexto no que estamos. Como falabamos antes da modificación da lei, ás veces os contextos están un pouco aquí confundidos. E sempre houbo ese compromiso, sempre houbo esa preocupación. Ademais, sobre o sistema de TAC, que é un sistema do que a señora Prado dixo nalgún momento —ou a señora Quinteiro— que non é o apropiado, o axeitado, hai que saber o que se vota en cada momento e o que se decide cando se poden cambiar as cousas. Eu creo que vostede sempre estivo comprometida co sector, e neste momento, ademais, como ben dixo, non ten unha posición de saída das peores que tivemos. Polo tanto, creo que por parte desta Xunta de Galicia e do señor Feijóo, e por parte desta conselleira, sempre houbo un compromiso claro para falar deste tema da pesca, para negociar e para solicitar en Bruxelas, a través do Goberno central —que é o interlocutor—, o que nos xogamos e as necesidades que temos.

Eu vou empezar un pouco por matizar algunhas cousas que dixeron as voceiras dos outros grupos. Señora Quinteiro, como lle dicía, este non é un debate recorrente. Di que levamos moito tempo con este debate recorrente. Insisto, vén hoxe a conselleira dar conta disto porque hai un consello de ministros en Europa moi interesante, moi importante, e temos moito que dicir. Polo tanto, non sei o que ve vostede de negativo en que a conselleira veña aquí á Cámara a explicarnos o que pasa, a situación na que estamos, a situación das cotas que temos agora enriba da mesa. Ademais, dixo claramente que, de 36, 14 son de aumento; 10 son de mantemento; e noutras 10, contando o lirio e a xarda, que xa coñecemos, podería haber algunha baixada. Polo tanto, non é unha situación tan negativa. Porque vostedes comezan aquí un pouco agradecendo a presenza e falando do sector pesqueiro positivamente, pero logo acaban sempre co seu discurso tan destrutivo. Eu creo que, ademais, temos que presumir un pouco máis de Galicia, do sector pesqueiro galego —sempre o digo cando saio aquí—, porque en Bruxelas somos un exemplo a seguir.

E si é verdade que, ademais, non sempre se ten en conta como se pesca en Galicia. A pesca sustentable é a pesca que se fai aquí —o outro día debatiámolo tamén co tema da quenlla na Comisión 8ª—. Polo tanto, non digan vostedes que Galicia sae sempre prexudicada, porque tampouco é certo. É dicir, é un pouco coma o conto do lobo. Sempre se di que todo é tan negativo, tan negativo, que, cando hai algunha ameaza ou algún problema concreto, tampouco vostedes parece que teñan credibilidade.

Polo tanto, a conselleira foi moi clara. Dixo exactamente cales son as posibilidades que temos. Ademais, falou e fixo un relatorio bastante amplo de todas as especies, da situación e das realidades de cada zona, de cada contorno e de cada especie.

Señora Toja, hoxe noto eu que vostede trae un ton bastante máis limitado que cando estaba o Partido Popular no Goberno central, cando vostede era un pouco máis vehemente. A min paréceme ben. E eu pregúntolle se ese argumento que vostede amosou hoxe aquí tamén llo dixo ao ministro, porque a conselleira está en permanente contacto co ministro de Pesca para sacar o maior rendemento e as mellores posibilidades para o sector pesqueiro de Galicia. Porque eu creo que, cando estivo o Partido Socialista gobernando, na época do señor Zapatero, non houbo os mellores beneficios para a pesca galega. Non foron os mellores momentos nin sequera tampouco cando estaba gobernando o Bipartito.

Polo tanto, agora estamos nesta situación. A min gustaríame saber se lle parece ben ou lle parece mal a proposta que hai, se lle parece ben ese documento, e saber o que aporta vostede. Porque as aportacións que vostede puxo enriba da mesa son os factores que tamén expuxo claramente a conselleira que hai que ter en conta á hora de negociar.

Señora Prado, eu estaba optimista, porque empezou vostede agradecéndolle á conselleira que viñera explicarnos por fin, recoñecendo a presenza da conselleira para informar e dar conta. Pero, como dixen antes, pouco lle durou e comezou xa con ese catastrofismo a pintar esa situación de que en Galicia nada vai ben no sector pesqueiro, e que vostedes teñen a chave de solucionar todo no sector pesqueiro. Iso non é certo, non é certo. Vostede di que o sistema de cotas foi, ou é, demoledor. Ben, o sistema de cotas é o sistema que temos. E eu vou dicirlle a vostede que, cando houbo a posibilidade, cando Galicia defendeu un cambio de modelo de xestión de pesqueiras dentro do ditame unánime do Consello Galego de Pesca, o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego non o apoiaron. Vou ler exactamente o que pedimos, para que saiban vostedes se é unha cousa que inventamos nós ou que non inventamos nós:

«En canto ao sistema de xestión da pesca, demándase a substitución dos TAC e das cotas por un sistema de control baseado no esforzo pesqueiro, que redundaría no beneficio da proposta de eliminación dos descartes, nun mellor control e nunha mellor aplicación das concesións de pesca transferibles.»

Este é o texto que vostedes non apoiaron, e que nós, o Partido Popular e a conselleira, naquel momento, pois presentamos no Consello Galego de Pesca pola reforma da política común de pesca.

Falamos o outro día disto. É que non se pode dicir de Europa que se quere o bo e o malo non, que quero cambiar esta normativa neste momento ou que non quero cambiar esta normativa. Temos que saber o contexto no que estamos. Europa tamén, como dixen o outro día, trouxo moitas cousas positivas para Galicia, e agora as posibilidades que temos son negociar, defender o noso modelo de pesca sostible e intentar que todas as presións, ou todas as ameazas, sexan unha oportunidade e que nos afecten o mínimo posible. Iso é no que a conselleira traballa arduamente, porque se ve nesta comparecencia. Dixo exactamente os organismos

cos que está traballando e todos os informes que están analizando. Falaba vostede de investigación e da importancia que teñen todos eses informes en Galicia, e por suposto que se teñen en conta, por suposto.

A señora Prado —e isto xa é un pouco a modo de brincadeira— dixo que o peso político decide tamén os TAC; é dicir, a cantidade de sardiña que temos no mar decídese polo peso político, quero dicir que, se gaña un ou outro, haberá máis ou menos xurelo. Porque vostede falou aquí de que o peso político aumenta ou diminúe as capacidades que podemos ter de pesca pola cantidade que pode haber en determinados momentos. E non é así. Vostede sabe que o caso da sardiña, o caso do xurelo, o caso da xarda, son concretos, e teñen que tomarse decisións pola situación actual na que se poden atopar. Señora Prado, ¡claro que si! Se dependera de vostedes, estaría o sector completamente afastado de toda realidade, parado e cobrando subvencións. ¡Si, señora Prado!, que é o que facían vostedes durante o Bipartito. O que hai que intentar é que o sistema sexa o máis rendible, produtivo e sustentable posible coas situacións e co contexto xeral que temos.

Din que hai menos cotas agora. É que iso é totalmente falso, totalmente falso. Din que hai agora menos cotas, e desde o 2009 as cotas globais para España nas augas do Cantábrico, noroeste, Gran Sol e Francia medraron un 80 %. Isto supón un aumento dunhas 117.000 toneladas. Tendo o 70 % das cotas, corresponderíanlle a Galicia ao redor de 82.000 toneladas máis en 2018 respecto de 2009. E aplicando o prezo medio de peixe e marisco fresco en Galicia durante o 2016, daríanos unha ganancia de valor aproximada de 212,7 millóns de euros.

¿Queren saber o que pasou cando estaba o PSOE gobernando? Perdemos 194.266 toneladas, un resto dun 44 %. O total en valor: 460,7 millóns de euros, un 44 % menos. Non estamos desmemoriadas, señora Prado, non estamos desmemoriadas; os galegos, afortunadamente, tampouco están, e o sector pesqueiro tampouco o está.

Ademais, mire, eu digo que fala con certo desprezo das noites que pasan as persoas do mar, a conselleira e os traballadores da Consellería en Bruxelas intentando acadar o máximo rendimento posible para a nosa pesca. Fala vostede, non sei, con certo desprezo, que notei no seu ton, señora Prado. Pois iso é traballo, iso é negociar, iso é estar aí e ter presenza. Sabe vostede que, quen non está, non se espera e non di nada. Polo tanto, cando hai que estar, hai que estar. E esta conselleira escoita todo, escoita as peticións que poden ser máis sinxelas e as peticións que poden ser máis complicadas. Pero hai que traballar polo sector e hai que ter un modelo que —insisto— mellora neste caso tanto o valor económico coma as cantidades de pesca.

Polo tanto, a pesca non vai a menos, outra vez máis teño que dicirlle que a pesca non vai a menos. E son datos que a propia conselleira dixo. Vostedes expuxéronlle determinadas preguntas concretas que seguramente ela vai contestar, porque o coñece perfectamente. E que veña hoxe a contarnos o que fan, con quen están traballando e cal é o escenario do que partimos para ese consello de ministros é importante, é importante sabelo aquí no Parlamento galego, por parte da Xunta, e é importante tamén que o teña moi en conta o Goberno de España para que Galicia non quede neste caso prexudicada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Egerique.

Réplica por parte da conselleira do Mar. Ten a palabra a señora Quintana Carballo.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, eu case vou comezar por onde terminaba a señora Egerique. Sorprendinme, de verdade, coa intervención da señora Prado. Veño aquí dicindo que traio o documento elaborado, a proposta que fixemos dende a Consellería e que se chegou a un acordo unánime co Consello Galego de Pesca, onde están representados absolutamente todos os representantes do sector —non me reúno con dous ou tres, o Consello Galego de Pesca non o sinalo eu, elíxeo o propio sector, están alí todos os seus representantes—. E con ese ditame de unidade do Consello Galego de Pesca elaboramos unha proposta que a partir de hoxe lles farei chegar ao resto dos conselleiros das comunidades autónomas que teñen mar —porque estou nese período de representación de todos eles— e ao propio Ministerio. Non sei de que se me acusa. ¿Quizás de vir aquí antes que ao Consello Galego de Pesca? Pero, entón, ¿teño que escoitar o sector ou non teño que escoitar o sector?

O documento que presenta a Comisión é un documento público. Calquera cidadán da Unión Europea pode facer aportacións. Aínda falta a primeira vez que vostedes me presenten algún informe para que eu poida, dalgunha maneira, facerllo chegar ao Consello Galego de Pesca e así levar xuntos a proposta dos grupos da oposición e a proposta do Goberno, e que saia un documento conxunto de toda Galicia.

A verdade é que iso non son capaz de entendelo, pero eu, aínda así, sigo vindo aquí e sigo dando a cara polos datos que teño que dar.

Tamén, señora Prado, como dicía a señora Egerique, eu creo que vostede ás veces confunde o que é a política pesqueira co que é facer política coa pesca. A Bruxelas, nesas longas noites de negociación, non se vai facer un paripé, vaise negociar. E, para negociar, hai que levar informes, hai que debater, hai que buscar apoios co resto dos países. E hai que intentar saber as especies que van apoiar os outros países, as especies que temos que apoiar nós e ata que punto as medidas de cada un de nós poden facer mellorar a proposta que fai a Comisión ao Consello de Ministros.

Mire, aquí eu creo que, dunha maneira subliminar ou non, se nos acusou de ter pouco peso político e de conseguir que cada ano a nosa frota pesqueira vaia a menos. E teño que dicir que iso eu non o achaco ao peso político, achácoo á diferente maneira de facer as cousas. Eu non digo que eu teña máis peso político que tiña a miña antecesora na época do Bipartito, pero o que si digo é que, dende a época do Bipartito ata hoxe, se incrementaron as posibilidades de pesca nun 80 %. E iso non é atribuíble ao peso político, non; iso é pola diferente maneira de facer a xestión das nosas pesqueiras, é intentar conseguir que a biomasa dos nosos recursos cada día estea mellor, é intentar acreditar con datos científicos que os nosos recursos están mellor para poder despois argumentalo diante da Unión Europea, e é levalo acompañado dunhas medidas de control da actividade pesqueira que acrediten ante a Unión Europea que nós non estamos permitindo a pesca ilegal non declarada e non regulamentada,

é conseguir credibilidade ante a Unión Europea e é conseguir un 80 % máis de posibilidades de pesca para Galicia. *(Aplausos.)* Iso non é peso político, é unha diferente maneira de facer traballar as cousas. *(Aplausos.)*

Porque, claro, eu quedo sorprendida, señora Quinteiro, cando vostede di que estamos pescando moito menos que no ano 2009. O ano 2017 foi o ano do récord histórico desde que hai datos e rexistros na Xunta de Galicia. O ano 2017 foi un récord histórico tanto en descargas como en facturación; polo tanto, négome a aceptar que quede reflectido nas actas deste Parlamento que se pesca hoxe menos que no 2009. *(Aplausos.)* ¡Non o podo aceptar porque os datos son públicos e están á disposición de toda a cidadanía! *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*
¡Silencio!

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): A señora Santos non está hoxe como voceira do Grupo de En Marea para defender os temas de pesca. Pero si lle podo dicir, señora Santos, que eu non minto porque os datos que dou son públicos e son os datos que se obteñen das descargas das lonxas en primeira venda. *(Aplausos.)* Son datos introducidos polo propio sector e que forman parte dos rexistros históricos da Xunta de Galicia. *(Aplausos.)* Eses son os datos que se poden comparar. Agora, se alguén di que pesca menos e non pode acreditarlo, vostede saberá a quen lle fai caso, a quen mente dicindo que hoxe pesca menos ou a quen acredita estatisticamente que hoxe se pesca máis. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Eu, señora Santos, non lle vou entrar nese debate, eu estou facendo un reflexo histórico dende que hai datos na Xunta de Galicia —e están aí os datos publicados—. Eu comínoos a todos vostedes a que entren en *pescadegalicia.com* e poidan diariamente seguir os datos de descargas e de facturación das diferentes lonxas de Galicia dende que existen datos históricos.

E díseme que teño que escoitar o conxunto do sector. ¡Por suposto que si! Hoxe veño aquí despois xa de escoitar o conxunto do sector a través do Pleno do Consello Galego de Pesca. Non estou recibindo unha comisión do Pleno, non, non, o Pleno do Consello Galego de Pesca, ao que se lle aporta o informe elaborado dende a Consellería. E eles, por unanimidade, aprobaron un ditame no que están de acordo coas nosas propostas e cos nosos argumentos para defender a súa actividade diante do Consello de Ministros na Unión Europea.

Díseme que temos menos barcos, menos postos de traballo, e que defendemos a frota industrial e non a frota artesanal. Dous datos: acaba de saír hoxe o dato do emprego, e o réxime especial do mar perde en España 954 postos de traballo e gana en Galicia, desde setembro, 83 postos de traballo. Dende o ano 2015 estamos cun réxime especial do mar de máis de 21.000 afiliados, e seguimos ganando afiliados. E seguiremos traballando para que se poida seguir facendo máis barcos, como se están facendo. No caso do cerco temos 12 barcos novos que xa están ou traballando ou en construción nestes momentos nos estaleiros. E seguen incrementándose porque hai máis posibilidades de pesca das que había cando recibimos o Goberno no ano 2009. *(Aplausos.)* Gústelles ou non lles guste, vouno seguir dicindo, porque esa é a realidade. *(Aplausos.)*

Miren, só un dato: cando eu cheguei ao Goberno en abril do 2009 tiña unha proposta para desguazar, entre os anos 2009 e 2010, 93 barcos —proposta do Bipartito—. ¿Sabem cantos se desguazaron? 30. Hai unha diferenza entre os 93 que tiñan vostedes pensado desguazar, porque non eran capaces de conseguir posibilidades de pesca en Bruxelas tal e como xestionaban, e desguazar 30. E doeume desguazar eses 30, pero agora —xa lles digo— estamos incrementando 12 novos barcos do cerco, e máis que segue habendo.

Defendo a frota industrial, defendo a frota artesanal e defendo toda a frota, porque toda esa frota xera economía en Galicia. Pero cando un defende as cousas ten que saber o impacto que ten cada unha das cousas. ¿Vostedes saben o que significa a pesca da xarda para a frota de artes menores? ¿Canto significa? O 0,3 % de descargas e o 0,5 % de facturación. Pero hai outras especies que si teñen impacto na frota de artes menores, e nesas me teño que centrar e así me estou centrando.

Á frota de artes menores o que máis lle afecta deste proceso de negociación na Unión Europea é o tema dos descartes. Porque non ter posibilidades de pescar unha especie pode significar que, para especies que regulamos dende Galicia, que se faenan nas nosas augas e que teñen a xestión desde a propia Comunidade Autónoma, poidan seguir sen actividade. E nesa liña é na que estamos traballando para defender a frota de artes menores, e así o viñemos facendo tanto co Goberno anterior en Madrid como con este Goberno. E teño que dicir que, tanto o Goberno anterior coma este Goberno, están defendendo os mesmos criterios que defendemos nós: a posibilidade de flexibilizar os descartes na frota de artes menores para impedir que esta frota quede sen actividade. E así o imos conseguir, estou convencida.

Cando vostedes me din que Galicia sempre sae prexudicada na repartición dos históricos, eu téñolles que negar a maior. Porque, miren, coa nova repartición da xestión do caladoiro nacional Cantábrico e noroeste, cando en Galicia se pescaba aínda non o 20 % de xarda, hoxe estase pescando máis do 26 %. As reparticións históricas están en función da dependencia que tiñan as determinadas frotas respecto de determinados recursos. E ¿por que, cando falan desa discriminación negativa das reparticións históricas cara á frota de Galicia fronte á frota do País Vasco, non lle recordan a ninguén que Galicia ten o 98 % das posibilidades do xurelo na zona 9? ¿Que din entón os vascos?, ¿que son eles os prexudicados? ¿A que se dedica a nosa frota? ¿Sábeno vostedes? Temos que traballar por defender aquelas actividades nas que a nosa frota ten a súa maior fonte de riqueza.

É como cando se di que non temos peso político na Unión Europea porque outros países pescan máis ca nós. Miren, Galicia nestes momentos representa o 11 % da frota pesqueira da Unión Europea. ¿Sabem vostedes nestes momentos canta posibilidade de pesca temos nesas reparticións? O 15 %. Temos máis ca o resto dos países. Non intenten trasladar á sociedade ese aspecto negativo da nosa actividade pesqueira, porque é moi fácil sementar un aspecto negativo dunha actividade económica e logo pretender que a xente se vaia dedicar a esa actividade económica. ¡Vendamos o mesmo discurso! ¡Digamos que a pesca ten presente, si, pero digamos que a pesca tamén ten futuro!

A señora Toja hoxe recoñeceu aquí que as nosas escolas están cheas de xente, cun 46 % máis de matrículas dende o ano 2009 nas nosas escolas. Hai 1.500 persoas con alta titulación para

levar man dos seus buques. Agora, ¿que temos que conseguir? ¡Facer atractiva esta actividade! E iso ¿como o podemos facer? Consequindo mellor habitabilidade nos nosos barcos, dándolles mellores prestacións para que a xente poida estar cómoda nos días nos que non ten traballo a bordo dos barcos. E para iso temos que ser capaces tamén de convencer a Unión Europea de que nos deixe financiar esa compra de novos barcos, porque eses cartos van ir para mellorar a habitabilidade a bordo, van ir para mellorar a vida das persoas. Non van ir para incrementar a capacidade de pesca, porque a capacidade de pesca xa está regulada por todas as normas que temos no regulamento da política pesqueira común.

E a señora Quinteiro preguntábame por unhas declaracións que fixo o señor subdirector nas xornadas de Celeiro en canto á pesca dirixida e a pesca accesoria. Señora Quinteiro, isto é algo que se vén facendo dende sempre. Hai algunhas embarcacións da frota de artes menores das tres provincias marítimas que se dedican á pesca da xarda dunha maneira dirixida, é dicir, van única e exclusivamente a capturar este recurso, e o resto das embarcacións de artes menores teñen na xarda unha especie accesoria, o que quere dicir que, cando van pescar outros recursos, de maneira accidental lles aparece a xarda nesa pesca. Para evitar que os descartes poidan condicionar a actividade destas frotas que non se dedican á pesca dirixida da xarda, o que se fai nas tres provincias é deixar unha porcentaxe do que lle corresponde para xestionar entre todos para a pesca accesoria e non esgotar toda a cota na pesca dirixida. De tal maneira que os que se dirixen á pesca da xarda como única pesqueira poidan ter actividade pero que a actividade destes poucos buques non condicione a actividade da inmensa maioría da nosa frota. Iso é algo que creo que lle aclara a cuestión que comentaba o señor subdirector nas xornadas de Celeiro.

A señora Toja sempre está moi preocupada e pensa que as posibilidades de pesca están vinculadas coa execución presupostaria, e sempre nos acusa de que non executamos o presuposto. Non lle vou dicir eu que estea satisfeita ao cen por cento coa execución presupostaria, porque non chegamos ao cen por cento da nosa execución. Porque realmente é un presuposto complicado de executar. É un presuposto que funciona con fondos europeos que teñen o seu propio regulamento. Hai que convocar ordes de axudas e o sector ten que acceder a esas ordes, xustificar o investimento e logo pagar. Pero, para a súa tranquilidade, o que si lle podó dicir é que creo que o estamos facendo un pouquiño mellor que cando vostedes tiñan o Goberno. Porque no que se refire a documentos contables de pago —os OK, como lle chaman en xestión orzamentaria—, temos un 51 % de mellor execución que nos tempos do Bipartito.

Polo tanto, eu o que lles veño aquí traer é o esforzo e o traballo que fixemos dende a Consellería contando con todos os argumentos científicos e traballando da man do sector para saber non soamente os datos científicos senón cal é a súa percepción do estado dos recursos, e preparar ese documento de postura de Galicia ante esta proposta de negociación da Unión Europea para despois trasladarlle ao resto das comunidades autónomas e tamén ao propio Ministerio. Ao que veño aquí simplemente é a dicirlles cal é o resultado dese traballo, dar conta dese traballo e esperar a que, se vostedes teñen algunha apreciación que facer —que supoño que xa levarán dous meses traballando neste documento—, nola fagan chegar para mellorar este documento.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora conselleira.

Iniciamos unha rolda especial de aclaracións. (*Pausa.*)

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do BNG, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Eu quero empezar por dicir que non foi unha acusación nada subliminar, foi unha acusación directa, clara e diáfana: que a falta de peso político fai que o sector do mar en Galiza estea en moita peor situación, pola actuación do Partido Popular e súa en concreto, señora Quintana, así de claro. Dígoo sen ningún tipo de panos quentes, ¡así de claro! Ou sexa, non foi nada subliminar, é así de claro.

Vostede diga as veces que queira e o alto que queira que hoxe hai máis quilos e máis facturación en especies. Porque dito así, sen aclarar, pode parecer que é que o sector está mellor. Pero o que vostede non quere aclarar é: máis quilos ¿de que especies?, e máis facturación, ¿a custa de que? Vostede non quere. Cando di iso, déixao aí, non di máis quilos de que. ¿De cabalón? ¿De que especies? ¡Claro! Vostede é que non quere aclarar a custa de que, non quere aclaralo. Igual que non di, no aumento desas cotas que vostedes aquí tan pomposamente queren dicir, se a pesca de baixura, a pesca artesanal, ten máis capacidade de pesca. ¿Ten máis capacidade de cota? ¡Non! O que non din é que é a pesca industrial a que ten máis quilos e máis capacidade de cota, non a pesca de baixura, a pesca artesanal, que é a que fixa poboación, a que crea rendas e a que xera empregos nas nosas vilas do noso litoral. Iso é o que non din, que vostedes traballan exclusivamente para a pesca industrial, para o gran capital, non para os nosos mariñeiros, a nosa pesca artesanal e a de baixura, que é a que xera emprego e fixa poboación nas nosas vilas. Iso é o que non din. Dan o titular, así por encima —que queda moi ben—, pero logo non van á letra pequena. ¡Esa é a realidade! ¡Esa é a realidade!

E, por certo, xa que fala do Consello Galego de Pesca, sería ben que o renovaran e permitiran que, por exemplo, o sector maioritario do cerco estivera presente, ou, por exemplo, o de palangre, que estiveran presentes nese Consello Galego de Pesca, xa que tanto lle gusta falar del; que fixera a renovación pertinente para que o sector maioritario destes dous estivera presente.

E, señora deputada do Partido Popular, eu empecei facendo —o BNG empezou facendo— unha relación de datos do sector. Se a vostede esa relación de datos obxectiva, e que ademais nunha parte moi importante está contida nese informe do Consello Galego de Pesca, lle parece catastrófico, se lle parece catastrofismo, pois xa sabe o que teñen que facer: poñerse a traballar para cambiar eses datos. Porque eu, se quere, repítollos. Son datos do Consello Galego de Pesca, que di cousas como que a frota galega se reduciu máis dun 20 % entre o 2004 e o 2014, máis do 20 %. Porque o palangre de fondo e de arrastre en augas do Atlántico noroccidental reduciuse un 50 %; o arrastre de fondo no caladoiro Cantábrico e Noroeste, o 30 %; e en artes menores, 939 unidades, o 20 %. Eses son datos do Consello Galego de Pesca, se a vostede lle parece catastrofismo que diga aquí eses datos, pois láméntoo, pero non son datos do BNG, son datos do Consello Galego de Pesca. Entón, se lle parece catastrofismo, ¿que lle imos facer? Vostedes teñen o sector da pesca galega sumido no catastrofismo, porque son unha catástrofe eses datos.

Igual que os TAC, señora deputada. Os TAC son os totais admisibles de capturas, que se definen en función de criterios políticos. Porque é un criterio político establecer que a Francia, tendo o 10 % dos barcos, se lle adxudique un terzo dos TAC. Ese é un criterio político. Porque o normal sería, se teño o 10 % dos barcos, que se lle adxudicara o 10 % das capturas. Ese sería un criterio obxectivo. Pero cando non se aplican criterios obxectivos, senón políticos, teñen o 10 % dos barcos e dáselles o 30 % das capturas. ¡Iso chámase criterio político! Igual que o Estado español ten o 9,6 % das capturas cando ten o 22,6 % dos barcos. Ese é un criterio político no que Galiza sae perdendo. A iso chámase facer política, e resulta que a Xunta de Galicia fai política da mala, porque non ten peso político e fai que a frota galega perda peso político. Ou sexa, a frota galega perde capacidade de extracción, perde persoas que se dedican ao mar —tres mil e pico—, por falta de peso político e de implicarse nesas negociacións. É así de claro e así de duro. E resulta que o Partido Popular...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...asume os ditados de Bruxelas, da Comisión Europea, na repartición de dereitos de pesca. É falso que a Unión Europea utilice criterios socioeconómicos. Póñeno no papel pero logo, á hora da verdade, non se aplican así. Nunca se introduce ese criterio fundamental...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...para a repartición, repártese en función dese peso político, e Galiza non existen neses intereses. Os galegos e galegas non están presentes, señora Quintana. Os datos están aí, cada ano Galiza ten menos, ten menos cota e, sobre todo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

A señora PRADO CORES: ...a pesca de baixura, a pesca artesanal. E non me dá tempo a falarlle de que ten pensado facer co xeito...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, xa rematou o seu tempo.

A señora PRADO CORES: ...e con ese sector ao que vostede non escoita nin... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Socialista, a señora Toja Suárez.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, presidente.

Señora Egerique, vou cambiar un pouco o ton.

Señora conselleira, as escolas están cheas. Unha verdade que se di a medias non é unha verdade. As escolas están cheas de xente, vostede sábeo, pero tamén sabe que moita desa xente

acaba traballando en terra. Vostede sábeo. Entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Si, xa sei que xa o dixo. Pero non, só dixo a primeira parte. Vostede dixo: «A señora Toja admitiu que as escolas están cheas de xente...». Si, e que acaban traballando en terra. Gastamos os cartos para formalos pero despois non temos a xente no mar, esa é a falla de relevo. *(Aplausos.)* Señora conselleira, vostede sabe que isto é certo. Hai que facer a profesión atractiva e iso é a súa responsabilidade, facer a profesión atractiva. Porque vostede falou aquí coma se non fora a conselleira do Mar. Está gobernando, é a conselleira e ten responsabilidade, que é facer unha profesión atractiva.

Tamén di que nos preocupa a execución orzamentaria. ¡Home, non nos vai preocupar! Sobre todo porque nesa execución orzamentaria, que deixa 6 euros de cada 10 no caixón, precisamente están esas cuestións como poden ser, por exemplo, as axudas a xoves emprendedores do mar. Por iso nos preocupa a execución orzamentaria. Quedan 6 euros de cada 10 nun caixón, e vostede sábeo. *(Aplausos.)*

Despois, en relación cos datos públicos, aquí parece que, cando os datos os dá o PP, son datos públicos e oficiais; e, cando os datos os dá a oposición, son datos que son mentira. Non, nós falámoslle da EPA, a enquisa de poboación activa, e tamén das afiliacións. E vostede di que nós falamos de datos que non son certos. ¡Non! E a EPA di que hai 9.600 persoas menos ocupadas no mar dende que vostede goberna, ¡9.600 persoas menos! *(Aplausos.)*

Falou tamén das afiliacións, e ademais cun conformismo, cunha satisfacción... ¡83 persoas! Pero vostede bote contas. ¿Canto tempo levaría recuperar os niveis que tiñamos dende que vostede empezou a gobernar, canto tempo levaría recuperar os niveis que tiñamos en 2009? Levaríanos vinte anos dende que vostedes comezaron: dez anos que perderon esas persoas máis dez anos que nos levaría recuperar. En vinte anos teríamos as mesmas persoas que tiñamos ao principio, cando vostedes comezaron a gobernar. ¡Home!, como para falar aquí de conformismo e dicir: ¡que ben, aumentamos 83 persoas! Son poucas, dá un ritmo moi, moi triste, moi pobre. Os portos están perdendo xente e vostede sábeo. Iso é así.

Outra cuestión. Respecto de que aumentan as descargas, volvemos ao mesmo. Aumentan as descargas pero diminúen as persoas, aumentan as descargas pero a facturación non se incrementa na mesma proporción, co cal estamos cargando a xente de traballo, de custos, para poder levar a cabo ese traballo, pero non lle estamos dando ingresos proporcionais. Se non lle damos ingresos proporcionais... ¿A xente de que vive, das descargas ou dos euros transformados desas descargas? Eu penso que a xente o que quere levar para a casa son euros. *(Aplausos.)* E a facturación non crece na mesma proporción. Iso é así, conselleira. Entón, datos oficiais son todos, os seus e os nosos, son todos.

Compromiso co sector. Compromiso co sector, por exemplo, é o compromiso do PP que deixou o señor Mariano Rajoy co sector. O ministerio actual de Pesca está poñéndose ao día nas axudas, nos pagos das axudas ás organizacións de produtores —axudas do ano 2014 e do ano 2015—. Estase poñendo ao día con esas cuestións, coas axudas. A nós parécenos compromiso..., ben, un pouco máis actualizado. Igual esa axilidade nas xestións podería ser... E estanse convocando aínda agora as axudas do ano 2016. Nós entendemos que aí é onde se demostra o compromiso co sector. E tamén se demostra o compromiso co sector nas axudas

para as paradas temporais subvencionadas ao amparo do Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro. E aquí a señora Egerique dixo: Nós non queremos un sector cobrando subvencións. Parécenos moi ben, vostedes non quererán un sector que estea cobrando subvencións. Pero se as cantidades son insuficientes, se a frota se ve obrigada a parar de xeito prematuro, terán que darlle un sustento, un algo para vivir, a esa xente. Se non, ¿de que van vivir? E vostede dixo que non quería un sector que cobrara subvencións. Pois voulle dicir: o Fondo Europeo, o FEMP, existe, e ademais dá amparo a ese tipo de axudas. E hai outras comunidades autónomas que si sacaron liñas para esas axudas. E aquí os armadores que están no plan de recuperación da pescada sur e da cigala do Cantábrico noroeste —e vostede sábeo, conselleira—, vendo as sucesivas reducións que sufriu a pescada —que vai por unha redución dun 60 %—, pediron que se articulasen as medidas precisas para unha parada temporal subvencionada da frota. E a día de hoxe non hai esas axudas, e estamos vendo que para o ano que vén é bastante probable que se volva reducir a cantidade dispoñible de pescada. Pois neses casos haberá que darlle un soporte á xente ¿ou imos ter a xente morrendo de fame? As axudas temporais para as paralizacións temporais están para iso, e o Fondo Europeo Marítimo e Pesqueiro está para iso tamén. Porque hai outras comunidades que así o fixeron. Polo tanto, hai que ter respecto tamén pola xente que traballa no mar.

E logo unha cousa: temos que evolucionar, temos que evolucionar de estar mirando pola borda para dicir se hai xarda a facer un informe científico. Hai que dar o paso, conselleira, hai que dar o paso entre iso e mais a outra situación. O sector tamén o está pedindo.

En definitiva, pensamos que Galicia xa fixo o enorme esforzo que tiña que facer para que se acade o equilibrio entre capacidade pesqueira e posibilidade pesqueira. Galicia xa fixo un enorme sacrificio, xa falamos dos datos. Polo tanto, é momento de que empecen a contribuír a ese equilibrio os outros países da Unión Europea. Dixemos que era un bo momento, coas pesqueiras en situación de rendemento máximo sustentable. Pois, conselleira, traia o mellor posible para Galicia porque nos fai falta. A este ritmo a pesca deixa de existir.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quintero.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Nós non é que non concordemos con esta comparecencia, co que non concordamos é con que se nos veña aquí vender que é un debate, que se busca un consenso cando se está presentando un documento que xa está pechado, cando xa se ten decidido o que facer e cando non se pretende escoitar absolutamente nada, senón presentar un documento que xa coñecemos e que xa era público. Cando se quere consensuar e debater, normalmente faise previamente e non a posteriori.

E volven insistir, coma sempre, en que a realidade que debuxa a oposición non se corresponde en absoluto co que pasa no sector, en que vivimos nunha realidade paralela. Ben, pois

non é a realidade que debuxa ningunha organización, ningún grupo parlamentario. É a realidade que deixan os datos das súas propias *web*. Datos do Instituto Galego de Estatística: dende o ano 2009 temos 400 barcos menos, dende o ano 2009 temos 3.000 traballadores menos no réxime especial do mar. ¿Por que nos fala dos datos en xeral? Fálenos de Galicia, non nos fale do conxunto de España. Fálenos dos datos de Galicia, fálenos da tendencia negativa que hai sistematicamente no réxime de afiliados do mar no noso país, que é o que realmente nos interesa. E a tendencia é negativa. Por moito que vostedes digan que non, os datos están aí e non os estamos inventando ningún.

Despois, mire, datos sacados agora mesmo da *web* de pesca de Galicia. Tampouco os inventamos, sacámolos desta *web*. Entre o 1 de xaneiro de 2009 e o 3 de decembro de 2009 vendéronse 186 millóns de quilos nas lonxas de Galicia. No mesmo período deste ano, 136 millóns de quilos. O dato é que non deixa ningún lugar a dúbidas: 20 millóns de quilos menos. Entón ¿quen está mentindo e quen está dicindo a cuestión? Entón, a realidade non sempre figura nos discursos, a realidade non se cambia porque digamos que a pesca é marabillosa e que todo o mundo ten que traballar no sector. Se realmente queren apoiar o sector, poñan medidas e condicións materiais dignas para que a xente que quere traballar no sector non teña dificultades. ¡É que a min alucíneme! Cando falamos sempre de calquera tema, a situación de que vaia mal o país é culpa dos discursos que facemos os catastrofistas. Non, mire, a realidade é a que é. E a realidade cámbiase con cuestións materiais, non se cambia con ningún tipo de relato. E a realidade está evidenciada polos datos que lle acabo de dar, que non son inventados, que están sacados agora mesmo das súas propias páxinas *web*. Entón xa nos explicarán. Volverán e, como vostede ten o turno de peche, dirá outra cousa diferente ou que lle interese.

Despois a nós parécenos tamén alucinante que negue que na repartición interna ano tras ano Galicia é prexudicada. ¡É alucinante! Ou sexa, é unha realidade evidente. E haberá que pór as medidas para que este ano non volva pasar o mesmo. Se vostedes se conforman coa situación que hai no momento actual, pois confórmense. Nós non nos conformamos porque non é unha cuestión que estea ben feita e, ademais, o sector cada día afronta maiores dificultades.

Despois, volvo dicir que por verbalizalo e anunciálo aquí nun discurso non se defende a pesca artesanal. Nas políticas públicas dos últimos anos, o que defenden nos seus propios relatos e onde poñen o acento non é na defensa da pesca artesanal, senón todo o contrario, omiten a situación preocupante que vai ter que vivir a pesca artesanal se se consolida e se confirma esta negociación que se está debatendo hoxe. Cando están falando, vostedes céntranse nun sector da frota que nunca é esta. Se realmente o defenden, por exemplo, ¿por que non defenden que quede fóra dos TAC e das cotas? Porque estamos falando de que é a pesca máis sostible e a que ten menos impacto medioambiental. Deféndese con medidas concretas. E non é só nestas políticas e nas negociacións coa Unión Europea, son as políticas da Xunta de Galicia dos últimos anos, das que hoxe non era cuestión de que falemos. Pero é que, claro, non poden dicir que se fai todo o posible, que todo o posible fai a Xunta de Galicia, para defender o sector e a pesca artesanal, cando en realidade é todo o contrario. Os datos evidencian e o sector sábeo perfectamente.

E cando me refería a que estabamos ante un debate recorrente, non é porque sexa un debate que non crea que sexa necesario —todo o contrario, por suposto que é necesario e, como

dicía ao principio, oxalá que este debate se tivese antes de que a decisión estivese tomada—, senón que é recorrente porque en todas as negociacións de TAC e cotas, en xeral nas políticas públicas da Unión Europea, constantemente saímos prexudicados. A iso me refiro co de que é recorrente, a que recorrentemente a tendencia é negativa, a que recorrentemente o noso sector afronta dificultades, maiores dificultades. E, como dicía, os datos avalan esta afirmación, non é unha cuestión que se diga por dicir. Os datos están aí, vostedes fáganlle fronte a todos eses datos. A única resposta que teñen cando saen datos negativos é dicir que co Bipartito se estaba peor. Claro, eu non estaba no Bipartito, pero entón a min non me parece que esa sexa a resposta. Todos os males de Galicia foron causados polo Bipartito durante catro anos, todo, absolutamente todo. O resto de anos de gobernos do Partido Popular, que foron bastantes máis, non tiveron nada que ver coas políticas públicas que se desenvolven no noso país. Se queren seguir tendo os debates desta maneira tan falseada e absurda, pois debémolos seguir tendo, pero en realidade non veñan aquí vender que defenden unhas cuestións cando é perfectamente evidente... É que non hai máis que recordar o que pasou na legislatura pasada, o que tiveron que frear porque todos os pescadores saíron ás rúas do noso país. Temos memoria, vostedes tamén deberían ter un pouco máis de memoria sen esquecerse de canta xente lles está reclamando outra política para o sector no noso país. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MÓSQUERA: Ben, vamos ver. Señora Quintana, como pode ver, cando contesta vostede ás preguntas exactamente que lle plantexan, non sei, aquí parece que entra como un nerviosismo.

Modifica vostede o ton, señora Toja. Moi ben, volve vostede ao seu argumentario, pero se di que hai que actualizar algunhas cousas, tamén ten que actualizalo, porque hai moitas cousas aí que quedan xa no letargo e que non son reais.

A señora Quintana contestou en materia de formación —do que vostedes lle preguntaron—, contestou en materia de cambio xeracional, falou das alternativas en determinadas situacións ante determinadas especies, falou do traballo que están facendo baseado en estudos técnicos e da cogobernanza, que practica permanentemente. Entón, claro, teñen que elevar vostedes aínda máis o ton, porque contestou a todas as preguntas que vostedes lle plantexaron, con auténtica transparencia e sen ocultar nada, que é o que veu facer hoxe aquí, a falar do documento e da proposta que existe, que temos enriba da mesa, e o que hai que traballar.

Ademais —vai permitirme a expresión, señora Quintana—, vostede é unha loitadora fundamental para o sector da pesca en Galicia; polo tanto, eu creo que esas negociacións seguramente, co empeño e co ímpeto que vostede pon habitualmente, poderán ser satisfactorias para Galicia.

E, señora Prado, mire, di: como as cousas non me gustan, pois cámbioas. Agora vostede xa está nese discurso, directamente, dun momento para outro. Mire, non é a custa de nada,

non é a custa de ninguén, aquí non hai que ocultar absolutamente nada, e non vai en detrimento unha pesca doutra. Porque non, porque non, señora Prado. E, se falo de catastrofismo, é porque vostede non acepta e non valora nada do que se ten mellorado. Porque aquí as cifras non as cuestiona, que se pesca máis que en 2009 non o cuestiona. Entón expoña claramente que modelo quere, e como se faría o que tanto critica aquí e o que tan negro pinta vostede. Iso é o que estamos esperando nesta lexislatura e durante moito tempo. Porque digo que a frota galega non perde peso. E, se fala do peso político, eu falo tamén do peso da frota. En Bruxelas Galicia é un exemplo, e o sector pesqueiro galego e a frota galega é un exemplo. Polo tanto, insisto, presuma de Galicia e presuma do sector pesqueiro galego; xa non lle digo politicamente, nin da Xunta de Galicia, pero si do sector pesqueiro e da frota.

A señora Toja, como digo, trouxo un argumentario que hai que actualizar, porque vostede leva toda a lexislatura plantexando algúns temas que aprobamos, polos que traballamos e que incluímos nos orzamentos da Xunta de Galicia no ámbito do mar; polo tanto, estase traballando neses temas polos que vostede di que cambia o ton para falar deles. Pode falar deles igualmente, no mesmo ton, pero aquí si que é verdade que pode facelo como vostede desexe.

É normal que vostede faga aquí unha carambola que me custou un pouco entender no tema das afiliacións. Porque o Partido Socialista ten un récord, que é o récord do paro, son os campións do paro sempre, das baixas de afiliación á Seguridade Social e da baixada do traballo. Polo tanto, é normal que vostede faga esa carambola que a nós nos custa moito entender. Porque o que dixó a señora Quintana aquí son datos de hoxe, son datos de hoxe, novas afiliacións á Seguridade Social. E na execución do orzamento, a señora Quintana expresou exactamente o dato de execución do orzamento; polo tanto, nin falsos nin datos oficiais ou non oficiais, son os datos que son, son os datos que son.

Ben, nós queremos un sector competitivo, e cando haxa necesidade de tirar do fondo, se hai necesidade do FEMP, haberá que facelo. Pero queremos un sector pesqueiro competitivo e que nos esteamos permanentemente, como dixen antes, coas subvencións. Cando sexan necesarias, por suposto que se poñen enriba da mesa. Pero ¿de que fala vostede?, ¿doutras comunidades autónomas que teñen ese modelo?, ¿de Andalucía? Pois Andalucía con ese modelo a verdade é que non van moi ben, e acaban de dicirlle que non queren ese modelo, que queren competitividade, queren futuro e queren traballar máis de cara ao futuro. E Galicia, como digo, é un exemplo no resto de España —porque é o contexto—. Imos como españois a Bruxelas, e como galegos temos que reivindicar o que aquí temos e que non teñen outras comunidades autónomas.

Ben, rematou dicindo que a este ritmo a pesca deixa de existir. Ben, eu xa vexo que cada vez máis tamén se vai sumando ao discurso do Bloque Nacionalista Galego. É normal porque agora xa están cada vez máis preto os socialistas e os nacionalistas. Pero a nós válenos con que vostede aporte algo e poida actualizar o seu argumentario, que quedou xa un pouco atrasado.

Señora Quinteiro, vostede fala en nome dun grupo aquí en Galicia, pero, claro, non sei se é o mesmo que está en Bruxelas. Porque en moitos casos as declaracións e as propostas do Grupo de Podemos en Bruxelas fanse enarborando dunha maneira extrema o ecoloxismo e moi en

detrimento e moi en contra da pesca galega. Polo tanto, está ben tamén que teñamos un discurso sensato e que saibamos exactamente que é o que defendemos nun sitio e noutro.

Polo tanto, creo que os galegos —o sector pesqueiro— teñen claro que teñen, afortunadamente, unha Xunta de Galicia e unha conselleira que sabe e coñece perfectamente o sector, que dentro do contexto que temos vai pelexar polas mellores cotas e porque saia o máis beneficiado posible. E, polo tanto, vou rematar cunha frase que dixó a propia conselleira, pedindo que este Parlamento sexa consecuente con estas peticións, que non son da Xunta de Galicia ao cen por cento senón que forman parte das demandas do noso sector pesqueiro, porque aquí temos que ser a voz do sector pesqueiro.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche desta comparecencia pola señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Prado, segue vostede insistindo en que a mala situación da frota pesqueira é por falta de peso político de Galicia na representación da Unión Europea. E eu volvo insistir: se ese escaso peso político nos levou a incrementar un 80 % as posibilidades de pesca dende que estamos no Goberno, non sei que peso político tiñan outros.

Eu o que lle recomendaría —e isto non mo tome a mal—, xa que vostede é de porto de mar, é que lle teña un pouquiño máis de cariño á pesca, estude un pouquiño máis todo o que ten que ver coa pesca. Mire vostede en que situación entramos nós na Comunidade Económica Europea. Naquel momento non gobernaba o Partido Popular en España. E naquel momento acordouse, na entrada de España na Unión Europea, que nos tocaría un 7,5 % de posibilidades de pesca de todo o que houbera. E con ese 7,5 % é co que temos que traballar.

Iso non é peso político do Goberno do PP de Galicia, eh! Iso é que, tendo esas posibilidades de pesca, o que temos que facer dende Galicia é buscar os mellores argumentos para que esas posibilidades de pesca non vaian a menos senón que vaian a máis. E iso é o que levamos intentando dende que chegamos ao Goberno no ano 2009.

Claro, vostede logo vén aquí cun discurso que non sei a quen llo quere contar, que di que nos preocupamos por incrementar as descargas pero non sabemos moi ben de que especies, non sabemos moi ben que é o que incrementamos. ¡Home!, pois incrementamos especies de tan pouco valor como a pescada. A pescada incrementou as súas posibilidades de pesca un 104 % e vai incrementalas este ano un 28 %. ¿É unha especie de moi pouco valor? Eu o que lle suxiro —e por darlle a tranquilidade á señora Quinteiro— é que non me pode comparar os datos do ano 2009, xa consolidados, cos datos do ano 2018, que aínda non están consolidados. Entón, esperemos a que remate o ano, esperemos a que estean os datos consoli-

dos. Fíxense vostedes que eu nunca presento o balance dos datos en decembro, porque os datos non están consolidados. Aos datos hai que lles dar un tempo, hai que presentalos e hai que consolidalos. Cando se consoliden os datos do ano 2018, virei aquí e contareino, como vin aquí e contei os do ano 2017, cando xa estaban consolidados. Entón, o que lle podó dicir é que no ano 2017 —datos consolidados— se incrementaron un 27 % as descargas que se fixeron, e incrementouse a facturación. Vostede mesma falaba de 192.000 toneladas descargadas no ano 2009, e no ano 2017 superamos as 200.000 toneladas de peixe descargado.

É dicir, eu non veño aquí a quitar nin poñer medallas, veño aquí contar a realidade, veño aquí intentar acreditar un traballo que estamos facendo xunto co sector e cos científicos para buscar os mellores argumentos e facer que as posibilidades de pesca sigan indo a máis. E iso é o que lles traslado.

A señora Toja dicía que eu conto medias verdades porque digo que as escolas incrementaron o 46 % as súas matrículas, que temos as escolas cheas e que aínda hai xente que non está indo a traballar ao mar porque queda a traballar en terra. Eu creo que non o neguei, creo que o que dixen precisamente é que temos que facer máis atractiva a actividade pesqueira para que a xente que ten formación, en lugar de quedar a traballar só nas empresas en terra, poida ir traballar tamén a bordo dos barcos. Pero, para que á xente lle sexa unha actividade atractiva, temos que conseguir mellorar a habitabilidade dos barcos, e eu non podó conseguir mellorar a habitabilidade dos barcos en tanto en canto a Unión Europea siga entendendo que facer un barco máis grande quere dicir que vou facer un barco con maior capacidade de pesca. No que nos estamos esforzando agora é en acreditar diante da Unión Europea que facer un barco máis grande significa darlle mellor habitabilidade a ese buque e non incrementar a súa actividade pesqueira. E nesa liña vou seguir traballando, porque creo que a liña de futuro é a liña pola que poder facer que a xuventude si que pense seriamente en ir traballar ao mar.

O que tampouco vou permitir que se diga é que, co novo Plan de xestión do Cantábrico-Noroeste, Galicia empeorou a súa situación. Os datos, unha vez máis, veñen acreditar que, para todas as artes, para toda a nosa frota, dende que se fixo o novo Plan de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste se mellorou. E aínda así sigo dicindo que o compromiso que había era de facer revisións bianuais deste plan para intentar mellorar a xestión. Porque cada vez que imos negociar á Unión Europea, un dos problemas que levamos é que non se consomen todas as posibilidades de pesca que nos dan para cada ano. É difícil pedirlle á Unión Europea que nos deixe pescar máis cando non acreditamos que esgotemos todas as posibilidades de pesca que temos.

De calquera xeito, para que queden tranquilos, o arrastre, dende que temos o modelo de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste, incrementou as súas descargas un 23 %, e un 14 % a facturación. O cerco incrementou en máis dun 90 % as súas descargas, e un 34 % a súa facturación. A volanta incrementou as súas descargas un 22 % no 2017 en comparación co ano 2010, e a facturación medrou un 20 %. No palangre de fondo as capturas foron un 33 % superiores, e en facturación foi un dos mellores exercicios dende o ano 2010. E en artes menores descargouse un 15 % máis que no ano 2010, e facturouse un 17 % máis. Polo tanto, tanto en descargas como en facturación, dende que temos o novo modelo de xestión do caladoiro Cantábrico-Noroeste, temos incrementadas as posibilidades de pesca e a facturación.

Respecto do xeito —que a señora Prado marchou porque non lle daba tempo a falar del e deixouno aí en entredito—, eu, como teño un pouquiño máis de tempo, collín os datos para darlle tranquilidade, señora Prado. Datos da descarga: a media de capturas dende que hai plan é superior á media da década anterior ao plan nun 12 %. Os datos de facturación: a media de facturación dende que hai plan é superior á media da década anterior ao plan nun 25 %. Os datos do prezo medio: a media do prezo medio dende que hai plan, respecto da media da década anterior, é un 16,6 % superior.

Polo tanto, xa me gustaría a min que as sardiñas tiveran mellores condicións. A verdade é que eu creo que o traballo conxunto que se fixo entre o reino de España e Portugal conseguiu evitar que nos puxeran a sardiña no sistema de TAC e cotas, conseguimos presentar un plan de recuperación que nos aprobaron na Unión Europea. E eu estou convencida de que, se seguimos traballando con este plan e dando cada día mellores datos, acompañados cos datos das campañas que está facendo o Instituto Español de Oceanografía, poderemos dentro de dous anos dicir que si temos xa a sardiña recuperada, dicir que non é preciso que a sardiña se introduza no sistema de TAC e cotas.

A verdade é que quero marchar de aquí cunha sensación, e é a sensación de que todos os grupos políticos de Galicia queren que a pesca teña presente pero tamén que a pesca teña futuro, teñen o meu compromiso para seguir traballando nesta liña; e que non esteamos a falar de datos absurdos que poidan estar nalgún comentario de bar, senón que o que temos que ter son argumentos científicos, temos que ter rexistros históricos, temos que ter estadísticas, que son as que acompañan o noso traballo diante da Unión Europea.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Temos que saudar, aínda que xa temos case finalizado o pleno no horario de mañá, os alumnos e alumnas de 5º de primaria do centro plurilingüe Virxe do Carme, de Burela. Benvidos ao Parlamento.

Hoxe vistes pouco debate, porque hoxe no horario fomos máis de présa e entón rematamos antes. Pero, en todo caso, benvidos ao Parlamento, noutra ocasión veredes o debate.

Por min, metería agora unha moción. Pero é que, logo das distintas consultas que fixen, isto é moi complexo. E como é moi complexo, non me vou meter agora nunha complexidade aínda moito máis complexa. *(Murmurios.)* Entón, se non lles importa... É que é moi difícil. Nin a primeira nin a segunda nin a terceira é posible. Eu falei con todos, pero basta que un deputado poña unha imposibilidade para que non se faga. Entón, só quedaría a cuarta. Eu non sei se na cuarta hai posibilidade ou non hai posibilidade, pero tamén vexo que é dificultoso. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non hai posibilidade. Ben, pois entón podemos vir un pouco antes porque imos acabar tarde hoxe. Se queren, propóñolles que veñamos ás catro menos cuarto. *(Murmurios.)*

¿Catro menos cuarto? ¿Estamos todos de acordo? *(Murmurios.)*

Por min, se queren, ás tres e media. (*Protestas.*) (*Murmurios.*) ¡Coidado!, eu tamén estou aberto a todas estas posibilidades. (*Murmurios.*) Xa saben que eu os días de pleno non teño este problema. Tres e media, tres..., ¡eu estou aberto a todo! (*Fortes murmurios.*) ¿Tres e media? (*Fortes murmurios.*) ¡Mirade que difícil é! E só para pórse de acordo sobre cando temos que vir. ¡A ver!, ¿tres e media? (*Murmurios.*) Non. Pois ás catro menos cuarto, vimos ás catro menos cuarto.

Suspéndese a sesión á unha e cincuenta minutos da tarde e retómase ás tres e corenta e seis minutos.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Reiniciamos a sesión co punto terceiro da orde do día, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos os deputados e todas as deputadas.

Boa tarde tamén aos veciños de Teo e de Miramontes e ás persoas que pertencen ás plataformas das dúas plantas de residuos, que lamentablemente estiveron moi de moda, e segue a de Miramontes de moda nestes últimos días.

Esta moción que debatemos hoxe vén dunha interpelación que hai quince días dende o Grupo Parlamentario Socialista lle faciamos á conselleira de Medio Ambiente. E hoxe toca votar como consecuencia desta moción, e veremos que é o que votamos cada un dos grupos parlamentarios que aquí estamos, porque, ao final, no voto acabamos retratándonos todos. E niso é no que consiste: cada un marca as súas políticas cando vota, e veremos o que vota cada un.

Nós cremos que esta moción é o suficientemente completa e importante como para que todos os grupos parlamentarios da Cámara votemos a favor porque, basicamente e de maneira moi humilde, conseguiría, polo menos durante un tempo, arranxar problemas medioambientais, sociais e de seguridade para as persoas, e tamén de seguridade xurídica no país. Digo que polo menos durante un tempo, porque permitiría que todos eses proxectos que están enriba da mesa dalgúns concellos de Galicia se puidesen paralizar. Evidentemente, non vai arranxar tal e como está plantexada aqueles problemas de control medioambiental en relación coas plantas ou as instalacións que xa están abertas, pero si podería paralizar eses proxectos que están enriba da mesa de distintos concellos de Galicia.

E si serve como antesala á proposición de lei que dende este grupo parlamentario temos feita e que traeremos a debate, porque nós entendemos que si pode resolver definitivamente a

cuestión non só para os proxectos, senón tamén para aquelas plantas que están a causar problemas. Porque a política ten que servir para solucionar os problemas sen necesidade de acudir á Fiscalía de Medio Ambiente para que os solucionen cando xa non hai posibilidade de solucións; para iso estamos aquí.

Nesta moción instamos o Goberno a cinco cuestións:

En primeiro lugar, que cumpra a súa propia lei, que é a Lei do solo do ano 2016, que fala da xestión sustentable dos recursos naturais, e que estas instalacións, estes vertedoiros, ao final, de residuos en solo rústico ou ben en solos preto de zonas residenciais garantan a protección do medio ambiente e conteñan plans de restauración que sexan de verdade. Porque, por dicilo dalgunha maneira, e entre comiñas, estes plans de restauración na maioría das veces son un «cachondeo», son unha carilla, un par de carillas, pero realmente non son plans de restauración nin fiables nin efectivos.

Pedímoslle tamén ao Goberno que con relación a esas plantas que xa existen haxa un control exhaustivo e periódico, como a de Miramontes, pero con relación ás que xa existen, así como que se abran procedementos sancionadores. Cando os técnicos van, abren actas, levantan actas e recollen datos que son alarmantes, que se abra por parte do Goberno, por parte dos responsables políticos, procedementos sancionadores e que se sancione as empresas. E, sobre todo, cando aqueles niveis que se establezan nas autorizacións ambientais integradas correspondentes superen escandalosamente os niveis que a lei permite ou que cada autorización ambiental integrada permite, que se acuda por parte do Goberno directamente ao Ministerio Fiscal e se lle advirta da posible comisión por parte das empresas dun presunto delito medioambiental.

E con relación a eses proxectos que aínda non existen pedímoslle ao Goberno que modifique antes de que remate este ano —por iso traémola en decembro— este que é o seu Plan de xestión de residuos industriais 2016-2022, de maneira que poidamos solucionar os problemas que se plantexaron naqueles sitios onde hai este tipo de proxectos, fundamentalmente para que estas plantas se localicen en polígonos industriais e para que se apliquen medidas correctoras para a localización das plantas nos casos en que se requiran, e que as novas instalacións non estean a unha distancia inferior a dous quilómetros e medio dos núcleos rurais ou urbanos, ou a un quilómetro das vivendas que estean máis próximas, salvo que o planeamento municipal naqueles sitios onde exista estableza outra cousa, tendo en conta as circunstancias do territorio, as distancias e, sobre todo, a calidade ambiental da contorna.

Pedimos que para aqueles concellos que non teñen medios, que hai moitos en Galicia, que non poden emitir informes porque non teñen nin medios humanos nin medios técnicos suficientes, o Goberno convenie con eles e existan axudas ao financiamento, polo menos, para a emisión deses informes. Iso ocorreu en Teo, o informe de compatibilidade urbanística do proxecto que se tivo que emitir.

E, por último, pedimos que o Goberno impulse a execución das partidas orzamentarias que están pintadas no orzamento, pero que logo para a restauración non se executan, non se

aplican. Xa lle contamos o outro día á conselleira que realmente só se executou un dez por cento da partida para a restauración de minas abandonadas en Galicia.

Estamos preocupados, e diciámoslle o outro día á conselleira —é unha lástima que non estea aquí e que non nos poida escoitar—, que nesas plantas que xa existen non haxa un control por parte do Goberno. Hai un control por parte dos técnicos, que van, que toman notas, que collen os datos, que abren procedementos e levantan actas, pero nada máis. Non existe control. Tivo que chegar —no caso do vertedoiro de Miramontes é a proba evidente— a Fiscalía de Medio Ambiente para establecer un control inicial e á parte obrigar o propio Goberno a que remita un informe, e, polo tanto, exercer o control sobre o Goberno.

Nós temos medo porque cando esas actas se redactan, e existen, e chegan á consellería, non sabemos que pasa con elas. Non sabemos se se abre un caixón que poña «Actas» e se meten dentro e se pecha, e alí quedan para a posteridade, ou simplemente se mira cara a outro lado e aí quedan tamén.

E isto pasa cos proxectos que xa existen, coas instalacións que xa existen. Coas que non existen, pero poden existir nun futuro, dános a sensación —oxalá nos equivoquemos— de que o Goberno non ten interese en lexislar para afastalas dos sitios que provocan problemas para a saúde e a vida das persoas. Esa é a sensación que temos dende o Grupo Parlamentario Socialista. E estamos preocupados tamén por eses concellos que están indefensos e non teñen medios suficientes para poder facer fronte a empresas moi poderosas, que o que queren, evidentemente, e é lexítimo, é poder ter beneficios coas súas actividades, neste caso coas actividades relativas á xestión de residuos e tratamento de residuos. Pero que nós esteamos preocupados non importa moito, ou non importa demasiado; alá nós, como di o presidente. O problema é que os que están preocupados son esas persoas que están aí arriba e todos os seus veciños e todas as súas veciñas. E iso para nós si que é importante.

Hai dúas semanas, a conselleira fixo un *totum revolutum* entre as instalacións que xa existen e as que aínda non existen, para intentar levarnos a un sitio ao que ela pretendía levarnos. Pero son cousas diferentes: para as que xa existen, maior control e, de verdade, rigoroso, e para os proxectos, esta moción. Iso é o que nós pretendemos facer hoxe.

E, ademais, fixo unha manobra de escapismo importante. Dixo que nós lles botamos a culpa aos inspectores e que realmente non criamos neles, que non se podía prevaricar porque paralizar e prevaricar, non sempre, depende das circunstancias.

Por suposto, díxonos que no Concello de Teo eran malos malísimos, que tiñan que facer un informe nun mes e fixérono en oito. Non dixo que o Goberno ten para Miramontes actas de 2010, e pasaron oito anos e tampouco se fixo nada. Pero no Goberno non son malos malísimos.

Dixo que en Teo non tiñan plan xeral, que se lles ofrecera axuda.

Tamén dixo que a autorización ambiental integrada de Miramontes era do ano 2008, e, polo tanto, os malos malísimos eran os do Goberno de Emilio Pérez Touriño. Ben, pero iso é normal, son moi malos, e tiñan orellas, cola, patas e garras.

Que mentimos por dicir que na autorización ambiental integrada de Miramontes do ano 2008 non poden ir orgánicos. Nós nunca dixemos iso, poden ir ata un límite dun dez por cento, porque así o di a propia autorización, e así o di o fiscal nas súas dilixencias penais. O que non poden é superar o trinta por cento como está a ocorrer agora mesmo. Iso é o que non se pode. Poden preguntarlle ao Fiscal de Medio Ambiente e explicarllelo el probablemente moito mellor ca min.

Tamén nos dixo que a Consellería está estudando xuridicamente para Miramontes actuar de oficio e facer a modificación da autorización ambiental integrada, para que decidan continuar ou non co vertedoiro de Miramontes. Unha milonga, unha milonga para ter tranquilas as persoas que viven en Grixoa, porque con todos eses datos e todas esas actas, onde se pon que se está a incumprir a autorización ambiental integrada, xa podían ter feito moito antes ese estudo xuridicamente de oficio dende hai varios anos, como mínimo dende o ano 2010.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Vou rematando, presidente.

Tamén nos dixo a conselleira que Pepe Bugallo era malo malísimo e que o fiscal tamén era malo malísimo porque se metera polo medio. ¡Que desgraza! Pois grazas a que o fiscal se meteu polo medio no asunto de Miramontes, con relación a esas plantas que xa existen, o control vai ser superior.

Miramontes e Teo son dúas perlas, pero non son as únicas, non son os únicos sitios de Galicia, hai moitos máis. E nós cremos que merece que saia adiante hoxe no Parlamento, e nós pedímoslles a todos os grupos que sexan responsables e que voten a favor.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Quero tamén saudar as persoas que nos acompañan no público, que veñen tanto da Casalonga como de Miramontes e de Grixoa para manifestar aquí a súa preocupación e o seu rexeitamento ante estas ameazas que teñen no seu territorio. E agardamos, como se fixo xa en anteriores debates sobre estas cuestións en comisión e tamén no pleno, que poidamos chegar a un acordo, que sexa un acordo realmente firme e non un acordo de raspallón, como se adopta ás veces.

E neste sentido creo que temos que recoñecer que hai unha realidade incuestionable, aínda que a queiramos ocultar, que é que temos un problema coa xestión dos residuos industriais. Tamén no caso dos residuos urbanos, pero agora estamos a falar dos residuos industriais. E esta realidade, este problema ten que ver con múltiples causas, e hai diversas responsabili-

dades. A verdade é que non hai só responsabilidades da Xunta de Galiza, da Administración autonómica, senón que tamén o Goberno do Estado ten moito que dicir nesta materia, e os concellos, desde logo, porque hai competencias compartidas.

A primeira causa deste problema ten que ver coa —podémola chamar— «deixación de funcións por parte da Xunta de Galiza», así como tamén con ambigüidades e baleiros legais que hai na normativa, que permiten que se coen proxectos onde non deberían estar. E, ao mesmo tempo, a Xunta de Galiza manifesta unha clara permisividade cos incumprimentos de empresas, que, supostamente, están autorizadas para a xestión dos residuos e que incumpren sistematicamente a normativa e incumpren tamén o Plan de residuos industriais de Galiza.

Outro problema ten que ver coa incapacidade ás veces dos concellos, por distintos motivos, para darlles resposta e para facerlles fronte á tramitación destes proxectos. Vimos como no caso do Concello de Teo se tardou moitísimo tempo, cando se puido ter resolta esa tramitación con moita máis celeridade, evitando moita preocupación, e aínda non están libres de que lles intenten instalar alí tamén algún proxecto deste tipo.

E, en terceiro lugar, está o que podemos chamar a piratería das empresas autorizadas de xestión de residuos, que intentan aproveitar terreos degradados, fundamentalmente de canteiras, para emprazar vertedoiros ou plantas de tratamento de residuos urbanos. E isto pasa tamén porque hai unha lexislación de ámbito estatal, fundamentalmente o Real decreto do 2009, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e tamén o Real decreto, do 2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, que son unha auténtica coadeira para que se poidan utilizar este tipo de canteiras para ubicar estas plantas ou vertedoiros para o tratamento de residuos industriais.

E temos así que proliferan, sobre todo curiosamente na provincia da Coruña, e concretamente na comarca de Santiago, proxectos de vertedoiros e plantas de xestión de residuos industriais nos que priman, fronte aos criterios sociais, ambientais e tamén técnicos, o aforo de custos e a maximización de beneficios por parte das empresas, que pretenden utilizar solos degradados, abandonados, solo barato, en definitiva, solo desvalorizado, para instalarse en canteiras que en lugar de acoller este tipo de proxectos deberían ser obxecto de proxectos de rehabilitación e de restauración ambiental.

Entón, chegados a este punto, o BNG, como xa fixo en anteriores debates que tivemos, vai apoiar estas medidas; medidas que pretenden que a Xunta de Galicia clarifique, porque non están claros nestes momentos os criterios de emprazamento de plantas de residuos industriais. E aquí o criterio do BNG é absolutamente claro: as instalacións industriais teñen que ir a solo industrial. E hai que modificar o Priga para que así sexa, para que vaian a parques empresariais estas instalacións, como, por exemplo, de tratamento de lodos, de depuradoras e de conserveiras, porque se non o Priga sería papel mollado. Ademais, o Priga, o Plan de residuos industriais de Galicia, o que di é que non son necesarias máis plantas, que en Galiza se producen anualmente 190.000 toneladas de residuos industriais procedentes de lodos de depuradoras e de conserveiras, e que Galicia ten capacidade para tratar anualmente 750.000. Ademais, hai dezanove plantas en Galiza xa autorizadas para a xestión deste tipo

de tratamentos, das cales once delas están na provincia da Coruña, o cal quere dicir que se algunha provincia non está necesitada deste tipo de instalacións é precisamente a provincia da Coruña.

En segundo lugar, pensamos que os concellos tamén se teñen que aplicar e poñer as pilas, así como poñerse a planificar e ordenar o seu territorio precisamente para evitar estas coadeiras e esta utilización da lexislación estatal —como dixen antes— como unha auténtica porta de atrás para que as explotacións mineiras e as canteiras se convertan en vertedoiros incontrolados, coa escusa da restauración e rehabilitación e con esa auténtica praga dos tecnosolos. E neste sentido o BNG vai presentar unha iniciativa dirixida especificamente a que se cambie esta lexislación estatal, e no seu momento esperamos contar co apoio de todos os grupos.

Polo tanto, van ter o noso apoio, e seguiremos nesta batalla para evitar esta desfeita do territorio, esta utilización perversa que se pretende facer das canteiras na comarca de Santiago.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Boas tardes, a todas e a todos e mais á xente que vén ver hoxe o Pleno por este tema.

Antes de nada, dicir que esta moción, que nós imos apoiar, e a situación que vivimos neste país ao respecto veñen causadas por unha nefasta e negligente xestión da Consellería de Medio Ambiente. Nefasta e negligente xestión dunha consellería que sempre se pon do lado das empresas e que sempre desatende as demandas xustas de veciños e veciñas, que se atopan en procesos verdadeiramente kafkianos cando teñen que pelexar simplemente por poder levar unha vida digna diaria nas súas casas. E iso é así. Só bastaría con que a este parlamento puidesen vir persoas das que están arriba dicir o que están pasando, por exemplo, en Miramontes, na parroquia de Grixoa, que están pasando dende hai anos, con cheiros insoportables, con contaminación, con lixiviados, etcétera, sabendo a ciencia certa de que no se cumpre a lexislación e que a Xunta non fai cumprir a lexislación, para que souberamos que esta situación veu causada por unha negligente acción da Xunta de Galicia e da Consellería de Medio Ambiente, que sempre se subordina a estes intereses, sexan nos proxectos de tratamento de residuos, sexa na minería, como estamos vendo en Touro, nas louseiras de Valdeorras, en Santa Comba, en Lousame, etcétera, etcétera. É conivencia, e hai que dicilo así de claro.

Porque máis alá diso, evidentemente, temos un Plan de residuos que ten uns criterios de ubicación deste tipo de instalacións. Son claros. Cumpriría que se cumprisen; é evidente. Prioritariamente, estarán situados en solos industriais. Esa é a norma, a excepción é solo rústico. Non, pois aquí cúmprese ao revés: a norma faise excepción e a excepción faise

norma, porque a Xunta de Galicia mira para outro lado. E entón vemos unha avalancha de proxectos que se sitúan buscando maximizar beneficios en solo rústico, sen ningún tipo de criterio ambiental ou de benestar das persoas.

E así vemos tamén diferenzas de criterio da Xunta de Galicia, que aproba unha declaración de impacto ambiental pola vía simplificada en Coristanco, na Furoca. Alí, por certo, o Partido Popular promoveu unha fraudulenta moción de censura, precisamente porque o Goberno anterior paralizou unha planta de tratamentos de residuos industriais, porque este tipo de negocios moven moito diñeiro. E fixeron unha sucia moción de censura o Partido Popular, cun alcalde pluriimputado, e aí declaración de impacto ambiental simplificada. En cambio, en Arteixo, alcalde do Partido Popular, e onde houbo mobilización cidadá, que era cerca da Coruña, pois obrigan a facer unha declaración de impacto ambiental ordinaria. A mesma empresa, o mesmo proxecto, diferentes resolucións da Consellería de Medio Ambiente. Polo tanto, a aplicación da lexislación, vostedes que tanto presumen de aplicar a lei e de cumprir a lei, pois nada.

Por outra banda, a Lei do solo: en calquera tipo de solo rústico pode facerse calquera tipo de instalación deste tipo. Por iso, si que nos parece a proposta do Partido Socialista máis atinada, incluso que na última vez, porque si que é certo que excepciona determinados vertedoiros xustificada e motivadamente: cando non haxa solo industrial onde facelos, senón onde sexa máis acaído, pero que prioritariamente se sitúen en solo industrial.

Despois nestes conflitos, cando hai un proxecto, tamén existe contestación da veciñanza alí onde hai unha certa vitalidade da poboación. Hai zonas máis abandonadas onde nin sequera se consegue facer un fenómeno de resistencia. E hai diferenzas en Teo, na Casalonga, onde houbo un movemento de protesta grande, que conseguiu actuacións. Sorpréndeme que o Bloque Nacionalista Galego veña aquí poñer no foco o Concello de Teo por este tema, cando foi o que fixo un informe que evitou que se fixese este proxecto. Precisamente é a administración que respondeu; supoño que eses informes tamén están feitos por Teo. E tamén, señor Bará, que é do concello de Pontevedra, onde contan cun Plan xeral de ordenación municipal dende hai moitos anos, sorpréndeme que veña aquí poñer no foco o Concello de Teo, que foi o que lle deu unha solución á veciñanza.

Pois, neste caso, o que temos que dicir é que ese movemento parece que é diferente e que hai diferentes niveis de protección, sexa na Casalonga ou sexa en Grixoa, onde están pasando unha situación escandalosa e onde parece que á Xunta iso nada lle importa. Aquí vimos ao Partido Popular, por primeira vez casualmente en moito tempo, mobilizarse contra un proxecto de planta de tratamentos de residuos. Pois non sei por que neste momento molestou máis que noutras ocasións, pero gustaríanos que utilizásemos o mesmo raseiro con todos os proxectos.

Temos aquí (*O señor Sánchez García amósalle á Cámara un documento nun folio.*) —e eu creo que isto debería de facer caerlles a cara de vergonza aos señores do Partido Popular— todos os incumprimentos que está sufrindo a veciñanza de Grixoa, cun traballo enorme destes veciños e veciñas. Din que aquí se supera a capacidade máxima de tratamento autorizado, almacenamento de residuos fóra de instalación, o tecnosolo elaborado non cumpre as condicións da ITR0108 pola que segue a ter a consideración de residuo, maduración e acumulación de tecnosolos sobre o terreo á intemperie...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...xestión non autorizada dos lixiviados, almacenamento do tecnosolo elaborado fóra da instalación, supérase o espesor da capa de tecnosolo a aplicar segundo o plan de restauración, etcétera, etcétera, etcétera. E seguen nun proceso kafkiano.

Polo tanto, apoiamos esta moción e denunciámos que a Consellería de Medio Ambiente segue sen defender os dereitos das persoas que viven preto destas plantas de tratamento, porque defende o negocio destas empresas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Boas tardes, señorías.

Eu quero saudar tamén os membros das plataformas que nos acompañan hoxe, os veciños e tamén os concelleiros que están aquí con nós.

Señora Vilán, vostede dixo que quería o noso voto, pois, francamente, non o parecía; nin o parecía pola iniciativa que ten vostede rexistrada, nin o parece pola forma e pola súa intervención. Pide vostede, por un lado, que cumpramos a lei e, por outro lado, tamén nos pide que a incumpramos. Eu non sei o que fan vostedes onde gobernan; eu non sei o que fixeron vostedes no Bipartito, pero pola súa moción podemos imaxinalo.

Tivo vostede unha intervención lamentable, chea de insinuacións e de medias verdades, e tamén de mentiras. Este grupo e o Goberno que o sustenta non se moven por arbitrariedades ou por simpatías e antipatías, móvense polo estrito cumprimento da lei. En concreto, na tramitación deste tipo de proxectos, o Goberno galego guíase sempre polo cumprimento da legalidade en materia ambiental, e faino en todos os casos coas máximas garantías. Vostedes, pola contra, parece que queren que a administración prevarique. Temos leis, señorías, temos procedementos administrativos, temos un réxime sancionador, pero a vostedes todo iso dá-lles absolutamente igual. Segundo o día que sexa, vostedes propoñen unha cousa ou a contraria, pero o que xa empeza a ser habitual é que soliciten que o Goberno actúe de forma arbitraria e en función do día, e tamén —¡que casualidade!— da cor do concello, que se cumpra ou non a lei segundo lles conveña.

Vostedes teñen unha concepción da administración un pouco especial, na que os técnicos non están para cumprir a lei, senón para cumprir a vontade das súas señorías. Vostedes pensan que os funcionarios traballan para o seu partido; digamos: modelo Avogacía do Estado. Que hai que borrar unhas cantas palabras, entre elas «rebelión» e «violencia», ben, pois aí teñen que ir os funcionarios borralas. Dá igual, todo ao servizo do seu partido.

Pois miren, señorías: aquí non é así, non se pode parar unha tramitación así porque si, porque non nos guste. Iso sería prevaricar. Cando hai solicitude para unha iniciativa, a Xunta

fai a tramitación dela conforme o procedemento establecido pola lei para garantir a protección ambiental da nosa comunidade. Os técnicos analizan os proxectos co máximo rigor e criterio, e traballan co máximo respecto á lexislación, porque os proxectos de plantas de residuos non os analiza a conselleira, nin o grupo maioritario do Parlamento. E non van ser, por suposto, vostedes, os grupos minoritarios, os que fagan esas análises; fanas os técnicos. Detrás, señorías, hai un inxente traballo técnico e humano, que vostedes están a desprezar. Trátase, señor Sánchez, de cumprir a lei.

Claro, falarlles a vostedes de cumprimento da lei, co que estamos a coñecer, é de risa, ¿eh, señor Sánchez? (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Son vostedes incapaces de cumprir nin sequera as súas propias normas...

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, non interrompa.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...son vostedes incapaces de organizar unha asemblea sen que haxa puheirazo; son vostedes capaces de facer todo o posible para chimpar o señor Villares. Claro, que nos veña vostede falando dos procesos administrativos e de cumprimento da lei é de risa. Pero á parte de todo iso, vostede tamén é un pouco sectario, porque vostede podía ter dito aquí cales son os concellos, pór nome e apelidos a aqueles concellos que están a facer verteduras, pero non o fixo. Non o fixo. ¿Por que? Porque non vaia ser que o chimpen a vostede como van facer co señor Villares. (*Aplausos.*)

Sobre as modificacións lexislativas que vostedes propoñen, señora Vilán, xa contamos cos instrumentos normativos necesarios e axeitados para a tramitación dos proxectos das plantas de residuos. Tanto a Lei do solo como o Priga teñen demostrado a súa efectividade para axilizar estas iniciativas. O que hai que facer é traballar con rigor e seriedade, con total garantía para a protección medioambiental e seguridade para os galegos e as galegas. E iso é o que está a facer a Xunta: actuando con rigor xurídico e responsabilidade.

Eu pídolles que actúen vostedes tamén da mesma forma, con responsabilidade, e que non alarmen a poboación de xeito innecesario e partidista, e non fagan propostas para camuflar a súa desidia e incompetencia. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, que o chamo á orde, ¡eh!

O señor TRENOR LÓPEZ: Esta iniciativa xorde dun proxecto arquivado en setembro deste ano pola Xunta, que é o da Casalonga. E foi así porque precisamente o Concello de Teo exerceu as súas competencias urbanísticas e emitiu un informe de compatibilidade urbanística desfavorable. Algo que sen dúbida ningunha pon de manifesto que a normativa actual e o planeamento urbanístico eran máis que suficientes para a instalación desta planta. Iso si, un informe que tiña que facerse nun mes, e tardou oito meses. Oito meses nos que o Concello, en vez de traballar, se dedicou a alarmar os veciños e veciñas de Teo cando tiña a solución na súa man. E mire se a lexislación proporciona ferramentas que o Concello utiliza a mesma para facer o seu informe tardío. Nel referiuse á Lei de solo estatal, á Lei de solo de Galicia e ao seu regulamento, e tamén na vixente planificación autonómica en materia de residuos.

Xa para rematar, eu quería facer unha mención ao seu punto 4, no que pide establecer convenios para que a Xunta pague os informes aos concellos. Mire, señoría —aquí sempre falamos de competencias, e a min gústame lembrarllo—: as deputacións teñen legalmente conferida a prestación de asistencia e cooperación xurídica. Vostedes gobernan en tres desas deputacións, gobernan co apoio nuns casos da Marea e noutros do Bloque Nacionalista. Non sei para que queren vostedes gobernar en ningún sitio se son incapaces de exercer esas competencias, e se son incapaces de axudar os concellos, que é a súa obrigaición.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Entón, antes de introducir aquí puntos para que a Xunta de Galicia actúe de forma arbitraria para intentar lavarlles a cara aos seus concellos, *(Murmurios.)* fagan vostedes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...exerzan as súas competencias... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Sánchez, chámoo á orde.

O señor TRENOR LÓPEZ: ...e fagan os trámites que teñan que facer con rigor e con responsabilidade.

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señor Trenor. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Señor Sánchez, unha chamada á orde.

O señor TRENOR LÓPEZ: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Non se pode estar interrompendo constantemente a quen está no uso da palabra, artigo 75 do Regulamento. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, non se pode... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, perdón. O debate é un debate de confrontación política sen insultar. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, non, eu estiven atento; non se insultou a ninguén. A quen non lle guste... Iso que non lles guste a todos é outra cuestión; eu niso xa non entro.

Grupo autor da moción, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Eu non sei se é que o señor Trenor quere que saiamos de rodillas como se fósemos nunha romaría e pedir desculpas cada vez que podemos falar nesta tribuna. *(Aplausos.)* Ao mellor é así, porque a intervención non foi —creo eu— dura en absoluto. Pero vese que a vostede non lle gustou.

Por certo, nós non alarmamos a ninguén, porque esas persoas que están aí arriba, así como os que viven en Teo e os que viven en Santiago, teñen a suficiente capacidade para entender o que se lles vai colocar ao lado da súa casa. *(Aplausos.)* Nós non controlamos a ninguén porque, por sorte, vivimos nunha democracia na que as persoas libremente deciden e teñen as suficientes entendedeiras para saber que é o que se lles pretende colocar ao lado da súa casa.

Por certo, agradecemos a mobilización tremenda dos veciños de Teo e a mobilización, a valentía e o traballo dos veciños de Grixoa, que tiveron a valentía de ir á Fiscalía. Vostedes non a tiveron, por exemplo. O Goberno non tivo a valentía, pese a ter todos os datos nese caixón que probablemente poña «Actas», non sei se cun rotulo luminoso ou non. Pero eles tiveron a valentía de ir á Fiscalía, e grazas a iso hai abertas unhas dilixencias penais.

Por certo, é bastante —non sei— estraño que vostede se enfadase tanto. Eu non vou ir na lista das municipais da Coruña, polo tanto, non ten que ir vostede contra min. *(Aplausos.)* Non son competencia, non o son. Pero é curioso que saíse vostede, que non pertence á contorna de Santiago, e non saíse ningunha outra deputada do seu grupo defender aquí que vai votar que non a esta moción. É bastante curioso. *(Murmurios.)*

Nós non lle pedimos... ¡Vostede non leu a moción! Porque en ningún punto se pide que prevariquen nin que paren ningunha tramitación. Señor Trenor, non se pide. Hai que ler as mocións antes de saír falar delas, e vostede non a leu. Nin sequera pedimos que sexa a Xunta quen faga os informes dos concellos, que financie as actuacións relativas aos informes. *(Murmurios.)* Non, non, uns convenios para os concellos. Vouna ler literalmente. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora VILÁN LORENZO: Cuarto punto: «Establecer convenios con aqueles concellos que non dispoñen de medios suficientes para financiar as actuacións relativas aos informes». *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Señora Paula Prado, vostede non tivo a valentía de saír aquí, por favor, ¡non me interrompa cando estou intervindo! *(Aplausos.)* ¡Por favor! Se quixera falar tivo a súa oportunidade, e non o fixo. *(Aplausos.)* Logo probablemente suba. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)* Silencio, señora Prado. *(Protestas.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Primeiro aviso á señora Prado tamén.

Ao señor Sánchez, catro avisos antes de chamalo á orde. *(Murmurios.)*

Isto está equilibrado. *(Murmurios.)*

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Cadaquén retrátase nos seus silencios ou nas súas palabras.

Nós temos claro que é necesario o tratamento dos residuos, é imprescindible. O que non queremos é que se utilicen as canteiras como cubos do lixo —iso é o que que non queremos— sen ningún tipo de control. Porque o propio fiscal —e volvo a el, pobre, meteuse polo medio, como dixo o outro día a conselleira— di: «*La cantidad de materia orgánica que se está depositando en el vaso*» —Miramontes— «*es muy superior al 10 % establecido en el proyecto constructivo, incumpliendo con la autorización ambiental integrada y poniendo en riesgo la seguridad constructiva de la escombrera. Asimismo se observa que en las analíticas de lixiviados se puede constatar que en la mayoría de las muestras tomadas se superan los niveles de 800 miligramos/litro, llegando a multiplicarse este valor por más de cuatro en bastantes casos.*»

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Di, por exemplo, que incluso —vou rematando, presidente— hai residuos perigosos como o amianto en celas que conteñen residuos cunha alta carga orgánica biodegradable. Di tamén que os cheiros —«*los problemas de olores pueden incidir en una mayor producción...*»— son insoportables, pois «*llevan meses sufriendo malos olores después de registrar quejas por los mismos, por lo que parece importante conocer el estudio olfatométrico*», que curiosamente se fixo despois de protestar os veciños.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Voten a favor...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...para que non lles caia a cara de vergoña. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade

O señor PRESIDENTE: A esta moción presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Abel Losada Álvarez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1. Presentar na Cámara galega, abrindo a participación aos grupos parlamentarios, no primeiro trimestre de 2019, as Directrices Enerxéticas de Galicia 2018-2020, recollidas xa no Plan Estratégico de Galicia 2015-2020 coa pertinente periodificación, e nas que se recollan as consideracións pertinentes sobre o papel das industrias electrointensivas no tecido industrial galego.

2. Desenvolver un plan específico que permita executar na súa totalidade os orzamentos dedicados os mecanismos de apoio as empresas e familias correspondentes ao programa orzamentario 733A-Eficiencia enerxética e enerxías renovables, contemplado no Proxecto lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019.

3. Demandar á empresa Alcoa a súa reconsideración e retirada do expediente de extinción de emprego sobre a totalidade da plantilla na súa factoría de A Coruña, tentando buscar solucións, entre tódolos axentes políticos, económicos e sociais afectados que permitan o mantemento da produción e o emprego nesa factoría.

4. Demandar ao Goberno de España:

4.1. Que desenvolva un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluídos os ámbitos fiscais, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estabilizado de enerxía a un prezo razoable, xusto e estable; tanto para as persoas consumidoras, como para as instalacións industriais. Sempre nun modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente. 4.1. Que desenvolva un novo marco normativo para o sector eléctrico, incluídos os ámbitos fiscais, que permita impulsar as enerxías renovables e garantir un aprovisionamento estabilizado de enerxía a un prezo razoable, xusto e estable; tanto para as persoas consumidoras, como para as instalacións industriais. Sempre nun modelo de transición enerxética máis racional e sustentable ambiental e economicamente.

4.2. Que estableza unha negociación para evitar que as persoas consumidoras galegas de enerxía eléctrica teñan que asumir as consecuencias económicas das sentenzas sobre os suplementos territoriais para o exercicio de 2013. 4.2. Que estableza unha negociación para evitar que as persoas consumidoras galegas de enerxía eléctrica teñan que asumir as consecuencias económicas das sentenzas sobre os suplementos territoriais para o exercicio de 2013.

4.3. Que realice as actuacións necesarias para proceder ás modificacións lexislativas na Lei 24/2013, do 26 de decembro, del sector eléctrico e nas Ordes IET/221/2013, do 14 de febreiro e IET/1491/2013, do 1 de agosto, aprobadas polo anterior goberno de España respecto aos suplementos territoriais para o exercicio 2013; co obxectivo de que aqueles impostos de carácter medioambiental establecidos pola Administración autonómica teñan que ser asumidos polas compañías titulares das instalacións ou actividades afectadas. Todas elas con elevados beneficios empresariais, e non sexan aboados ou repercutidos ás persoas consumidoras.

4.4. Que estableza as fórmulas axeitadas para que as industrias con alto consumo de enerxía poidan acceder ao mercado de enerxía en condicións similares ás doutros países da Unión Europea.

4.5. Que estableza, no marco da Lei de Cambio Climático e de Transición Enerxética, e con cargo aos Orzamentos Xerais do Estado políticas públicas de axuda á industria electrointensiva, ao amparo das

Directrices da Comisión Europea sobre axudas estatais en materia de protección do medio ambiente e enerxía 2014-2020.

4.6. Que reclame ante a Unión Europea a posta en marcha de fondos europeos para compensar os custos das empresas con alto consumo enerxético (industria electointensiva) e para incentivar a transición enerxética a baixas emisións de carbono e fomentar a economía circular.

4.7. Que revise o actual mecanismo de interrumpibilidade e de capacidade, co obxectivo de facelo máis competitivo e transparente:

4.7.a. Desenvolvendo unha metodoloxía para calcular as necesidades de cobertura, en lugar de introducir a consideración do volume de interrumpibilidade como un dato de partida na análise desa cobertura.

4.7.b. Simplificando o deseño e aumentar a presión competitiva das poxas, ben desagregando o produto, ou ben permitindo agregacións dos provedores de 5MW.

4.7.c. Modificando os criterios de activación económica para que se faga maior uso do mecanismo, o que suporá unha redución do custo do servizo.»).

(O G.P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Francisco Casal Vidal, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda nº 1, de modificación.

Débase substituír o texto do punto 2 da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«2. No caso de que Alcoa insista na súa intención de pechar a factoría de A Coruña, instar ao Goberno do Estado a utilizar o artigo 128.2 da CE para asumir a xestión da compañía a través da SEPI en tanto non se consiga unha alternativa industrial con garantías suficientes de futuro a longo prazo da actividade industrial e o mantemento do emprego.»

Emenda nº 2, de modificación.

Débase substituír o texto do punto 5 da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«5. Defender ante o Ministerio de Transición Ecolóxica e ante a Unión Europea, para a modificación das Directivas que o fixeran posible, que as peaxes e cargos desta tarifa industrial sexan diferentes en cada Comunidade Autónoma en base á súa condición de excedentaria ou deficitaria na produción de enerxía eléctrica, beneficiándose con peaxes máis baixas aquelas comunidades que son exportadoras netas de electricidade, en compensación por soportar os custos sociais e medioambientais das instalacións de produción.»).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Marta Nóvoa Iglesias e a través do seu portavoz, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da moción polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1.- Continuar na defensa dos puntos acordados no Parlamento galego no pleno do 23 de outubro e dos puntos demandados no escrito remitido polo Comité de Empresa de Alcoa á Xunta de Galicia e o Goberno de España con data de rexistro de 30 de outubro de 2018.

Neste contexto, seguirá a impulsar unha unidade de acción para garantir o mantemento da actividade empresarial e o emprego en Galicia entre a empresa, os traballadores e as administracións públicas.

2.- Continuar a promover perante o Ministerio para a Transición Ecolóxica o desenvolvemento dun estatuto da industria electrointensiva, unha poxa eléctrica inmediata con estabilidade no tempo e os mecanismos compensatorios adicionais necesarios para as estas empresas teñan a posibilidade de competir en igualdade de condicións co resto de factorías a nivel internacional.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde, señorías.

Achégase o 27 de decembro. O 27 de decembro está aí, quedan apenas vinte e tres días, e será unha data clave na que saberemos se Alcoa está máis cerca dunha solución ou dun fin. Temos un marco temporal que cada vez é máis curto. Polo tanto, traemos esta moción co sentido de responsabilidade que debemos tanto aos traballadores e traballadoras de Alcoa como ao noso país. Un país que non pode asumir como normal a súa desindustrialización, como se fora algo inexorable. Cumprimos así tamén cunha demanda do cadro de persoal: máis presión política, máis presión social e propostas e alternativas sobre a mesa.

Porque este tempo estase esgotando. Pasou xa máis de mes e medio desde que Alcoa anunciara o peche de Alcoa en Avilés e tamén na Coruña, e desde entón temos que lamentar que houbera máis palabras que feitos por parte das administracións directamente responsables. E temos que dicir que non estamos satisfeitas co papel que estas tiveron, nin co papel do Estado, nin tampouco —temos que dicilo— co papel da Xunta de Galiza e co seu grao de cumprimento, ou máis ben incumprimento, dos acordos que acadamos nesta cámara. Parece máis ben que está preocupada a Xunta de Galiza por botar balóns fóra e buscar culpables para eludir calquera responsabilidade propia.

E, desde logo, baixo o noso punto de vista, esta non é a forma de encontrar solución para un problema tan importante desde o punto de vista do país. Porque hoxe falamos de Alcoa, falamos de máis de catrocentos postos de traballo, máis de catrocentas familias, pero por extensión estamos falando tamén do resto da industria electrointensiva do noso país e se imos dar un marco estable para que vaian adiante ou se imos avanzar na desindustrialización do noso país.

Nós entendemos que a resposta diante desta situación ten dous grandes piares, e esta moción busca atender ambas as dúas patas: por unha banda, as medidas urxentes que precisa a situación de Alcoa e, doutra banda, tamén os cambios que precisa a política enerxética para blindar o futuro da industria do noso país.

Centrareime, polo tanto, primeiro, nas urxencias de Alcoa. O 24 de outubro recordarán as súas señorías, unha semana despois de que a empresa anunciara a súa intención de peche, nós pensamos que este parlamento verdadeiramente, nun inicio, estivo á altura, chegamos todos e todas a un acordo nesta cámara ao fío dunha declaración institucional que a nós nos parecía un bo punto de partida. Desde a oposición todas as forzas políticas cedemos e chegamos a un acordo. Pero temos que dicir que estamos decepcionadas en como isto se foi cumprindo ou máis ben —insisto— incumprindo. Dicímolo por honestidade. Despois virá alguén do Partido Popular acusarnos de que politizamos e demais; un pouco na liña —espero que non tan lamentable— como a que tivo o conselleiro de Industria na interpelación e nas preguntas que formulou a miña organización. Pero a verdade é que en honestidade temos que dicir que para nós é así.

Con todo, estamos dispostas e pensamos que é importante manter unha posición unitaria. Pero tamén ese chamado á unidade non pode ser o disface para que non se diga o que se está facendo mal e para que non se denuncie tamén que está habendo pouca transparencia, pouco consenso pero, sobre todo, poucos resultados. E a nosa responsabilidade política lévamos a plasmar nesta moción cuestións que entendemos que son inapelables.

O balance da Xunta de Galiza ata o momento non nos resulta satisfactorio, pois pensamos que incumpriu coa unidade de acción, non tivo en conta en ningún momento as achegas dos grupos parlamentarios, e hoxe mesmo creo que todas e todos puidemos escoitar na nosa radio pública como traballadores desta empresa dicían que as novidades que lles chegan son pola prensa e non por boca das institucións. A nós parécenos que esta, desde logo, non é a vía. E entendemos que a Xunta de Galiza debería, en primeiro lugar, comprometerse cun maior cumprimento dos acordos tanto dese 24 de outubro neste parlamento como das cuestións que o propio comité de empresa formulou o 30 de outubro pasado. En especial, unha cuestión que nós non entendemos porque aínda non é unha realidade, que é unha mesa de traballo onde estes traballadores poidan ter voz directa. Nós entendemos que, polo tanto, para o punto primeiro da nosa moción non hai nin un só argumento para votar en contra.

En canto ao punto segundo, o que facemos é introducir unha cuestión que nós entendemos que non podemos tardar máis en debater: que canto antes atopemos un consenso arredor desa cuestión máis preparados e preparadas estaremos por se hai que recorrer a esa cuestión. E apostamos directamente porque se valore desde o Goberno central a posibilidade dunha intervención pública en Alcoa, algo tan sinxelo como iso. Non entendemos por que continúa habendo vetos arredor desta cuestión; non é algo excepcional, non é algo que non contemple o ordenamento xurídico e non é algo que non se teña feito no propio Estado español ou na propia contorna europea en situacións similares. Polo tanto, introducimos na nosa moción un punto específico, o punto número 2, para apostar pola intervención pública en Alcoa, sexa para agardar por un comprador ou sexa para retornalo ao ámbito público, ámbito do que quizais, se non tivera saído grazas ao señor Aznar, pois non estaríamos nesta situación.

Pero dicía ao inicio da miña intervención que pensamos non só na urxencia que nos presenta Alcoa, senón que temos que ver tamén que hai máis alá da urxencia, e intentar que non se cumpra aquilo que aparece na famosa viñeta de Mafalda, onde se di que «o urxente non deixa tempo para o importante». Nós pensamos que o escenario que se abre, os debates que se están abrindo teñen que servirle a Galiza tamén para situarse nesta cuestión de fondo. Porque realmente o que estamos vendo hoxe en Alcoa é o fracaso estrepitoso dunha política enerxética emanada fundamentalmente do Goberno central, pero tamén da Xunta de Galiza co seu silencio e ausencia, que lles ten dado coartada ás industrias electrointensivas para non modernizarse e que nos ten levado a un marco absolutamente inestable e delirante.

Por poñer un exemplo, hoxe empresas como Alcoa, como Megasa ou como Ferroatlántica non saben a canto van pagar o megavatio o próximo 1 de xaneiro. ¡Queda menos dun mes e non saben canto vai supoñer o prezo do consumo eléctrico para as súas propias finanzas! Isto é absolutamente delirante. Como é delirante que todo iso dependa dunha poxa de vinte segundos que se vai celebrar a semana próxima. Temos insistido nisto unha e outra vez no que vai de lexislatura, e volvémoslo facer hoxe cunha proposta que aposta por un sistema tarifario estable. Algo que é posible perfectamente, pois xa existiu no Estado español e existe noutros países da contorna europea. É tamén unha demanda do sector.

Nós entendemos que hai outra cuestión que é fundamental, e ligado a isto sabemos que a próxima semana vai haber unha poxa de interrompibilidade. Sabemos que levamos un ano e medio de mudanzas neste sistema, e nós —insistimos— temos traído a este parlamento varias veces esa proposta, que haxa unha mesa onde isto se avalíe. Recentemente, a Xunta de Galiza convocou, por fin —era hora—, unha mesa co sector, pero nós entendemos que segue faltando unha pata fundamental: non se pode avanzar nesa mesa sen contar coa parte social. Por iso pedimos no punto número 3 a súa incorporación. E isto debe ir vinculado a facer tamén propostas e avanzar cara a esa cuestión de fondo que tanto nos preocupa, que é outra política industrial, porque é preocupante a ausencia de política industrial. E no caso de Alcoa é paradigmático como durante moreas de anos esta empresa recibiu millóns e millóns do erario público e ninguén fiscalizou que estivera facendo a modernización necesaria.

Nós entendemos que hai que darlle a volta, hai que mudar o actual sistema de interrompibilidade por un sistema de tarifa industrial que sexa estable no tempo, que teña variacións predicibles para a subministración eléctrica electrointensiva, pero non a cambio de nada. Entendemos que hai tres condicións que teñen que ir desde o ámbito público que debe estar vixilante: en primeiro lugar, a obriga de realización de investimentos para modernizar a súa estrutura produtiva, tamén a obriga de mantemento dos postos de traballo e, por suposto, isto a través dun plan de desenvolvemento industrial que desde os poderes públicos debe ser fiscalizado. Porque, pola contra, destinar recursos públicos, diñeiro do peto de todos e todas sen recibir nada a cambio equivale a unha auténtica malversación do erario público, que entendemos que non se pode prolongar no tempo. Entendemos que este é un bo punto de partida, se todos e todas estamos de acordo, para abrir un debate sobre esta cuestión que non pode continuar aprazándose sine día, porque —insistimos— Alcoa é a urxencia pero o importante tamén é todo o que pode vir detrás e que marco queremos dar.

Por último, entendemos que tamén non podemos seguir cegos a que o noso país é unha potencia produtora. E insistimos en que nos parece inadmisíbel en que nunha Galiza que exporta cada ano de media un trinta e cinco por cento de enerxía haxa empresas que van pechar polo prezo da electricidade. Polo tanto, temos un exemplo máis para cominar as forzas estatais á reflexión disto.

En definitiva —e remato xa, señor presidente—, hoxe nesta moción traemos propostas para a urxencia da cuestión de Alcoa, desenvolver os acordos anteriores que están por cumprir case máis dun mes despois de ser tomados, levantar o veto á intervención pública, pero tamén mirar o futuro, ir ás propostas de fondo, porque hai que apostar por outro marco que lle dea máis estabilidade á nosa industria.

Hoxe estamos dispostas a buscar o consenso, a buscar esa unidade que tanto se proclama, pero, desde logo, non desde o conformismo, porque a nosa conciencia non nos permite ver como se avanza na desindustrialización de Galiza mentres non pensamos cuestións de fondo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...para darlle a volta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Losada.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, eu vou tentar non insultar a ninguén, pero esta mañá un membro deste goberno dixo textualmente que os membros da oposición utilizabamos datos absurdos propios dun comentario de bar. Lamentablemente, a Presidencia, que é quen dirixe o debate —e son plenamente consciente—, non dixo nada, porque lle pareceu que iso dignificaba claramente o Parlamento de Galicia. Polo menos, os deputados e as deputadas do Grupo Socialista utilizamos datos estatísticos e non mentimos nesta cámara. *(Aplausos.)* Creo que convén aclaralo porque, en todo caso... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

E logo tamén, teño que recoñecer outra sorpresa: hoxe ninguén falou nesta cámara dos gobernos das listas máis votadas nin das coalicións de perdedores. Non se me ocorre moi ben por que será, pero a verdade é que o botei de menos, porque me parecía un tema relevante para discutir politicamente despois de escoitalo aquí dende o ano 2009. *(Aplausos.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Cando me deixen.

O señor PRESIDENTE: Tranquilo, Abel. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Algo máis?

O señor LOSADA ÁLVAREZ: A min estímélame moito en termos mesmo políticos e tamén intelectuais abrir este tipo de debates intergrupais.

Estamos falando de electricidade, exactamente. Non falabamos de bares cando falabamos de pesca. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Exactamente... Coloquial tamén é isto. *(O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.)* Presidente, non vou...

A verdade, señora Presas, que eu tamén tiña ese sketch de Mafalda do urxente e o importante. E eu creo que, efectivamente, é moi urxente solucionar o problema de Alcoa sen ningunha dúbida, e ademais é importante, especialmente importante para as familias e para os traballadores que están directamente afectados por un ERE extintivo. Pero é tamén moi importante esa nova regulación do mercado eléctrico que o Goberno de España está tentando levar adiante. E eu pediríalle ao Bloque Nacionalista Galego unha dose de confianza e de paciencia, porque creo que paga a pena. Paga a pena despois de que, efectivamente, esas poxas de interrompibilidade, que claramente fracasaron como política enerxética e industrial nas industrias electrointensivas, foron promovidas polos gobernos do señor Aznar e do señor Rajoy. E, desde logo, mostráronse claramente insatisfactorias á hora de solucionar os problemas deste tipo de industrias.

Dicía onte o delegado do Goberno que hai partido, que hai marxe de negociación para evitar o peche desta fábrica. Eu quero quedar co positivo. Hoxe sae unha entrevista do subsecretario de Industria do Ministerio de Industria, Enerxía e Comercio, no que, efectivamente, fala destas cuestións. Mesmo reconece algo inaudito por parte da dereita, porque, desde logo, nunca llelo escoitei nos catro anos de goberno aos responsables do goberno do Partido Popular no Goberno de España, que é a cooperación dos gobernos autonómicos tanto de Asturias como de Galicia.

Indubidablemente hai que traballar nesta cuestión. Nós cremos que é conveniente manter ese mínimo común, que é conveniente que o sinal político que saia de aquí sexa un sinal conxunto. É verdade que o tempo cada vez é menos e que, polo tanto, as necesidades dos *inputs* políticos son cada vez máis perentorias, pero, en todo caso, paréceme que sería importante facilitar o consenso. É verdade que a iniciativa non é miña, non me toca a min, pero, desde logo, gustaríame, e ao Grupo Socialista gustaríanos, que fixeramos entre todos un esforzo, nunha iniciativa na que hai emendas de todos os grupos, de chegar polo menos a ese mínimo común.

E é verdade que lle pedía esa paciencia, señora Presas, porque, efectivamente, se están intentando facer cousas. Todo aquilo que non se fixo en seis anos e que, desde logo, ten moitas dificultades á hora de —por dicilo dalgunha maneira— encaixar.

Nós entendemos que o que se fixo do impulso ao autoconsumo, a protección dos consumidores vulnerables e unha diminución é verdade que temporal e parcial —veremos como se

desenvolve— dos prezos da luz van na liña axeitada. E, por suposto, necesitamos estabilidade e confianza nos investidores electointensivos. E o Goberno de España teno recoñecido así e ten manifestado o compromiso de intentalo. E eu pediría —insisto— ese tipo de axuda.

De todas maneiras, algunha vez díxoseme aquí que unha vez que gobernara o Partido Socialista en Madrid non ía falar de beneficios das empresas eléctricas. Vou seguir falando: seguen sendo escandalosamente altos. É verdade que nos nove primeiros meses do 2018 Pedro Sánchez non era presidente do Goberno, ou non no conxunto dos nove, pero as empresas eléctricas seguen medrando. Os seus beneficios son unhas taxas que non son sostibles en termos políticos e en termos da cidadanía, especialmente cando a demanda está practicamente conxelada. Polo tanto, iso o único que significa é que se está incrementando, non hai investimentos relevantes, a demanda está conxelada, aumentan os beneficios... Iso quere dicir que aumentan os prezos dunha forma non explicable.

Polo tanto, esta é a posición do Grupo Socialista. Nós presentamos unha emenda de carácter xeral, na que entendemos que este parlamento ten que pedirlle esforzo, por suposto, lexítimamente ao Goberno de España, —insisto— lexítimamente ao Goberno de España, pero tamén entendemos que hai que pedirlle esforzos ao Goberno galego. E vindo dun partido nacionalista sorpréndeme que que non instara a Xunta de Galicia a nada relevante. Entón, eu creo que a Xunta de Galicia, que na memoria dos orzamentos aparecen competencias en enerxía...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...—remato, señor presidente— moi relevantes, probablemente terá algo que dicir.

E o tema da enerxía é un tema moi importante, estratéxico en termos económicos e en termos sociais, e deberíamos facer todos un compromiso por respectar a verdade. Mesmo cando un deputado desta cámara vai ao Concello de Vigo dicir que os plans de axuda enerxética social son exclusivamente para un ou dous meses. Evidentemente...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: ...non teñen representación no Concello de Vigo...

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

O señor LOSADA ÁLVAREZ: Probablemente tiñan mal a información.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Boa tarde a todas e a todos.

Xa temos falado tamén deste tema varias veces. De feito, na última reunión da Comisión 6ª, de Industria, falouse tamén e plantexouse que hai que manter a unidade de acción, que non podemos romper a unidade de acción da declaración que se fixo aquí e da proposta non de lei que se aprobou por unanimidade hai dous plenos. Manter a unidade de acción, si, pero sempre que iso axude a avanzar na solución do conflito. Se non é así, haberá que chegar a novos acordos que aporten novos elementos para poder convencer a empresa Alcoa de que así non imos por bo camiño, e deixarlle moi claro que non poderá tomar decisións unilaterais. Isto é o que farían uns gobernos fortes. E isto non é nin comunismo nin bolivarianismo. Deixémonos — e perdoe, presidente— de caralladas, porque isto non lle interesa que falemos nestes termos á cidadanía, porque isto non aporta nada. (*Murmurios.*) Esa é a realidade. E deamos respostas reais ás preocupacións dos traballadores de Alcoa e a toda a cidadanía galega. Realmente como hai que traballar é con plantexamentos de gobernos fortes ante as presións das multinacionais. E iso nin é comunismo, nin é bolivarianismo, nin é nada. Hai que facer como fixeron, por exemplo, os gobernos de Francia e Italia no seu momento en situacións parecidas.

E como hai que avanzar imos facer unha avaliación do que aprobamos hai dous plenos, a ver se realmente tivo algunha resposta por parte da empresa e por parte dos gobernos implicados:

Retirada do expediente. Evidentemente, isto non se conseguiu. Si que se conseguiu que a multinacional aprazara ata o 27 de decembro os despidos. Ou sexa, están aí; xa non chegamos no próximo pleno. E incluso podería dar outra marxe de quince días, fala de ata o 15 de xaneiro, se avanza a negociación adecuadamente; é dicir, se os traballadores, os comités se portan ben e préganse definitivamente a negociar as condicións dos despidos, que é o que eles queren. Os traballadores están a pedir unha ampliación maior. Eu penso que deste parlamento tería que saír tamén unha declaración explícita de que o Parlamento de Galicia apoia as solicitudes dos comités de empresa para un prazo maior para poder negociar.

O punto 2 dicía o que aprobamos aquí: «Establecer os mecanismos necesarios e de urxencia para evitar que as plantas poidan entrar en parada técnica». Ben, ¿que mecanismos se desenvolveron desde hai dúas semanas que aprobamos isto? A única novidade é a convocatoria dunha nova poxa de interrompibilidade, que empeza o día 10 ata o día 14, pero deixándoa practicamente tal e como a deixou o anterior goberno. Non se incorpora practicamente ningunha novidade e, desde logo, non se incorpora a novidade principal que se aprobou tamén neste parlamento: que todas estas novas axudas estean condicionadas polo mantemento do emprego e a actualización tecnolóxica. A ver se falan co seu goberno, señores do Partido Socialista, para que o que se aprobe aquí no Parlamento de Galicia tamén se incorpore nas disposicións que se aproban en Madrid.

Por outra parte, non se puxo en marcha a implementación da partida orzamentaria de cento cincuenta millóns de euros prevista nos orzamentos. ¿A que esperan?

E, sobre todo, non se lle deixa claro a Alcoa que unha industria estratéxica e monopolística en España, como é a do aluminio, non se vai deixar pechar, xa que é imprescindible para o

desenvolvemento de moitas outras industrias: aeronáutica, automobilística, extrusión, etc., que xera miles e miles de postos de traballo. E xa saben o que quere dicir isto, chámase pedir que se aplique a Constitución española. E iso é o que faría un goberno forte, non un goberno comunista nin bolivariano, un goberno forte.

Despois, creación dunha mesa con todas as partes implicadas. Alcoa convocou hoxe precisamente de novo os traballadores e, por fin, plantexa que está disposta a reunirse en próximos días —din incluso que esta mesma semana— co Goberno do Estado. Esperemos que a Xunta de Galicia, como se aprobou tamén neste parlamento, estea presente nesa reunión, e ademais estea presente dunha maneira activa, non como estivo na anterior, que as informacións que nos chegan é que tivo unha actitude totalmente pasiva.

A Xunta de Galicia ten moito de que falar alí, porque ten moitas competencias; que non hai que dicir que non temos competencias, si que hai moitas competencias. Por exemplo, hai moitas competencias medioambientais que afectan a enorme planta de Alúmina en San Cibrao, que reporta a Alcoa millóns e millóns de beneficios todos os anos. Ben, pois esa planta ten que renovar as súas solicitudes ambientais. Pois a Xunta de Galicia tería moito que dicir alí. Non pode ser que se deixen as externalidades negativas como fai a planta de Alúmina, e as externalidades positivas, como sería manter o emprego, marchen para outro lado. Iso é o que faría tamén un goberno forte.

Despois, por outra parte, aprobamos aquí tamén que as reunións serían da parte social e a parte empresarial. Ben, a Xunta de Galicia, de momento, só se reúne coas empresas. Iso non sei se é ideoloxía ou o que é, pero iso é incumplir o que se aprobou tamén neste parlamento.

Despois quedan outros puntos, que son para máis adiante, como os cambios na regulación eléctrica, a vixilancia da entrada do metal externo a través dos portos españois, porque isto é o que quere Alcoa. Alcoa quere quedar co mercado, pechar as factorías de aluminio, quedar con Alúmina, que é inmensamente rendible, e seguir controlando o mercado español, como fai neste momento de maneira case monopolística.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

O señor CASAL VIDAL: Un segundo só.

A propia Alcoa hai dous anos fixo un informe que lle fixo Goldman Sachs. E Goldman Sachs díxolle que había seis empresas moi interesadas en comprar as factorías da Coruña e Alcoa, e ese informe quedou agochado. Porque Alcoa, ¿que é o que non quere? Non quere competencia en España. Non llo permitamos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Casal.

Grupo Parlamentario Popular, señora Nóvoa.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Xa non sei por onde comezar. Señor Casal, os que queren pechar industrias ou empresas son vostedes, non nós. *(Protestas.)* Non veña... *(Aplausos.)* De todos modos, este grupo e o Goberno da Xunta *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* non van deixar pechar as empresas, o que non están dispostos é a intervir empresas, como se fai en países nos que a democracia brilla pola súa ausencia, señor Casal. *(Aplausos.)*

Señor Losada, a verdade é que vostede só pensa en vostedes. Claro, na iniciativa anterior díxose aquí que nós non denunciabamos empresas de residuos porque formabamos parte do seu negocio. Iso para vostede é algo normal, é algo normal. E pon o grito no ceo porque... ¡Por favor!

Mire, señora Presas, para disfrace o seu, que intentan agochar detrás da dor dun problema tan grave como o de Alcoa, do peche dunha empresa, os seus mantras sistemáticos: a tarifa galega, e aínda agora por enriba únense a intervir empresas. Señora Presas, nós, eu e este grupo, defendemos a unidade que conseguimos dende o principio; unha unidade que se viu reflectida entre dúas comunidades autónomas, a galega e a do Principado de Asturias, unha unidade por riba de cores políticas, unha unidade entre administracións e traballadores e incluso unha unidade transmitida dende a Unión Europea, tanto do Executivo comunitario como dos diferentes grupos europarlamentarios. Concordará comigo en que o esforzo de consenso entre todos os protagonistas e todo este conflito acadou un nivel poucas visto con anterioridade.

En primeiro lugar, quería comezar por mostrar unha vez máis a solidariedade do Grupo Popular e, por suposto, do Goberno da Xunta cos traballadores de Alcoa e as súas familias. A prioridade de todos nós é o mantemento do emprego. E entendemos a situación de incerteza que pervive en todos eles, e máximo nas datas que se achegan.

O Goberno da Xunta segue loitando polo diálogo e, dende logo, coa decisión dos traballadores de sentar nunha mesa de negociación, que continúan demostrando o seu sentido da responsabilidade, ao entender que só a través do consenso e de propostas construtivas se poden encontrar solucións.

Señores do BNG, insisto: consenso e propostas construtivas.

E, en segundo lugar, vou dar conta moi por enriba dos acordos tomados neste parlamento, dende o 22 de outubro, que foi cando a empresa Alcoa anunciou o peche das plantas da Coruña e de Avilés:

No pleno desa mesma semana do 23 de outubro, o Grupo Popular trouxo unha iniciativa relacionada coa industria electrointensiva, que non era de Alcoa, pero ao xurdir o conflito nos días anteriores pois acordouse de forma unánime unha proposta de transacción, que basicamente solicitaba a retirada do ERE e a garantía do emprego, a posta en marcha dunha

mesa de negociación entre todos os axentes políticos, económicos e sociais, ademais da inminente posta en marcha das axudas compensatorias de douscentos cincuenta millóns de euros do orzamento para o ano 2018, e vinculando todo iso ao mantemento do emprego. Ese acordo tomouno o martes o Pleno, e o mércores aprobouse unha declaración institucional de todos os grupos parlamentarios.

Posteriormente, no pleno do 6 de novembro, o señor Villoslada trouxo unha iniciativa, na que se tomou un acordo unánime tamén, que apoiaba a proposta de continuidade das plantas de aluminio da Coruña e de Avilés, presentada polo Comité de Alcoa perante a Delegación do Goberno o 30 de outubro.

Seguidamente, na Comisión 6ª do 22 de novembro, os grupos do BNG e de En Marea presentaron cada un unha iniciativa, na que se tomaron acordos e votaron outra vez a retirada do ERE, unha mesa de negociación coas entidades socias e a posta en marcha dos cento cincuenta millóns de euros.

Se me estiveron seguindo, xa aprobamos en numerosas ocasións os mesmos acordos. Resumindo: aprobamos unha iniciativa de cada un dos grupos parlamentarios nesta cámara. Por tanto, insisto, señorías, en que deberíamos volver á unidade, a seguir na senda de unidade e non rachar os acordos tomados neste parlamento. Iso é o que pretenden, señorías: rachar un acordo unánime tomado neste parlamento. Entón, señor presidente, a verdade, señorías, o que dá a sensación é que aquí algúns grupos o que pretenden é facer unha loita partidista, sacar unha migalla de rédito político cun tema tan importante e utilizando a dor dos traballadores dunha empresa que vai pechar de forma inminente.

Polo tanto, branquear propostas fracasadas, señores do BNG e das mareas de Podemos. Dá a sensación que lles interesa que haxa conflito. A verdade é que é falar por falar, sen seriedade, presentando propostas que van resultar ilegais tanto no noso país como en Europa. Saben que non se pode impoñer unha tarifa industrial estable concreta para unhas industrias; non se pode, non vai pasar os filtros da Unión Europea. De feito, xa estaban ese tipo de axudas anteriormente, e cambiáronse porque non pasaban os filtros da Unión Europea. Entón, volver ao pasado non, señorías, continuar para adiante.

¿E onde volvemos? A unha tarifa galega. Vostede parte da premisa de que Galicia é excedentaria. Entón, como é excedentaria, pois teríamos que pagar menos pola electricidade. Pero, claro, como vostedes tamén están a favor de pechar as centrais térmicas, deixaremos de ser excedentarios, ¿e que pasará? Logo teremos que importar enerxía. Entón, como vostedes queren que aprobemos pagar máis para os que non teñen enerxía, pois logo acabaremos pagando máis cara a enerxía aquí en Galicia, señora Presas. É que é un mal negocio. Nós non imos apoiar ese mal negocio para todos os galegos; por responsabilidade, señorías.

Eu volvo insistir en que deberíamos voltar a un acordo unánime. Este grupo presentou unha emenda sinxela, (*Murmurios*.) en tanto que o primeiro punto é moi similar ao seu, que pretende apoiar o escrito presentado polo Comité de Empresa. E si que presentamos un segundo punto, que non se falou e non se aprobou aquí neste parlamento, que é un estatuto da empresa electrointensiva, tal e como se fai en moitos dos países da Unión Europea.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora NÓVOA IGLESIAS: Polo tanto, agardo voltar á senda dos acordos unánimes e que poidamos todos presentar propostas legais e serias para o noso país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo autor da moción, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ben, agradecer, en primeiro lugar, ao señor Casal a súa intervención construtiva e a súa vontade de diálogo. E o señor Losada pedíume paciencia, e eu non sei se lle parece que teño pouca paciencia co que acabamos de oír. En todo caso, hai unha cuestión de fondo: non son incompatibles a paciencia e o traballo. E nós o que queremos é que a Xunta de Galiza debata, consensúe e leve a todas as negociacións que haxa de ámbito estatal unha postura de país propia. Sabemos que lles resulta exótico aos do Partido Popular, pero tamén como agora que están vostedes no Goberno central, pois están case abrazando o autogoberno, queríamos aproveitar a oportunidade. Pero xa se ve que con este tema tampouco van facer iso.

A min o que me sorprende é que veña vostede un pouco non sei se de recadeiro tamén en parte deste grupo dicirnos que non propoñemos nada relevante para a Xunta de Galiza. ¡Home!, de cinco puntos, catro son para que os traballe a Xunta de Galiza, de cinco puntos catro. É certo que hai cuestións que non son de competencia inherente, pero nós entendemos que Galiza debe ter unha posición propia. Eu non sei se estaba vostede cegado pola luces do Nadal de Vigo, pero, dende logo, eu creo que é bastante relevante que haxa unha mesa da industria electrointensiva e que se dea voz á parte social. Vostedes teñen votado a favor diso noutros momentos. E a min o que me gustaría é que alguén do Partido Popular explique por que foxe de ter a parte social nos seus diálogos coas empresas. ¡Por algo será! En fin.

Señora Nóvoa, o problema é que mentres vostedes fan apelacións baleiras ao consenso, a min sorprendeume que vostede tivera o valor de recordar todos os acordos aos que chegamos neste parlamento, cando se están incumprindo. Porque xa se demostra que incluso cando cedemos e chegamos a algún consenso, pois vostedes deben ao saír desta sala coller o acordo e poñelo nunha esquina e usalo de papel sucio para tomar notas, porque de pouco máis. Pero mentres o tempo corre, e vai chegar aí o 27 de decembro, o problema é que igual hai catrocentas familias que comen as uvas no desemprego, señora Nóvoa. Ese é o problema.

Intervir empresas. Claro, a min encántame, e xusto nesta semana que están vostedes fanatizados co aniversario da Constitución. ¡E aínda vai ser que somos os do BNG os únicos que a lemos! *(Aplausos.)* Artigo 128.2, señora Nóvoa, da Constitución española. É que... *(Risos.)* ¡Por favor!

Logo vén vostede verter acusacións aquí con bágoas de crocodrilo...

O señor PRESIDENTE: Silencio, as emendas. Hai tres emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...que se a dor dos traballadores, que non sei que, e deostar que Galiza como produtora debера ter algún beneficio. É que o problema, señora Nóvoa, é que con vostedes non é que non teñamos ningún beneficio, é que grazas á política do Partido Popular Galiza vai pagar —se non se cumpre ese acordo ao que chegamos na pasada Comisión 6ª— a tarifa máis cara do Estado e Galicia vai pagar trinta e oito millóns de euros dese tarifado dos suplementos territoriais. E sabe vostede que deses trinta e oito millóns de euros...

O señor PRESIDENTE: Emendas, emendas, hai tres emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e remato a frase e remato, señor presidente— Alcoa podería pagar aproximadamente sete millóns de euros. Esa é a súa tarifa galega, señora Nóvoa, a tarifa máis antigalega que pode haber. É que sexan un pouco...

O señor PRESIDENTE: As emendas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Non imos aceptar as emendas.

O señor PRESIDENTE: ¿Ningunha?

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Ningunha.

En aras do consenso e de que cadaquén se retrate, permitiremos a votación por puntos, pero, loxicamente, as emendas do Partido Popular, que non achegan absolutamente nada, pois se son tan parecidas ás formulacións, que vote a favor. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios

O señor PRESIDENTE: A esta moción hai unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Julio Torrado Quintela, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir un novo parágrafo na parte resolutiva da moción co seguinte contido:

« Asumir as recomendacións indicadas e publicadas pola SEMES-Galicia, e facilitar publicamente de maneira anual os rexistros dos indicadores que se establecen para avaliar o funcionamento dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios de Galicia.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Pois a situación das Urgencias no Clínico, nos puntos de atención continuada e no resto do Servizo Galego de Saúde é o termómetro da grave situación que ten o sistema sanitario público, que día si e día tamén é noticia desgraciadamente, aínda que non tanto como debería por todo o traballo que están levando de mobilización moitos e moitas dos nosos profesionais sanitarios, a pesar de que a Consellería de Sanidade fai oídos xordos ante as denuncias dos profesionais, fundamentalmente de carencia de persoal suficiente nos servizos.

E esta situación e este problema das urxencias que dicimos, que é un termómetro da situación grave do sistema sanitario, esa situación grave do sistema sanitario non é dende logo un slogan, non é un mantra, non é unha frase feita, é a realidade sentida e palpada dos traballadores e traballadoras dos diferentes servizos, dos profesionais.

A semana pasada estiven cunha compañeira coa que traballei, cunha desas persoas que levabamos incluídas nese plan de traballo que ao Partido Popular non lle pareceu digno de que compareceran estas persoas na comisión de investigación, porque a pesar de que algunhas delas como a miña compañeira teñen trinta anos de traballo nun servizo, para o Partido Popular non tiñan nada que dicir nin que aportar nunha comisión que falaba dos recortes no sistema sanitario público. E é por iso precisamente que esa comisión é indigna, e é por iso precisamente que non estamos a participar da mesma.

Pois esa compañeira, esa profesional emocionábase, caíanlle as bágoas falando da tremenda situación que teñen no seu servizo e que, desgraciadamente, non é allea á de moitos outros servizos. Cando hai un concurso de traslados —como vai acontecer agora— moitos profesionais están pedindo o traslado dun servizo a outro porque ninguén aguanta, ninguén soporta a situación que ten no seu servizo en concreto. Desgraciadamente, en moitas ocasións iranse para outro servizo que ten unha situación moi parecida, porque, por desgraza, as carencias de persoal están sendo xa practicamente transversais á maior parte do sistema sanitario público.

Esa situación produce un enorme sufrimento, por iso esas persoas se emocionan, por iso esas persoas teñen que expresar a situación que teñen, desgraciadamente, ás veces con indignación porque non están sendo escoitadas. Sofren porque querían dar unha atención mellor e non teñen medios materiais nin teñen medios humanos suficientes para poder dala. Sofren tamén porque non teñen conciliación posible da súa vida familiar e laboral, e está-molo vendo nesas denuncias que fan os compañeiros e compañeiras dos puntos de atención continuada, obrigados a facer horas e a facer gardas, a pesar de que, evidentemente, deberían ter a posibilidade de conciliar tamén coa súa vida persoal. Sofren tamén porque se senten desprezadas, porque non hai ninguén —tampouco aquí na cadeira azul— na Consellería de Sanidade para escoitar as súas demandas, para escoitar o berro de que en moitos servizos non se pode continuar prestando atención sanitaria nestas condicións.

As compañeiras do Servizo de Urgencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela levan xa practicamente un mes en folga —¡un mes!—, que se di pronto. Un

mes en folga co intento de silencialas, un mes en folga co intento de dividilas e mesmo de desprezalas, pero non o conseguiron. Un mes en folga con mínimos dun cen por cento. E dous meses xa, tamén, dende que os puntos de atención continuada comezaron a súa folga reclamando profesionais para dar unha mellor atención.

Está moi ben, é moi positivo seguir a folga do persoal en Andalucía —sobre todo cando ía haber eleccións— ou en Cataluña; nós apoiamos esas demandas dos profesionais sanitarios. Pero estaría ben tamén que se atendese o persoal sanitario que está en folga en Galicia, porque, desgraciadamente, a nosa situación non é mellor que nesas comunidades autónomas, que a deses profesionais que protestaban polas súas condicións laborais.

O incremento da frecuentación dos servizos de Urgencias —e témolo falado noutras ocasións— está moi relacionado, por suposto, coa cronicidade e, por suposto, co avellentamento, e témolo comentado aquí, fundamentalmente, e tamén na Comisión de Sanidade e Política Social. Pero tamén está moi intensamente relacionado cos recortes en atención primaria e en atención hospitalaria. Temos centros de saúde —e esta semana volvemos ir por outros centros de saúde falar con máis— con profesionais que soportan cantidades de consultas diarias que andan polas cincuenta, polas cincuenta e cinco, polas sesenta...; profesionais que recoñecen que non teñen tempo de facer o traballo dos domicilios de maneira correcta porque, desgraciadamente, teñen tantas persoas na consulta, no propio centro, que lles gustaría, pero non poden dar esa atención de xeito correcto. E cando a xente non pode ser atendida e hai esperas de sete días, de oito días, de dez días nalgúns centros de saúde —como xa sabemos e como xa temos falado noutras ocasións—, o que acontece é que se incrementa a frecuentación dos servizos de Urgencias tanto nos PAC como nos hospitais.

E temos tamén listas de agarda insoportables para probas e para consultas. Falabamos o outro día con algún profesional e dicíanos que a situación era practicamente inasumible para algunhas persoas, porque para consultas de Traumatoloxía estamos falando de esperas dun ano, para consultas de Oftalmoloxía estamos falando de nove meses ou de dez meses e para consultas de Cardiología estamos falando de ano e medio. Estamos falando de situacións en que hai persoas que están tendo unha deterioración da súa saúde elevado pola demora que hai. Estamos falando de que esas persoas, cando esas citas non se poden adiantar, cando hai un empeoramento, cando están preocupadas, cando empeoran antes de ser vistas, cando non se pode adiantar esa situación, acoden tamén aos servizos de Urgencias. E, polo tanto, o deterioración completo do sistema sanitario fai que, precisamente, moitas persoas acaben no hospital. E unha vez no hospital e unha vez nese servizo, ¿que hai? Hai atrasos para subir, para derivar os ingresos ás plantas. Témolo falado noutras ocasións: temos plantas pechadas, como na Coruña, como no Salnés —falámolo o outro día na Comisión de Sanidade— ou como en Compostela.

Arranxar a situación das Urgencias de Compostela e tamén as dos outros servizos non é abrir dous boxes máis, non é abrir unha sala máis. Arranxar a situación que teñen as Urgencias é, evidentemente, poñer máis profesionais para poder asumir a carga de traballo, é abrir as plantas pechadas, é incrementar a plantilla do resto do sistema sanitario público —o incremento do persoal é absolutamente imprescindible—, é tamén redactar un protocolo para os ingresos para axilizar eses procesos, é sentarse cos profesionais —como están reclamando—

para redactar un plan funcional dentro do servizo. E, dende logo, o que é, directamente, é escoitar as demandas das e dos profesionais, algo que non se está a facer.

A sanidade está sendo xestionada no noso país de maneira absolutamente desastrosa: non se planificou a necesidade dos MIR durante tantos anos, ou de enfermería, e agora dicimos que non hai profesionais; non se contrata de forma estable e, polo tanto, os profesionais marchan, e logo dicimos que non hai profesionais; non se cobren baixas e vacacións e, polo tanto, móvense os profesionais dun servizo a outro, deixando descubertos servizos absolutamente imprescindibles nun hospital, como poden ser as Urgencias ou como pode ser a UCI; hai problemas nas Urgencias, hai problemas nos PAC, hai problemas no 061, hai desabastecemento de fármacos e a Xunta fai mutis polo foro —aínda non chegou o día en que pidan unha comparecencia para explicar que van facer co desabastecemento das farmacias no noso país—; faltan pediatras e non hai ningún plan a medio prazo; hai informes negativos do Consello de Contas e seguimos mirando cara a outro lado, e temos unha chantaxe sobre a mesa de Povisa, utilizando a plantilla, e non hai aínda ningún tipo de solución real sobre a mesa.

Consideramos que a xestión desta Xunta e, dende logo, da consellería do señor Almuíña fai absolutamente augas. E non podemos seguir agardando, isto non se solventa con máis dimisións no Servizo de Urgencias de Compostela.

Xa o dixo o señor Núñez Feijóo hai un par de semanas —e comentámolo na interpelación que defendín eu mesma neste pleno—: Feijóo suxería por aquel entón á xerencia do Clínico que atendese ou explicase as demandas dos profesionais. Desgraciadamente, a señora Núñez —vouna chamar polo apelido por se alguén se molesta— non está atendendo as demandas dos profesionais. E a realidade é que temos persoas que teñen que estar un mes en folga para reclamar poder dar unha atención minimamente correcta ás persoas que van polo Servizo de Urgencias. É insuficiente o que se está propondo e, dende logo, non están sendo atendidos os profesionais.

Nós queremos e pedimos nesta moción que se atenda o problema da sanidade que afecta ás Urgencias do Clínico e ao resto de servizos de Urgencias na súa globalidade; que se incrementen os efectivos profesionais nos servizos de Urgencias, tanto en primaria como en hospitalaria, de xeito permanente; que se proceda á apertura desas plantas pechadas —dixémolo no seu momento: non podemos ter máis servizos pechados mentres hai pacientes acumulados nos corredores, véxase no Salnés, véxase en Compostela—; que se establezan protocolos para a asistencia ás persoas pendentes de ingresos —os profesionais dos servizos de Urgencias teñen propostas que levan tempo intentando concretar e trasladar ás xerencias e, dende logo, non están sendo escoitados—; que se atenda con carácter urxente o incremento de festivos de persoal que se reclama nas Urgencias do CHUS, e, dende logo, que se elabore un plan funcional para o correcto funcionamento dos servizos.

Os profesionais non se van cansar, e como xa saben as súas señorías e foi eco nos medios de comunicación —remato xa—, están plantexándose xa peches, como están facendo os profesionais dos puntos de atención continuada; non pasa só en Andalucía, non pasa só en Cataluña. A consellería do señor Almuíña fai augas e o señor Feijóo non toma nota, e non se

está facendo absolutamente nada. Queremos que tomen en serio xa o problema global que temos na sanidade pública. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Ben, o noso grupo vai apoiar esta iniciativa, e temos presentada unha emenda que procederei a explicar, aínda que, independentemente do que se decida sobre a emenda, vai contar co noso apoio.

É unha iniciativa que traslada, novamente, cuestións sobre as que temos xa debatido en numerosas ocasións, e continuamos debatendo sobre os recortes no sistema. Hai algún avance nesta cuestión nos debates, e é que cabe recoñecer que dende o Partido Popular xa non se discute a existencia de recortes; o debate estase plantexando en termos de se os recortes afectan ou non afectan ou incluso, en termos que o propio Partido Popular usa, de se os recortes matan ou non matan. Dende logo, é un bo avance saber que o Partido Popular non nega os recortes. *(Aplausos.)* Cando plantexamos este debate, por tanto, agora estamos debatendo sobre as consecuencias destes recortes e, polo tanto, xa é un certo paso.

As consecuencias destes recortes tamén son, en termos ás veces tristes, atender algúns debates ou a ausencia de debates cando se plantexan cuestións perigosas acerca dos recortes, cando se plantexan cuestións como considerar que os enfermos terminais son moi caros, e ademais, cando o Partido Popular nin sequera é capaz de ter ningunha contrariedade nin de amosar ningunha discrepancia cando escoita unha declaración así: que os enfermos terminais son moi caros. A verdade é que ás veces custa moito plantexar algún debate.

E nestes termos nos que falamos de recortes, ¿que é, polo tanto, trasladar eses recortes aos servizos reais? Neste caso, aos de Urgencias, que son aos que se refire fundamentalmente esta iniciativa. Particularmente, focalízase moito nas Urgencias do Clínico de Santiago, hoxe tamén, tristemente, nas novas pola folga continuada. ¿Pero que significan os recortes en Urgencias? En Urgencias dáse un problema, que explota en Urgencias, pero que non é un problema de Urgencias —normalmente, case todos os problemas de todo centro hospitalario teñen unha porta de ensinarse a través das Urgencias, pero non son propiamente do servizo—, é un problema dado pola saturación dos propios hospitais, pola ausencia de camas para ingresar, e, por tanto, os pacientes deben de quedar en Urgencias. Provócase un problema de estrés laboral que, no caso das Urgencias, é máis grave pola condición e o tipo de traballo que fan, con riscos reais para os profesionais. Estamos explotando os profesionais dunha maneira e non estamos atendendo as posibilidades que temos de riscos reais sobre a propia saúde dos profesionais. Estamos xa ante unha problemática á que ninguén está prestando atención dende a propia consellería.

En termos xerais, os recortes fan, ademais, que o persoal —cando son recortes en termos laborais— se vaia, que marche e que poida considerar —como así consideran os profesio-

nais, en termos maioritarios— que o Sergas é un dos sistemas autonómicos que peor trata os seus profesionais. Cabe lembrar —unicamente por dar un dato— que dende que governa Feijóo menos do quince por cento dos titulados MIR deste país son contratados de maneira estable no Sergas; menos do quince por cento dos profesionais médicos que titulamos e formamos durante nove ou dez anos son contratados de maneira estable. Aínda que só sexa por unha cuestión de perda económica de toda esa formación, sería minimamente eficiente e minimamente intelixente incorporalos ao sistema. Isto provoca efectos reais: temos o problema do CHUS, onde escoitamos hai dúas semanas —tres semanas máximo— o conselleiro dicir que o servizo estaba perfectamente dotado; unha semana despois houbo unha oferta de persoal. Non sei se é que non estaba tan perfectamente dotado ou é que, aínda estando perfectamente dotado, hai que atender á xenerosidade e, aínda así, facer ofertas. (*Aplausos.*) De perfectamente dotado a facer unha oferta, unha oferta cicatera que os profesionais, evidentemente, rexeitaron.

Pero hai máis servizos nos que as urxencias son bastante graves: citouse aquí o caso do Salnés, onde seis pacientes pasaron practicamente corenta e oito horas en Urxencias porque había unha terceira planta dispoñible pero non hai persoal para traballar nela. Por tanto, ese é un centro onde se rodan series de televisión, pero non se poden ingresar os enfermos. E temos casos como o que ocorreu cunha señora maior, que estivo esperando horas e horas no vestíbulo do centro de Montecelo cun posible caso de tuberculose e, aínda sen saber se era ou non era, estivo esperando no vestíbulo ao lado da porta. Este é o sistema no que estamos. Cando hai un recorte de material e de persoal temos este problema de non dar cabida a atender todo o persoal. Falamos de horas, falamos de corenta e oito horas esperando, e cabe recordar que os estándares do ministerio sinalan catro horas máximo de tempo de espera nun Servizo de Urxencias. Aquí multiplícanse por dez, por once, por doce, por trece os estándares, e parece que non pasa nada.

Nós —como dicimos— imos apoiar esta iniciativa e, ademais, presentamos unha emenda que cremos que pode contribuír en certa medida, que vai na liña do que plantexan os colectivos profesionais, neste caso, o que fai referencia aos médicos especializados en Urxencias, que falan dun informe presentado ante a consellería que fala de diversas recomendacións: establecer criterios e indicadores, cumprilos e elaborar informes que os poñan en materia pública. Facer informes sobre indicadores con datos e ofrecelos de maneira pública; absolutamente revolucionario, se tiveran a ben atender a algún debate deste parlamento. Isto xa sabemos que é unha cousa bolivariana, probablemente, pero facer informes con datos é unha cousa bastante interesante. E nós cremos que se se di sempre que hai que atender os profesionais, este é un bo momento para atender os profesionais — neste caso da Semes, que fixeron ese bo traballo—, e poderíase incluír nesta iniciativa para saber se é posible que se poidan ter informes, xa non porque os pidamos a oposición...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor TORRADO QUINTELA: ...senón porque os piden os profesionais, que, ao fin e á conta, os profesionais do sistema sanitario algo saberán do sistema sanitario, salvando que chegue aquí o Partido Popular e diga que non, porque todo o que di o Partido Popular é que a xente non sabe. Pero ben, agardamos que sexa aceptada a emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Torrado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pois temos que insistir en que é preciso o persoal en número suficiente, en condicións laborais e con salarios dignos. E isto, que parece unha obviedade, parece que para o Goberno galego do Partido Popular non o é tanto, porque nove anos de goberno do Partido Popular supuxeron un retroceso nas condicións laborais, perda de dereitos, precarización, unha política de costas viradas aos profesionais, ouvidos xordos, prepotencia, ordeno e mando, imposición... E cada día son máis os e as profesionais que están a dicir: ata aquí cheguei e isto é insostible.

Por moito que o intente o Partido Popular, non é posible tapar a lúa cun dedo: os profesionais dos PAC, os profesionais de Urxencias do CHUS, os profesionais do Hospital do Salnés... Podiamos seguir enumerando e sairíanos unha lista bastante longa.

O debate do cadro de persoal do Sergas —a amortización de prazas, a contratación en precario— é un debate que traemos sistematicamente aquí, a este parlamento, en demanda de que se tomen medidas, mais topámonos sistematicamente co muro do Partido Popular. Temos un sistema sanitario infradotado de persoal, cunha importante parte do que ten en situación de precariedade laboral. Os datos son teimudos, igual que é teimuda a insistencia do Partido Popular de retorcer os datos e de pretender trasladar unha realidade que non se corresponde para nada co día a día dos profesionais, que teñen que intentar sacar adiante esa realidade da sanidade pública de Galiza.

E se o galegos e galegas non perciben con maior intensidade as consecuencias de todas as medidas que foron implementando é grazas a ese bo facer deses profesionais e ao voluntarismo que poñen no seu traballo. Unhas profesionais que se senten ninguneadas, desprezadas, maltratadas, que chegan un día si e outro tamén á súa casa esgotadas, desesperadas porque traballan ao límite das súas forzas. E con isto non estou, dende logo, describindo unha situación particular dunha persoa ou de dúas, senón que, infelizmente, estou describindo a situación de cada día máis e máis profesionais, estou describindo a situación que se está convertendo na realidade da inmensa maioría dos profesionais da sanidade pública.

Unha realidade que os profesionais dos PAC, chegando ao límite, puxeron de manifesto iniciando mobilizacións ao principio deste ano 2018, na confianza de que, trasladándolle esta realidade nunha proposta escrita ao Sergas, poñéndoa por escrito e trasladándolla ao Sergas para negociar esa proposta, conseguirían que fora estudada, analizada, cuns datos incontestables. Consideraban, pola súa parte, que o Sergas sentaría a analizar esa proposta para ir avanzando en solucións, e encóntranse, meses despois, que nada máis lonxe da realidade. Meses despois, levan practicamente un mes en folga, teñen realizado peches, e encóntranse coa total insensibilidade por parte do Partido Popular, despois de que estes profesionais mostraran unha total colaboración, unha total asunción de intentar sacar adiante, nunhas condicións moi extremas, o seu traballo. Igual no Servizo de Urxencias do CHUS, que levaban

anos denunciando a situación, que intentaron tamén negociar, trasladar as súas demandas a todo tipo de direccións e de xerencias, e que se encontran, tamén, co valado do Partido Popular e do Sergas. Ou —insisto— no Hospital do Salnés, que xa nunha situación límite trasladan a situación e encóntranse co valado do Partido Popular e do Sergas.

O BNG vai apoiar esta iniciativa. Imos tamén seguir traendo demandas aquí a este parlamento, porque, dende logo, o silencio é evidente que non é a solución; o pobo galego ten que saber que é o que está pasando, porque o silencio fainos cómplices. E está claro que os profesionais dixeron ata aquí chegamos e non van seguir cun silencio que o único que fai é que o Partido Popular intente impoñer un relato que cada vez máis e máis galegos e galegas xa non lles compran.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Popular, señora Amigo.

A señora AMIGO DÍAZ: Boas tardes, señorías.

Moitas grazas, presidente.

De novo, señora Solla, imos falar das Urgencias, cunha folga no Hospital Universitario de Santiago que todos esperamos que se resolva mellor hoxe que mañá.

Hai pouco que escoitamos nesta mesma tribuna o conselleiro de Sanidade, que nos comunicou que nos servizos de Urgencias da comunidade se atenden cada día sete mil casos, sete mil urxencias, das que tres mil son atendidas nos servizos de Urgencias dos hospitais. Tamén nos falou do grao de satisfacción da poboación, e este é alto: está seis puntos por riba da media. Moi mal non se deben de estar facendo as cousas, señora Solla.

Vostede trae datos, fala de diario... *Diario de las Américas*: «*Sesenta y cuatro hospitales han sido cerrados en Cuba en los últimos ocho años*». *La Voz de Galicia* desta semana: listaxe de espera para operarse en España, noventa e tres días; en Galicia, sesenta días. (*Murmurios.*) Claro que, para a oposición, todo é caos e todo é mal facer, pero os datos son os que son. Señores da oposición, teñan un pouco de respecto pola sanidade galega.

Neste momento estase en plena negociación dos traballadores coa dirección. É unha negociación que non está exenta de tensións, como todas as negociacións, pero vostedes saben que se ofreceu un importante incremento no número de facultativos —doce—, que de momento non se aceptou. E a maiores de todo isto, tamén coincide cunha reestruturación funcional no Servizo de Urgencias do CHUS.

Os servizos de Urgencias son servizos nos que a tensión se respira a diario. A eles acoden doentes en estado de gravidade e hai que darlles resposta e solución aos seus procesos nun tempo axeitado. Afortunadamente, contamos na nosa sanidade con facultativos de excelencia, ben

formados, preparados para recibilos na porta de entrada dos hospitais e de todos os servizos de Urxencias, e non temos ningunha dúbida da gran responsabilidade que soportan a diario.

Pero, señora Solla, non pode vostede botar por terra todo o que se está facendo desde o Servizo Galego de Saúde. Mire: eu non os vou repetir, porque todos escoitamos os datos que nos deu aquí o conselleiro en canto a recursos humanos e materiais, ás melloras e ampliacións que se fixeron nos últimos anos nos servizos de Urxencias de todos os hospitais galegos. Iso, ademais, é fácil de cotexar, están aí para velo. Tráballouse con responsables de varios servizos na creación de protocolos para a atención de varias patoloxías nas que a demora na atención pode ser vital, como é o caso do infarto de miocardio, do ictus e do último que se puxo en marcha, que foi o código de sepsis.

Polo que se refire ao Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago, tampouco vou entrar a dar máis cifras. Isto foi motivo de debates anteriores; hai moito debate, e todos vimos o outro día na Sexta unha persoa que leva vinte anos traballando no servizo cun feixe de contratos, pero tamén todos sabemos que houbo seis OPE de por medio ás que todos nos podemos presentar. Só quero repetir —porque non se pode alarmar, señores da oposición— que o Servizo de Urxencias do CHUS está equipado, tanto en termos profesionais como en recursos materiais, para proporcionar a asistencia urxente que os pacientes demandan coas normas de calidade e seguridade adecuadas. No Hospital Universitario de Santiago o tempo medio de asistencia desde que o doente entra pola porta ata que é atendido por un médico, no ano 2017 foi de corenta e sete minutos. Hai que contar toda a verdade.

¿Que todo se pode mellorar? Pois si. ¿Que todo é mellorable? Tamén, e nese camiño, desde logo, sempre nos van encontrar. Pero, como lles dixen antes, estase en plena negociación. Houbo unha oferta por parte da dirección do hospital de doce traballadores máis para o Servizo de Urxencias, pero non foi aceptada por parte dos traballadores. Os servizos de Urxencias hospitalarias teñen que ser flexibles, capaces de adaptarse aos cambios, e isto só é posible a través de decisións organizativas apropiadas a diferentes niveis e momentos. Cando se produce un incremento da demanda realízase unha adaptación do modelo de asistencia co obxectivo de garantir a atención a todos os pacientes que acoden a estes dispositivos. O Servizo Galego de Saúde dispón de plans de continxencia que recollen a planificación das accións a levar a cabo nos distintos centros.

Señora Solla, nós desexamos que este conflito de folga se resolva o antes posible e que tanto os traballadores como a empresa —empresa, por certo, que defende os intereses de todos os galegos— cheguen a un entendemento no que ninguén saia prexudicado. Porque, señora Solla, finalmente, aquí todas as partes son importantes, pero non esquezamos que a máis vulnerable e a que todos temos que ter presente por riba de todo é a dos doentes.

Só unha cousa, señor Torrado: vostedes teñen a posibilidade de vir á Comisión de investigación de sanidade, igual que toda a oposición. É unha proposición de todos vostedes e vostedes abandonárona; vostedes poderían vir, escoitar e debater cos expertos que acoden a ela.

E, señora Prado, o pobo galego fala; xa falou.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Amigo.

Grupo autor da moción, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Agradecemos o apoio dos grupos da oposición. Imos aceptar a emenda porque, obviamente, nunca está de máis pedir datos, aínda que é bastante obvio que o habitual é que non se faciliten nesta cámara, pero non nos cansaremos de seguir pedido datos e, dende logo, que se faga a planificación en consonancia cos mesmos.

Ben, en algo coincidimos: o máis importante son as persoas doentes, señora Amigo, e o problema é que son as persoas desprotexidas quen pagan sempre os pratos rotos da ausencia de persoal suficiente. Son esas persoas as que están defendendo os profesionais cando se mobilizan. Non basta con agardar que se resolva a folga sen máis; a folga non se vai resolver por xeración espontánea. E dígolle máis: hai dez anos que os profesionais están reclamando melloras no servizo, pero hai fundamentalmente un ano e medio no que xa estas melloras son practicamente perentorias. Xa lles explicamos aquí —varios directores de Procesos Asistenciais antes, porque xa non sei cantas persoas dimitiron no servizo— que os profesionais trasladaran xa, de maneira bastante somera —cunha proporción, cunha comparación con outros centros, cun dossier—, e se aprobara nunha acta nunha xuntanza cales eran as necesidades do servizo, recoñecidas polo, por aquel entón, director de Procesos Asistenciais. E, fundamentalmente, claro que son necesarios profesionais médicos, nós defendemos que o que se ofreceu é absolutamente insuficiente, pero, fundamentalmente, hai un problema coa ausencia de persoal de enfermería, tanto enfermeiros e enfermeiras como técnicas auxiliares suficientes no servizo. O que acontece cando hai poucos profesionais é que as persoas se amorean nos servizos de Urgencias sen ter unha atención axeitada.

Xa lles dixemos aquí, nalgunha outra ocasión, que os profesionais en ningún momento se negaron á reestruturación do servizo, pero que as necesidades de persoal eran necesarias antes da reestruturación do servizo. E despois da reestruturación do servizo aínda se necesita máis persoal, porque se se pretende traballar en equipo —cosa que está moi ben—, hai que ter persoal e equipos completos para poder dar ese servizo. Obviamente, non é suficiente con ampliar fisicamente os servizos de Urgencias; se non hai persoal para ese servizo, o traballo non se pode facer.

Eu xa llelo lin nalgunha ocasión: os datos que dan vostedes de frecuentación e de tempos de atención non son reais, e nalgunha ocasión os profesionais médicos do servizo téñennos escrito dicíndonos e pedíndonos que o conselleiro cambie de asesores, porque os datos que se dan non son absolutamente reais.

Sobrepásase a cantidade de persoas que se deberían atender na franxa horaria, é dicir, que hai máis persoas para atender dos niveis tanto o II e o III —o laranxa e o amarelo— como o verde e o azul —o IV e o V—, e non se pode dar a atención nestas condicións. Polo que nos din e afirman nunha carta —e remato xa—, din: neste Hospital Clínico de Santiago estámonos movendo entre trece e dezasete pacientes de nivel II e III por turno de sete horas, e

entre dezaioito e trinta pacientes de nivel IV e V, moi por enriba do que indica a bibliografía internacional. E dende logo non hai persoal suficiente para atender esa situación.

As folgas —e remato xa—, señora Amigo, non se resolven por xeración espontánea; hai que poñer medios humanos e materiais, tanto aquí como nos puntos de atención continuada, e, dende logo, é o que non se está facendo na maior parte dos servizos. O señor Almuíña debería tomar nota e non sei se sentar dunha vez por todas a resolver a cantidade de conflitos que ten en toda a Consellería de Sanidade. Pero, dende logo, no caso das Urgencias do Clínico, o persoal que se está ofrecendo é claramente insuficiente para dar esa atención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa as seguintes emendas a esta moción.

Emenda de adición.

Débase engadir á parte resolutiva, na letra A, punto 3, o seguinte texto:

<<Igualmente, deberá ser valorado no marco laboral a compoñente de estabilidade no emprego.>>.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto dos puntos 1, 2 e 3 da letra B da parte resolutiva polo seguinte:

<<1. Se aumente o número de inspectores e inspectoras de traballo e seguridade social en Galicia, en consonancia co contemplado no Plan director por un emprego digno, aprobado polo Goberno do Estado. Así como as inspeccións que se levan adiante no sector turístico e que afectan ás condicións das traballadoras.

2. Se inicie e axilice o procedemento de análise das condicións de traballo do sector de cara a posibilitar o recoñecemento da xubilación anticipada en función da natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre, para as traballadoras no sector turístico de hoteis e albergues.

3. Se derroguen as partes máis lesivas da reforma laboral de 2012.>>).

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da súa deputada Cristina Romero Fernández, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1. Demandar do Goberno do Estado que continúe co estudo e as medidas que está levando a cabo en relación ás condicións de traballo que se dan no sector do aloxamento turístico e particularmente nos hoteis, incorporando a perspectiva de xénero.*
- 2. Impulsar o diálogo social entre a patronal e as organizacións sindicais para mellorar a calidade do emprego no sector turístico, con especial fincapé en posibles colectivos en risco por prexuízos de xénero.*
- 3. Reunirse cos representantes do sector turístico, creando un grupo de traballo específico en materia de xénero, que impulse medidas no ámbito da sensibilización, da formación e da aplicación de criterios de contratación que protexan aos colectivos en risco.*
- 4. Solicitar do Goberno do Estado o reforzo do plan de inspección das condicións laborais no sector turístico ao abeiro do Plan Director polo Traballo Digno.»).*

O señor PRESIDENTE: Para formular a moción ten a palabra a señora Quintero.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde.

Debatemos hoxe unha moción a consecuencia da interpelación que trouxemos no pasado pleno, referida ás traballadoras que limpan os hoteis e os albergues —as *kellys*—.

O primeiro que temos que dicir é que, polo menos en canto a actitude, cremos que o PP cambiou un pouco de actitude do pasado pleno a este, que polo menos emendan a nosa moción, e pensamos que se vai chegar a un acordo. Porque a verdade é que non podemos deixar de sinalar o inapropiado das declaracións do conselleiro no anterior pleno. Creemos que mostrou unha falta total de empatía e temos que sinalar que non pode ser que ante unha realidade tan evidente, que puxeron enriba da mesa as propias traballadoras —porque estaban aquí mesmo presentes—, se negara esta realidade sen ningún tipo de pudor. Parécenos totalmente inaceptable que un conselleiro de Emprego fixera as afirmacións que fixo no anterior pleno.

Como xa temos manifestado noutras ocasións, estamos falando dun sector fortemente precarizado, fortemente feminizado tamén, que leva vendo moito tempo como as súas condicións laborais foron empeorando progresivamente, e que o único que están demandando son actuacións decididas por parte da Administración. Exixen unhas mínimas condicións laborais dignas para poder levar unha vida cunha mínima dignidade. Porque entendemos que non é admisible que nun sector como este, tan precarizado, con situacións tan difíciles para chegar

moitas veces incluso á fin de mes, ante unha situación tan inxusta non se estea facendo practicamente nada. Cremos que hai que pórle fin dunha vez por todas á precariedade laboral que viven estas mulleres.

Sabemos —elas mesmas o contan, e están visibilizando e facendo un labor moi importante de visibilizar esta situación— que teñen xornadas de traballo interminables, teñen moitas veces xornadas de traballo sen descanso, están cobrando moitas veces miserias —incluso menos de dous euros e medio por habitación—, moitas veces teñen enfermidades profesionais derivadas da excesiva carga de traballo, teñen que aguantar moitos comentarios totalmente inapropiados nas mutuas —como xa comentamos no pasado debate, é certo que se deu un avance e que por fin se recoñeceron algunhas das enfermidades profesionais que padecen—, e —como dicía— levan demasiado tempo vendo como esta situación vai a peor cada día, como cada día a situación é máis precaria, sen que ningunha administración tomara cartas no asunto.

Por iso hoxe traemos esta moción, porque cremos que non se pode seguir agardando máis, e esperamos que de aquí hoxe saia un primeiro paso para visibilizar, para recoñecer e para que se poñan todas as medidas necesarias para que non vivan esta realidade tan precaria.

Creemos que non é admisible que haxa tantas persoas, especialmente tantas mulleres, que traballan e que non poden chegar á fin de mes, tantas persoas que traballan e que son pobres. Esa é unha realidade xa demasiado ampla no noso país: cada vez hai máis xente con salarios de miseria, con traballos temporais, con inestabilidade, e cremos que é totalmente intolerable. Hoxe falamos dun sector, un sector que está especialmente golpeado non só pola crise, senón que está especialmente golpeado e invisibilizado dende hai moito tempo. Pero é unha realidade xa demasiado ampla e —como di moitas veces o meu compañeiro— xa é unha característica estrutural do mercado de traballo.

E antes de entrar a falar da proposta que traemos hoxe e de falar pormenorizadamente dos puntos que presentamos, queriamos mandarlles dende aquí toda a nosa solidariedade e a nosa forza ás mulleres que están sendo represaliadas e que están sendo despedidas inxustamente por mobilizarse. (*Aplausos.*) Hoxe queremos acordarnos especialmente dunha muller que foi despedida inxustamente do Eurostars Gran Hotel, en Compostela, e que mañá vai mobilizarse xunto con moitas outras compañeiras e xunto con outras moitas persoas que foron despedidas unicamente por mobilizarse e por reclamar unhas condicións dignas.

Como digo, por desgraza, este é un exemplo máis; xa o temos comentado: son moitas as mulleres que denuncian coaccións, son moitas as mulleres que denuncian modificacións no seu posto de traballo para condicións peores cando exixen unha mínima mellora, son moitas ás que non se lles renova o contrato temporal despois de aparecer nunha concentración ou nunha mobilización, son moitas as que, por desgraza, non poden volver traballar nesa cadea cando o único que exixen é un salario minimamente digno. Cremos que —como dicía— a situación é totalmente insostible.

A nosa moción ten varios apartados. Por unha banda, cremos que unha das primeiras cousas que hai que facer neste sector —e en xeral— é escoitar e coñecer o sector de primeira man.

Creemos que quedou patente coa intervención do conselleiro que a Xunta de Galicia descoñece profundamente o que está acontecendo dentro deste sector; ou descoñéceo ou ben mente sen ningún tipo de pudor. Queremos pensar que o descoñece, e, por iso, o noso primeiro punto é buscar e profundar nos estudos en materia de saúde laboral e en materia de seguridade laboral para avaliar a fondo as condicións que se están a dar nestes momentos no traballo dos hoteis e dos albergues. Creemos que non é admisible que haxa mulleres —e son moitos os testemuños que nos contan— que van traballar con analxésicos. Creemos que non é un caso illado; é unha situación que xa é demasiado xeral, que pasa moitas veces, e creemos que tamén hai que avaliar por que está acontecendo isto e facer un estudo en profundidade.

Por outra banda —como dicía—, creemos que é importante escoitar o sector e coñecer de primeira man cales son as súas demandas e cal é a súa situación. Por iso, un punto é impulsar o diálogo social, porque creemos que non pode ser que a patronal continúe sen escoitar; ten que sentar e escoitar as organizacións sindicais. Ten que dicir que basta, que non pode ser que sigan enriquecéndose á custa de explotar cada vez máis as traballadoras. Por iso creemos que estes dous puntos son unha primeira base para coñecer a situación e para melloralala.

Por outra parte, creemos que as axudas públicas non poden ser un cheque en branco. Como temos dito tamén en moitos outros sectores, negámonos a que o diñeiro que é de todas vaia a determinadas empresas que explotan, a determinadas empresas que teñen expedientes da Inspección de Traballo, que teñen delitos contra a seguridade e saúde das traballadoras. Creemos que as subvencións non poden ser nunca máis un cheque en branco, hai que pór algún tipo de medida de control para que as subvencións públicas vaian ás empresas que, polo menos, manteñen as condicións laborais minimamente dignas e que non explotan as súas traballadoras.

Por outra parte, tamén creemos que é importante visibilizar, porque é verdade que é unha realidade que está saíndo á luz, pero que aínda está moi invisible en moitos sectores da poboación. Por iso creemos que a creación dun selo de calidade para determinados hoteis axuda a combater a precariedade, porque sabemos que moita xente prefere ir a un hotel que non explote, que non precarice. Porque hai moita xente que non quere pagar catrocentos euros por unha habitación e saber que esa traballadora está cobrando menos de dous euros e medio á hora —catrocentos igual é un pouco moito, pero tampouco cobrar douscentos euros por habitación e saber que hai traballadoras con salarios de miseria—. Por iso, creemos que a creación deste selo, que non se puxo en marcha pero xa se aprobou noutras zonas do país, pode ser positivo para visibilizar como está a situación dos diferentes albergues.

Por outra banda, creemos que é fundamental avanzar no tema das inspeccións de traballo. Tamén é unha cuestión moi recorrente: dise que non hai inspeccións suficientes, que moitas veces se avisa das inspeccións, que hai un montón de condicións que son totalmente ilegais que están pasando desapercibidas... E por iso creemos que hai que aumentar as inspeccións de traballo, e os inspectores de traballo demandar ao Goberno central para que así o faga. E, dende aquí, obviamente, presionar para que isto pase.

Despois —como dicía—, os ritmos infernais que viven estas mulleres carreamo moitos problemas de saúde e moitas enfermidades profesionais, por iso creemos que reducir a idade de

xubilación ou estudar cales poden ser os motivos para que se rebaixe a idade de xubilación tamén é unha cuestión moi necesaria. E cremos que tamén o Goberno central debe escoitar esta reivindicación, que é moi básica, porque hai moitas mulleres que non poden seguir exercendo o seu traballo por esta excesiva carga laboral.

E, por último —que é o último punto pero non o menos importante, eu diría que o principal, porque vai á raíz, porque fala deste sector pero fala de todos os sectores de traballadores e traballadoras do noso país—, derrogar as reformas laborais. Porque temos que ir á raíz do problema, porque as reformas laborais non conseguiron crear máis e mellor emprego —como tantas veces se dicía—; o único que conseguiron é abaratar dereitos, abaratar salarios e abaratar despedidos. Creemos que hai que acabar coas reformas laborais; sabemos que nestes puntos non hai acordo, pero a nós parécenos fundamental que se revise e que fagamos unha avaliación. Anos despois da implantación das reformas laborais, todas esas cuestións que se dicía que ían permitir as reformas laborais, ¿onde están? ¿Onde está todo ese maior emprego e emprego de maior calidade? Todo o contrario.

E, por suposto, as reformas laborais van da man da externalización dos servizos, e —como temos dito tamén en moitos outros sectores— a externalización favorece que as traballadoras teñan aínda peores salarios, favorece que teñan moitísima máis inestabilidade, que as empresas teñan moitísima máis facilidade para despedir as traballadoras e para que anden rotando constantemente, e que se descolguen do convenio colectivo. Nós cremos que ir á raíz do problema, acabar con estas reformas laborais, é —digamos— o primeiro dos pasos.

Como digo, esta moción é un primeiro paso. Seguramente farían falta moitísimas máis cuestións, seguramente non é este o único sector. Hoxe falamos deste sector porque cremos que é un sector especialmente vulnerable que, ademais, está visibilizándose e mobilizándose e que leva moitos anos sendo silenciado, pero cremos que hai moitos sectores en precario no noso país. Esperamos e pensamos que hoxe van darse algúns pasos. Creemos que o único que están exixindo son condicións laborais minimamente dignas; é totalmente asumible, e estas mulleres non teñen por que seguir traballando con estas condicións de miseria.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

En primeiro lugar, dende o Grupo Socialista queremos recoñecerlles e agradecerlles a elas, ás que loitan, ás que limpan, ás camareiras de pisos, ás *kellys*, que o turismo bate récords grazas ao seu bo labor, pero sobre todo por traer a esperanza a miles de traballadoras, para quen son un grande exemplo na súa loita. (*Aplausos.*)

Os bos datos do turismo contrapóñense á realidade diaria das traballadoras do sector, que ven como empeoran as súas condicións laborais e como van aumentando as súas cargas de traballo.

Para nada compartimos o modelo de turismo do Partido Popular. Entendemos que se debe actuar de forma urxente, de xeito que a industria turística galega deba ser considerada como un sector estratéxico da nosa economía, reforzando a cohesión, pero creando emprego de calidade.

Coincidimos plenamente na descrición das condicións nas que se atopan as traballadoras do sector feita pola señora Quinteiro. En Galicia existen ao redor de tres mil camareiras de pisos que se ven afectadas polos procesos de externalización polos que as cadeas hoteleiras poden subcontratar empresas de multiservizos que devalúan, en moitas ocasións, os salarios destas traballadoras, situación que influirá á hora da súa pensión de xubilación. A este traballo, que xa de por si require un grande esforzo físico, haille que engadir a gran carga de traballo e a explotación laboral á que se ven sometidas estas mulleres.

Este traballo físico durante toda a xornada xera unha tensión permanente para sacar a produción adiante e somete as traballadoras a un risco ergonómico e a un risco psicosocial permanentes. Prodúcese, ademais, todo tipo de lesións musculoesqueléticas, estrés e ansiedade, que en moitos casos xeran incapacidade temporal e enfermidades profesionais. Moitas delas —como ben se dixo aquí— médicanse a diario para soportar a dor e poder afrontar unha dura xornada de traballo.

E aquí quero facer un alto, porque —como xa dixen en máis dunha ocasión— non é igual que gobernen uns ou que gobernen outros. O Ministerio de Traballo de Pedro Sánchez recoñeceu o 31 de agosto deste ano como enfermidades profesionais un grupo de afeccións que sofre este colectivo, como, por exemplo, a síndrome do túnel carpiano ou a bursite, todas elas patoloxías producidas por movementos repetitivos, por vibracións transmitidas ás mans producidas polo manexo de aspiradoras, enceradoras e fregadoras, entre outras.

Ademais, o Goberno de Pedro Sánchez establece un código propio para as camareiras de piso na clasificación nacional de ocupacións, o que dotará dunha maior autonomía na fonte estatística e permitirá un seguimento máis preciso das enfermidades profesionais e accidentes laborais no sector. O Goberno de Pedro Sánchez escoitou as reivindicacións, unha vella demanda histórica deste colectivo, a diferenza do señor Rajoy, que se negou en reiteradas ocasións a recibir unha representación deste colectivo e só accedeu a entrevistarse con elas por petición dunha deputada de Coalición Canaria. ¿E saben cando? Cando estaban a negociar os orzamentos do Estado para o 2018. Casualidades que ten a vida. Por iso, non, señorías, non; non é igual que gobernen uns a que gobernen outros. (*Aplausos.*)

Estamos de acordo en que aínda hai moito camiño por percorrer, e estamos de acordo na meirande parte do espírito resolutivo da proposición non de lei presentada por En Marea, pero presentamos unha serie de emendas que entendemos que poden precisar un pouco máis as peticións.

Estamos de acordo en que se pida un aumento de inspectores e inspectoras de traballo, en consonancia e aproveitando o Plan director por un emprego digno, aprobado tamén polo Ministerio de Traballo. O Goberno de Pedro Sánchez aprobou este plan director a finais de xullo deste ano, e inclúe setenta e cinco medidas para recuperar dereitos laborais e para loitar contra a fraude laboral. Unha destas medidas é a incorporación de oitocentas trinta e tres novas prazas na Inspección de Traballo ata o 2020 e a inxección de trinta millóns de euros durante os dous próximos anos; hai que ter en conta que Galicia, a principios de 2018, contaba cun dez por cento menos de efectivos na Inspección de Traballo que en 2009.

No tocante á xubilación anticipada, a emenda vai no sentido —como vostedes ben saben— de que se trata dun procedemento regrado, non discrecional, regulado tanto no texto refundido da Lei da Seguridade Social como no Real decreto que establece o réxime xurídico e o procedemento para establecer coeficientes redutores e anticipar a idade de xubilación no sistema da Seguridade Social. Claro que ogallá fora máis fácil e mañá mesmo as traballadoras do sector puideran acceder a esa xubilación anticipada, pero por iso nós presentamos a emenda no sentido de que se inicie e axilice ese procedemento de análise de cara a conquistar esta xubilación anticipada.

E no tocante á reforma laboral —e vou rematando, presidente—, cremos dende o Grupo Socialista que, derrogando os aspectos máis lesivos da reforma laboral de 2012 —e con vontade política, como se está a ver por parte do Goberno socialista en Madrid—, se poden dar pasos importantes para recuperar dereitos laborais perdidos, sobre todo naqueles aspectos relacionados coa negociación colectiva.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario Popular, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todos e a todas.

Vaia por diante a nosa preocupación e sensibilidade coa situación laboral das mulleres que traballan como camareiras de piso. Pero vostede está a trasladar a Galicia unha casuística e unha problemática que se está producindo con intensidade noutras comunidades autónomas onde hai unha industria turística máis potente e vinculada ás grandes cadeas hoteleiras e onde as asociacións das *kellys* levan máis anos organizadas; estou a falar de Madrid, Baleares, Canarias, Cataluña... En Galicia o tamaño medio das empresas turísticas é moito máis pequeno. E con isto, señora Quinteiro, non estou a negar as situacións abusivas das denuncias destas traballadoras, non, porque nos dá igual que sexan tres que trescentas; mentres haxa unha cunhas condicións de traballo abusivas hai que actuar, e que quede claro. *(Aplausos.)* Por iso, alégrome moito de que puideramos chegar a acordo, sobre todo nos puntos nos que a elas lles incide directamente.

Cómpre recordar que, nesta actuación, o primeiro en actuar foi o presidente Rajoy o 5 de abril de 2018. Daquela, o señor Sánchez nin imaxinaba que ía ser presidente do Goberno apoiado polos anticonstitucionalistas. (*Murmurios.*) O presidente Rajoy: si, o que recibiu, escoitou, se comprometeu coas *kellys* e coas melloras das súas condicións, e que constituíu a Mesa pola calidade do emprego do sector da hostalería para tratar as cuestións que as afectan, como a estabilidade do emprego, a formación, o regulamento do tempo de traballo e a seguridade e a saúde laborais. Neste ámbito, a Xunta, sen ter competencias, incorporouse a esta mesa de traballo para analizar en profundidade as enfermidades profesionais que as afectan e para avanzar na prevención das mesmas, e grazas a esta iniciativa e a esta actuación do presidente Rajoy teñen recoñecidas lesións nas mans e brazos como enfermidades profesionais, así como a valoración doutras doenzas que padecen e que teñen unha orixe profesional.

O conselleiro, no pasado pleno, si que recoñeceu que hai que mellorar as súas condicións e deu conta das medidas que se están tomando, como a elaboración dunha guía práctica para elaborar os riscos ergonómicos e psicosociais de cara ao sector da hostalería, e mesmo describiu o plan de traballo específico do Issga para o ano 2019 referente a este sector.

Con respecto á Inspección de Traballo, o conselleiro tamén lles anunciou que o próximo ano fará un seguimento moi especial das condicións laborais e contratación destas traballadoras, e con especial atención ás traballadoras cedidas polas ETT e polas empresas multiservizos. Porque a Inspección de Traballo en Galicia actúa, señorías, e aí están os datos de 2017: aflorou a Inspección catro mil trescentos empregos —unha media de doce empregos ao día— e forzou á conversión en indefinidos de 4.859 contratos temporais. Por iso, emendamos para reforzar esta inspección de traballo e facemos nosa e aceptamos a redacción do Partido Socialista para aumentar os inspectores e as inspeccións en Galicia.

E emendamos tamén outros puntos co fin de facilitar a súa implementación en aras a chegar a un consenso, como impulsar o diálogo social entre a patronal e as organizacións sindicais para mellorar a calidade do emprego no sector turístico, con especial fincapé en posibles colectivos con prexuízos de xénero; a creación dun grupo de traballo específico en materia de xénero con representantes do sector turístico que impulse medidas no ámbito da sensibilización, da formación e da aplicación de criterios de contratación que protexan os colectivos máis vulnerables, e que se incorpore a perspectiva de xénero no estudo que se está a elaborar en materia de saúde laboral, así como nas medidas que se están levando a cabo en relación coas condicións de traballo que se dan no sector do aloxamento turístico, e particularmente nos hoteis, porque é nos hoteis onde hai a problemática, e non nos albergues, señora Quinteiro.

Votaremos a favor do PSdeG se se acepta a emenda —tal como acordamos— para axilizar o procedemento de análise das condicións de traballo de cara a posibilitar o recoñecemento da xubilación anticipada. Non podemos aceptar que se condicionen as axudas ás inspeccións laborais pola súa complexidade e inoperatividade, e porque se daría unha situación moi inxusta con aquelas empresas que non foron inspeccionadas. Porque vostede sabe moi ben que non se pode chegar á inspección do cen por cento dos establecementos.

Respecto dos selos de calidade, non se poden crear ad hoc para cada obxectivo concreto, e moito menos para cuestións de obrigado cumprimento que se presupoñen, como está a pedir, señora Quinteiro, xa que estes selos perderían todo o seu sentido e mesmo o seu valor como recoñecemento internacional. O que si podemos facer é pedirlle ao Instituto para a Calidade Turística de España que impulse criterios de igualdade e atención a colectivos susceptibles de estar en risco de prexuízo de xénero, como poden ser as *kellys*, nas certificacións de calidade de empresas. Lamento que non aceptara esta transacción.

E non podo aceptar a valoración que fan do mercado laboral galego, señorías, porque a EPA demostra que as mulleres en Galicia están mellor que no conxunto do Estado —e deu conta tamén o conselleiro—; e é que en Galicia mellorou a calidade do emprego das mulleres dende o ano 2009.

E, respecto á vinculación da temporalidade co sector turístico —e remato, señor presidente—, non está directamente relacionada a temporalidade coa situación das *kellys*; a temporalidade no sector turístico está directamente relacionada coa estacionalidade. Por iso, encontrámonos con que en Madrid, Baleares, Canarias, Cataluña..., cun fluxo turístico moitísimo máis estable ao longo do tempo teñen máis estabilidade neste sector; e, sen embargo, as *kellys* teñen unha situación moitísimo máis conflitiva da que temos en Galicia.

E, por outra banda, é curioso ver como en comunidades historicamente e potencialmente turísticas como Andalucía se dan as dúas ratios: ten moita máis temporalidade da que temos en Galicia...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...e unha situación conflitiva coas *kellys*.

O modelo turístico de Galicia nada ten que ver co que vostedes pregoan. O turismo en Galicia, señorías, é unha actividade moi positiva, e sábeno ben os cento trinta e oito concellos polos que discorren as rutas xacobeas, e sábeno ben as comarcas e xeodestinos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...como Os Ancares, O Courel, Deza-Tabeirós, Verín-Viana... Zonas menos desenvolvidas turisticamente que teñen un enorme potencial e que incrementaron significativamente a chegada de novos visitantes. E sábéo ben a provincia de Galicia que non ten mar, Ourense, que foi a provincia —remato, presidente— onde máis medraron os viaxeiros, un cinco por cento máis.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Remate, por favor, señora Romero.

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ¿Pero por que destaco estes destinos? As políticas de desestacionalización e diversificación dos fluxos turísticos permiten acadar que o sesenta por cento dos visitantes...

O señor PRESIDENTE: ¡Remate, por favor!

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...que chegan a Galicia —remato, señor presidente— o fagan...

O señor PRESIDENTE: ¡Remate xa! ¡Pero mire o reloxo!

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: ...fóra da tempada media e baixa.

O señor PRESIDENTE: ¡Mire o reloxo, por favor!

A señora ROMERO FERNÁNDEZ: Remato, señor presidente. Xa vin o reloxo.

Moitísimas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: A este paso non saímos de aquí ata mañá.

Grupo autor da moción, señora Quinteiro. (A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¡O Bloque ten algo que dicir!)

Perdón, é que xa... claro, xa sei. Quería abreviar algo pero é imposible. ¡É imposible! (*Murmurios.*)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Aínda queda no dereito do BNG poder intervir. Aínda que queira vostede abreviar, señor presidente, imos exercer... (*O señor presidente pronuncia palabras que non se perciben.*) Seino, seino, era brincadeira, que aínda nos queda tamén humor nesta cámara.

Unha cuestión previa: este pinchacarneiro que acaba de facer a deputada do Partido Popular é algo que é habitual dentro desta cámara, que é intentar ligar a defensa dos dereitos laborais a unha crítica ou a un ataque a un sector económico ou a unha empresa en concreto; neste caso, poñer enriba da mesa os dereitos laborais das traballadoras que se encargan do servizo de limpeza dos hoteis, das coñecidas popularmente como *kellys* e pretender presentalo como un ataque ao sector do turismo. En todo caso, e como temos defendido moitas veces desde o BNG, o que non pode é imperar o monocultivo en termos económicos e de desenvolvemento económico dos territorios única e exclusivamente visto desde un ámbito ou un sector.

Nós imos apoiar a batería de propostas que recolle a moción de En Marea, e ímolo facer tamén nesa transacción á que parece que chegaron os distintos grupos. Estamos absolutamente de acordo co que se formula; tamén, en parte, estamos de acordo coa lectura que facía agora a voceira do Partido Popular: é certo que en Galiza non temos a realidade que si que existe noutros territorios dentro do Estado; non é o caso de Canarias, Levante ou Cataluña, onde o nivel ou a porcentaxe de externalización do servizo atinxe xa, en moitos casos, máis

do setenta por cento. Agora están facéndose con esa parte do traballo de limpeza das distintas habitacións dos hoteis e de espazos comúns dentro dos hoteis empresas multiservizos, iso é unha realidade que se está a xeneralizar e que se está a estender polo conxunto do territorio, tamén como resultado da aplicación desas reformas laborais, especialmente da reforma laboral do ano 2012, porque esa externalización do servizo cara a empresas multiservizos —valla a redundancia— tamén se ten demostrado que se produciu a partir, sobre todo, desa reforma laboral do ano 2012.

É certo que, na Galiza, o grao de externalización é de máis do vinte por cento —entre o vinte e o trinta por cento—; que na súa maioría aínda opera aquí o convenio colectivo; que moitas das traballadoras están en plantilla dentro das empresas, o que non quere dicir —por iso estamos absolutamente de acordo coa batería de iniciativas que recolle a moción— que non estean a acontecer irregularidades, que non se estean a vulnerar dereitos laborais no sector turístico do noso país, e, no que ten que ver no concreto coa situación das traballadoras que coñecemos —xa digo— popularmente como as *kellys*, que están producíndose excesos de xornada; que hai mulleres que están contratadas a media xornada, pero que logo traballan xornada completa, ou que hai moitas que, valéndose desas reformas laborais e externalizando servizos están tamén a descolgarse dese convenio colectivo do que falaba tamén a señora Quinteiro, e que, se antes percibían novecentos euros, agora pasan a cobrar menos de setecentos por desenvolver ou facer o mesmo traballo.

Estamos absolutamente a favor, concordamos con esa loita de recoñecemento das enfermidades profesionais que agora mesmo non están —ou até o de agora non estaban— recoñecidas, con eses coeficientes redutores que tamén se propoñen para garantir o acceso a unha pensión digna de moitas mulleres, que ademais por razóns físicas e pola sobrecarga de traballo que sofren non poden, en moitos casos, nin sequera acceder cando deberían a unha pensión que lles permita vivir dignamente, sobre todo nun país —insistimos sempre— como o noso, que percibimos as pensións máis baixas de todo o Estado.

Nós cremos que non fai falta que se xeneralice a situación, como acontece en territorios como Canarias, Levante ou Cataluña. Non é preciso que se xeneralice esa situación no noso país para que se actúe; sobre todo, para que se preveña e se combata.

Simplemente, antes de rematar o tempo, unha cuestión que vén ao fío tamén do que se falaba pola mañá respecto da responsabilidade social corporativa, da responsabilidade social das empresas: parécenos ben crear selos de calidade que recoñezan que as empresas cumpren co que é ou debería ser un dereito laboral garantido, pero é que cumprir coas condicións de traballo dignas e cos dereitos laborais das traballadoras e dos traballadores non debería premiarse cun selo, senón que debe ser —e así aparece ademais, se se cumprixe coa lexislación en materia laboral en moitos casos— garantido, porque son dereitos humanos; os dereitos laborais tamén, e non merece ningún recoñecemento especial, polo tanto, que se vele polo seu cumprimento.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo autor da moción, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

A verdade é que a sensibilidade non se demostra dicíndoo. Eu, a verdade, vólvoo repetir, e pediría que volveran escoitar con atención o discurso do conselleiro de hai quince días; para nós foi totalmente inadmisible. É verdade que o seu discurso non foi o mesmo, pero o discurso do conselleiro de hai quince días para nós foi insultante coa realidade que viven as traballadoras, empezando polo que xa mencionou tamén a voceira do Bloque Nacionalista Galego: falar da situación das traballadoras do sector turístico non é criticar o turismo nin é criticar o sector do turismo en abstracto. Cremos que facer esa vinculación é bastante oportunista e que non se corresponde coa realidade.

E, despois, un primeiro apuntamento: a verdade é que cansa bastante que, cada vez que temos debates —ultimamente moito máis, dende que cambiou o Goberno do Estado—, haxa sempre durante a metade ou máis da intervención un intercambio de reproches e alegatos en favor do que fai un goberno ou outro. A verdade é que, se o Partido Popular e o Partido Socialista fixeran en todos estes anos o que se tiña que facer, non estaríamos debatendo esta cuestión. Pero, como digo, é bastante canso que se utilicen estes debates de maneira bastante partidista.

Nós fixemos un esforzo por chegar a unha transacción e alegrámonos de que se chegara a este acordo, porque cremos, por unha parte, que visibiliza que hai un acordo neste parlamento con que hai un problema, un problema que se negaba hai quince días, e tamén hai un mes; a hemeroteca é moi valiosa e tamén poderemos recordar o debate que tivemos na Comisión de Industria. Eu alégrome de que agora decidiran cambiar de opinión, que decidiran cambiar de actitude, que acepten que hai un problema e que hai que tomar medidas, pero tamén é verdade que non podemos deixar de sinalar que nos parece bastante triste que algunhas propostas de grande importancia quedaran fóra: non entendemos que non acepten condicionar as subvencións a algo tan básico como cumprir coas condicións laborais mínimas. O seu argumento non é válido, porque mentiu: non é que teñan que ter todas as inspeccións, senón inspeccións con sancións das que xa fixeron, obviamente, das que teñen feito e están condenadas e teñen delitos contra a seguridade e a saúde. Non é en abstracto para todas.

Despois —non teño tempo—, respecto á creación do selo: tamén é posible. Non diga que non é posible porque se está a pór en marcha ou se aprobou noutros sitios. O que fai falta é vontade política, que cremos que é o que non hai.

E, despois, como dixen na miña primeira intervención: para nós é fundamental o das reformas laborais. Non é algo secundario, porque digamos que vai á raíz do problema da precariedade laboral do noso país. Non vou volver incidir porque xa o expliquei na miña primeira intervención, pero tamén por acabar completándoa: a pesar de que sexa unha realidade con menor incidencia que noutras zonas, iso non quita que a tendencia que hai neste sector é negativa. É verdade que vostede tamén o mencionou, e van votar a favor, entón entendemos que son conscientes de que hai un problema, pero está acontecendo: hai mulleres que están quedando fóra do convenio colectivo, e, claro, se estivésemos falando de mulleres cuns sa-

larios decentes... Pero é que moitas das mulleres que están co convenio teñen salarios de miseria e, aínda por riba, as que quedan fóra do convenio colectivo, ¡que están cobrando miserias! Miserias coas que non se pode vivir, coas que non se pode chegar á fin de mes, coas que non se pode pagar un aluguer. Entón, é totalmente inadmisibile, por suposto. Queremos volver incidir en todo o recoñecemento, porque cremos que é fundamental a loita que están facendo a pesar de todas as xornadas de traballo interminables.

O tema das enfermidades profesionais a nós parécenos fundamental, porque non pode ser o que acontecía ata hai pouco tempo —como dicía, verbalización delas mesmas— de mulleres que chegaron a mutuas e que lles dixeron...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que o problema era que tiñan menopausa ou que era unha muller maior. Iso non pode acontecer; obviamente, está vinculado con esta excesiva carga de traballo. Como digo, alegrámonos deste primeiro paso, lamentamos que cousas moi importantes queden fóra, pero seguiremos insistindo noutras ocasións.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Rematado o debate das mocións, procedemos as votacións.

Pechen as portas, por favor.

Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Patricia Vilán.

Non se presentaron emendas.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Vilán Lorenzo, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos proxectos de instalacións de xestión e tratamento de residuos, así como coas instalacións xa existentes.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Noa Presas.

Non aceptou as emendas, pero ela ofertou unha votación por puntos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Hai un cambio? Entón xa nos explicará cal é o cambio.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Aceptamos o punto 1 do PP e o punto 2 de En Marea, substituíndo os nosos puntos 1 e 2, e pedimos a votación por puntos —que pide algún grupo— e votaríamos separadamente o 1, o 3 e o 4, e o 2 e o 5. Nós entendémonos aínda que pareza que non. (*Risos.*)

(*Un señor deputado: Está negociando.*)

O señor PRESIDENTE: O 1, 3 e 4...

(*Un señor deputado: Non.*)

Por favor, que fale ela, así entendo.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: O 1; separadamente, 3 e 4, e, finalmente, 2 e 5. Serían tres votacións: punto 1, puntos 3 e 4 e puntos 2 e 5.

O señor PRESIDENTE: Coas matizacións que xa explicou antes vostede.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si.

O señor PRESIDENTE: ¿Está así entendido?

Entón votamos os puntos por separado.

Votamos, en primeiro lugar, o punto 1.

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado por 71 votos a favor o punto 1 desta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora os puntos 3 e 4.

Votación dos puntos 3 e 4 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 3 e 4 desta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos os puntos 2 e 5.

Votación dos puntos 2 e 5 do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto que está a ter en Galicia a suba constante do prezo da electricidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 39; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 2 e 5 desta moción.

O señor PRESIDENTE: E agora votamos a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Eva Solla.

Acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Eva Solla Fernández, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa dotación de medios humanos e materiais dos servizos de urxencias dos centros hospitalarios.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a moción do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Paula Quinteiro.

Hai unha transacción que me fixeron chegar. Coñecen todos os grupos a transacción; entón, obvio a súa lectura. (*Escóitanse palabras que non se perciben.*) Perdón, a transacción teño que explicala porque entón é máis complexa.

Son dous apartados: apartado A e B. Dentro de cada apartado hai puntos. No primeiro apartado, no A, votariamos, en primeiro lugar, os puntos 1, 2 e 5, e despois os puntos 3 e 4.

Agora comezamos votando os puntos 1, 2 e 5 do apartado A.

Votación dos puntos 1, 2 e 5 da alínea A do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por 71 votos a favor os puntos 1, 2 e 5 da alínea A desta moción.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora os puntos 3 e 4.*

Votación dos puntos 3 e 4 da alínea A do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os puntos 3 e 4 da alínea A desta moción.

O señor PRESIDENTE: *O apartado B ten tres puntos.*

Votamos en primeiro lugar os puntos número 1 e 2.

Votación dos puntos 1 e 2 da alínea B do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados por 71 votos a favor os puntos 1 e 2 da alínea B desta moción.

O señor PRESIDENTE: *E votamos agora o punto número 3.*

Votación do punto 3 da alínea B do texto transaccionado da Moción do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D^a Luca Chao Pérez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas condicións laborais das mulleres que traballan limpando pisos, hoteis e apartamentos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 da alínea B desta moción.

O señor PRESIDENTE: Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto 4, que se corresponde co de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Raquel Arias Rodríguez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, no que atinxe aos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Olalla Rodil Fernández, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a reclamar diante do Goberno español a adopción das medidas necesarias que permitan o exercicio do dereito a voto do persoal embarcado na frota pesqueira de altura, grande altura e da mariña mercante.»).

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a solicitar dos grupos políticos presentes no Congreso dos Deputados, e no marco dos traballos que está a rematar a Subcomisión para a reforma electoral creada no seo da Comisión Constitucional, o acordo para a modificación urxente da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos artigos referidos ao exercicio do voto polos españois residentes no exterior, para que poidan exercer o seu dereito a voto coas mesmas garantías que os residentes no territorio español, eliminando a solicitude (rogo) do voto, combinando todas as

posibilidades de participación electoral que sexan posibles e simplificando o procedemento en beneficio da eficiencia e a axilidade.»).

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Esta iniciativa fala da igualdade de todas as galegas e galegos, independentemente de onde vivan, á hora de exercer o seu dereito a voto, e así participar na elección dos seus representantes políticos con igualdade de garantías, coas mesmas garantías. Fala, en definitiva, de que os galegos que viven no estranxeiro poidan exercer ese dereito de forma áxil, segura e transparente, algo que vén reflectido na Constitución —que, por certo, esta semana estamos a celebrar o seu corenta aniversario—, pero tamén no Estatuto de autonomía de Galicia.

Con esta iniciativa, dende o Grupo Popular pedimos que os españois, que os galegos que non viven en España, poidan achegarse a este proceso electoral da maneira máis similar posible á que o facemos os que vivimos en Galicia e os que viven en España. E para iso é imprescindible, en primeiro lugar, eliminar o sistema de voto rogado; establecer fórmulas para que os residentes no exterior poidan votar de forma sinxela, e que o fagan coas máximas garantías, e desbotar calquera opción que implique dúbidas sobre a validez dos votos e a limpeza de todo o proceso; isto é, desbotar totalmente voltar ao sistema anterior á reforma do 2011.

Non vou dedicar moito tempo aquí a explicar cal é a situación actual, posto que todos vostedes a coñecen, pero si que vou facer uns apuntamentos para contextualizar esta iniciativa. A reforma da Lei orgánica de réxime electoral xeral, de 2011, impulsada polo Goberno socialista de Zapatero, nace coa idea de eliminar a fraude no voto chegado do exterior que estaba pasando co anterior sistema e que estaba sendo denunciada por todos. Así, modifícase o artigo 75 da LOREX e métese o sistema de rogar o voto, coñecido como o sistema de voto rogado: un sistema que era máis fiable, si, pero que tiña unha complexidade tal que pasa factura ao noso sistema democrático, e votar convértese, dende ese momento, para os que residen fóra de España, nunha verdadeira carreira de obstáculos.

En Galicia, nos últimos comicios de 2016, este sistema afectou a catrocentos corenta e seis mil galegos que vivían fóra de España. En concreto, o actual sistema implica que aqueles que vivan no estranxeiro e que queiran participar nas eleccións autonómicas, nas eleccións xerais ou nas europeas teñen que solicitar o voto a través do consulado, enviando un formulario á xunta electoral correspondente —vía correo, fax ou Internet—, e agardar logo que a Xunta Electoral aprobe o rogo e lles devolva toda a documentación. Unha vez recibida esa documentación, depositar o voto no consulado correspondente, ou ben facelo por correo.

Polo tanto, o voto rogado, o voto que hai agora mesmo, é un sistema cunha enorme carga burocrática que require moito esforzo para aqueles que queren exercer o seu dereito a votar e que depende en exceso do funcionamento dos servizos postais dos respectivos países. Non lles quero contar o que teñen que pasar os que viven en países como Cuba ou Venezuela. *(Risos.)*

Dende o primeiro momento, as protestas dos emigrantes foron continuas: pola sucesión de trámites a cumprimentar, polo axustado dos prazos ou porque as papeletas non chegan a tempo neses países onde os sistemas de correos funcionan deficitariamente, e tamén por todos os trámites que hai que poñer en marcha. En resumo, unha odisea para todo aquel que queira exercer este dereito.

¿E cal é o resultado de todo isto? Pois unha caída drástica da participación do voto do exterior dende a reforma de 2011. Imos poñer uns datos sobre a mesa: nas eleccións xerais de 2008, en España votou o 31,88 por cento dos cidadáns con dereito a voto censados no CERA; nas eleccións xerais de 2016, o 8,78 por cento solicitaron o voto, e deles só votaron o 6,30 por cento. Iso en España, pero en Galicia os datos son aínda máis preocupantes: no 2009 a votación era do 22,6 por cento —nas autonómicas—, e nas do 2016 —nas xerais— foi do 2,41 por cento. Se estes datos son alarmantes, preocupante é tamén que houbo nove mil galegos que solicitaron o voto, e que ao final non chegou o seu voto, non puideron exercer ese dereito.

Á vista do datos, é obvio que o sistema de voto rogado non está cumprindo a súa función: favorece unha maior abstención pola lentitude e pola complexidade do proceso, incluso moitas veces pola imposibilidade material de votar. É por iso que, a pesar da reforma de 2011, a colectividade segue pedindo que se adapte unha normativa o máis similar posible á que temos aquí en España, e que poida facilitar tamén esa intervención, esa participación na elección dos seus representantes, os seus representantes dun país no que están moi integrados, no que teñen uns lazos emocionais, persoais, territoriais, sociais, culturais, económicos dos que non se queren desvincular; uns vínculos que son bos para eles e para nós e que están a xogar un papel determinante tamén no reto demográfico.

O Partido Popular de Galicia ten manifestado, de forma reiterada, o seu compromiso a favor da reforma da LOREX cara a un sistema de voto áxil, seguro e transparente, e imos explicar un pouco cal sería a nosa proposta.

En primeiro lugar, eliminar o sistema de voto rogado e pasar a un sistema de depósito en urna como sistema xeneralizado, e para iso habería que aumentar, con respecto ao que é actualmente, o depósito de voto, os lugares de depósito de voto, contando tamén, ademais dos consulados, cos consulados honorarios, as casas rexionais, as casas de España, o Instituto Cervantes ou outros centros habilitados e atendidos por funcionarios do Estado español.

Os votantes do exterior deberán dispoñer das papeletas que lles cheguen ata alí, e poden dispoñer por distintos sistemas —habería que ver—. Propoñemos que pode ser, por exemplo, a través dos partidos, baixándoas de Internet, a distribución nas propias mesas electorais, ou mesmo poder utilizarse papeletas en branco nas que cada un poida escribir a súa opción.

Manteríase o voto por correo, o voto rogado como está agora mesmo, iso si, para aqueles casos de imposibilidade material de facelo doutra maneira. Por exemplo, para os que están enfermos, impedidos, os que están de viaxe ou ben aqueles que viven en países onde as distancias son moi longas e hai unha colectividade pequena nunha zona alonxada, o que non permitiría poder situar unha urna.

Polo tanto, a eliminación do voto rogado como sistema xeneralizado.

En segundo lugar, que se faga chegar a documentación aos países do exterior con maior antelación.

En terceiro lugar, ampliar os días de votación, que actualmente son tres, pasando a sete, e collendo dúas fins de semana, para que desta forma puideran ir votar con máis facilidade aquelas persoas que están traballando e, ademais, o puideran facer nun fin de semana ou no outro.

E, en cuarto lugar, actualizar permanentemente o CERA, porque, desta maneira, nunca deixaríamos atrás persoas que estarían en condicións de votar, pero, ao non estar actualizado o censo, non o poden facer.

Estes son os detalles da nosa proposta, pero vostedes xa a leron e xa ven que a proposición non de lei que hoxe debatemos e que hoxe presentamos é moito máis xenérica. Facémolo desta maneira porque nos parece que, nun tema tan importante coma este, deberemos de buscar o maior consenso; un consenso que pode ser unha proposta de mínimos, que é a eliminación do voto rogado e, polo tanto, a simplificación do sistema de votación, e a transparencia e garantías absolutas para os electores.

Así que hoxe aquí todos nós, e todos vostedes, temos a posibilidade de dicirlles aos galegos da diáspora e aos galegos que vivimos en Galicia que sistema, que modelo electoral preferimos: un sistema que favoreza a participación e a seguridade nos procesos electorais, eliminando o voto rogado pero dando todas as garantías, ou ben un modelo que imposibilite, moitas veces, e desactive sempre, na práctica, o voto da diáspora, que é o que está pasando coa actual lei despois da reforma do 2011, ou incluso a volta a un sistema caduco que favoreza a fraude —o anterior ao ano 2011.

O Grupo Popular sempre o tivo e o ten moi claro. Nós queremos un sistema democrático que favoreza a participación e a seguridade nos procesos electorais. Esa é a nosa proposta, e esperamos contar co apoio de todos os grupos en algo que é determinante para todas as galegas e os galegos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde outra vez.

Unha cuestión, porque é algo que se repite moito dentro e fóra deste parlamento: *furnas* son cavidades nas rochas, en galego é *urna*; simplemente como matiz, porque é algo que sempre se confunde. Sempre se confunde, e eu lembro un presidente da Xunta de Galiza que o dicía, e que o dicía moito, e non era do Partido Popular.

E outra apreciación: sobre que o PP sempre o tivo claro eu teño as miñas dudas, señora Arias, porque hai sete anos dicían unha cousa e agora din a contraria. Despois falaremos desa reforma da LOREX do ano 2011.

E outro dato tamén, antes de que se me esqueza, miren: ¿Que baixou a participación? Xa baixou no ano 2009, por exemplo. Reducírase nun vinte e oito por cento a participación cando o que se empezou a pedir foi que minimamente a xente que votase desde o exterior nas eleccións a este país tivese que identificarse; que a xente, naquela reforma introducida no ano 2009, simplemente tivese que identificarse. (*Murmurios.*)

Nós, desde o BNG, defendemos —e dixémolo sempre— que hai que introducir facilidades para garantir o dereito a voto das galegas e dos galegos que viven na emigración ou daquelas persoas residentes ausentes que teñan dereito a sufraxio recoñecido no noso país. O que nós non apoiamos é que se supriman —como é o que se pretende suprimir— as garantías que se introduciron na reforma do ano 2011, garantías para que se puxese fin a algo que estaba establecido como norma, que era unha fraude electoral absolutamente impresentable en calquera sistema que se diga minimamente democrático. Foi unha reforma, ademais, que hai que lembrar —como dicía ao comezo— que foi impulsada polo Partido Popular e polo Partido Socialista no ano 2011, e que o Bloque Nacionalista Galego apoiou naquela altura.

¿Pode e debe o Estado español facilitar o exercicio do dereito ao voto ás galegas e aos galegos que están na emigración? Pode e debe. ¿Pode e debe o Estado español establecer os prazos que garantan o exercicio pleno dese dereito a voto? Pode e debe. Esa é a postura do BNG.

O que non imos apoiar nós nunca é volver ao sistema que rexía no Estado español e na Galiza, no concreto, até o ano 2011. Porque aquí se fala de que non, que hai que blindar esas garantías, pero logo o que vemos é que tanto na parte resolutiva como toda a información que se coñece ao respecto do debate que se leva mantendo nas Cortes españolas nos últimos anos é que ao final ninguén pon enriba da mesa garantías para que non volva a este país o sistema que imperou até o ano 2011. E eu creo que sobra lembrar que era o que pasaba neste país antes: que medio cemiterio da Chacarita votaba nas eleccións do noso país. (*Aplausos.*)

Hai, ademais, hemeroteca para quen queira libros publicados ao respecto, tamén algún no ano 2007 —despois citareino por se alguén quere ampliar información—, pero hai hemeroteca abonda e tamén análises e estudos a respecto da fraude electoral rexistrada, desde que se podía votar até que se estableceron esas garantías que nós cremos que non deben en ningún caso ser suprimidas, pero que parece que se queren suprimir por parte do PP. A ver con que apoios máis sae hoxe esta iniciativa de aquí; desde o BNG xa lles adianto que non.

Fraude electoral. Falaba a señora Arias de Venezuela, ¿non? Aquelas sacas de Venezuela que non lle daban chegado a Fraga, evidentemente. Outros exemplos daquela fraude electoral eran as chamadas de Rajoy que destapou Wikileaks, porque tamén aparecía Galiza naqueles cables destapados por Wikileaks, con Rajoy chamando o senador aquel dos Estados Unidos porque estaba en xogo o escano que daba a maioría absoluta ao Partido Popular. Tampouco lles daba chegado o voto do exterior até naquel caso —imos poñerlle, ademais, nome e apelido— da señora Hermesinda Dapia: chegou a Galiza o voto daquela señora —emitido, vá-

lido— acompañado polo certificado de defunción daquela pobre señora Hermesinda, que había anos que morrera. Insisto en que hai libros publicados ao respecto.

Nós tamén defendemos a igualdade de dereitos para o conxunto das galegas e dos galegos, independentemente da situación na que se atopen, e nese sentido vai a emenda de substitución que presentou o Bloque Nacionalista Galego. E é para garantir o dereito do exercicio a voto a miles de galegas e de galegos que están embarcados na frota de altura, de grande altura e na mariña mercante do noso país, e que levan sen poder votar desde que se abriu o dereito a voto no Estado español a partir do ano 1978, que levan sen poder votar embarcados na mariña mercante, de altura e de grande altura desde que se recoñeceu o exercicio do dereito a voto no Estado español.

Podo explicar cal é o procedemento que lles habilita o Estado español para poder exercer ese dereito a voto: entre outras cousas, solicitar, rogar ese voto por radiotelegrafía e a inscrición no censo electoral; indicar nesa mensaxe número de DNI, data de nacemento, provincia e municipio de nacemento, municipio de residencia no que está incluído no censo electoral, rúa e número do domicilio, nome do buque no que se atopa embarcado, porto ou portos nos que teña previsto a súa arribada con indicación das datas concretas, e, por suposto...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...se está en buque de bandeira española, tamén ten que achegarse ata un porto do Estado español, que, como sabe aquí todo o mundo, é moi probable e moi posible para persoas que están no caladoiro de Terranova ou no Pacífico durante cinco meses.

Non falamos nin de dúas, nin de tres, nin de catro, nin de cen persoas. Falamos de dez mil persoas que traballan na altura, na grande altura ou na mariña mercante, a maior parte delas galegas e galegos, que —insisto— poden exercer o seu dereito básico político a votar unha vez que se xubilan. Parece ciencia ficción. Parece ciencia ficción esa igualdade de dereitos para o persoal embarcado na frota de altura, de grande altura e da mariña mercante...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...no século XXI —xa remato—, cando podemos enviar a facer turismo calquera persoa ao espazo exterior. Por certo, os astronautas teñen garantido o exercicio do dereito a voto, ou, por exemplo, a xente que traballa nos servizos militares e que están despregados en países, por exemplo, como Afganistán.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Nós defendemos que se garanta o exercicio do dereito a voto, que se garanta esa igualdade de condicións para todas as galegas e galegos que traballan aquí, que pagan os impostos aquí e que se atopan —xa digo— embarcados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, terminou o seu tempo.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Se queren acabar cunha inxustiza, acepten a emenda de substitución do Bloque.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, presidente.

Boa tarde.

Señora Arias, non o digo con ironía, ou tal vez si, pero agradecemos que traia o Grupo Parlamentario Popular esta iniciativa. Dígoo porque algunha das portavoces que interveu anteriormente falaba de que non cumpría traer iniciativas que tratasen de rendibilizar política ou electoralmente algunha das cuestións que hoxe está rematando o Goberno, (*Aplausos.*) e dígoo porque sabe, señora Arias, e, señores do Partido Popular, saben perfectamente como está rematando os traballos a Subcomisión para a reforma electoral, creada no seo da Comisión Constitucional. E sabendo isto si que é difícil de entender que dalgunha forma traten de anticiparse a —espero— ese resultado por consenso no ámbito do Congreso dos Deputados. É unha certa forma de parasitar os traballos, os acordos noutros ámbitos, e anticiparse aquí en Galicia a algo que non vai depender nin do Partido Popular nin desta cámara, aínda que si podemos facer un chamamento consensuado.

Porque, señora Arias, sabe perfectamente como o Pleno do Congreso dos Deputados, o día 6 de setembro, aprobou un calendario, que remata o día 31 de decembro —deste mes—, precisamente, para que esa Subcomisión de reforma electoral remate os traballos de reforma do artigo 75 da LOREX. E sabe, señora Arias —supoño que saben perfectamente—, como o día 25 de setembro tamén o Congreso dos Deputados estableceu contacto cun grupo de traballo do Goberno formado por expertos do Ministerio de Asuntos Exteriores e do Ministerio de Traballo que acaban, precisamente, de entregar á Subcomisión de reforma electoral os resultados deses traballos técnicos.

Sabe, señora Arias, que no ámbito desa subcomisión e, en principio, no ámbito do Congreso, existe un compromiso forte de practicamente todos os grupos políticos por levar adiante a necesaria revisión e reforma da Lei do réxime electoral do ano 1985 despois desa reforma sufrida no 2011.

O compromiso do Partido Socialista é claro, o compromiso do Goberno de Pedro Sánchez é claro nesta materia, e poden observar como no acordo para os orzamentos para o 2019, nun punto —precisamente o 11, en materia de calidade democrática— nese acordo con Podemos regúlase a necesidade de reformar a lei electoral para evitar, evidentemente, a situación actual do voto de toda a emigración española e, polo tanto, de toda a emigración galega.

Incluso poderíamos subliñar, señora Arias, que, despois desa reforma de 2011, os sucesivos gobernos do Partido Popular, os gobernos do señor Rajoy, nada fixeron por tratar de modificar este réxime electoral de voto rogado de toda a emigración. Entón, chámamos certamente a atención que, nestes momentos que está a Subcomisión de reforma electoral tratando de rematar eses traballos para consensuar unha reforma, traían esa iniciativa aquí para tratar de apuntarse —por dicilo dunha forma coloquial— un tanto.

E, nese sentido, por certo, tamén saben —sabe, señora Arias, e dígoo polo ton e pola entrada na exposición de motivos da proposición non de lei que hoxe defende— que a reforma da LOREX do ano 2011 fora impulsada, como sinalaba a señora Rodil, por indicacións garantistas do Consello de Estado e da Xunta Electoral Central. E foi impulsada polo Goberno que estaba nese momento, que era o Goberno Socialista, pero —como digo— por ditames recibidos tanto do Consello de Estado como da Xunta Electoral Central. Recibiu trescentos vinte e un votos a favor dos trescentos corenta e catro emitidos; polo tanto, tamén foi aprobada polo Partido Popular, porque dá a impresión de que queren desmarcarse daquela reforma. *(Aplausos.)*

E saben, precisamente, que a propia Xunta Electoral Central, no informe que lles remitiu en novembro de 2016 tanto ás Cortes Xerais como ao Goberno Rajoy, puxo, precisamente, á hora de analizar a evolución do voto conforme o artigo 75 da LOREX reformado en 2011, como o voto de toda a emigración española —do voto CERA— está practicamente tendo un contido testemuñal. Non vou citar os datos que citou vostede, evidentemente, de como despois desa reforma de 2011 —sobre todo nas xerais de 2015 e nas xerais de 2016— caeu dunha forma estrepitosa precisamente a porcentaxe de votos escrutados do CERA. Nese sentido, a propia Xunta Electoral Central, que fai unha proposta de ir a un procedemento de votación electrónica, precisamente, avoga pola necesaria revisión outra vez deste réxime de voto de toda a emigración —por certo, deses dous millóns e pico de españois residentes no estranxeiro unha cuarta parte son galegos e galegas—. Insisto, señora Arias, sabe que esa Subcomisión de reforma electoral recibiu o informe dos expertos e está tratando de chegar a un consenso.

Non se trata, señora Rodil, de volver aos sistemas de non-garantías previos a reforma de 2011, senón que si que se trata de suprimir o voto rogado, de reducir dunha forma importante prazos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...e, polo tanto, de substituír as garantías actuais por outras garantías que fagan o procedemento máis universal, máis igualitario e, sobre todo, máis áxil. E sobre todo máis áxil.

Señora Arias, a emenda que traemos cremos que é unha emenda necesaria desde o punto de vista técnico e, sobre todo, tamén desde o punto de vista político, porque non podemos instar o Goberno a aprobar unha lei orgánica, temos que instar os grupos políticos presentes nas Cortes Xerais, precisamente, a chegar a un acordo que permita esa reforma por maioría absoluta da lei orgánica.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Esperamos que tamén os señores e señoras do Partido Popular estean por esta reforma, coa que agora tratan —eu creo que non precedentemente— de apuntarse ese tanto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada. Grazas.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Moi bo día, señor presidente.

Señora Arias, a verdade é que non deixamos de sorprendernos do exercicio de dobre vara de medir de cinismo, de interese político e de tacticismo que nos regala o Partido Popular dende que houbo cambio de goberno. Dende logo, este xa é un novo caso dos seus esperpentos e do seu cambio de viraxe segundo o que lles interesa en cada sitio, lugar, parlamento ou momento concreto. O máis importante para poder ver cal é a súa verdadeira liña política con respecto a esta cuestión, igual que con moitas outras, é tirar da hemeroteca. Nós recompilamos unha serie de artigos na prensa para ver a evolución.

Sen entrar xa en cuestións que xa se dirimiron, evidentemente, dende o noso grupo non imos apoiar ningún tipo de reforma estrutural nin propiamente galega para que volvan votar bisnetos, tataranetos e mortos dende hai tres décadas —e perdóeme o esperpento da miña expresión, a miña exaxeración— nin tampouco imos privar a xente de que poida exercer no estranxeiro os seus dereitos políticos, e, sobre todo, a mocidade, que fixo campañas de denuncia por todo o Estado denunciando, precisamente, cuestións que vostede dicía, pero que, sen embargo, ao señor Rajoy non lle parecían tan importantes como vostede expuxo aquí: os dereitos políticos da xente que vive no estranxeiro, emigrada, do conxunto do Estado.

De feito, un artigo de *El Mundo* no ano 2015 —no 30 de outubro, se a alguén lle importa o voto emigrante— falaba precisamente destas cuestións que vostede dicía: dos datos da caída do voto, de como hai dous millóns de españois que teñen dereito ao voto no estranxeiro e de que de case o oitenta por cento deles que querían votar, o noventa e cinco por cento non o faría. E explicaba que, efectivamente, que isto foi unha reforma que se pactou entre o Partido Socialista, o Partido Popular e co apoio do PNV e de CiU —dos nacionalistas— para implantar o voto rogado, eses partidos cos que vostedes nunca pactan nada nin nunca teñen nada que ver salvo cando lles interesa politicamente.

De feito, a Marea Granate denunciou, cando gobernaba o señor Rajoy con maioría absoluta do Partido Popular, que se eliminara o voto rogado, dicíase por sexta vez consecutiva ao Goberno de España —do PP— que deixara de dar a espalda aos emigrantes, e falábase de como solicitaban rescatar o seu voto e denunciaban todas as trabas e todos os problemas que tiñan para votar e exercer o seu dereito en manifestos onde se falaba das irregularidades.

Falábase despois do 20-D e do 26-X, pois xa había unha primeira vontade despois das denuncias desta odisea, e onde nos sumamos varios grupos políticos a denunciar e a facer campaña para a eliminación do voto rogado. (*A señora Santos Queiruga amósalles un documento aos membros da Cámara.*) Sen embargo, o Goberno —naquel momento medio en transición, pero que seguía gobernando— non modificou absolutamente nada. Ata Europa criticou o voto rogado e instou o Goberno do Estado a que se modificara esta forma de votar; sen embargo, ao Partido Popular, naquel momento, parece que non lle importaba tanto. É curioso.

Mentres, os grupos políticos que conformamos o Grupo Confederal xa faciamos campañas, (*A señora Santos Queiruga amósalles un documento aos membros da Cámara.*) e a mocidade facía campañas contra o voto rogado. Despois, xa en maio de 2016, (*A señora Santos Queiruga amósalles un documento aos membros da Cámara.*) tanto o Partido Socialista como o Grupo Confederal propoñían que o voto rogado fora eliminado para o 26-J e despois xa empezamos, incluso, a traer iniciativas, como, por exemplo, esta do Grupo Confederal tamén —doulle a data— do 17 de febreiro de 2016, que pedía a creación dunha comisión de investigación relativa a supostas irregularidades, erros administrativos ou falta de medios postos á disposición da cidadanía española residente no estranxeiro para exercer o seu dereito a voto. ¿E que facía o Partido Popular? Ao partido Popular non lle parecían ben estas medidas.

Tamén nós presentamos —o Grupo Confederal— a reforma electoral. Entre as propostas, a fin da Lei d'Hont, o voto aos 16 anos, as listas cremalleira, a eliminación do voto rogado... Empezáronse a facer compromisos a través do Congreso dos Deputados, tanto en outubro como xa desde abril deste ano, para poder modificar, polos cauces das institucións, este tipo de trabas, pero para asegurar as garantías, e incluso foi un dos acordos entre o Goberno Socialista e o Grupo Confederal para aprobar e apoiar os presupostos. ¿E onde estaba o Partido Popular?, ¿onde estaba o Partido Popular, que está tan preocupado por que a xente exerza os seus dereitos a voto con garantías?

Claro, pero despois xa encontramos a explicación de por que o Partido Popular de Galicia trae esta iniciativa aquí. Se vemos este mapa, este mapa é moi revelador. Este mapa dá as porcentaxes do voto do estranxeiro no 20-D. E aquí se ve o mapa claramente de a quen lle beneficia o voto rogado e por que entón o PP de Galicia ten tantísimo interese en impulsar aquí esta medida, contra a que votan en contra, a bloquean e da que non quixeron saber nada no conxunto do Estado. Fíxense vostedes: Unidos Podemos, 27,13 votos —o 30,9—; Partido Popular, o 23,7 % dos votos, concentrados en Galicia principalmente e en parte de Castela-León, sobre todo en Galicia, Galicia *lo peta*.

¡Claro! ¡Que cinismo, que caradura, que pouca vergoña teñen e como se lles ve o plumero! Pero a diferenza de nós con respecto a vostedes é que nós somos coherentes e apoiamos medidas estruturais e pedimos garantías tanto para que a Xunta poida exercer votos como para que non voten os mortos, ímolos apoiar aquí e no conxunto do Estado, non coma vostedes, que só actúan por interese e por tacticismo político. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Señora Santos, semana dura para falar de votacións. (*Aplausos.*) Eu entendo o seu cabreo, o que non entendo é que trate con esa frivolidade algo tan importante para 500.000 compatriotas nosos, iso é o que non entendo.

Señor Villoslada, efectivamente, porque se está tratando este tema na subcomisión para a reforma electoral, porque se está tratando agora mesmo, e porque, como dicía, hai 500.000 galegos pendentes do que se vaia acordar nesa reforma creo que é moi oportuno traer aquí esta iniciativa, e que se coñeza en Madrid, onde se está debatendo, cal é a posición dos distintos grupos deste Parlamento. Por iso é polo que cremos que é importante e pertinente.

E nós estamos de acordo coa súa emenda, con que a subcomisión para a reforma electoral creada no seo da Comisión Constitucional coñeza o punto de vista deste Parlamento sobre a modificación urxente da LOREG. Pero creo que é fundamental para poder chegar a bo porto —e vostede sábeo perfectamente— que tamén o Goberno teña coñecemento diso. Entón, nós imos aceptar a súa emenda, pero como unha emenda de adición ao noso texto, porque nos parece importante que o coñezan os distintos grupos e nos parece importante e necesario que o coñeza tamén o Goberno.

E, señora Rodil, moitísimas grazas pola corrección, de verdade, foi unha equivocación claramente. Pero equivocacións témolas todos, vostede mesma dicía que esta iniciativa lle xeraba *dudas*, e creo que é *dúbdas*. Pero esta iniciativa non vai de erros gramaticais e de erros dialécticos, vai de algo serio e as dúas o sabemos. Así que sorprende que vostede fale aquí de garantías. Nós estamos de acordo con esas garantías, que esas garantías teñen que ser as máximas. Pero esas garantías non poden impedir en ningún momento exercer o dereito para o que foron creadas. Polo tanto, garantías si, pero dentro dun sistema que nos permita que se poida efectuar ese dereito, porque tal e como está agora mesmo non se pode efectuar. E, sinceramente, eu, despois da viaxe que fixo a señora Pontón a Suramérica, estráñame que veña con tan pouca sensibilidade, porque todos os que estivemos alí algunha vez e todos os que falamos algunha vez coa xente da diáspora sabemos que están pedindo continuamente que se cambie o sistema, están pedindo poder participar. Con garantías, pero poder participar. Sinceramente, non sei se a señora Pontón foi alí de vacacións ou foi, realmente, a reunirse e a saber que é o que lles interesa aos galegos que están na diáspora. (*Aplausos.*)

Nós, dende o PPdeG, defendemos sempre e seguiremos defendendo un sistema de voto para os galegos do exterior que sexa coas mesmas garantías, cos mesmos dereitos e coas mesmas facilidades que os residentes en Galicia.

E mire, señor Villoslada, e tamén señora Santos, nós non cambiamos, nós pensamos isto e dicimos isto sempre. De feito, vai no noso programa electoral, co que nos presentamos ás eleccións e gañamos as eleccións. Así que, ... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: ...como dicía, respecto á emenda do BNG, aceptariámola porque, por suposto, nós queremos as máximas garantías e as máximas posibilidades para todos, aceptariamos incluír a súa emenda pero como engádega. Porque non se pode deixar

a uns de lado e meter a outros. Nós, efectivamente, cremos que toda a xente que está no mar cando son as eleccións ten o seu dereito a votar, todo o dereito, e hai que facilitarlllo. Tamén é unha postura que vimos defendendo sempre aquí e seguiremola defendendo, pero apoie-mos a todos, non teñen por que ser exclusivas. Se queren, como engádegas será admitida.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Arias.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e D^a María Luisa Pierres López, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos servizos de transporte á demanda que se están a prestar nas zonas rurais máis desatendidas

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea e do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado Marcos Cal Ogando e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei (10/PNP-002783)

Emenda de adición

Débase engadir un novo punto na parte resolutiva:

«- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a constituír unha Mesa polo transporte para continuar definindo o Plan de Transporte por estrada; debendo formar parte desa mesa os representantes dos traballadores, das empresas, das ANPA, das deputacións e dos concellos, ademais da Xunta de Galicia».)

(O G. P. Popular de Galicia a través do seu Portavoz e por iniciativa do deputado Martín Fernández Prado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a potenciar os servizos de transporte a demanda dentro da segunda fase do plan de Transporte Público de Galicia, co obxecto de continuar a garantir a mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Distinguidos e distinguidas deputados e deputadas, véxome na obriga de pedir perdón polos erros gramaticais que puiden ter cometido e os que, sen dúbida, cometerei hoxe e os que hei de cometer no futuro.

En todo caso, esta iniciativa vai de algo tan importante para a nosa comunidade autónoma como o servizo de transporte a demanda, sobre unha proposición non de lei que o noso grupo rexistrou o día 20 de setembro deste ano 2018 sobre a problemática que detectamos durante os meses de verán deste mesmo ano e a baixa demanda da que temos constancia segundo os datos oficiais.

A posta en funcionamento desta modalidade durante o período entre decembro do ano 2017 e finais do mes de xullo deste ano 2018, atendeu 1.662 chamadas, aínda que non temos constancia —non se facilita esa información— de cantas destas chamadas tiveron como resultado a prestación efectiva dun servizo de transporte a demanda.

Se temos en conta que durante ese mesmo período se produciron un millón e medio de viaxes en autobús, estamos a falar de que este servizo atendeu o 0,1 % das demandas que se fixeron de transporte; polo tanto, estamos a falar dunha resposta francamente pequena.

Temos constatado, ademais, que se deron distintas respostas á mesma demanda, curiosamente, e teño que dicilo porque fun testemuña de que así ocorreu na realidade, de que ese servizo culpaba os concellos da falta de prestación cando ese concello non estaba gobernado polo Partido Popular ou ben remitía ás empresas prestatarias do servizo para ter acceso a esa viaxe.

E mesmo se teñen dado casos, constatados tamén, de facilitarlles aos demandantes, aos usuarios, distintos horarios para un mesmo servizo, ata tres horarios distintos para unha mesma viaxe no mesmo día.

Evidentemente, este empeoramento da situación coincide co período estival, no que, como todo sabemos, o servizo de transporte escolar non funciona.

Nada ten que ver esta demanda que presenta hoxe o noso grupo parlamentario e a demanda que se fai na comunidade autónoma co mesmo servizo que se presta na Comunidade Autónoma de Castela e León, comunidade autónoma que, por certo, foi empregada sistematicamente como referencia polo Goberno da Xunta de Galicia para poñer en marcha o servizo de transporte a demanda. Cunha diferenza fundamental, e é que, pese a compartir determinados parámetros en canto a poboación e dispersión poboacional, en Castela-León déuselle servizo a 51.000 persoas.

Estamos a falar, evidentemente, dun servizo esencial para unha comunidade autónoma como a nosa, na que á dispersión poboacional que todos coñecemos se engade un envellecemento elevado e, ademais, unha das rendas máis baixas do Estado, particularmente nas pensións e particularmente, como todos sabemos, nas provincias de Lugo e Ourense.

Non queremos con esta iniciativa que se nos acuse de catastrofistas nin de apocalípticos, adxectivos aos que nos ten acostumados o Partido Popular, pero si queremos que o plan de

transporte público de Galicia sexa un instrumento útil, que sexa un instrumento eficaz e que non introduza elementos de inequidade na poboación e, polo tanto, que sexa ademais un instrumento eficiente.

Sabemos tamén —e sábeo o Partido Popular, e sábeno os responsables da hoxe Consellería de Infraestruturas e Mobilidade— que a primeira fase da posta en funcionamento do plan de transporte público de Galicia supuxo un auténtico quebracabezas para a Administración autonómica, e houbo que redefinir sobre a marcha servizos cambiando horarios, itinerarios e mesmo paradas con respecto ás adxudicacións. E isto é unha ensinanza da que eu espero que teña tomado boa nota e que teña aprendido a Administración autonómica. Porque debe terse en consideración o que ocorreu no ano pasado para que, unha vez definidos os anteprojectos que configuren ese plan de transporte público de Galicia, se remitan con suficiente tempo aos concellos para a súa supervisión e a incorporación das correccións que puideran ser necesarias.

Cando se está a planificar, señorías, un instrumento destas características, dada a súa implicación directa na vida das persoas, non se poden aceptar nin defectos no seu plantexamento nin erros no seu deseño.

E isto lévanos a presentar ante este Parlamento esta proposición non de lei, porque nas últimas datas, nas últimas dúas semanas, se teñen producido dous fitos importantes con respecto ao plan de transporte público de Galicia, como son a aprobación polo Consello Galego de Transportes e polo Consello da Xunta de Galicia das liñas mestras da planificación para a renovación do mapa de servizos de autobús. Aprobación que, por certo, no caso do Consello Galego de Transportes foi exclusivamente co voto a favor dos representantes da Administración nese Consello e coa abstención do resto dos representantes, tanto das empresas como das organizacións sindicais, agás no caso da CIG que votou en contra. E isto debe chamarnos a unha reflexión, serena pero necesaria, sobre o contido deste documento. Por certo, non nos consta que houbera abstencións no Consello da Xunta, podería darse tamén o caso.

Así, podemos ver que cando se fala do servizo transporte a demanda se fala permanentemente de que se trata dun servizo orientado ao usuario, como non podía ser, evidentemente, doutro xeito, pero na redacción desas liñas mestras atopámonos con parágrafos que nos xeran serias dúbidas sobre esa orientación. Supoño que todos os que temos o encargo directo de falar desta proposición non de lei coñecemos o que di ese documento. E fala en concreto de que, para a implantación de formas de xestión baixo demanda, se promoverá a máxima expansión da oferta de servizos de transporte público nos ámbitos rurais; que estes servizos a demanda serán un elemento esencial como fórmula de racionalización dos recursos en zonas de alta dispersión de poboación; e que nestas zonas se van deseñar servizos orientados ao usuario nos que este debe comunicarse co operador cun sistema centralizado. Plantexa tres modalidades de transporte que non teño tempo a detallar, pero as propias liñas mestras dan como case única medida posible o establecemento de rutas en horarios fixos sendo o usuario —isto é moi relevante— quen demanda o transporte e quen ten que adaptarse ao servizo establecido. O de que se ten que adaptar parece máis ou menos razoable, que demande o servizo xa o é menos. ¿Por que? Porque esas liñas mestras establecen que está previsto que ao longo do itinerario que se estableza se realizarán todas as paradas previstas

para o servizo completo, paradas previamente solicitadas e confirmadas coa solicitude de demandas, non sendo necesario facer paradas naqueles casos nos que ningunha persoa usuaria pretenda acceder ou abandonar o vehículo. Pero dise que se prevé que se poida dar acceso a persoas usuarias que se atopen nas paradas e non realizasen a petición do servizo previa sempre e cando se manteña baleiro o número de prazas reservadas para as persoas que o solicitaron. É dicir, podemos atoparnos ante a realidade de que, habendo persoas — non é moi difícil imaxinar que persoas de avanzada idade— esperando a que lles pase un autobús para ir a unha consulta médica, para ir a un hospital, para ir simplemente a un mercado ou a un supermercado a abastecerse, vexan pasar por diante delas o autobús sen parar porque non teñen feito a demanda ou porque ese bus nese momento ten todas as prazas completas porque xa se demandou previamente e non se lle obriga ao concesionario a poñer un vehículo de máis capacidade.

Por esa razón, e non por outra, o noso grupo parlamentario presentou esta proposición non de lei, na que pedimos que a Xunta de Galicia potencie e leve efectivamente a cabo os servizos de transporte a demanda co obxecto de garantir a mobilidade das persoas nas zonas rurais máis desatendidas.

Creo que a ninguén lle custa moito traballo adicionalmente imaxinar que nesas zonas dispersas, con moi pouca poboación, ademais esa poboación ten unha idade avanzada, o que dificulta grandemente o acceso ás novas tecnoloxías que serán necesarias para interactuar con esa plataforma.

E por iso, ademais, o noso grupo presentou unha emenda e chegou a unha transacción co Partido Popular no debate de estado de política xeral para que os distintos sistemas de demanda tivesen un funcionamento acaído ao perfil das necesidades dos usuarios. Polo tanto, entendemos que, tratándose dun asunto de tal transcendencia para unha parte moi importante e en certo grao dependente da nosa poboación, desta comunidade autónoma, entendemos que contaremos coa aprobación unánime desta iniciativa.

Nada máis pola nosa banda e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Álvarez.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Cal Ogando.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidenta.

Boa tarde a todos e a todas.

Nós imos apoiar esta iniciativa que trae o Partido Socialista e a maiores propoñemos unha emenda de engádegas que cremos que é oportuna para esta cuestión; unha emenda que, fundamentalmente, é que se constituía unha mesa polo transporte, algo que xa vimos demandando dende que empezaron todos os problemas cos plans de transporte. Unha mesa polo transporte na que estean traballadoras, empresas, as AMPA, así como as administracións das deputacións como dos concellos, a maiores da Xunta de Galicia. Entendemos que se se

tivera constituído esta mesa previamente, desde os inicios do desenvolvemento do plan, posiblemente non se darían todos os problemas que se veñen dando con respecto a este plan. Posiblemente o transporte a demanda estaría funcionando correctamente. Evidentemente, o que xa pasou xa non o podemos mudar, pero entendemos que esta mesa, para todo o que queda por desenvolver aínda do plan, sería moi importante para tratar de lograr o mellor plan de transporte por estrada posible para Galicia. E que todo o que ten que ver co plan de transporte público por estrada, deste proceso que leva un par de anos, é un auténtico despropósito que constata que contamos cunha Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e cun Goberno galego ineficaz e incapaz.

Entendemos que esta mesa do transporte, á parte de ser o máis acaído para afrontar este importantísimo e complexo reto, escoitando e colaborando con todos os axentes directamente implicados e escoitando as administracións máis próximas ás cidadás que mellor coñecen cales son as necesidades para o transporte da súa cidadanía, ademais de entender que é o máis acaído tamén entendemos que pode axudar a superar esta incapacidade que vén amosando a Xunta de Galicia.

E deste despropósito, desta incapacidade que veñen demostrando co plan de transporte hai un exemplo moi claro, que é que tanto a conselleira de Infraestruturas como o director xeral de Mobilidade, en cada debate, cada vez que falan do plan de transporte, en cada acto, en cada debate parlamentario e en cada entrevista, destacan que, grazas á Xunta de Galicia, Galicia non quedou sen transporte por estrada, o que amosa que durante o Goberno do Partido Popular estivo en risco o transporte por estrada en Galicia despois de sete anos: *excusatio non petita, accusatio manifesta*. Díganlle á conselleira de Infraestruturas e ao director xeral que deixen de utilizar ese argumento porque se lles ve o plumero. Son vostedes os que están recoñecendo, cada vez que din iso, que puxeron en risco o transporte por estrada. Porque cada vez que din que en Galicia non se quedaron sen transporte están dándolle unha connotación excepcional a algo que debería ser normal, e que un goberno normal debería entender como algo normal e non como algo excepcional.

Durante moitos anos, durante seis anos, o Goberno da Xunta de Galicia non moveu nin un só dedo para renovar o plan de transportes e non fixo o seu traballo. E despois aprobou unha prórroga ilegal amosando, ademais do desleixo e o gusto polo viño bo, a incapacidade de xestionar con garantías.

A primeira parte do plan entrou en vigor no 2016 coa aprobación dunha normativa tras a sentenza que determinou as irregularidades cometidas pola Xunta de Galicia nas prórrogas. Pero, unha vez posta en marcha esta normativa, por non falar absolutamente con ninguén e por non facer as cousas ben, puxeron en risco o servizo cando 144 empresas —a metade, non falamos de unha nin dúas, a metade, a maioría delas empresas pequenas e familiares— renunciaron ás súas liñas, o que obrigou a reorganizar todas as liñas. Chapuza tras chapuza e continuaron co despropósito. Porque a posta en marcha da primeira fase, como xa comentou o señor Álvarez, despois de tantas voltas e de tantas chapuzas e irregularidades, estivo chea de incidencias e de reclamacións, tendo que modificar moitas desas liñas nos días seguintes para, na maioría dos casos, volver ao punto inicial.

Unha chapuza que para o director xeral de mobilidade, para a conselleira de Infraestruturas, foi un absoluto éxito. E ¡claro!, se vostedes poñen o nivel de éxito nunha chapuza, nunha auténtica chapuza, e en poñer en risco o transporte público por estrada en Galicia, pois ¡claro!, con ese listón dificilmente van xestionar, van tomar mellores decisións para os galegos e as galegas.

Pero o transporte a demanda non escapa a toda esta incapacidade. E case a metade dos concello de Galicia, o 42 % dos concellos de Galicia, valoran negativamente a posta en marcha do transporte a demanda, porque, como ben amosan os datos dos que xa falou o señor Álvarez, non está funcionando correctamente e non está dando resposta ás necesidades de transporte público, fundamentalmente no rural. Sen embargo, a Xunta de Galicia, diante de que case a metade dos concellos din que non está funcionando ben, di que o problema pode obedecer ao descoñecemento...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor CAL OGANDO: ...do funcionamento do modelo de transporte por parte destes concellos. E por suposto que non é este o motivo. O motivo é que o transporte a demanda non está funcionando, que todo o relacionado co plan de transportes que vén facendo a Xunta de Galicia é un auténtico despropósito. Polo tanto, gustaríanos que se puidera poñer en marcha esta mesa polo transporte para que dende aí se afronte este enorme reto. Porque é fundamental para un plan de país, para un desenrolo de Galicia, e é fundamental para o rural. Vostedes están na lexislatura do rural e teñen a oportunidade de facer algo polo rural. Porque van pasar toda esta lexislatura sen que teñan nada de que presumir do que fixeron polo rural na lexislatura do rural.

Pola nosa banda máis nada.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Cal.

Por parte do Grupo Popular ten a palabra o señor Fernández Prado.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: Boas tardes.

Grazas, señora presidenta.

Os servizos de transporte baixo demanda, implantados nesta primeira fase do plan de transporte público de Galicia, señor Álvarez e señor Cal, están a funcionar axeitadamente. Xa sei que lles pesa. Pero están, ademais, atendendo a demanda de mobilidade nunhas zonas onde esta demanda é especialmente baixa. Por iso nalgúns casos incluso nin existía transporte anteriormente e noutros incluso non chegaba a un usuario ao día. É dicir, en zonas especialmente baixas e, polo tanto, tampouco era de estrañar que nestas zonas fose escasa, era previsible que fose escasa esta demanda, porque vai xusto a esas zonas de baixísima demanda.

En calquera caso tamén, señor Álvarez, facer comparación con outras comunidades autónomas —unha persoa rigorosa coma vostede—, cando son cifras que non son homoxéneas...

estamos falando de situacións absolutamente distintas. Castela-León aplícao na totalidade da comunidade mentres que en Galicia só se aplicou ata agora nesas liñas en que as concesionarias renunciaron e deixaron a xente sen este servizo. Porque, señor Cal, a excepcionalidade é que renunciaron as empresas, e outra excepcionalidade cada vez máis habitual, como vemos nos concellos onde gobernan, é que As Mareas e a oposición se puxeron do lado das empresas, non dos cidadáns. Son os mesmos argumentos que tiñan anteriormente. Isto está xa empezando a ser habitual nos sitios onde gobernan, antepoñendo os seus intereses aos dos cidadáns.

Pero ¡claro!, tamén falar, señor Álvarez, de Castela-León, cun sistema de asentamento que non se parece en nada, en nada, ao sistema de asentamento poboacional de Galicia, creo que é, sinxelamente, terxiversar as cousas.

En calquera caso, grazas a este novo servizo, que recordo que é un novo servizo posto no rural, ¿quere, señor Cal, unha aportación?: aquí a ten, xa está funcionando; que non o había anteriormente no rural. Si, si, está funcionando. Incrementouse e temos, segundo os datos que deu a Consellería, máis de 3.000 solicitudes, sumadas ás máis de 200.000 prazas baleiras no transporte compartido. Creo que son servizos que teñen non só o referendo social e a satisfacción dos cidadáns senón que están dando servizo e prestando un servizo público en zonas onde antes non o tiñamos.

Polo tanto, dada creo que esta satisfacción e este novo servizo, a Xunta de Galicia acaba de aprobar manter este servizo, amplialo e estendelo a outras zonas da comunidade autónoma, como vostedes xa coñecen.

E non quero deixar pasar, señor Cal, en relación á súa emenda, algo que tamén comentou o señor Álvarez: se por algo se caracteriza este plan, se por algo, podemos dicir que é a súa participación. Se algo podemos dicir deste plan, tanto da primeira fase como da segunda, recordaba que foi aprobado polo Consello Galego de Transportes, onde están representados todos eses colectivos relacionados directamente co sector. Pero, ademais, este novo mapa foi consultado con todos os concellos galegos, con todos, con todos excepto un que non quixo participar, todos sabemos quen é, que sempre é o mesmo. Ademais, con todos os grandes demandadores de mobilidade, como os centros de saúde, os hospitais, os centros educativos e de ensinanza non obrigatoria. Os centros de atracción de persoas como campus universitarios e parques industriais, asociacións empresariais de parques industriais. E realizáronse máis de 25.000 enquisas aos cidadáns. ¿Parécelle pouca participación? Pero, ademais, incluídos tamén algúns dos que dicía vostede tamén na súa emenda: coa federación de transportes, cos sindicatos, coas AMPA, participaron todos e van seguir participando. E agora está ao público para esa participación. Polo tanto, creo que se algo podemos dicir é que é participado.

Señor Álvarez, lía vostede esa resolución que transaccionamos os dous grupos no debate do estado da Autonomía, eu creo que máis ambiciosa e máis respectuosa co traballo que se está facendo que esta que trae hoxe aquí na proposición non de lei. E respecto desa permítame recordarlle tamén unha cousa que non leu pero que estaba incluída: coa participación tamén de concellos e deputacións, que participen tamén neste servizo, que participen tamén, en todas as súas posibilidades, en estender este servizo a outras zonas.

En calquera caso —e por rematar—, é un servizo que está funcionando, un novo servizo que está ofrecendo esa posibilidade de transporte público en zonas a xente que antes non a tiña, foi recibido satisfactoriamente pola poboación e por iso nesta segunda fase...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor FERNÁNDEZ PRADO: ...vaise ampliar, estenderse á totalidade de Galicia. E por iso presentamos esa emenda, na liña de continuar e garantir este servizo nas zonas rurais que máis o necesitan.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Fernández Prado.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidenta.

Este debate sobre o transporte a demanda e en xeral sobre o transporte público por estrada debería ser unha ocasión, unha oportunidade, para plantexar un debate, unha análise moito máis profunda sobre o conxunto da mobilidade e para que Galiza se dote dunha estratexia por unha mobilidade sustentable, que outros territorios do Estado están apostando por ese tipo de plans estratéxicos e aquí non hai tal cousa.

Que contemple todas as formas de mobilidade, tanto a mobilidade natural como o transporte público por estrada, tamén o ferrocarril ou o transporte de ría, e que potencie a intermodalidade. E a intermodalidade é construír estacións pero non só construír estacións, é necesario tamén fomentar a interconectividade, por exemplo, co billete único e o billete compartido, para poder interconectar os distintos modos de transporte. A Consellería fálanos nada máis e nada menos que dun novo plan para adaptar o transporte público ao século XXI.

Sen tempo non era, porque a realidade é que temos un sistema de transporte absolutamente obsoleto, anticuado, que é consecuencia de toda a política que estivo facendo o Partido Popular durante décadas, durante 34 anos de Goberno, outorgando concesións dunha maneira que non tiña ningún sentido nin planificación. O que fixeron durante todo este tempo foi ocultar o problema, varrer para debaixo da alfombra dando bandazos, cunha absoluta inestabilidade na dirección xeral de Mobilidade, onde non hai ninguén ao volante. Non hai ninguén ao volante, ou si hai, porque realmente quen goberna, quen manda aí, son esas empresas que teñen contratadas, esas empresas consultoras, que son as que en realidade cobran substanciosos contratos e dirixen a política do transporte público da Xunta.

E non fixeron nada ata que unha sentenza xudicial do Tribunal Supremo os obrigou a actuar. Entón viñeron as présas, viñeron as improvisacións e veu ese auténtico desbaraxuste, que non se pode chamar doutra maneira, que foi esa primeira fase —como lle chaman vostedes— do Plan de transporte público, que deu lugar a que durante semanas e durante meses

estiveran remendando a auténtica desfeita das empresas consultoras que cobraron substanciosos contratos.

E si que houbo un déficit de participación enorme nesa primeira fase, e a proba é que foron despois os concellos e a xente os que tiveron que chamarlles a atención sobre o despropósito que eran esas novas liñas, porque non fixeron a segunda fase de participación que era necesaria.

Iso foi un experimento, un experimento que vai durar dous anos, e agora as empresas están agardando —e a xente tamén— as novas concesións que van saír a concurso no ano 2019. Vostedes, ademais, venderon como novidade o transporte compartido cando este xa existía cando menos desde o ano 2007, co sistema de «Tes máis bus» que puxo en marcha o Goberno bipartito e que vostedes despois paralizaron, que xa deu os primeiros pasos precisamente nesas zonas onde había necesidade de compartir o bus escolar coas liñas regulares.

Tamén anunciaron a bombo e platillo o transporte á demanda, e realmente as cifras non son alá moi boas. En primeiro lugar, vostedes estanas ocultando, estamos agardando aínda. O BNG presentou o 2 de maio do ano 2018, hai oito meses, a solicitude dos datos de chamadas de reserva para o transporte á demanda, como se xestionaban esas chamadas e quen se encargaba da información e difusión do servizo. Oito meses despois estamos agardando aínda, a pesar de que teñen todas esas empresas contratadas que lles podían buscar os datos para facilitarllos os grupos da oposición. ¿Esta é a transparencia que pregoa o Partido Popular? ¡Isto máis ben é ocultación e opacidade!

E agora presumen, sacan peito, cun suposto novo plan que non é un plan, de momento é un borrador. Son unhas liñas xerais que non tiveron un comezo moi afortunado porque —como lle dixo o voceiro do Partido Socialista— nin sequera conseguiron o apoio das entidades que forman parte do Consello Galego de Transportes; nin as asociacións empresariais, nin os sindicatos lles votaron a favor. E non estaría de máis, por outra parte, se queren participación, se pregoan a participación, traelo aquí ao Parlamento para o debate.

Miren, realmente o transporte á demanda é un asunto moi complexo. Ten unha enorme complexidade, desde o punto de vista técnico, polas características de poboación, de dispersión de núcleos de poboación, que ten Galiza. Efectivamente, somos un sitio distinto, nin sequera comparable a Castela-León...

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Vaia rematando.

O señor BARÁ TORRES: ...pero, se realmente queren abordar con seriedade esta cuestión, teñen que aprender do pasado, corrixir os erros do pasado, abrir unha liña de cooperación e diálogo con todas as administracións, facelo con transparencia, facelo con participación do sector e de todas as entidades relacionadas con este tema. Realmente merece un estudo e un debate serio, e nós imos votar a favor desta proposta do Partido Socialista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Bará.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Agradezo o apoio á proposición non de lei tanto de En Marea como do Bloque Nacionalista Galego. Entendo que seremos quen de chegar a unha transacción, ou espero que sexamos quen de chegar a unha transacción co Grupo Popular.

En todo caso, nós aceptamos a emenda que plantexa En Marea, e aceptamos porque, efectivamente, inclúe a todos os sectores que teñen unha implicación elevadísima no desenvolvemento e no deseño previo do Plan de transporte público de Galicia. Todos os que aí se mencionan deben ser consultados. Dixo o señor Fernández Prado que foran consultados, eu diría que con distinta intensidade e con distinto éxito. En todo caso, non pasa nada por incluír a todas as entidades, colectivos e persoas que van estar concernidas pola posta en funcionamento dese servizo e que sexan oídas e consultadas.

Evidentemente —como dixo tamén o señor Bará hai un momento—, o servizo de transporte á demanda, o Plan de transporte público de Galicia, é un instrumento dunha complexidade excepcional, non se deberan facer improvisacións. A proba de que así foi nun primeiro momento é que tiveron que facer unha serie de adaptacións de última hora para poñer en funcionamento un sistema que, aínda así —como dixo o señor Cal— ten un amplo descontento no sector e un alto descontento social.

Con respecto á intervención do señor Fernández Prado —por ir rematando—, dixo vostede que o sistema funciona axeitadamente. Bueno, funciona axeitadamente cando funciona o transporte escolar, porque, evidentemente, ten o maior despregue de todo o Estado español e, polo tanto, dá cobertura a unha parte importantísima da comunidade autónoma.

Dime vostede que teño que facer unha comparación homoxénea con respecto a Castela-León. Claro, evidentemente, claro que si, pero é que Castela-León foi introducida como faro neste debate por parte do Partido Popular. Foron vostedes os que trouxeron a comunidade de Castela-León a este debate, non fomos nós. Polo tanto, permítame que con toda a falta de rigor que poida supoñer comparar términos que non son homoxéneos, utilice a mesma comunidade autónoma que vostedes empregaron para facer aquí este plan de transporte adaptado.

Mire, dixo vostede unha cousa que lle teño que rebater. Se foi un sistema tan participado, ¿como é que ten tanta contestación, se dixo vostede que logrou a aprobación no Consello Galego de Transportes? Sabe vostede que non. Unha cousa é que fose aprobada no Consello Galego de Transportes e outra cousa é que fose aprobada por todos os representantes do Consello Galego agás os da Administración. Sabe vostede que ningún que non fose representante da Administración aprobou ese proxecto, polo tanto, ese non é un argumento.

Para rematar, señora presidenta —que se me está acabando o tempo—, eu creo que cun plan que ten comprometidos nos orzamentos do ano 2019 e seguintes 13.386.978 euros, ben se

pode facer algo que dea a esta comunidade autónoma o servizo de transporte público que todos merecemos e que todos imos pagar vía orzamentos da comunidade autónoma.

Máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Álvarez Martínez.

Xa nos fará chegar a transacción se chegan a un acordo.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Patricia Otero Rodríguez e D^a María Dolores Toja Suárez, sobre a elaboración por parte do Goberno galego dun plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Daniel Vega Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 38254)

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a elaborar e desenvolver da man do sector un plan integral de formación náutico-pesqueira para a Mariña lucense, no que se contemple a emisión de Certificados de Profesionalidade Marítimo-pesqueira, organización de cursos para a adquisición e revalidación de competencias necesarias e analizar a disposición da demanda para a implantación, nos centros existentes na Mariña, de ciclos de formación náutico-pesqueira e da FP Dual como a que xa está a funcionar na nosa comunidade nesta especialidade.>>

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. num. 38254)

Emenda de supresión.

Eliminar na parte final do texto o seguinte: <<...e implantación da FP dual como a que está a funcionar en comunidades veciñas nesta especialidade.>>

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes de novo, señorías.

Esta tarde, o Grupo Socialista trae esta proposición non de lei para ser debatida no pleno logo das respostas dadas na Comisión 8ª pola directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro da Xunta de Galicia, que nos deixaron tremendamente preocupados, con afirmacións como as seguintes: que a formación náutico-pesqueira é moi cara, que a formación náutico-pesqueira na Mariña está cuberta, a pesar de que recoñecen que é difícil acceder a esta formación e que os cursos celebrados na Mariña lucense ao longo deste ano foron só cinco, e só un deles para adquirir as competencias básicas. Por un lado, recoñecen que acceder a esa formación é complicado, e, por outra banda, din que a formación na Mariña foi suficiente, e sen embargo chegounos a recoñecer que moita xente prefire irse a cursos pagando ou trasladarse a outras comunidades autónomas a realizalos.

¿Vostedes pensan que se oferta formativa na Mariña de Lugo fora suficiente, os traballadores do mar preferirían trasladarse a outros territorios a formarse ou ben pagar nalgunhas academias para poder obter esta formación? O que está claro é que o sector está cunha falta de relevo xeracional e a formación é fundamental.

Por parte da Xunta de Galicia non poden dicir que van seguir estudando as necesidades, ten que haber plantexamentos inmediatos. E nos orzamentos da Xunta a formación en termos relativos non aumentou con respecto ao ano anterior. Non ten ese peso nos orzamentos da Xunta que a propia Xunta de Galicia di que ten.

Centrándonos na proposición que estamos a debater, o sector pesqueiro da provincia de Lugo é un dos principais motores económicos da comarca da Mariña, onde se atopan dous dos portos máis grandes de Galicia: Burela e Celeiro, sen esquecer o resto dos portos da comarca, como Ribadeo, Foz, San Cibrao e O Vicedo.

Burela e Celeiro destacan non só polo volume de vendas das súas lonxas; no ano 2017 moveron máis de 127 millóns de euros coa pesca. O volume de negocio do sector pesqueiro representa o 26 % do total de Galicia, e máis do 21 % da descargas en lonxa na nosa comunidade autónoma proveñen dos portos lucenses, convertendo así A Mariña nunha gran lonxa de pesca fresca de Europa e ratificando, polo tanto, o peso que ten na economía e na sociedade da Mariña, tanto polos empregos directos como polos indirectos.

Pero Burela e Celeiro destacan tamén pola súa importante frota, na que hai que salientar o elevado número de buques de grande tonelaxe, moitos deles faenando en augas internacionais e comunitarias, o que implica a necesidade dun maior número de titulados náutico-pesqueiros, así como un maior nivel de formación.

Preto do 18 % dos barcos da Mariña están preparados para grandes tonelaxes. A demanda de persoal con formación para o sector pesqueiro vai en aumento, como podemos ver nos informes do SEPE en Lugo. Dentro das ocupacións de difícil cobertura, a maioría destes son de profesionais do mar. Pero non se trata dunha necesidade puntual, como se pode comprobar nos históricos destes informes. Cubrir os postos dos mandos dos barcos resulta difícil. Resulta difícil atopar capitáns, patróns e persoal de máquinas. E difícil tamén atopar e cubrir os postos de patrón e de máquinas, ao ser os que exixen unha maior titulación.

Ultimamente estamos empezando a acostumarnos a escoitar que algúns barcos non puideron partir dos nosos peiraos por falla de tripulación. En Vigo, por poñer un exemplo, máis dunha ducia de casos no último ano, e na Mariña de Lugo non escapamos a este problema. Hai unhas semanas, un barco palangreiro de 31 metros de eslora tivo que quedar amarrado a porto varios días en Burela por falla de capitán.

Pero é que hai moitos máis casos. Casos de patróns de altura titulados que traballan como mariñeiros porque rematan os seus estudos nunha escola oficial pero necesitan complementar a súa formación con cursos de sanidade avanzada, salvamento e contraincendios que non se imparten nas escolas, e teñen que ir a academias privadas, chegando a pagar máis de 3.000 euros por esta formación. E un mariñeiro que necesita renovar a formación básica ten que acudir tamén, en moitas ocasións, a centros privados pola escaseza de oferta desta formación.

Hai que recordar que as actividades en materia educativa están transferidas á Comunidade Autónoma, segundo o Real decreto 523/2006, do 5 de maio. Se analizamos a oferta de formación para titulados de ponte e máquinas en Galicia, vemos que os centros onde se imparten ciclos da familia marítimo-pesqueira están todos nas provincias de Coruña e Pontevedra, non habendo ningún na provincia de Lugo. Hoxe pola mañá a señora conselleira recoñeceu que os centros de formación estaban cheos de xente, e moita desa xente que está en listas de espera para estes centros de formación son xente da Mariña de Lugo.

Os certificados de profesionalidade son o instrumento de acreditación oficial das cualificacións profesionais do catálogo nacional de cualificacións profesionais no ámbito da Administración laboral. Acreditan o conxunto de competencias profesionais que capacitan para o desenvolvemento dunha actividade laboral identificable no sistema produtivo, sen que iso constituía unha regulación do exercicio profesional. Teñen carácter oficial e validez en todo o territorio nacional e son expedidos polo SEPE e os órganos competentes das comunidades autónomas. Debemos, ademais, ter en conta que os profesionais do mar deben contar con certificados de especialidade, que teñen por obxecto completar ou perfeccionar a formación en determinados temas relativos á seguridade ou habilitan para exercer determinadas funcións ou especialidades nos barcos. Trátase de cursos que, unha vez realizados, tamén deben ser actualizados periodicamente.

A orde do 31 de xullo de 2014, pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro, pescador, patrón de pesca e patrón costeiro polivalente da comunidade autónoma, establece no seu artigo 2 que a autorización, organización, seguimento, control e avaliación dos cursos e actividades reguladas nesta orde correspóndelle á consellería en materia de pesca, a través da dirección xeral con competencia en materia de ensino náutico e marítimo-pesqueiro. Ademais, a resolución do 15 de setembro de 2016, da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, establece a modalidade de teleformación para a obtención da titulación profesional náutico-pesqueira do mariñeiro pescador. Pero se nos centramos na provincia de Lugo, e máis concretamente na Mariña, a situación na formación náutico-pesqueira é penosa, posto que non existe ningún centro que imparta formación profesional da familia náutico-pesqueira, concentrándose —como xa dixen— nas provincias de Coruña ou Pontevedra ou en comunidades autónomas próximas.

Non se está a impartir na actualidade ningún certificado de profesionalidade; unha vella reivindicación do sector, a de conseguir titulados profesionais a través da experiencia profesional. Hai anos, na Delegación de Pesca de Celeiro levábanse a cabo cursos que agora desaparecieron, algúns dos cales se están a impartir en academias privadas. No caso de acceder á teleformación ofertada pola Consellería do Mar, deben desprazarse ás provincias de Coruña e Pontevedra para realizar os exames presenciais. A oferta formativa, que case se pode definir como nula na comarca, obriga incluso a ter que realizar cursos como os de prevención de riscos fóra da nosa comunidade autónoma, co conseguinte custo económico e co agravante da falla de tempo dos traballadores do mar, sobre todo dos da pesca de altura, onde deben de quedar en terra nunha marea para poder acceder a eses cursos, sen os cales non poderían embarcar.

Pero a escaseza de formación non se dá só no eido dos patróns e de mandos, tamén a nivel mariñeiro. Todos sabemos, e o sector reclama, que se realicen na comarca, e con certa asiduidade, cursos de formación básica. Esta falla de formación tamén se ve na Mariña con outros colectivos, como as redeiras, que levaban anos solicitando á Consellería do Mar formación nesa zona para obter o certificado de profesionalidade, xa que había grandes demandas e poderían darse de alta no réxime da Seguridade Social para poder exercer esta profesión.

Tivo que vir a mediados deste ano a Deputación de Lugo garantir a formación gratis para que 15 redeiras obteñan o certificado de profesionalidade, *(Aplausos.)* complementando así a formación recibida no 2016.

Pois ben, a pesar da importancia do sector pesqueiro na provincia e a necesidade de persoal con titulación marítimo-pesqueira para cubrir a demanda da frota da Mariña e garantir o relevo xeracional, a oferta formativa non é só insuficiente, senón que supón un agravio comparativo co resto das provincias costeiras de Galicia. Por iso dende o Grupo Socialista presentamos esta proposición non de lei, e xa me adianto, porque seguramente o voceiro do Partido Popular me vai dicir que antigamente, no ano 2005, había un proxecto para ter unha escola de formación náutico-pesqueira, pero recórdolles que levan gobernando dende o 2009 e estamos no ano 2018.

Pola miña parte, nesta primeira intervención nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Pola mañá poñiamos á conselleira do Mar fronte ao espello do resultado da xestión das políticas do Partido Popular, e, moi a pesar do Partido Popular, ese espello reflectía un resultado que non lles gusta. O resultado é de moitas menos embarcacións, menos persoas traballando no mar, menor rendas e menos sector do mar. E vaime permitir a deputada do Partido Popular: o Partido Popular non leva gobernando desde o ano 2009, o Partido Popular leva gobernando bastante máis en Galiza. Para eles parece que o mundo empezou no ano 2009, pero non, non, levan bastante máis. *(Aplausos.)* ¡E levan desgobernando o mar galego desde bastante antes!

Entón, poñiamos —dicía— á conselleira fronte ao espello que dá como resultado unha perda de máis do 30 % de embarcacións en Galiza pola aplicación das políticas da Unión Europea que tan entusiasticamente aplican. Agora estamos debatendo esta iniciativa que tamén é outro espello. É outro espello porque un país como Galiza, que é eminentemente costa; no que temos 1.700 quilómetros de costa; temos 122 portos pesqueiros de competencia da Xunta de Galiza e 6 portos clasificados de interese xeral —o que significa que é o Estado español quen determina que políticas se aplican neles—, e o Partido Popular non quere nin oír falar de transferilos a Galiza; onde a formación náutico-pesqueira debería ser unha prioridade nos nosos centros de ensino, e non só para a tripulación de buques, deses buques que están esmorecendo, senón que en xeral a formación náutico-pesqueira debería ser unha prioridade para todas as actividades relacionadas co mar, pero a realidade é que a formación, para todas as cuestións derivadas do mar, é auténticamente residual no noso país. E isto, evidentemente, é outro espello no que mirar as políticas pesqueiras do Partido Popular.

Topámonos, polo tanto, con que a formación pesqueira en Galiza non é unha prioridade. Os titulados náutico-pesqueiros, as titulacións, non son unha prioridade. Non é unha prioridade a formación regrada. Na formación non regrada soamente hai tres centros en Galiza: un en Ferrol, outro en Vigo e outro en Ribeira. Hai un problema, logo, nos titulados, que a pesar de haber titulados e tituladas —están as escolas cheas, por así dicilo—, logo non queren acceder ás embarcacións porque hai falta de incentivos, de ofertas atractivas capaces de canalizar esas aulas náuticas cara a esas pontes e máquinas polo pouco atractivas que son as ofertas.

Hai un desequilibrio territorial na ubicación dos centros de formación. Hai unha falta de titulacións —como dicía— no ensino regrado. Unha parte importante da titulación obrigatoria é a base de cursos do ensino non regrado; cursos cunha duración menor que os cursos nos ciclos formativos. E logo hai un problema de seguridade derivada desa formación laxa, porque no enfoque desa formación, pensada para facer negocio en moitos casos, a seguridade queda nun segundo termo, cuestión que non é que denuncie eu hoxe aquí, senón que foi denunciada polo propio sector, por parte das persoas que reciben esa formación e por profesionais do sector.

Polo tanto, é unha cuestión que tamén nos preocupa no BNG e hoxe imos votar a favor desta iniciativa. Estamos a falar da Mariña lucense, onde, efectivamente, hai dificultade para acceder a parte desta formación, que é obrigatoria para acceder e logo é obrigatoria a súa reciclaxe, co cal estamos falando duns desembolsos moi importantes para estas persoas, cando nalgúns casos hai centros dentro do sistema e confrarías dispostas a facilitar esta formación, mais o que parece é que hai falta de vontade política.

Digo que imos votar a favor desta iniciativa, mais que lle presentamos unha emenda no que respecta á Formación Dual, porque, dende logo, no BNG non estamos a favor deste modelo, cuestionámolo dun xeito moi evidente, consideramos que é unha aposta pola privatización da Formación Profesional. Estamos diante dun modelo no que os grandes grupos económicos condicionan os criterios e contidos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Remato, presidente.

É un modelo formativo que ten un efecto negativo; provoca que unha parte do profesorado non estea dentro do sistema educativo; e está ao servizo dos intereses da patronal e non ao servizo das persoas que reciben esa formación.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: Co cal, votamos a favor da iniciativa sacando esta parte da FP Dual.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Vega.

O señor VEGA PÉREZ: Moitas grazas, señor presidente.

Cabe facer unha reflexión. Cando vostedes acoden aquí, a este atril, sempre din que levamos gobernando toda a vida en Galicia. ¡Oia!, pois será porque o pobo galego quere. Se votaran vostedes, non gobernaríamos, pero o pobo galego si quere que gobernemos. Iso é o que pasa. (*Aplausos.*)

Cabe facer moitas reflexións. Que unha persoa da Mariña veña dicir aquí que non hai formación na Mariña, é descoñecer o territorio e é descoñecer tamén o sector pesqueiro. Dende logo, nós imos tratar isto con seriedade porque nós non facemos política coa pesca, facemos política pesqueira. Certamente distinto.

Cando se di por parte do BNG que só existen tres centros, escoite e tome nota porque erra. Errar sabendo é mentir. E se se erra porque non se sabe, hai que informarse.

Sobre a elaboración dun proxecto de formación, a Consellería ten tres centros: Ferrol, Ribeira e Vigo. Vigo, ademais, conta cun centro de referencia nacional en pesca de innovación. Fíxese ben cando lle dixen que tome nota, o cuarto pertence á Consellería de Educación, Universidade e Formación. Claro, aquí se fala de formación pesqueira, non se fala doutras cousas. Fálase de formación no tocante á pesca. Sito en Culleredo, ¿sóalle? Iso é Galicia.

Polo tanto, a formación para esta consellería é fundamental e vai cun orzamento. O orzamento, señora Otero, incrementa un 9 %; é dicir, máis de 9 millóns de euros, dedicado á formación náutico-pesqueira. Iso acredita un compromiso; iso acredita que nós falamos en serio sobre a formación para os nosos pescadores.

Fíxense vostedes, cando dixeron que a xente se traslada e que non ten axudas, sigan tomando nota. A maiores do Instituto Galego de Formación en Acuicultura, que está en Vigo, imparte formación tamén no tocante á formación náutico-pesqueira. As prazas de residencia contan

cun prezo e un sistema de bonificacións axeitado a todas as necesidades, e a maiores dispoñen de axudas. É dicir, as persoas que acoden alí formarse teñen axudas económicas.

Para residencia tamén hai axudas económicas, e tamén para locomoción; é dicir, hai unha axuda por parte da Administración para que esa xente se traslade á formación.

E vostedes dicían que non hai formación na Mariña. Pois tome nota, señora Otero: curso de Certificado de percebeiro, na aula de Celeiro. Pertence ao concello de Viveiro. Curso de Certificado de mariscador, en Celeiro. Curso de Certificado de mariñeiro, en Celeiro. Curso para actualizar o Certificado de formación básica en seguridade na confraría do seu pobo, en Burela. Hai formación en Burela, ¡hai formación! Curso de Actualización de Certificado básico, na aula de formación, en Celeiro. Curso de patrón, en todas as confrarías da Mariña e tamén na de Burela; fíxese, no seu pobo. Para o curso de Operador do Sistema mundial de socorro e de seguridade marítima tamén hai formación en toda a Mariña; e tamén no seu pobo, en Burela. O curso de operador, en toda a Mariña e tamén no seu pobo, en Burela.

¡Claro!, cabe facer unha reflexión. ¿Vostede veu aquí facer que? ¡Electoralismo! Eu creo que ese é o propósito que tiña hoxe, chegar aquí e facer electoralismo porque vén a campaña das municipais. Eu mencioneille formación no seu concello. Eu pásolle o papel, se quere, e vai ler e vai observar e, en consecuencia, sacará unha reflexión para trasladárllela aos veciños da Mariña: que existe formación para os mariñeiros, para os pescadores, na nosa comarca.

Polo tanto, nós imos seguir apostando pola formación. Se se incrementa o orzamento nun 4 %, é dicir, máis de 10 millóns de euros na formación para os nosos pescadores, estamos adquirindo un compromiso leal e absoluto. Na formación para o 2019, todos eses cursos que lle acabo de dicir, de patrón, é o compromiso deste goberno. Polo tanto, non hai un recorte na formación, senón que imos seguir avanzando. E, ¿sabe cal é a diferenza? Que nós non facemos isto de chegar aquí e anunciar e pedir. Non. Nós traballamos da man do sector, e isto traballámolo co sector.

Nós presentamos unha emenda de substitución. Vostede xa me dixo que non, e eu síntoo. Sinto que vostede me dixera que non porque puidemos chegar a un grande acordo, a un gran pacto, entre dous veciños da Mariña que queren traballar —espero que sexa así pola súa parte— polo sector e pola comarca.

Pero bueno, como me vai dicir que non, que xa sei que non lle deixan no seu partido, pois eu xa lle digo que nós esta emenda imos convertela nunha PNL. En consecuencia, imos facelo. ¿Por que? Porque temos os votos, porque o pobo galego así o quere e porque o pobo galego nos dá unha maioría absoluta...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VEGA PÉREZ: ...porque sabe do noso compromiso. Menos política coa pesca e máis política pesqueira.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Vega.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Miranda.

A señora MIRANDA PENA: Boa tarde, señor presidente.

Tentarei ser concisa porque se ven caras de cansancio, e facer un exercicio de sororidade coa deputada do PSOE porque o ton do compañeiro do Partido Popular foi, en certa medida, un pouco agresivo. (*Aplausos.*)

Na miña adolescencia, na comarca veciña á da propoñente e á do señor Vega, Ortegá, os rapaces que non estudaban ían ao mar e as rapazas que non estudaban ían á conserva. Obviamente, este é un modelo a superar non tanto pola división por xéneros do traballo, senón pola necesidade de profesionalizar e dignificar un sector, que é o mar, que hai que coidar pola súa relevancia na nosa historia, na nosa cultura, na nosa antropoloxía e, sobre todo, na nosa economía.

A Mariña é unha comarca na que, como o seu propio nome indica, o mar ten unha importancia capital na vida da súa xente, enriquecida, ademais, por outras culturas como a cabo-verdiana a través de numerosos mariñeiros que viñeron pescar a Burela, a Celeiro, ao Vicedo, a San Cibrao, a Ribadeo e a Foz e trouxeron con eles as súas familias. Unha evidencia palmaria foi a presenza de nenos e nenas con diversidade racial esta mañá no Parlamento.

O sector pesqueiro mariño pechou o ano pasado con máis de 134 millóns de euros de facturación. Burela e Celeiro xuntos convierten a Mariña nunha gran lonxa de peixe e marisco fresco en Europa e confirman o seu peso na economía da comarca, tanto en postos directos como en postos indirectos.

A lonxa de Burela é a principal da comarca e a segunda de Galicia por facturación, 22 millóns de quilos de peixes e mariscos frescos, cun valor de 73 millóns de euros. A facturación de Celeiro superou o ano pasado 53 millóns de euros, e en menor medida os outros portos da comarca.

Falamos dunha frota de 176 buques pesqueiros e nada menos que 727 persoas empregadas no sector do mar en toda a comarca. Sen dúbida, unha actividade a ter moi en conta.

Pero, lonxe desta actividade, referendo coas miñas compañeiras que se atopa falta de persoal para traballar no mar. A falta de expectativas de futuro, a propia dureza do traballo, a incerteza que xera a pesca co sistema de cotas son elementos que dificultan a incorporación profesional a este sector, e isto compromete o relevo xeracional. Ademais, hai que ter en conta —xa se mencionou aquí— as necesidades de mellora no que respecta aos salarios e á propia seguridade.

O mar, ademais dun modo de vida, merece ser para a súa xente un medio seguro, rendible, digno e profesionalizado, e unha fonte consolidada de riqueza para o noso país con perspectiva de futuro; e a Administración debe traballar para garantilo.

Os avances tecnolóxicos, as recomendacións de organizacións internacionais marítimas sobre os niveis mínimos de formación dos mariñeiros, os cambios normativos para obter o título de patrón de costa, patrón de pesca e mariñeiro-pescador, ou mariñeira-pescadora fan necesaria a actualización docente. Ademais, hai que considerar as peculiaridades da costa galega, que demandan unha maior atención en materia de seguridade.

Outro dos elementos vitais para a dignificación deste sector é a formación das persoas que traballan nel, que é do que estamos falando hoxe. Para iso, a formación en materia náutico-pesqueira e os cursos para a revalidación da competencia son de vital importancia, pero no noso país dispoñemos de catro centros oficiais en materia marítimo-pesqueira: en Vigo, Ferrol, Ribeira e A Illa, neste caso para acuicultura, quedando, efectivamente, o norte de Lugo mal abastecido malia a súa necesidade, a pesar dese centro de Culleredo que mencionaba o señor Vega.

O centro de formación máis achegado a Burela é Ferrol, e atópase por estrada a unha hora e media de camiño. A regularización e a profesionalización do mundo do mar é necesaria para optimizala, pero isto só se consegue con recursos, con estímulo e con compromiso das administracións.

A proposición que estamos a debater fai tamén alusión —coa que concordamos— ao agravio comparativo que se establece unha vez máis entre o centralismo do arco atlántico, onde se sitúan, efectivamente, todas as escolas marítimo-pesqueiras —tamén Culleredo—, e a costa de Lugo, nunha nova constatación dun desequilibrio territorial que aspiramos combater. Máxime, se temos en conta a relevancia da costa luguesa no sector pesqueiro.

Anticipo, señora Otero, que votaremos a favor da iniciativa. A formación é relevante. Moito temo que isto non conseguirá superar eses vellos roles de mulleres e homes no mundo do mar, para iso farían falta outro tipo de mudanzas, pero cada paso será benvido.

Votaremos a favor. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Miranda.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Señor Vega, maioría absoluta si, moita, pero capacidade de traballo, pouca. ¿Por que non presentaron antes esa PNL? *(Aplausos.)* ¿Tiven que vir eu aquí, a de Burela, a poñer o tema enriba da mesa para que vostedes se poñan a traballar? Pois as maiorías absolutas están para algo máis que para dicir que temos unha maioría absoluta pero non traballamos en consonancia con iso.

Claro que si, irei a Burela a trasladarllo aos meus veciños, concello no que, por certo, o meu partido, o Partido Socialista, tamén goberna con maioría absoluta pero fai cousas, e vostede ao mellor non pode dicir o mesmo cando vaia ao seu concello, onde por moito que cambien

o candidato por parte do PP, non creo que lles dea moitos mellores resultados electorais dos que teñen a día de hoxe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, xa veremos. En Ribadeo, xa veremos *(Risos.)*

Vostedes queren seguir marxinando a Mariña, pero na Mariña e na provincia de Lugo xa estamos acostumados a que o PP nos teña marxinados e a que nos negue os servizos que se dan noutros sitios da nosa comunidade autónoma.

E claro, señor Vega, ¿que vimos facer aquí?, ¿política? Porque eu non veño aquí xogar as cartas. *(Aplausos.)* Eu non me avergonzo de dicir que veño aquí facer política, e todos os que estamos aquí creo que vimos ao mesmo, non vimos pasar o tempo.

Eu non dixen que non houbera formación, dixen que a formación náutico-pesqueira na Mariña era escasa, e nomeei que se fixeran ao longo do ano 2018 cinco cursos. Pero, ¿realmente cren vostedes que cinco cursos de formación náutico-pesqueira para a comarca da Mariña son suficientes?

Vostedes din que traballan co sector, ¡claro! Pero como tamén se recoñeceu aquí pola mañá, cunha parte do sector, non escoitan a todas as partes do sector, porque a gran maioría do sector si que está reclamando esta formación que non se está a facer na Mariña.

Dende logo, non podemos aceptar a emenda de substitución que nos presenta o Partido Popular porque non recolle e garante toda a formación profesional que nós queremos que haxa na Mariña.

Agradecerlle a En Marea que vaia apoiar esta iniciativa, entendo que tamén o BNG, pero o que non podemos é aceptar a emenda do BNG porque para nós si que a Formación Dual que require unha parte do sector é moi importante e está dando grandes avances noutras comunidades autónomas próximas á nosa.

Pola miña parte, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e D. David Rodríguez Estévez, sobre a defensa polo Goberno galego dun plan estratéxico propio para Galicia cara ao vindeiro período da Política Agraria Común

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Raúl Fernández Fernández, a través da portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei. (doc. núm. 39171)

Emenda de modificación.

Débase substituír a parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a defender que Galicia conte cun plan estratéxico propio, dentro dos límites establecidos no artigo 93 do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 2018/0216 (COD), de cara ao vindeiro período da PAC, tal e como establece tamén o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no documento titulado “La Política Agrícola Común post 2020: una respuesta desde España”, do 12 de novembro de 2018.»

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Señorías, moi boa tarde a todos e a todas.

Dadas as horas que son e o cansancio que temos todos, falar agora sobre a PAC e sobre o articulado pode ser un pouco tedioso. Pero bueno, intentarei ser o máis conciso posible.

En agosto deste mesmo ano, a exconselleira do Medio Rural, a señora Vázquez, asinou con algunhas organizacións agrarias —non con todos— e con algunhas cooperativas un documento no que se reflectía a postura institucional do Goberno cara á reforma da política agraria común. O documento foi entregado ao Ministerio de Agricultura, de Pesca e de Alimentación para que as achegas de Galiza estiveran presentes na posición de España como Estado membro da Unión Europea.

No texto reclamábase un único plan estratéxico por Estado, para as axudas da PAC, que recollera as singularidades de cada comunidade autónoma. Así, a Xunta fixaba a postura da Comunidade Autónoma ante a futura política agraria común, ao obxecto de que esta mesma fora garante e conseqüente dun sector agrario rexional rendible, sustentable e innovador, que fixara a poboación no medio rural.

No punto primeiro deste documento dicíase literalmente que a comisión mantiña a proposta de que cada país podía deseñar un modelo propio de aplicación, elaborando un plan estratéxico nacional, dando máis capacidade aos estados membros para adaptar a PAC á súa realidade territorial, produtiva e sectorial.

Máis adiante, neste documento engadíase que considerábase imprescindible que, tal e como establece o proxecto de regulamento, haxa un único Plan estratéxico da PAC por estado membro. O novo regulamento debería establecer criterios uniformes para todos os Estados.

A Xunta de Galicia optou por demandar este único plan estratéxico, na liña do que xa fixera o anterior Goberno central, así como o actual Goberno central. Isto, en certa parte, contradecía a vontade expresada por Medio Rural de atender as diferenzas e peculiaridades de cada rexión ou comunidade autónoma.

A Política Agraria Común, máis coñecida como PAC, foi unha ferramenta creada no ano 1962. Constituía unha das políticas fundamentais e é un elemento esencial no sistema institucional,

dentro da Comunidade Económica Europea, para dous sectores estratéxicos como son a agricultura e a gandería. Os seus obxectivos recóllense no artigo 39 do Tratado do funcionamento da Unión Europea e son os seguintes: incremento da produtividade agrícola —hoxe en Galicia non se está cumprindo e, é máis, é un sector que está caendo—; garantir un nivel de vida equitativo en toda a produción agrícola —hoxe en Galicia tampouco se está cumprindo—; estabilizar os mercados —non se cumpre nin en Galicia nin no conxunto do estado—; garantir a seguridade dos abastecementos e asegurar á persoa consumidora subministracións a prezos razoables e alimentos de calidade —tampouco se está a cumprir—.

Ningún destes obxectivos se está a cumprir a día de hoxe. No ano 2017 a Comisión Europea enviou a comunicación para que se fixesen as propostas lexislativas. A Consellería do Medio Rural, conxuntamente con algunhas organizacións agrarias e cooperativas, elaborou este documento, que a día de hoxe se está a debater en Bruxelas. As medidas que figuraban neste documento foron asinadas pola Xunta, por Unións Agrarias, por Asaga, pola Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias (Agaca) ou pola Cooperativa CLUN. O acordo foi trasladado ao Ministerio de Agricultura para que se incorporara a esa posición conxunta de todo o territorio español sobre a reforma da Política Agraria Común.

Do sector agrario galego saíu un acordo sobre as seguintes bases, segundo, ademais, explicou tanto a Consellería nun comunicado como o conselleiro na pregunta que de En Marea lle fixo hai 15 días: conservar un financiamento exclusivamente con fondos europeos para as axudas directas da PAC a fin de evitar que se xeren diferenzas entre os produtores en función do apoio de cada estado membro, defendendo o Goberno galego que haxa un único plan por Estado pero —apuntaba aí a consellería— que se recoñezan as peculiaridades internas —e aí, en certa parte, estanos dando un pouco a razón a esta proposición de lei que nós traemos—; fixar un tope máximo de axuda por explotación de 100.000 euros; regular medidas que permitan responder de forma máis rápida ás oscilacións de prezos das producións agrarias e das materias primas; primar nas axudas as primeiras hectáreas de cada explotación; aumentar as axudas asociadas de xeito que supoñan unha gran parte das axudas directas; destinar as axudas aos agricultores xenuíños —un concepto aínda pendente de definir e que vai substituír o actual agricultor activo—; apoiar os dereitos históricos cun novo pago dissociado, ou crear un sistema estatal para o asesoramento dos agricultores e para o control de riscos, entre outros.

Claro, isto explicado así polo conselleiro no último Pleno a verdade é que ata soa ben, pero nós, dende de En Marea, cremos que faltan algunhas cousas por puntualizar. O primeiro é que vemos que é necesario definir quen vai ser o perceptor da PAC. Temos que concretar qué vai ser un agricultor xenuíno —tampouco vén definido—. Para cobrar as axudas débese exigir que, polo menos, un 50 % dos ingresos proceda da actividade agraria, e que esa persoa que percibe estes fondos que dedique máis do 50 % do seu tempo laboral á agricultura; se non ao final non imos fixar poboación no medio rural e teremos unhas vilas baleiras. Os dereitos históricos nós, dende de En Marea, entendemos que deben desaparecer. Non podemos obviar a importancia que ten a PAC para Galicia, Galicia é un pobo eminentemente rural, é un pobo gandeiro, agrario, que ten que aproveitar esta oportunidade para atraer e fixar poboación, para implicar estes sectores clave no noso país e mellorar o tecido social e económico que permita desenvolver estas actividades sen ter que recorrer á emigración,

garantindo un nivel de vida equitativo ás persoas agricultoras e gandeiras, e garantir tamén uns prezos na alimentación para as consumidoras. É unha grande oportunidade para Galicia para garantir que mediante o cumprimento dos nove obxectivos marcados na PAC se contribúa a mellorar estes sectores estratéxicos.

Onte rematou o prazo de presentación das emendas ao Regulamento e aos informes do Parlamento Europeo sobre a Política Agraria Común. Temos entidades como a Vía Campesíña que está a desenvolver unha campaña por toda Europa para insistir na necesidade de definir un modelo agrícola que sexa sostible e que constitúa un verdadeiro apoio nas zonas rurais. A actual PAC e o borrador da seguinte PAC a En Marea non lle vale. A futura PAC debe garantir rendas xustas aos labregos e ás labregas, equiparados ao resto de profesións, e responder ás expectativas da sociedade. Isto implica a transición de todas as granxas europeas cara a modelos máis sostibles e cara á agroecoloxía labrega: preservar o medio ambiente, preservar o clima e garantir alimentos de calidade para toda a cidadanía, incluíndo as persoas máis desfavorecidas. E para isto precisamos políticas públicas que regulen os mercados.

A día de hoxe de nada disto se está a falar en Galiza. Temos, ademais, algunhas demandas fundamentais como pode ser manter a actividade agrícola e labrega orientada á produción de alimentos en todos os territorios rurais e dar prioridade á mocidade labrega. Pero non só durante os primeiros anos de mocidade senón que tamén na distribución de axudas e na reserva dos dereitos de pagamento. Débese fixar un tope obrigatorio dos pagamentos directos —como propoñen vostedes— pero podemos darlle outra volta e rebaixar un pouco, se cadra, esa cantidade que vostede anunciaba de 100.000 euros e cunha dedución do 50 % dos custos laborais sobre un contrato real, e cunha limitación máxima ao número de traballadores ou traballadoras. Estes programas deberían igualmente ser sometidos a límites nestas axudas: conceder un pagamento directo obrigatorio a labregos e labregas de pequena escala a partir dun valor mínimo de axuda, manter o actual nivel das axudas acopladas e non aceptar que os cultivos destinados a agrocarburentes se beneficien destas axudas. Aquelas granxas baseadas en modelos agroecolóxicos deben ser recoñecidas dentro dos ecoesquemas, e estes últimos deben ser unha axuda e apoio a sistemas e modelos a favor do clima e do medio ambiente. E non unhas axudas prácticas específicas dentro dun modelo e dun sistema agrícola intensivo.

Dende de En Marea rexeitamos rotundamente que haxa financiamento obrigatorio aos seguros agrarios para afrontar as crises de mercado, os agroseguros. A xestión de riscos debe entenderse con políticas públicas, como pode ser, por exemplo —como dixemos antes—, a regulación destes mercados. E todas as axudas aboadas a labregos e labregas deben estar suxeitas ao cumprimento dunha serie de requisitos comúns relativos aos dereitos de acollida dos traballadores e traballadoras agrícolas, xa que isto supón a inclusión dunha condicionalidade social da PAC que agora mesmo non ten.

As nosas reivindicacións son as reivindicacións dunha gran parte da sociedade europea, ¿por que?, pois porque pedimos apoiar un modelo agrícola sostible que sexa xusto e saudable para o campesiñado, a cidadanía e o medio ambiente do contexto da Galiza. E, bueno, de aí que pidamos —como xa lle preguntamos no último Pleno— que Galiza que sexa forte, que conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Grupo Parlamentario Socialista. Señor Fernández Fernández.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, a esta hora da tarde, boa tarde a todos de todas formas.

Señor conselleiro, boa tarde e tamén benvido. O Grupo Socialista agradécelle a súa presenza nunha cuestión tan relevante para o medio rural e tan relevante para Galicia como son os vindeiros tempos da Política Agraria Común.

A reforma da Política Agraria Común para o período 2021-2027 vai ter nesta Cámara nos vindeiros meses un merecido protagonismo. Terá protagonismo nesta Cámara mais tamén terá protagonismo na sociedade e, fundamentalmente, no medio rural. Un mundo rural necesitado de políticas activas e de recursos necesarios para desenvolver todas as súas potencialidades. E a Política Agraria Común pode, ademais, e debe ser esa ferramenta, ese instrumento que potencie o medio rural en múltiples facetas.

Do seu relevante protagonismo xa damos conta hoxe e tamén mañá, mañá cunha interpelación sobre esta cuestión e hoxe coa proposición non de lei de En Marea que estamos a debater. Por certo, a interpelación de mañá xa asegura tamén a presenza da PAC no seguinte Pleno ao debaterse a correspondente moción.

Nesta proposición de lei o Grupo Parlamentario de En Marea proponnos que o Parlamento galego inste a Xunta a defender que Galicia conte cun plan estratéxico propio de cara ao vindeiro período da PAC. Recoñezo que ese plan estratéxico propio, tal como se formula, nos produce incerteza en canto ao seu destinatario: ¿directamente a Comisión Europea ou incorporado no Plan estratéxico do Estado? Por iso presentamos unha emenda de modificación.

Señorías, vou recordar algunha cuestión sobre a tramitación do que é a Política Agraria Común, o próximo período da Política Agraria Común. Así, o artigo 93 do Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello 2018/2016, a arquitectura dos plans estratéxicos da PAC, establece que cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para todo o seu territorio. Sen embargo, tamén abre a porta a que os elementos do plan estratéxico da PAC se establezan a nivel rexional.

O artigo 94, no seu punto 3, di: «cada Estado membro establecerá unha asociación coas autoridades locais e rexionais competentes e esa asociación incluírá, polo menos, algúns interlocutores como as autoridades públicas pertinentes, os interlocutores económicos e sociais, os organismos pertinentes que representan a sociedade civil e, cando proceda, os organismos encargados de promover a inclusión social, os dereitos fundamentais e a igualdade de xénero e a non discriminación».

Os Estados membros encargaranse de que os ditos interlocutores participen na elaboración do Plan estratéxico da PAC. Ademais, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no seu documento titulado *La Política Agraria Común post 2020, una respuesta desde España*, do 12 de novembro de 2018, establece, entre outras cuestións, que España aposta por un plan estratéxico común no que se preserve o papel das comunidades autónomas no segundo pilar. Entendemos que o plan estratéxico debe confeccionarse de acordo coa repartición constitucional de competencias no noso país entre o Estado e as comunidades autónomas. Defende a existencia dun plan estratéxico nacional en cuxa colaboración deben ter un papel clave as comunidades autónomas tanto no que se refire ás intervencións do primeiro pilar como, especialmente, nas intervencións do segundo pilar.

O plan estratéxico debe ser unha oportunidade para mellorar as sinerxías entre as medidas do primeiro e do segundo pilar para acadar os obxectivos comúns da PAC. As intervencións do primeiro pilar deben seguir tendo carácter nacional, mentres que as do segundo pilar deben ter vocación rexional ao ser deseñadas polas comunidades autónomas, pois son as mellores coñecedoras da realidade e das necesidades dos seus territorios. O modelo de gobernanza do plan estratéxico debe incorporar as autoridades das comunidades autónomas responsables da xestión, ao tempo que ten que asegurar a necesaria coordinación a nivel estatal.

Señorías, o Regulamento do Parlamento Europeo e do Consello e o documento do Ministerio de Agricultura *La Política Agraria Común post 2020, una respuesta desde España* son moi concretos e precisos respecto do contido, tramitación e papel das diferentes administracións.

Cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para todo o seu territorio. E cada Estado membro propiciará unha asociación coas autoridades locais e rexionais competentes para impulsar a toma de consideración dos seus elementos específicos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: ...da súa singularidade, participando con iso activamente na elaboración e na xestión do plan estratéxico español.

Como xa manifestei, a formulación desta proposición non de lei prodúcenos incerteza e por iso presentamos unha emenda de modificación que pretende ubicar esta iniciativa no único ámbito posible, como a aportación ao exclusivo Plan estratéxico da PAC para todo o territorio español.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Fernández.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Boa tarde, señor presidente.

Señorías, señor conselleiro.

Criterios uniformes para cada Estado nun Estado non uniforme. A nosa agricultura e ganadería ten moitas contas pendentes, ten características propias e necesita un trato diferente. Nada ten que ver en clima, solo, repartición da propiedade, dimensión das parcelas, cultivos... coa Meseta ou co Mediterráneo. Se temos plenas competencias en agricultura o lóxico é que teñamos un plan estratéxico noso. A lei pode dicir o que queira, aquí estamos para cambiar as leis. Aquí estamos para cambiar as leis. (*Murmurios.*) Aquí, en Europa e no Estado (*Aplausos.*), estamos para iso. E se unha lei non é xusta e é discriminatoria co noso país —¡isto é un país!—, se é discriminatoria co noso país debemos pelexar para que iso non sexa así.

Un plan único estatal, sen nada que recoñeza e avalíe positivamente as nosas necesidades, subordinadas estas ao interese do Estado, non serve para nada. Xa cantamos esa canción demasiadas veces e así nos quedou o amargo no peito e na alma.

A Xunta de Galicia gobernada polo Partido Popular opta polo sacrificio e demanda un plan único coma antes, coma sempre, Galicia non conta, total ¡para o que lle queda!. Pero este período 2021-2027 vai ser crucial, nel vanse preparar as condicións para que no 2027 se liberalice totalmente o mercado. Isto plásmase nunha redución exaxerada do orzamento global e nunha perda paulatina de peso dos fondos destinados á PAC. Asistimos tamén á progresiva discriminación dos distintos mecanismos de intervención nos mercados agrarios sen que esta tendencia se modifique, nin sequera nas propostas para o 2021-2027, a pesar da crecente volatilidade dos mercados. Imos, pois, á liberalización pura e dura; o dos seguros ás caídas de prezo é un exemplo clariño do que nos vén encima.

As rendas agrarias por explotación en Galicia son das máis baixas de Europa debido á escasa base territorial. O pagamento redistributivo, pagar máis polas primeiras hectáreas, ¿como establecemos o número destas?, ¿con quen?, ¿quen vai establecer os criterios?: ¿o Estado?, ¿os terratenentes andaluces e mesetarios?

O servizo de asesoramento —imprescindible— haberá que definir se vai ser público ou privado. Iso está sen dicir, sen acordar, sen falar.

Establecer liñas de apoio ás explotacións con prácticas beneficiosas para o medio ambiente e máis rigorosas do legalmente exixible, unha redución de pagamentos directos ata os 60.000 euros, tendo en consideración as explotacións asociadas e con traballadores.

As axudas directas deben vencellarse ao mantemento da actividade agraria aínda que se desvinculen dunha produción concreta e, sobre todo, dos volumes de produción.

O apoio á renda non debe basearse nos dereitos históricos nin nun pagamento uniforme por hectárea. Deberíamos camiñar cara unha axuda única para toda a Unión por unidade de traballo, cunha modulación en función do tamaño das explotacións e outros criterios. Debemos contemplar unha porcentaxe mínima de fondos dedicados á axuda redistributiva que sexa obrigatoria para os Estados membros. Esta pode ser do 30 %, que era o límite do período 2014-2020, e deberá fixarse tamén un tope máximo de número de hectáreas por explotación, considerando a excepcionalidade das explotacións asociativas que aquí temos.

Non nos chega con que as comunidades autónomas xestionen o segundo piar. ¡Que menos, se temos transferidas as políticas agrarias, que xestionamos nós, que digamos como xestionalo!

Miren, señorías, son moitas as razóns obxectivas que avalan a necesidade dun plan estratéxico galego, que este contemple a realidade da nosa agricultura hoxe, o que podemos facer no futuro e actuar en consecuencia. Abandonar os complexos de querer vivir noutra realidade e cumprir co deber de defender a viabilidade agrogandeira deste noso país, dos galegos, debe ser a prioridade única fronte a quen sexa. Nós primeiro, aínda que sexa por unha vez.

Se a liberalización dos mercados agrarios se leva a cabo, e todo indica que así vai ser, ten que nos coller cos deberes feitos, señor conselleiro. Aínda queda tempo, aproveitémolo. Mañá teremos máis, hoxe faise tarde e ademais agora é case sempre noite. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Blanco Paradelo.

O señor BLANCO PARADELO: Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

Grazas, señor conselleiro, por estar presente neste debate importante.

Eu quería centrar un pouco o que aquí se falou, porque do que está escrito ou do que se leva dicindo e despois do que se di aquí, cambia bastante.

Eu o que teño que dicirle é que o Goberno galego, durante os dous últimos anos, fixo un bo traballo de información, de participación e debate e, logo de decenas de reunións, xornadas formativas e mesmo a comparecencia da anterior conselleira neste Pleno para abordar a reforma da PAC, o pasado 22 de agosto, como recoñeceu o señor voceiro de En Marea, asinouse un documento a modo de decálogo cos representantes das asociacións profesionais agrarias e cooperativas. Tras escoitar a todas, como vostede mesmo recoñece. Polo tanto, convirá connosco en que se fixo un bo traballo de participación e debate.

Nese documento que se remitiu ao Ministerio para ser incluído nesa estratexia nacional falábase de que a PAC tiña que ser unha política eminentemente común, baseada en dous piares: axudas directas e desenvolvemento rural; establecer medidas que recoñezan as peculiaridades de cada territorio; favorecer a incorporación de mozos á actividade agraria; o relevo xeracional; paliar as oscilacións dos prezos dos produtos; simplificación administración; consenso sobre a figura do agricultor xenuíno; defensa dos dereitos históricos; a discriminación positiva para as zonas de montaña con limitacións naturais; e o establecemento dunha axuda distributiva no que o importe das primeiras hectáreas sexa superior á do resto, nun claro apoio ás pequenas e medianas explotacións.

Polo tanto, da man do sector estanse a defender os intereses de Galicia pero respectando o actual marco institucional. Decía o señor Rivas que ¡que máis dá o que diga a lei! A lei pódese

cambiar, si, pero pódese cambiar polos cauces democráticos, non cando a nós se nos ocorre ou nos interesa.

¿E por que se fixo isto así? A elaboración dun único plan estratéxico por Estado contribúe a reforzar a postura de España no seu conxunto e, consecuentemente, tamén a de Galicia no contexto europeo. Se España tivese 17 modelos de agricultura, ademais de perder a súa capacidade de negociación ante a Unión Europea, romperíase o plan de mercado interior.

Como lle dixo o señor conselleiro do Rural de Galicia, a presentación dun plan estratéxico da PAC por Estado membro non é unha opción, é unha exigencia regulamentaria, como establece o artigo 106, ou mesmo o artigo 93, que di: «Cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para todo o seu territorio». Este artigo fundaméntase no *considerandum* 55, que establece: «Co fin de garantir que os plans estratéxicos da PAC teñan unha dimensión claramente estratéxica e facilitar a súa vinculación con outras políticas da Unión, procede que soamente haxa un plan estratéxico por Estado membro».

Polo tanto, señor voceiro de En Marea, non entendemos que continúen coa teima de que Galicia pode presentar o seu propio plan sen aportar datos que sustenten a súa información. Mire, hoxe podería facelo de dúas formas: primeiro, citar os artigos do regulamento que fagan referencia a que as rexións do Estado membro poidan presentar un plan propio; ou — que hoxe o omitiu— traer como exemplo os plans propios que presentou o País Vasco ou Cataluña que vostede utiliza de referencia. Perdeu hoxe esa oportunidade. Como non o fixo, ¿que nos queda? Pois o de sempre: frases baleiras, populismo, demagogia. Pero, miren, por mal que lles pese, Galicia de momento é unha comunidade autónoma dentro do Estado español, que ten unha constitución que, por certo, nós poñemos en valor posto que nos concede os maiores niveis de autogoberno e benestar xamais soñados. (*Aplausos.*) Nós poñémolo en valor: unha comunidade dentro da nación española, a quen lle corresponden, como Estado membro, as negociacións ante as instancias europeas. Así que non volvan plantear esa falsa afirmación de que Galicia renuncia a presentar o seu propio plan, porque ¿como imos renunciar a presentar algo que a norma europea non permite? ¿Por que enganan a xente?

¿Pero sabe ao que si renunciemos, que llo vou dicir?: a incumprir o Regulamento europeo; renunciemos a tentar ir pola nosa conta, nunha clara mostra de falta de solidariedade e lealdade co Goberno da nación e co resto de España. E renunciemos a que se poidan cometer agravios comparativos con outros agricultores e gandeiros de comunidades autónomas irmás. Imaxínese vostede que, por exemplo, haxa agricultores noutras comunidades que paguen a cota e outros non. ¿Sabe ao que me refiro, non? Vostede sabe diso moito: o que significa pagar a cota e non pagar a cota.

A nós non nos sorprende que, ao revés desa carta, non queiran cumprir as normas da Unión Europea e tampouco queiran formar parte dunha estratexia nacional xunto ao Goberno do Estado. Somos conscientes de que tanto o BNG como as Mareas van apoiar calquera postura que poida debilitar o Estado español. E nesas ansias rupturistas de cada un ir ao seu, como podemos ver un día si e outro tamén, apoian claramente todo o que fai e sucede en Cataluña, é o seu espello, son os expertos en ir pola súa conta en todo.

Por certo, non sei se saben que a representación que ostenta o conselleiro do Rural de Galicia en nome de todas as comunidades autónomas foi outorgada tras a renuncia de Cataluña. ¡Vaia cachondeo que sería!, ¿verdade? Ir a Bruxelas a negociar ao lado do ministro en nome do país e comunidades coas que non queren ter nada que ver. ¡Vaia cachondeo que sería!

E ao BNG quero dicirlle que quen, ademais de compartir o radicalismo e o independentismo (*O señor Rivas Cruz pronuncia palabras que non se perciben.*), escolle como socios a Bildu ou a Esquerra Republicana, con ese cartel é difícil defender o concepto de estratexia...

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor BLANCO PARADELO: ...conxunta do Estado.

—Remato—.

Por iso, neste momento toca defender a España, señor Rivas e señor Rodríguez, a España como Estado membro da Unión Europea; e traballar xuntos, dende a máxima lealdade co Ministerio e o resto de comunidades, nun proceso que será longo e difícil.

Señores das Mareas, iso de xuntos, unidades... ¿Que lles suxire a vostedes? ¿Non se dan conta de que vivir na confrontación e na lea continua non é bo? (*Aplausos.*)

Estamos a xogarnos moito como para andar con liortas internas cando o que cómpre é facer achegas...

O señor PRESIDENTE: Remate. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Silencio.

O señor BLANCO PARADELO: ...dentro dun gran plan no que teñan cabida todas as peculiaridades de Galicia...

O señor PRESIDENTE: Silencio. Isto remata cando o diga eu.

O señor BLANCO PARADELO: ...e poidamos facer valer o noso peso de quen é líder... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, silencio...

O señor BLANCO PARADELO: ...en produción láctea ou cárnica con selo de calidade...

O señor PRESIDENTE: Remate xa.

O señor BLANCO PARADELO: ...a nivel nacional.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BLANCO PARADELO: Nós volvemos poñer a nosa man tendida, súmense ao acordo.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señor Lago, ¡que me diga vostede a min o do tempo...! ¡Dime a min que o do tempo...! Diríamo tamén por esas bancadas, ¿non? (*Murmurios.*)

Ben, boten unha man todos co tema do tempo, que eu xa saben que problema non teño ningún, por min como se quedamos aquí ata mañá, non teño problema. (*Murmurios.*) Non, non, eu non teño problema ningún, ¡eh! Non hai máis vacas que gardar ca estas, ou sexa que... (*Risos.*) Síntoo, alá vostedes.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Eu penso que o Partido Popular está... ou sexa, unha boa nova, que é que con discursos como o do señor Blanco Paradelo aquí os de Vox non van ter moito que cheirar. Entón, pois darlle a noraboa.

No tema da Constitución eu penso que o Partido Popular ten pouco que falar cando a metade dos dereitos que atinxen á xente, como poden ser a vivenda ou pode ser o traballo, aí xa non son vostedes tan constitucionalistas. (*Murmurios.*) E despois, ao resto das tonterías que o señor Blanco Paradelo soltou pola boca non lle penso contestar porque non merecen iso.

Primeiro quero tamén agradecerlle ao conselleiro que hoxe estea aquí neste debate porque poucas veces vin que trouxeramos unha proposición non de lei e que o conselleiro ou a conselleira estivera aquí presente, entón agradecerllo.

Tamén dar as grazas porque o outro día deixoulle un articulado ao presidente que, por certo, me chegou e que estiven vendo. Estiven lendo algunhas anotacións que vostede me puxo e, efectivamente, hai algúns puntos onde se ve bastante... onde se pode intuír que non é posible facer un plan estratéxico. Pero despois hai outros puntos, que vostede non subliñou, supoño que porque non os viu, onde si que dá lugar a que Galiza poida ter un plan estratéxico propio.

Mire, vostede subliñoume o 55, onde se ve esa posibilidade, pero é que o punto seguinte, o punto 56 do articulado, que, por certo, trouxen, señor Paradelo, di: «Ao elaborar os plans estratéxicos da PAC os Estados membros deben analizar a súa situación e as necesidades específicas, establecer metas relacionadas co logro dos obxectivos da PAC e concibir intervencións que permitan alcanzar estas metas, adaptándoas, non obstante, aos contextos nacionais e rexionais específicos se fora necesario».

Tamén no seguinte, no 57, di: «Co fin de garantir a fixación de metas por parte dos Estados membros, e que o deseño das intervencións sexa apropiado e maximice a contribución dos

obxectivos PAC, é necesario basear a estratexia de ditos plans nunha análise previa dos contextos locais». Eses artigos están tamén.

Despois, xa para ir rematando, sobre a emenda do señor Fernández, non a imos aceptar. Non a imos aceptar porque, ao final, vostede refírese a un artigo, que é o artigo 93, onde di que cada Estado membro establecerá un único plan estratéxico da PAC para o seu territorio. Aínda que tamén é verdade que continúa ese artigo dicindo que, cando os elementos do plan estratéxico da PAC se establezan a nivel rexional, o Estado membro garantirá a súa cohesión e coherencia.

Pero, non obstante, vostede na súa propia emenda fai referencia ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no documento titulado *A política agrícola común para o 2020*, e nese documento vemos un modelo totalmente centralista, e penso que non é o que mellor se vai a adaptar á nosa comunidade autónoma.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.


Bueno, non foi tanto, non foi tanto, quince minutos sobre o horario previsto; polo tanto, tampouco foi tanta cousa. Estaba pensado para rematar o Pleno ás oito e cuarto. Si, quince minutos sobre o horario previsto. (*Protestas.*) Bueno, non foi para tanto.

Ata mañá.

Suspéndese a sesión ás oito e trinta e tres minutos da noite.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	39. Pérez Seco, José Manuel	(S)
2. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	40. Pierres López, María Luisa	(S)
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	(P)	41. Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
4. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	42. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
5. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	43. Prado del Río, Paula	(P)
6. Blanco Paradelo, Moisés	(P)	44. Prado Patiño, Jesús Miguel	(P)
7. Blanco Rodríguez, Noela	(S)	45. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
8. Burgo López, María de la Concepción	(S)	46. Puy Fraga, Pedro	(P)
9. Cal Ogando, Marcos	(EM)	47. Quintana Carballo, Rosa María	(P)
10. Calvo Pouso, Diego	(P)	48. Quintero Araújo, Paula	(EM)
11. Casal Vidal, Francisco	(EM)	49. Rey Varela, José Manuel	(P)
12. Castiñeira Broz, Jaime	(P)	50. Rivas Cruz, José Luis	(BNG)
13. Chao Pérez, Luca	(EM)	51. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
14. Conde López, Francisco José	(P)	52. Rodríguez Arias, Marta	(P)
15. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	(EM)	53. Rodríguez Barreira, María Julia	(P)
16. Díaz Villoslada, Juan Manuel	(S)	54. Rodríguez Estévez, David	(EM)
17. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	55. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
18. Fernández Fernández, Raúl	(S)	56. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
19. Fernández Gil, César Manuel	(P)	57. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
20. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(S)	58. Romero Fernández, Cristina Isabel	(P)
21. Fernández Prado, Martín	(P)	59. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
22. García Míguez, María Ángeles	(P)	60. Salorio Portal, María Soraya	(P)
23. Gómez Salgado, Carlos	(P)	61. Sánchez García, Antón	(EM)
24. González Vázquez, José	(P)	62. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
25. Lago Peñas, José Manuel	(EM)	63. Santos Queiruga, Carmen	(EM)
26. Losada Álvarez, Abel Fermín	(S)	64. Solla Fernández, Eva	(EM)
27. Mato Otero, Beatriz	(P)	65. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	(P)
28. Miranda Pena, Flora María	(EM)	66. Toja Suárez, María Dolores	(S)
29. Moreira Ferro, Jacobo	(P)	67. Torrado Quintela, Julio	(S)
30. Mouriño Villar, Antonio	(P)	68. Torregrosa Sañudo	(EM)
31. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	69. Trenor López, Gonzalo	(P)
32. Novo Fariña, María Isabel	(P)	70. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	(P)
33. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	71. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
34. Núñez Centeno, Aurelio Alfonso	(P)	72. Vázquez Verao, Paula	(EM)
35. Núñez Feijóo, Alberto	(P)	73. Vega Pérez, Daniel	(P)
36. Otero Rodríguez, Patricia	(S)	74. Vilán Lorenzo, Patricia	(S)
37. Oubiña Solla, Rosa	(P)	75. Villares Naveira, Luis	(EM)
38. Pazos Couñago, José Alberto	(P)		



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25